

PLADIGA 2025



PLADIGA 2025

MEMORIA

MEMORIA



ÍNDICE

PLADIGA 2025

1. Fundamentos	6
1.1. Xustificación	6
1.2. Marco legal	7
1.3. Obxecto	15
1.4. Funcións básicas	15
1.5. Antecedentes	16
1.6. Ámbito de aplicación	16
1.7. Medios adscritos ao Pladiga	16
1.8. Clasificación dos lumes en función do índice de gravidade potencial e situacións operativas	17
1.9. Esquema de lume forestal	21
2. Obxectivos do Pladiga	22
2.1. Introducción	22
2.2. Obxectivo xeral	22
2.3. Obxectivos de control	22
2.3.1. Superficie total queimada	23
2.3.2. Superficie arborada queimada	24
2.3.3. Superficie total queimada por lume	25
2.3.4. Superficie arborada queimada por lume	26
2.3.5. Tamaño dos lumes	27
2.3.6. Número de incendios	29
2.3.7. Número de activacións do Peifoga en Situación 2	30
2.4. Obxectivos complementarios e accións	30
2.5. Obxectivos específicos e accións	32
3. Elementos básicos para a planificación	35
3.1. Zonificación do territorio	35
3.2. O territorio forestal galego	36
3.3. Réxime de protección	38
3.3.1. Rede galega de espazos naturais protexidos	38
3.3.2. Outras figuras de protección dos espazos naturais	41
3.4. Réxime de propiedade	41
3.5. Análise territorial da problemática socioeconómica	44
3.6. Análise dos lumes	47
3.6.1. Ano 2024	48



3.6.2.	Datos históricos. Análise temporal da evolución da sinistralidade.....	50
3.6.3.	Análise por períodos temporais.....	52
3.6.4.	Distribución horaria dos lumes.....	69
3.7.	Épocas de perigo.....	70
3.8.	Índice de Risco Diario de Incendio forestal (IRDI).....	72
4.	Estrutura organizativa.....	74
4.1.	Estrutura xerárquica.....	74
4.2.	Unidades organizativas.....	74
4.3.	Organigramas.....	76
4.3.1.	Organigrama da Consellería do Medio Rural.....	77
4.3.2.	Organigrama específico da Dirección Xeral de Defensa do Monte.....	77
4.3.3.	Organigrama específico da Subdirección Xeral de Prevención e da Subdirección Xeral de Extinción.....	78
4.3.4.	Organigrama de distribución dos equipos de garda nos Centros de Coordinación....	79
4.3.5.	Organigrama xerárquico do persoal técnico dos equipos de garda en época de alto risco.....	80
4.3.6.	Organigrama operativo de despregue e solicitude de medios para lumes forestais	81
5.	Designación de funcións.....	82
5.1.	Dirección Xeral de Defensa do Monte.....	82
5.2.	Subdirección Xeral de Prevención.....	82
5.2.1.	Servizo de Actuacións Preventivas.....	82
5.2.2.	Servizo de Xestión de Fondos.....	82
5.3.	Subdirección Xeral de Extinción.....	83
5.3.1.	Servizo de Programación.....	83
5.3.2.	Servizo de Coordinación de Medios.....	83
5.3.3.	Servizos Provinciais de Prevención de Incendios Forestais.....	83
5.4.	Misións de cada categoría.....	84
5.4.1.	Xefatura de distrito.....	84
5.4.2.	Técnico/a de distrito.....	85
5.4.3.	Técnico/a superior e técnico/a de apoio do SPIF.....	86
5.4.4.	Técnico/a de brigada helitransportada do SPIF.....	87
5.4.5.	Axente facultativo medioambiental e axente forestal.....	88
5.4.6.	Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada do SPIF.....	91
5.4.7.	Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada helitransportada do SPIF.....	94
5.4.8.	Bombeiro/a forestal condutor/a do SPIF.....	94
5.4.9.	Bombeiro/a forestal condutor/a de brigada helitransportada do SPIF.....	95
5.4.10.	Bombeiro/a forestal do SPIF.....	95
5.4.11.	Bombeiro/a forestal de brigada helitransportada do SPIF.....	96
5.4.12.	Bombeiro/a forestal condutor/a de motobomba do SPIF.....	97
5.4.13.	Oficial/a 2ª mecánico de maquinaria do SPIF.....	98
5.4.14.	Bombeiro/a forestal oficial/a de defensa contra incendios forestais.....	99



5.4.15. Vixilante/a fixo/a do SPIF.....	99
5.4.16. Vixilante/a móbil do SPIF.....	100
5.4.17. Emisorista do SPIF.....	101
5.4.18. Operador/a-codificador/a do SPIF.....	102
5.5. Segunda actividade do persoal laboral do SPIF que desempeñe funcións de extinción de incendios	103
6. Plan de prevención.....	104
6.1. Introducción	104
6.2. Obxectivos xerais.....	107
6.3. Sensibilización e concienciación para a prevención de incendios forestais	110
6.3.1. Programa de sensibilización en centros educativos.....	110
6.3.2. Programa de formación para a poboación rural.....	113
6.3.3. Campañas de difusión nos medios de comunicación.....	113
6.4. Regulación de usos e actividades.....	114
6.4.1. Sistema de alerta preventiva.....	114
6.4.2. Regulación do uso do lume.....	116
6.5. Prevención de incendios a través das redes de faixas de xestión de biomasa. A normativa galega.....	118
6.6. A rede primaria de faixas de xestión da biomasa.....	121
6.7. A interface urbano-forestal. A rede secundaria de faixas de xestión da biomasa.....	123
6.7.1. O Sistema público de xestión de biomasa dos terreos rústicos incluídos nas redes de faixas secundarias.....	124
6.7.2. Colaboración cos concellos na xestión da rede de faixas secundarias a través doutros convenios.....	130
6.8. A infraestrutura e tratamentos silvícolas preventivos, a rede terciaria de faixas de xestión da biomasa.....	132
6.8.1. Definición das áreas estratéxicas de xestión e áreas de actuación singularizada.....	133
6.8.2. Actuacións preventivas cos medios dos Distritos Forestais.....	135
6.8.3. Actuacións preventivas mediante contratación pública	139
6.8.4. Subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios forestais.....	153
6.8.5. Convenios coas entidades locais	157
6.9. Revisión do plan preventivo. Memoria e indicadores.....	160
6.10. Orzamento.....	160
7. Plan de detección, disuasión, investigación e medidas correctoras	161
7.1. Introducción	161
7.1.1. Detección.....	161
7.1.2. Disuasión.....	162
7.1.3. Investigación.....	162
7.2. Obxectivos	163
7.3. Actuacións para acadar os obxectivos	163



7.3.1.	<i>Dende a rede de puntos de vixilancia e vixilancias móbiles</i>	163
7.3.2.	<i>Actuación nas Zonas de Alto Risco (ZAR)</i>	164
7.3.3.	<i>Actuación nas Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI)</i>	164
7.3.4.	<i>Actuación nas Zonas de Especial Vixilancia (ZEV)</i>	169
7.3.5.	<i>Actuacións en zonas vulnerables afectadas por incendios forestais</i>	170
7.4.	<i>Medios e recursos</i>	171
7.4.1.	<i>Vixilancia fixa</i>	171
7.4.2.	<i>Vixilancia móbil</i>	173
7.4.3.	<i>Forzas e corpos de seguridade</i>	173
7.4.4.	<i>Forzas armadas</i>	173
7.4.5.	<i>Brigadas de Investigación de Incendios Forestais (BIIF)</i>	173
7.4.6.	<i>A Unidade de Investigación de Incendios Forestais (UIFO)</i>	175
7.4.7.	<i>Teléfono específico e gratuito de denuncias anónimas contra conductas incendiarias</i>	176
7.4.8.	<i>Melloras tecnolóxicas postas en marcha ou en estudo</i>	177
8.	Plan de extinción. Situación 0 e 1	182
8.1.	<i>Introdución</i>	182
8.2.	<i>Obxectivos do Plan</i>	182
8.3.	<i>Actuacións para acadar os obxectivos</i>	183
8.4.	<i>Sistema Estrutural de Mando Operativo (SEMOP)</i>	184
8.4.1.	<i>Medios e recursos</i>	186
8.4.2.	<i>Nivel operativo dos lumes</i>	213
8.4.3.	<i>Procedemento SEMOP</i>	215
8.5.	<i>Procedemento operativo xeral</i>	225
8.5.1.	<i>Detección</i>	227
8.5.2.	<i>Ao ter coñecemento dunha alarma</i>	230
8.5.3.	<i>Aproximación dos medios</i>	234
8.5.4.	<i>Extinción</i>	239
8.5.5.	<i>Extinguido o lume</i>	248
8.5.6.	<i>Procedemento específico para apoios puntuais ou con expedicións no período de garda localizada (posterior a 20:30h)</i>	249
8.5.7.	<i>Procedemento específico de toma de decisións para o movemento de medios aéreos e maquinaria pesada en ausencia do/da xefe/a de garda</i>	250
8.5.8.	<i>Normas Xerais dos Centros de Coordinación</i>	250
8.5.9.	<i>Normas a seguir polos Centros de Coordinación no caso de que se estime que o lume non se controlara antes das 09:00 horas</i>	254
8.5.10.	<i>Normas a seguir no caso de lumes en zonas limítrofes entre distritos ou provincias</i>	255
8.5.11.	<i>Normas a seguir no caso de lumes en zonas fronteirizas con Portugal</i>	256
8.5.12.	<i>Normas a seguir no caso de accidentes laborais</i>	256
9.	Plan de extinción. Situación 2	258



10. Plan de Formación.....	263
10.1. Introducción e antecedentes.....	263
10.1.1. <i>Introdución</i>	263
10.1.2. <i>Antecedentes</i>	263
10.1.3. <i>Avaliación do programa de formación 2021-24</i>	266
10.1.4. <i>Obxectivos</i>	267
10.2. Programas formativos.....	267
10.3. Persoal obxectivo.....	271
10.4. Necesidades formativas.....	273
10.5. Instalacións e Centro Integral de Loita contra o Lume (CILL).....	276
10.6. Bases xerais.....	280
10.7. Programas formativos.....	282
10.7.1. <i>Catálogo de cursos monográficos</i>	282
10.7.2. <i>Itinerario formativo profesional</i>	283
10.7.3. <i>Programa de adestramento</i>	285
10.7.4. <i>Programa dirixido a medios das entidades locais</i>	288
10.7.5. <i>Programa dirixido á poboación</i>	289
10.7.6. <i>Programa de divulgación</i>	290
10.8. Bolsa de persoas instrutoras.....	291
10.9. Plans anuais.....	293
10.10. Orzamento.....	295
10.10.1. <i>Xustificación</i>	295
10.10.2. <i>Orzamento</i>	297



1. Fundamentos

1.1. Xustificación

A elaboración do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) obedece ao disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74, do 17 de abril), na Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil (BOE núm. 164, do 10 de xullo), na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia (DOG núm. 94, do 16 de maio) (BOE núm. 137, do 8 de xuño), na Resolución do 2 de agosto de 2010, pola que se publica o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) (DOG núm. 153, do 11 de agosto) e no Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 3/2007, no seu artigo 5 punto 2, establece que as competencias da Xunta de Galicia en materia de incendios forestais serán exercidas polo Consello da Xunta e pola consellería competente en materia forestal. Segundo o artigo 6, puntos 1b) e 2, correspóndelle á Xunta de Galicia elaborar o Pladiga e á consellería competente en materia forestal exercer estas competencias.

Así, conforme á Lei 3/2007 no seu artigo 14 punto 1, o Pladiga reflectirá a política e as medidas para a defensa dos terreos forestais e das áreas de influencia forestal, englobando os plans de prevención, protección, sensibilización, vixilancia, detección, extinción, investigación e desenvolvemento, soporte cartográfico, coordinación e formación dos medios e axentes do servizo, así como unha definición clara de obxectivos e metas por acadar, a programación das medidas e accións, o orzamento e o plan financeiro, así como os indicadores da súa execución.

Logo da publicación do Real Decreto 893/2013, do 15 de novembro, polo que se aproba a directriz básica de planificación de protección civil de emerxencia por incendios forestais (BOE núm. 293, do 7 de decembro), cambia o marco legal de referencia para a aprobación dos plans de emerxencia por incendios forestais, sendo un dos cambios máis



relevantes a definición das situacións operativas de emerxencia que deben de contemplar os plans e que substitúen aos niveis de gravidade.

O Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (Peifoga) establece que é responsabilidade do departamento competente en materia forestal designado no Pladiga a dirección do plan en situación 0 e 1. Deste xeito correspóndelle ao Pladiga desenvolver na súa totalidade as fases de actuación nas situacións 0 e 1.

Coa entrada en vigor do Real Decreto-lei 15/2022, do 1 de agosto, polo que se adoptan medidas urxentes en materia de incendios forestais (BOE núm. 184, do 2 de agosto), amplíase e refórzase o contido mínimo dos plans de prevención, vixilancia e extinción dos incendios forestais. Aínda así, os Pladiga dos últimos anos xa contaban case na súa totalidade co contido adaptado á necesidade estipulada na devandita norma, non ocasionando cambios destacables na actualización e publicación anual deste documento.

1.2. Marco legal

Segundo o establecido no punto b) do artigo 6, da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Xunta de Galicia ten a competencia para elaborar e aprobar o Pladiga, así como os plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito.

Así mesmo, sinálanse as seguintes normas tidas en conta na súa elaboración:

- ❖ Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello (DOUE núm. 347, do 20 de decembro).



- ❖ Regulamento (UE) núm. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 1698/2005 do Consello (DOUE núm. 347, do 20 de decembro).
- ❖ Regulamento (UE) 2020/2220 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de decembro de 2020, polo que se establecen determinadas disposicións transitorias para a axuda do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) nos anos 2021 e 2022, e polo que se modifican os regulamentos (UE) núm. 1305/2013, (UE) núm. 1306/2013 e (UE) núm. 1307/2013 no que respecta aos seus recursos e a súa aplicación nos anos 2021 e 2022 e o Regulamento (UE) núm. 1308/2013 no que respecta aos recursos e a distribución de dita axuda nos anos 2021 e 2022 (DOUE núm. 437, do 28 de decembro).
- ❖ Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común (plans estratéxicos da PAC), financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e polo que se derrogan os Regulamentos (UE) núm. 1305/2013 e (UE) núm. 1307/2013. Modificado polos Regulamentos Delegados 2022/648 e 2023/813 da Comisión (DOUE núm. 435, do 6 de decembro).
- ❖ Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, sobre o financiamento, a xestión e o seguimento da política agrícola común e polo que se derroga o Regulamento (UE) núm. 1306/2013. Modificado polo Regulamento Delegado 2022/1408 da Comisión (DOUE núm. 435, do 6 de decembro).
- ❖ Regulamento Delegado (UE) 2022/127 da Comisión, do 7 de decembro de 2021, que completa o Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello con normas relativas aos organismos pagadores e outros órganos, á xestión financeira, á liquidación de contas, ás garantías e o uso do euro. Modificado polos Regulamentos Delegados 2023/57, 2023/1309, 2023/1448 e 2025/310 da Comisión (DOUE núm. 20, do 31 de xaneiro).
- ❖ Regulamento Delegado (UE) 2022/2527 da Comisión, do 17 de outubro de 2022, polo que se derroga o Regulamento Delegado (UE) núm. 807/2014, que completa o Regulamento (UE) núm. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo



Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e introduce disposicións transitorias (DOUE núm. 328, do 22 de decembro).

- ❖ Regulamento de Execución (UE) 2022/128 da Comisión, do 21 de decembro de 2021, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello sobre os organismos pagadores e outros órganos, a xestión financeira, a liquidación de contas, os controis, as garantías e a transparencia (DOUE núm. 20, do 31 de xaneiro).
- ❖ Regulamento de Execución (UE) 2022/129 da Comisión, do 21 de decembro de 2021, polo que se establecen normas para os tipos de intervención relativos ás sementes oleaxinosas, o algodón e os subprodutos da vinificación en virtude do Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, así como para os requisitos en materia de información, publicidade e visibilidade relacionados coa axuda da Unión e os plans estratéxicos da PAC (DOUE núm. 20, do 31 de xaneiro).
- ❖ Regulamento de Execución (UE) 2022/1173 da Comisión, do 31 de maio de 2022, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao sistema integrado de xestión e control da política agrícola común (DOUE núm. 183, do 8 de xullo).
- ❖ Regulamento de Execución (UE) 2022/2531 da Comisión, do 1 de decembro de 2022, que derroga o Regulamento de Execución (UE) núm. 808/2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) (DOUE núm. 328, do 22 de decembro).
- ❖ Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2022 (PDR), aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015, e modificado por última vez pola Decisión de Execución da Comisión C (2025) 1260 final, do 20 de febreiro de 2025.
- ❖ Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de Autonomía para Galicia (BOE núm. 101, do 28 de abril).
- ❖ Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril).
- ❖ Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes (BOE núm. 280, do 22 de novembro).
- ❖ Lei 10/2006, do 28 de abril, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes (BOE núm. 102, do 29 de abril).



- ❖ Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74, do 17 de abril) (BOE núm. 119, do 18 de maio).
- ❖ Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia (DOG núm. 94, do 16 de maio) (BOE núm. 137, do 8 de xuño).
- ❖ Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG núm. 140, do 23 de xullo) (BOE núm. 217, do 8 de setembro).
- ❖ Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico (DOG núm. 17, do 27 de xaneiro) (BOE núm. 39, do 14 de febreiro).
- ❖ Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil (BOE núm. 164, do 10 de xullo).
- ❖ Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 245, do 28 de decembro) (BOE núm. 36, do 9 de febreiro de 2018).
- ❖ Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia (DOG núm. 149, do 7 de agosto) (BOE núm. 229, do 24 de setembro).
- ❖ Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio) (BOE núm. 152, do 26 de xuño).
- ❖ Lei 30/2022, do 23 de decembro, pola que se regula o sistema de xestión da Política Agrícola Común e outras materias conexas (BOE núm. 308, do 24 de decembro).
- ❖ Lei 4/2024, do 8 de novembro, básica de axentes forestais e medioambientais (BOE núm. 271, do 9 de novembro).
- ❖ Real Decreto-lei 15/2022, do 1 de agosto, polo que se adoptan medidas urxentes en materia de incendios forestais (BOE núm. 184, do 2 de agosto).
- ❖ Real Decreto 1535/1984, do 20 de xuño, sobre a ampliación e adaptación de funcións e servizos do Estado na Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza (BOE núm. 209, do 31 de agosto).
- ❖ Real Decreto 875/1988, do 29 de xullo, polo que se regula a compensación de gastos derivados da extinción de incendios forestais (BOE núm. 186, do 4 de agosto).
- ❖ Real Decreto 893/2013, do 15 de novembro, polo que se aproba a directriz básica de planificación de protección civil de emerxencia por incendios forestais (BOE núm. 293, do 7 de decembro).
- ❖ Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan Estratégico e outras axudas da Política Agrícola Común (BOE núm. 312, do 29 de decembro).



- ❖ Real Decreto 147/2023, do 28 de febreiro, polo que se establecen as normas para a aplicación de penalizacións nas intervencións contempladas no Plan Estratéxico da Política Agrícola Común, e modifícanse varios reais decretos polos que se regulan distintos aspectos relacionados coa aplicación en España da Política Agrícola Común para o período 2023-2027 (BOE núm. 51, do 1 de marzo).
- ❖ Real Decreto 524/2023, do 20 de xuño, polo que se aproba a Norma Básica de Protección Civil (BOE núm. 147, do 21 de xuño).
- ❖ Decreto 3769/1972, do 23 de decembro, polo que se aproba o regulamento da Lei de incendios forestais (BOE núm. 38, do 13 de febreiro).
- ❖ Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan as medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais (DOG núm. 125, do 30 de xuño).
- ❖ Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia (DOG núm. 84, do 1 de maio).
- ❖ Decreto 1/2022, do 13 de xaneiro, polo que se crea a Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Ferrol (DOG núm. 10, do 17 de xaneiro).
- ❖ Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural (DOG núm. 9, do 13 de xaneiro).
- ❖ Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril).
- ❖ Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 81, do 24 de abril).
- ❖ Decreto 148/2024, do 20 de maio, polo que se modifica o Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural (DOG núm. 101, do 27 de maio).
- ❖ Orde do 31 de xullo de 2007, pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal (DOG núm. 152, do 7 de agosto).
- ❖ Orde do 3 de xuño de 2024, pola que se determina a época de perigo alto de incendios (DOG núm. 116, do 17 de xuño).
- ❖ Resolución do 29 de decembro de 1999, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, sobre as medidas de consolidación do emprego.
- ❖ Resolución do 20 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación no DOG, do convenio



colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG núm. 213, do 3 de novembro).

- ❖ Resolución do 2 de agosto de 2010, pola que se publica o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) (DOG núm. 153, do 11 de agosto).
- ❖ Resolución do 5 de agosto de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais pola que se dispón o rexistro e a publicación no DOG do acordo do comité intercentros polo que se modifica o texto do V convenio colectivo único para persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG núm. 157, do 17 de agosto).
- ❖ Resolución do 31 de outubro de 2014, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 24 de outubro de 2014, polo que se aproba o Plan estatal de protección civil para emerxencias por incendios forestais (BOE núm. 270, do 7 de novembro).
- ❖ Resolución do 28 de maio de 2015, pola que se publica o Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais (Peifoga) na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 107, do 9 de xuño).
- ❖ Resolución do 9 de xaneiro de 2017, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación no Diario Oficial de Galicia do acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CIG, CCOO, CSI-F e UXT sobre os bombeiros forestais e a súa segunda actividade (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro).
- ❖ Resolución do 14 de xuño de 2019, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de xuño de 2019, polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural (DOG núm. 114, do 18 de xuño).
- ❖ Resolución do 29 de xuño de 2021, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de xuño de 2021, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural, coa incorporación das modificacións introducidas polo Acordo do Consello da Xunta do 24 de xuño de 2021 (DOG núm. 134, do 15 de xullo).
- ❖ Resolución de 5 de agosto de 2022, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 4 de agosto de 2022, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural (DOG núm. 153, do 11 de agosto).
- ❖ Resolución do 5 de outubro de 2022, pola que se publica o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 29 de setembro de 2022, polo que se aproba a creación dunha unidade administrativa temporal para a xestión de fondos de



recuperación e resiliencia (FRR) e doutros fondos europeos na Consellería do Medio Rural (DOG núm. 194, do 11 de outubro).

- ❖ Resolución do 19 de xaneiro de 2023, pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia, polo que se aproba a modificación das relacións de postos de traballo das consellerías de Promoción do Emprego e Igualdade; do Medio Rural; de Política Social e Xuventude, e de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm. 15, do 23 de xaneiro).
- ❖ Resolución do 20 de abril de 2023, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 20 de abril de 2023, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación na Agrupación profesional do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais (DOG núm. 78, do 24 de abril).
- ❖ Resolución do 22 de maio de 2023, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 19 de maio de 2023, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo do persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación na escala técnica do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, especialidade de bombeiro/a forestal xefe/a de brigada, do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, do grupo B; na escala auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, especialidades de bombeiro/a forestal-condutor/a de motobomba, emisorista-vixilante fixo/a e bombeiro/a forestal, do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial, subgrupo C2; e no corpo auxiliar de Administración xeral, subgrupo C2 (DOG núm. 101, do 30 de maio).
- ❖ Resolución do 9 de xuño de 2023, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de xuño de 2023, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural (DOG núm. 113, do 15 de xuño).
- ❖ Resolución do 24 de novembro de 2023, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 23 de novembro de 2023, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia (DOG núm. 227, do 29 de novembro).
- ❖ Resolución do 16 de febreiro de 2024, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 15 de febreiro de 2024, polo que se



aproba a modificación das relacións de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 37, do 21 de febreiro).

- ❖ Resolución do 16 de febreiro de 2024, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 15 de febreiro de 2024, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo superior da Administración xeral e no corpo facultativo superior de Administración especial, escala de expertos/as lingüistas, subgrupo A1, no corpo de xestión da Administración xeral e no corpo facultativo de grao medio de Administración especial, escala técnica de restauración, e escala de técnicos facultativos, especialidade educador infantil, subgrupo A2, na agrupación profesional do persoal funcionario, escalas de persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais, especialidade de persoal de recursos naturais e forestais, de persoal subalterno e de persoal de mantemento, subgrupo AP, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 38, do 22 de febreiro).
- ❖ Resolución do 8 de agosto de 2024, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 5 de agosto de 2024, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo administrativo da administración xeral (subgrupo C1), corpo de técnicos de carácter facultativo de administración especial (grupo B) e no corpo de axudantes de carácter facultativo da administración especial (subgrupo C1); no corpo auxiliar da administración xeral (subgrupo C2) e no corpo de auxiliares de carácter técnico de administración especial (subgrupo C2), da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 160, do 21 de agosto).
- ❖ Resolución do 8 de agosto de 2024, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 5 de agosto de 2024, polo que se aproba a modificación das relacións de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 160, do 21 de agosto).
- ❖ Resolución do 23 de setembro de 2024, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 23 de setembro de 2024, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo superior (subgrupo A1) e no corpo auxiliar (subgrupo C2) da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 186, do 26 de setembro).



1.3. Obxecto

O **Pladiga 2025** (Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia), ten por obxecto o establecemento da organización e o procedemento de actuación dos recursos e servizos cuxa titularidade corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, daqueles que poidan ser asignados a este pola Administración Xeral do Estado, así como dos que puidesen ser facilitados por outras entidades públicas ou privadas para facer fronte aos incendios forestais dentro do territorio galego, e permitir, no seu caso, unha coordinación e actuación conxunta dos diversos servizos e administracións implicadas na loita contra o lume, **co fin de desenvolver na súa totalidade a fase de actuación das situacións 0 e 1**, referidas a aqueles lumes forestais con **Índice de Gravidade Potencial 0 ou 1**, clasificados así polas dimensións ou as características da masa forestal afectada, e aquelas propias asignadas para a Situación 2 no Peifoga.

1.4. Funcións básicas

- Prever a estrutura organizativa e os procedementos para a prevención, detección, extinción e investigación de incendios forestais segundo as épocas de perigo.
- Establecer con carácter xeral as épocas de perigo, relacionadas co risco de incendios forestais, en función das previsións xerais e dos diferentes parámetros locais que definen o risco.
- Reducir ao máximo posible, tendo en consideración os recursos dispoñibles, as consecuencias ecolóxicas, económicas e sociais producidas polos incendios forestais.
- Establecer os obxectivos e as actuacións a desenvolver no ano 2025 para facer fronte aos incendios forestais.



1.5. Antecedentes

A Comunidade Autónoma de Galicia veu realizando os plans INFO correspondentes ao seu ámbito territorial de acordo coas funcións que, en materia de conservación da natureza, lle foron transferidas no seu día.

Ata o ano 1997 o organismo responsable da súa elaboración foi a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, pasando a exercer esta función a Consellería de Medio Ambiente ata o ano 2005, cando se traspasa á Consellería do Medio Rural.

No ano 2012 a responsabilidade da elaboración do plan pasa á Consellería do Medio Rural e do Mar e no ano 2015 traspásase de novo á Consellería do Medio Rural.

Polo tanto, neste momento e sen contabilizar o ano 1990, no que ao través de diferentes comarcas piloto iniciouse un operativo específico para a loita contra os incendios forestais en Galicia, hai 35 anos que se aplican anualmente plans específicos de prevención e defensa contra incendios forestais en Galicia.

No anexo 1 indícase a evolución entre os anos 1976 e 2024 en canto a número de lumes e superficie queimada arborada e total afectadas anualmente.

1.6. Ámbito de aplicación

A totalidade do terreo forestal e a zona de influencia forestal dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.7. Medios adscritos ao Pladiga

Os medios contemplados no Pladiga son:

- Os medios propios da Consellería do Medio Rural, de entidades públicas e privadas.
- Os medios propios da Administración Local, incluíndo os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), as brigadas de prevención e extinción, os



vehículos motobomba acordados por convenio e os parques comarcais e municipais de bombeiros do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS).

- Os medios do Ministerio de Transición Ecolóxica y Reto Demográfico (Miteco) contemplados no Plan de actuacións de prevención e loita contra os incendios forestais para o apoio ás CCAA.
- Os apoios puntuais de medios das CCAA fronteirizas coas que exista convenio ou acordo.

Todos os medios asignados ao plan poden ser mobilizados a calquera lugar da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso dos medios do Ministerio de Transición Ecolóxica y Reto Demográfico (Miteco) contemplados no Plan de actuacións de prevención e loita contra os incendios forestais, a dita mobilización realizarase de acordo cos protocolos establecidos.

1.8. Clasificación dos lumes en función do índice de gravidade potencial e situacións operativas

Segundo o establecido na Directriz básica de planificación de protección civil de emerxencia por incendios forestais (Real Decreto 893/2013, do 15 de novembro) e no Peifoga, a clasificación dos lumes depende do establecemento previo dun **índice de gravidade potencial** en función do cal declararase unha **situación operativa**.

Os índices de gravidade potencial dos lumes determínanse en función da topografía da zona, das dimensións do incendio, dos combustibles existentes, das características das masas forestais ameazadas, das infraestruturas de defensa contra incendios (devasas, rede viaria, reservas e puntos de auga, etc.), das condicións meteorolóxicas reinantes (vento, temperatura, humidade relativa), das posibles ameazas potenciais para as persoas non relacionadas cos labores de extinción e da presenza de instalacións e infraestruturas sensibles (tendidos eléctricos, gasodutos, estradas principais...).



Os lumes clasifícanse segundo o seu **nivel de gravidade potencial**, mediante a seguinte escala:

- **Índice de gravidade potencial 0:** referido a aquel incendio no que, na súa evolución máis desfavorable, non hai ameaza ningunha para aquelas persoas non relacionadas co dispositivo de extinción, nin para bens distintos aos de natureza forestal, e o dano forestal esperable é moi reducido (pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada).
- **Índice de gravidade potencial 1:** referido a aquel incendio no que, na súa evolución máis desfavorable, prevese a necesidade de poñer en práctica medidas para a protección de persoas alleas ao dispositivo de extinción ou existen bens illados ameazados de natureza non forestal (infraestruturas sensibles ou redes de subministracións), e o dano forestal esperable é considerable (pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada).
- **Índice de gravidade potencial 2:** referido a aquel incendio no que, na súa evolución máis desfavorable, prevese unha ameaza seria dos núcleos de poboación ou das infraestruturas de especial relevancia e o dano forestal esperable é moi importante (pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada), de xeito que faise necesario adoptar inmediatamente medidas para a atención e o socorro da poboación ou para a protección dos bens.
- **Índice de gravidade potencial 3:** referido a aquel incendio no que, unha vez apreciadas as circunstancias anteriores no seu índice máximo de gravidade, concorren outras sobre o dispositivo de extinción que imposibilitan continuar co labor encamiñado ao control do incendio.

A situación operativa dos plans será consecuencia dos danos ocorridos ou do dano potencial que, de forma técnica e realista, prevese que pode chegar a ocasionar (índice de gravidade potencial) e da dispoñibilidade de medios e recursos dispostos, e teranse en conta ademais outros criterios relativos a:



- A simultaneidade temporal e/ou á concentración espacial de conatos ou incendios forestais que poderían ter lugar nun espazo territorial determinado.
- A suficiencia, idoneidade e disposición dos medios e recursos cos que conte o plan para o control do incendio e/ou para a atención e o socorro da poboación afectada.
- A estacionalidade temporal, así como á activación e posta en servizo dos dispositivos de prevención e extinción de incendios forestais determinados nos plans.
- Outras circunstancias de índole administrativa por razón do espazo territorial afectado, ou pola intensidade e/ou a gravidade das consecuencias sobrevidas ou potenciais sobre as persoas e os seus bens.
- Calquera outro criterio da autoridade á que lle corresponda a dirección do plan activado correspondente.

Atendendo aos criterios anteriores, as situacións operativas do **Peifoga** serán:

- ❖ **Situación 0:** situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar só a bens de natureza forestal e poidan ser controlados cos medios e recursos do propio plan local ou da comunidade autónoma, incluídos os medios do Estado, a condición de que estes últimos actúen dentro da súa zona de actuación preferente.
A situación 0 corresponderá con carácter xeral a incendios con IGPO.
- ❖ **Situación 1:** situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar gravemente a bens forestais e, se é o caso, levemente á poboación e os bens de natureza non forestal e que poidan ser controlados cos medios e recursos do plan da comunidade autónoma, ou para cuxa extinción poida ser necesario que, a solicitude do órgano competente da comunidade autónoma e tras a valoración da Dirección General de Protección Civil y Emergencias do Ministerio del Interior ou da Dirección General de Biodiversidad, Bosques y Desertificación do



Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (Miteco), segundo corresponda, sexan incorporados medios extraordinarios.

O plan activarase en situación 1 para incendios IGPO cando sexa necesaria a incorporación de medios extraordinarios, ou ben para incendios IGP1, declarados así porque o dano esperado é considerable, pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada, pero nos que non é necesario poñer en práctica medidas de protección dirixidas á poboación allea ao dispositivo de extinción.

- ❖ **Situación 2:** situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar gravemente á poboación e aos bens de natureza non forestal, e que esixen a adopción inmediata de medidas de protección e socorro. Pode ser necesario que, a solicitude do órgano competente da comunidade autónoma, sexan incorporados medios extraordinarios ou que poden comportar situacións que deriven cara ao interese nacional.

O plan activarase en situación para incendios IGP1 ou superiores cando a cualificación veña motivada pola afección á poboación e aos bens de natureza non forestal (vías principais de comunicación e redes principais de subministración) e sexa necesario adoptar medidas de protección dirixidas á poboación, tales como evacuación e/ou albergue.

A cualificación da situación operativa do plan será establecida polo/a director/a do plan a través do centro de coordinación central do SPIF para as situacións 0 e 1 e, polo delegado territorial da Xunta de Galicia na provincia que estea afectada polo lume, para a situación 2, a proposta do centro de coordinación central do SPIF. Esta cualificación poderá variar de acordo coa evolución do incendio. Así mesmo, a situación operativa 1 será comunicada ao organismo competente en materia de protección civil, a través do CIAE112.

- ❖ **Situación 3:** situación de emerxencia correspondente e consecutiva á declaración de emerxencia de interese nacional polo Ministerio do Interior.




Efectuarase por propia iniciativa ou a instancia do conselleiro competente en materia de protección civil ou do delegado do Goberno en Galicia.

1.9. Esquema de lume forestal

O **lume forestal** é aquel que se estende sen control sobre terreo forestal afectando a vexetación que non estaba destinada a arder e que, segundo o tipo de vexetación e superficie queimada, clasifícase en conato, incendio ou queima.

No presente documento, durante a redacción e de forma xenérica, pódense empregar como sinónimos os termos "lume" e "incendio forestal", aínda que, a efectos estatísticos, compre clasificalos debidamente segundo o exposto no seguinte esquema.



SAQ: superficie arborada queimada SRQ: superficie rasa queimada

Figura 1: esquema de lume forestal segundo tipo e cantidade de superficie afectada.



2. Obxectivos do Pladiga

2.1. Introducción

Os obxectivos a acadar por calquera sistema organizativo contra incendios forestais deben ser á vez ambiciosos e realistas. Para iso, fíxase un obxectivo xeral - normalmente difícil de cuantificar- cuxo grao de cumprimento medirase a través doutros obxectivos de control máis facilmente cuantificables.

Os obxectivos de control establécense anualmente e son de aplicación para todo o territorio galego, e tanto os centros provinciais como os distritos forestais nos que se dividen teñen a obriga de tentar acadalos.

O Pladiga conta, ademais dos obxectivos xeral e de control, con:

- Obxectivos complementarios: referentes a cuestións fundamentais para o desenvolvemento da loita contra os incendios forestais.
- Obxectivos específicos: obxectivos concretos establecidos anualmente polo Pladiga e que deben ser acadados cada ano.

2.2. Obxectivo xeral

O obxectivo xeral do Pladiga é reducir ao mínimo posible os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos lumes forestais na Comunidade Autónoma de Galicia, dentro dos recursos dispoñibles.

2.3. Obxectivos de control

De acordo co obxectivo xeral, establécense como obxectivos de control para o ano 2025 os seguintes:



2.3.1. Superficie total queimada

Establécese o obxectivo de reducir a superficie queimada total con respecto da media dos últimos 10 anos (18.554,48 ha). O cumprimento do obxectivo sería óptimo se se reducira a dita superficie por baixo da media dos últimos 10 anos eliminando o valor máis alto e o valor máis baixo da serie (15.106,11 ha).




Gráfico 1: superficies totais queimadas nos últimos 10 anos.



2.3.2. Superficie arborada queimada

Establécese o obxectivo de reducir a superficie arborada total con respecto da media dos últimos 10 anos (7.554,73 ha). O cumprimento do obxectivo sería óptimo se se reducira a dita superficie por baixo da media dos últimos 10 anos eliminando o valor máis alto e o valor máis baixo da serie (5.319,35 ha).




Gráfico 2: superficies arboradas queimadas nos últimos 10 anos.



2.3.3. Superficie total queimada por lume

Establécese o obxectivo de reducir a superficie queimada total por lume con respecto da media dos últimos 10 anos (9,48 ha). O cumprimento do obxectivo sería óptimo se se reducira a dita superficie por baixo da media dos últimos 10 anos eliminando o valor máis alto e o valor máis baixo da serie (7,84 ha).

EVOLUCION ANUAL DO OBXECTIVO




Gráfico 3: superficie queimada por lume nos últimos 10 anos.



2.3.4. Superficie arborada queimada por lume

Establécese o obxectivo de reducir a superficie arborada queimada por lume con respecto da media dos últimos 10 anos (3,74 ha). O cumprimento do obxectivo sería óptimo se se reducira a dita superficie por baixo da media dos últimos 10 anos eliminando o valor máis alto e o valor máis baixo da serie (3,32 ha).




Gráfico 4: superficie arborada queimada por lume nos últimos 10 anos.



2.3.5. Tamaño dos lumes

O obxectivo establecido neste aspecto é dobre:

- Manter o **número de lumes con superficie superior ás 25 ha por debaixo do 2 %** do total anual.
- Manter a **porcentaxe de lumes menores ou iguais a 1 ha por riba do 70 %** do total anual.

LUMES E SUPERFICIES QUEIMADAS NA ÚLTIMA DÉCADA (2015-2024)								
LUMES			SUPERFICIE (ha)			RATIOS		
Nº	%>25Ha	%<=1Ha	SAQ	SRQ	STQ	SAQ/LUME	STQ/LUME	
2015	2.854	2,73%	75,40%	4.543,75	7.690,58	12.234,33	1,59	4,29
2016	2.354	3,40%	78,55%	8.846,70	12.687,06	21.533,76	3,76	9,15
2017	3.120	5,67%	71,12%	32.267,50	29.828,76	62.096,26	10,34	19,90
2018	1.338	1,49%	83,03%	725,01	1.874,65	2.599,66	0,54	1,94
2019	1.666	2,42%	77,19%	3.046,95	3.788,58	6.835,53	1,84	4,14
2020	1.534	4,30%	77,38%	1.959,37	12.846,54	14.805,91	1,28	9,65
2021	950	2,00%	80,21%	2.270,07	2.133,11	4.403,18	2,39	4,63
2022	1.713	4,03%	79,86%	16.766,14	34.876,44	51.642,58	9,79	30,15
2023	908	1,87%	80,84%	3.953,34	2.795,58	6.748,92	4,35	7,43
2024	755	2,78%	83,97%	1.168,45	1.476,25	2.644,70	1,55	3,50

Táboa 1: número de lumes e superficies anuais queimadas nos 10 últimos anos.




Gráfico 5: % de lumes superiores a 25 ha respecto ao total anual nos últimos 10 anos.




Gráfico 6: % de lumes iguais ou inferiores a 1 ha respecto ao total anual nos últimos 10 anos.



2.3.6. Número de incendios

Considerando como **incendio** os lumes que contan cunha superficie arborada maior de 0,5 ha ou, no caso de que esta sexa inferior, cando a súa suma coa superficie rasa sexa superior a 1 ha ($SAQ > 0,5$ ha. ou $SAQ \leq 0,5$ ha. e $SAQ + SRQ > 1,0$ ha.), establécese como obxectivo para o ano 2025 a **redución do número de incendios totais con respecto da media dos últimos 10 anos (307 incendios)**.




Gráfico 7: número anual de incendios nos últimos 10 anos.



2.3.7. Número de activacións do Peifoga en Situación 2

Establécese como obxectivo conseguir unha diminución do número de activacións do Peifoga en Situación 2 respecto da media dos últimos 5 anos.

Ano	Declaración Situación 2
2020	6
2021	3
2022	21
2023	2
2024	1
Total	33
Media	6,6

Táboa 2: número de activacións do Peifoga en Situación 2 nos últimos 5 anos.

2.4. Obxectivos complementarios e accións

Os **obxectivos complementarios** que o Pladiga establece para o presente ano son os seguintes:

- Fomentar ao máximo a colaboración de veciños, entidades locais, comunidades e asociacións na loita contra os lumes forestais.
- Previr accidentes coidando a seguridade do persoal.
- Manter a moral de todo o persoal implicado na loita contra os incendios forestais.
- Priorizar as actuacións para que os lumes non ameacen ás persoas nin aos seus bens, nin ás infraestruturas vitais, nin se acheguen aos espazos naturais protexidos.
- Continuar co labor de investigación nas vertentes policial, forestal e sociolóxica.



- Continuar coa elaboración da cartografía e base de datos de incendios forestais.
- Incrementar a coordinación e colaboración entre a Administración e as distintas organizacións do sector forestal.
- Diminuír o risco de incendio nas parcelas abandonadas.

As **accións** para acadar os obxectivos complementarios son as seguintes:

- Diseñar e impulsar o Plan de prevención.
- Diseñar e impulsar o Plan de detección, disuasión, investigación e medidas correctoras.
- Diseñar e impulsar o Plan de extinción.
- Diseñar e impulsar o Plan de formación.
- Manter a estreita colaboración coa Administración central, local e con outros departamentos da Xunta de Galicia relacionados directa ou indirectamente coa prevención e defensa contra os incendios forestais.
- Dixitalizar e rexistrar o perímetro de todos os incendios forestais.
- Realizar contactos periódicos nos distritos forestais, promovendo a participación dos distintos niveis do sector forestal (asociacións de propietarios, empresarios, CMVMC...) para buscar fórmulas de colaboración efectiva.
- Reforzar os controis e realizar un seguimento das obrigas que marca a Lei 3/2007.
- Promover actuacións que eviten o abandono das zonas agrícolas e forestais.



2.5. Obxectivos específicos e accións

Os obxectivos específicos e as accións a desenvolver no Pladiga 2025 son:

Obxectivos específicos	Accións
Apoio á Administración local para o exercicio das competencias en materia de prevención de incendios forestais.	Revisión dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais pendentes de aprobación, así como modificación e actualización dos xa aprobados.
	Colaboración técnica e económica da Administración xeral da comunidade autónoma para garantir a xestión da biomasa nas faixas secundarias, continuando co desenvolvemento do sistema público de xestión de biomasa nestas faixas.
	Desenvolver convenios para a constitución de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais en mancomunidades de concellos durante un período de 6 meses ao ano.
Clarificar o marco normativo en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.	Avanzar na tramitación do anteproxecto de Lei de loita integral contra os incendios forestais de Galicia.
	Poñer a disposición do usuario o visor de faixas, que permita á cidadanía consultar as propiedades particulares que poidan estar incluídas na rede secundaria de faixas, e identificar as obrigas de xestión de biomasa en cada parcela.
Incremento da superficie xestionada en materia de prevención de incendios forestais.	Coordinación coas entidades responsables de realizar os traballos de xestión da biomasa nas redes de faixas primarias.
	Elaborar os plans preventivos dos seis parques naturais de Galicia, como áreas de actuación singularizada, compatibilizando a protección do patrimonio natural coa prevención de incendios.
Mellorar a eficacia na extinción dos incendios forestais garantindo a seguridade do persoal de extinción do SPIF.	Execución da primeira anualidade do Plan de formación 2025-2028, deseñado para o persoal do SPIF.
Mellora do reforzo do persoal integrante do SPIF.	Implementación do acordo de condicións laborais do persoal funcionarizado.
	Aumento de tempo de traballo do persoal laboral fixo-descontínuo, pasando a traballar 8 meses no 2025 e 9 meses no 2026.
Creación de discontinuidades en zonas con acumulación de biomasa e con alto risco de incendio.	Avanzar no desenvolvemento dunha ferramenta que permita coñecer o risco de incendios para determinar as áreas estratéxicas nas que deseñar estratexias preventivas.
	Potenciar o emprego de queimas prescritas para a xestión da biomasa seguindo o protocolo para a súa execución.



Obxectivos específicos	Accións
Incrementar a resiliencia das zonas de interface urbano forestal fronte aos grandes incendios forestais.	Continuar coa realización de accións divulgativas por parte dos distritos forestais dirixidas ao persoal técnico dos concellos sobre os beneficios das frondosas caducifolias autóctonas de cara á protección dos núcleos rurais fronte aos lumes forestais.
Fomentar a participación da sociedade civil na vixilancia e detección de incendios forestais.	Continuar co servizo telefónico específico e gratuíto para a denuncia de forma anónima de presuntas actividades delituosas incendiarias: 900 815 085 .
Reforzar e mellorar a operatividade do SPIF.	Avanzar na implantación do SEMOP adaptado aos lumes de interface e GIF de Galicia.
	Integración da Unidade de Directores de Extinción (UDEX) co obxectivo de facilitar e favorecer o correcto desenvolvemento do operativo.
	Identificación, avaliación e dixitalización dunha rede de Puntos de Recepción de Medios e cortalumes válidos para o seu uso na extinción de incendios.
Mellorar as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) no ámbito da loita contra os incendios forestais.	Continuar co emprego de RPAS (drons) como apoio para a UIFO en vixilancia e detección de actividade incendiaria, control de xestión da biomasa e investigación.
	Continuar co emprego de RPAS (drons) como apoio para a UTA en extinción de incendios.
	Continuar a traballar coa mellora das capacidades de XeoCode e do resto das aplicacións informáticas integradas nel, e na interoperatividade coa rede Tetra.
	Desenvolver no ámbito do SPIF os proxectos piloto establecidos na estratexia galega de IA.
	Evolucionar o XeoCode Lite en dispositivos móbiles do persoal técnico do SPIF e continuar a formar sobre o seu uso.
Diminuír a erosión post-incendio naqueles incendios que pola súa magnitude, situación ou valor ecolóxico da zona afectada o precisen.	Continuar coa aplicación de técnicas de avaliación do risco de erosión post-incendio e coa planificación de medidas correctoras co CIF de Lourizán.
Mellorar na seguridade do persoal de extinción.	Continuar coa avaliación actualizada de riscos en traballos de extinción de incendios forestais.
Adaptación das bases de medios aéreos á normativa en vigor.	Continuar coa execución das obras de adecuación das infraestruturas existentes para a homologación das bases de medios aéreos.



Obxectivos específicos	Accións
Continuar a mellora na coordinación con outros departamentos da Administración en relación coas limitacións e seguimento en zonas queimadas.	Mantemento dos protocolos de transmisión de información sobre zonas queimadas.
Mellorar na definición dos requirimentos mínimos dos EPIS.	Actualizar, colaborando no seo do CLIF (Comité de loita contra os incendios forestais) o catálogo de EPIS .
Continuar coa mellora do coñecemento dos recursos dispoñibles na extinción de incendios.	Continuar coa actualización do catálogo de medios dos distritos.
	Impartición de cursos de formación específica sobre o funcionamento e manexo dos Equipos multifunción Batracio.
Continuar a concienciación á poboación escolar sobre os valores e defensa do monte.	Plan de divulgación realizado por técnicos/as, axentes facultativos medioambientais e axentes forestais en centros de ensino de educación primaria e secundaria, coordinado dende os distritos forestais.
Continuar co proceso de mellora e modernización dos medios de prevención e extinción.	Continuar coa renovación de vehículos empregados polo persoal do SPIF.
	Dende o ano 2013 renováronse 137 motobombas do parque do SPIF. Continuarase coa renovación do parque de motobombas do SPIF, estando prevista a adquisición de tres unidades durante o ano 2025.
	Continuar coa integración dos 14 equipos multifunción (Batracio) formados por tractor, cisterna, trituradora multifunción e polidozer.
	Adquisición mediante licitación de seis máquinas hidrostáticas polivalentes para a loita contra os incendios forestais, a través de traballo preventivo para preparación e mantemento de pistas forestais, liñas de defensa contra incendios e cortalumes e tamén para o mantemento de puntos de auga, apoio nas queimas prescritas, e mesmo funcións de extinción que se leven a cabo no dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais.

Táboa 3: obxectivos específicos e accións a desenvolver durante o 2025.



3. Elementos básicos para a planificación

3.1. Zonificación do territorio

A partir da Resolución do 27 de decembro de 1999, publicada o 29 de decembro de 1999, a zonificación do territorio a efectos de prevención e defensa contra incendios forestais pasa a ser de *provincias, distritos forestais, demarcacións forestais e concellos*.




Figura 2: división do territorio en distritos e demarcacións forestais.



Distribución por distritos forestais e provincias							
A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
Distrito I	Ferrol	Distrito VI	A Mariña - Lucense	Distrito XI	O Ribeiro- Arenteiro	Distrito XVI	Deza - Tabeirós
Distrito II	Bergantiños- M. Coruñesas	Distrito VII	Fonsagrada- Os Ancares	Distrito XII	Miño - A Arnoia	Distrito XVII	O Condado - A Paradanta
Distrito III	Santiago - Meseta Interior	Distrito VIII	Terra de Lemos	Distrito XIII	Valdeorras - Trives	Distrito XVIII	Vigo - Baixo Miño
Distrito IV	Barbanza	Distrito IX	Lugo - Sarria	Distrito XIV	Verín - Viana	Distrito XIX	Caldas - O Salnés
Distrito V	Fisterra	Distrito X	Terra Chá	Distrito XV	A Limia		

Táboa 4: distribución por distritos forestais e provincias.

3.2. O territorio forestal galego

Dende a perspectiva da reacción ao lume, o tipo de uso do solo e de cada ecosistema forestal condiciona o seu propio comportamento, polo que unha planificación de protección contra incendios forestais debe contemplar a identificación e caracterización dos ecosistemas forestais presentes no territorio.

O 4º Inventario Forestal Nacional segue a ser a referencia en canto a datos xerais no que a clasificación territorial se refire, e do que se extrae que das 2.957.447,47 ha. de superficie total de Galicia, 2.030.681,03 ha corresponden a uso forestal, o que supón máis de dúas terceiras partes do territorio segundo se recolle na seguinte táboa, xunto coa distribución do resto de usos do solo:



Uso do solo	Superficie (ha)	%
Forestal	2.030.681,03	68,66 %
Agrícola	822.626,86	27,82 %
Elementos artificiais	81.520,59	2,76 %
Humidal	2.311,58	0,08 %
Auga	20.307,41	0,69 %
Total	2.957.447,47	100 %

Táboa 5: usos do solo en Galicia.

Actualmente trabállase en colaboración coas universidades galegas no Inventario Forestal Continuo de Galicia (IFCG), mediante o recoñecemento de imaxe obtida por seguimento continuo de satélites e o debido tratamento da información, co obxectivo de coñecer con maior exactitude as características reais do territorio. A información dispoñible actualízase de forma periódica na páxina do IFCG, onde se dispón dun visor web de acceso público: <https://invega.xunta.gal/invega/>

En base aos primeiros datos obtidos no IFCG, máis do 70 % da superficie forestal de Galicia (1.432.057 ha) corresponde a superficie arborada, das cales aproximadamente o 43 % está composto por frondosa autóctona, o 29 % por coníferas e o 28 % restante por eucaliptais.

Entre a información dispoñible do IFCG figura a relativa á fase de inventario piloto realizado entre 2020 e 2021, a partir da cal pódese facer un primeiro achegamento á composición das masas forestais actuais, máis concretamente en referencia á presenza de pes maiores (> 7,5 cm dn) das principais especies arbóreas presentes en Galicia, tal e como amosa o gráfico 8.

A actualización periódica deste IFCG xunto coa maior precisión da información que se pode obter, son a base para a crecente importancia desta ferramenta en relación á planificación e loita contra os incendios forestais.




Gráfico 8: proporción (%) de pes maiores de cada especie arborada segundo o primeiro informe de resultados do inventario piloto do IFCG. Fonte: Consellería do Medio Rural.

3.3. Réxime de protección

3.3.1. Rede galega de espazos naturais protexidos

Galicia ten unha superficie de 29.574 km². No seu territorio teñen cabida unha grande diversidade de medios naturais grazas á súa posición xeográfica e á súa orografía. A altitude varía entre o nivel do mar e os fondos mariños, ata a súa cota máxima de 2.124 metros en Pena Trevinca, aínda que máis da metade do territorio sitúase entre os 200 e os 600 metros. Destacan os máis de 1.200 km de litoral. O seu punto máis setentrional, Estaca de Bares, sitúase a 43° 48' de latitude norte e é tamén o máis setentrional da península. A variedade de climas que se dan propician ambientes oceánicos, mediterráneos, de montaña e multitude de microclimas que favorecen unha ampla mostra de diferentes ecosistemas que son o resultado da evolución natural e do xeito de aproveitar os recursos naturais.



A Rede galega de espazos naturais protexidos representa máis do 13 % da superficie total galega. Nela recóllense aqueles espazos naturais da comunidade autónoma que dispoñen dun réxime especial de protección en virtude das diferentes normativas autonómicas, estatais ou comunitarias así como convenios internacionais.

Estes espazos naturais recollen os ecosistemas máis representativos e significativos do territorio galego: costas e rías, lagoas, ecosistemas fluviais, serras do interior, fragas e devesas, etc. A normativa autonómica que regula a protección está recollida na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

As figuras xurídicas de protección son as seguintes:

- **Reserva natural:** espazos naturais coa finalidade de protección de ecosistemas, comunidades ou elementos biolóxicos, que pola súa rareza, fragilidade, importancia ou singularidade, merecen unha valoración especial. Na actualidade non existen en Galicia espazos declarados baixo esta categoría de conservación.
- **Parque natural:** son áreas naturais, pouco transformadas polas actividades humanas que, pola beleza das súas paisaxes, a representatividade dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, fauna ou da súa diversidade xeolóxica, incluídas as súas formacións xeomorfolóxicas, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos ou científicos cuxa conservación merece unha atención preferente. Existen seis declarados na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Parque nacional marítimo terrestre das Illas atlánticas de Galicia:** representa sistemas naturais ligados a zonas costeiras e plataforma continental da Rexión Eurosiberiana. Os acantilados, as matogueiras, as dunas e as praias, así como os distintos fondos mariños (de rocha, de area, de cuncha...) crean un gran mosaico de ecosistemas nestas illas e nas augas que as rodean.



- **Monumento natural:** son espazos ou elementos da natureza constituídos basicamente por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza que merecen ser obxecto dunha protección especial. Considéranse tamén monumentos naturais as formacións xeolóxicas e os demais elementos da xea, así como os xacementos paleontolóxicos, que reúnan un interese especial pola singularidade ou importancia dos seus valores científicos, culturais ou paisaxísticos. En Galicia existen oito zonas declaradas como monumento natural na actualidade.
- **Zona húmida protexida:** son ecosistemas que teñen auga constantemente ou dun xeito estacional (marismas, pantanos, turbeiras...) e que polo seu interese de protección e conservación son espazos naturais protexidos, existindo cinco zonas declaradas actualmente na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Paisaxe protexida:** son espazos que, polos seus valores singulares, estéticos e culturais ou ben pola relación harmoniosa entre o ser humano e o medio natural, sexan merecedores dunha protección especial. Existen dous espazos catalogados como paisaxe protexida na actualidade.
- **Rede Natura 2000:** dende a entrada en vigor da Lei 5/2019, a Rede Natura 2000 é unha categoría máis da rede de espazos naturais protexidos e, polo tanto, está incluída na Rede galega de espazos naturais protexidos.
- **Espazos naturais de interese local:** son espazos integrados nun termo municipal que polas súas singularidades sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais, así pois, inclúense nesta categoría. Os concellos e outras institucións poden propoñer á consellería competente a súa declaración. Hai doce ENIL declarados na actualidade.
- **Espazos privados de interese natural:** son terreos pertencentes a institucións ou propietarios particulares, nos que existan formacións naturais, especies ou hábitats de flora e fauna silvestre dos que se



considere de interese a súa protección. Os propietarios particulares poden propoñer á consellería competente a súa declaración. Hai tres EPIN declarados na actualidade e un cuarto en proceso.

3.3.2. Outras figuras de protección dos espazos naturais

- **Áreas protexidas de ámbito internacional:** son aqueles espazos naturais formalmente designados de conformidade co disposto nos Convenios e Acordos internacionais correspondentes, destacando en Galicia tres tipos de áreas declaradas pola Unesco: os Humidais de Importancia Internacional, as Reservas da Biosfera e a figura de Xeparque Mundial.

No mapa núm. 2 do anexo de mapas represéntanse os espazos naturais considerados no presente apartado.

3.4. Réxime de propiedade

En canto á propiedade dos terreos forestais en Galicia é destacable o feito de que a maior parte deles, case o 97 %, son montes particulares e montes veciñais en man común que, no seu conxunto, acadan unha superficie de case dous millóns de hectáreas, tal e como se amosa na seguinte táboa:

Réxime de propiedade	Núm.	Superficie (ha)	%
Montes públicos	238	53.667,39	2,64
Montes veciñais en man común	3.388	661.068,08	32,56
Montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo	55	13.252,43	0,65
Outros montes privados	-	1.302.693,13	64,15
Total		2.030.681,03	100

Táboa 6: distribución da superficie territorial de Galicia respecto ao réxime de propiedade.



O número de propietarios forestais, segundo datos do Plan Forestal de Galicia, supera os 450.000, cunha parcela media de aproximadamente 3 ha, o que pon de manifesto o importante fraccionamento da propiedade forestal en Galicia.

A continuación, expóñense de maneira gráfica varios dos datos do réxime de propiedade comparados para cada unha das provincias:




Gráfico 9: superficie (ha) dos montes públicos por provincia e tipo.




Gráfico 10: número de Montes Veciñais en Man Común por provincia.




Gráfico 11: superficie (ha) dos Montes Veciñais en Man Común por provincia.



3.5. Análise territorial da problemática socioeconómica

O lume sempre formou parte do ecosistema forestal, estando directamente ligado a el por causas naturais e sendo, en si mesmo, un mecanismo de autorregulación do propio monte, moldeado, dende sempre, pola súa presenza e dando lugar e forma á nosa paisaxe, influíndo na formación de masas arbóreas e arbustivas autóctonas.

Con todo, a acción do ser humano modificou notablemente a relación do monte co lume, influíndo de xeito directo na xestión dos recursos naturais con maior ou menor acerto, especialmente no relativo ao impacto dos incendios forestais no medio, os cales teñen unha incidencia especialmente relevante na evolución sociolóxica do medio rural no conxunto do territorio, non só polo elevado número de incidencias rexistradas no histórico das últimas décadas, se non tamén pola extensión de superficie tanto arborada como rasa afectada, podendo identificar diferentes circunstancias que inflúen nela.

As principais causas en canto á superficie afectada vense en gran parte determinadas por circunstancias estruturais tanto de dispersión da poboación, xestión forestal, orografía e socioloxía como polo abandono do poboamento do rural. En primeiro lugar, cabe destacar o réxime de propiedade da terra, con máis de dous terzos do solo forestal correspondente a montes de titularidade privada moi disgregado e heteroxéneo polo xeral, ao que se suma a herdanza do resultado dunha política de (re)forestación non dotada en ocasións dunha conveniencia propia (en canto a especies arbóreas, distancias e xestión), todo isto acompañado por unha rexeneración do estrato vexetal moi abundante e vigorosa, en resposta ás boas condicións meteorolóxicas e edafolóxicas do territorio galego, convertendo este manto en combustible cun alto grao de ignición e propagación, favorecendo situacións complexas de abordar dende o punto de vista da extinción do lume (reproducións, multiplicidade de focos, rápido avance das lapas...).

Nun tempo, os beneficios que reportaba o monte, lograban que a biomasa vexetal non se acumulara en exceso debido á súa utilidade en forma de leñas, aproveitamento para o gando e outros usos, pero o crecente consumo de enerxías coma o gas, o petróleo e a electricidade e o aumento das explotacións gandeiras intensivas fixeron que as



actividades tradicionais do monte diminuíran en gran medida, provocando o aumento significativo da biomasa vexetal co paso dos anos, convertendo os montes en grandes reservas de posible combustible para os incendios forestais. O fenómeno do despoboamento unido ao abandono dos usos tradicionais do territorio, dá lugar a unha transformación do rural que, en moitas ocasións, orixina estruturas vexetais máis susceptibles á propagación dos lumes.

Destas circunstancias expostas despréndese que, décadas atrás, os incendios eran máis recorrentes pero menos destrutivos, dado que a biomasa acumulada nos montes era menor, ao igual que a continuidade horizontal e vertical dos combustibles, xa fora por incendios con orixe natural ou pola propia actividade antrópica tradicional.

Da análise dos datos xeográficos dos lumes da última década (2105-2024) en relación co réxime de propiedade, despréndese que existe unha correlación proporcional entre a cantidade de superficie afectada respecto de cadansúa total no caso dos montes públicos e dos montes veciñais en man común (15,01 % e 14,72 % respectivamente), pero que dista bastante dese mesmo dato no caso das propiedades particulares (6,16 %), onde arderon 17.055,40 ha menos que nos montes veciñais, dispoñendo a primeira de practicamente o dobre de superficie ca segunda no territorio galego, segundo o exposto na seguinte táboa.

Réxime de propiedade	Superficie (ha)	% total	Sup. afectada	%	% total
Montes públicos	53.667,39	2,64%	8.055,78	15,01%	4,34%
Montes veciñais en man común	661.068,08	32,55%	97.281,23	14,72%	52,42%
Montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo	13.252,43	0,65%	Sen datos	-	-
Outros montes privados	1.302.693,13	64,15%	80.225,83	6,16%	43,23%
Total	2.030.681,03	100%	185.562,84	9,54%	100%

Táboa 7: datos de afectación por lumes respecto ao réxime de propiedade na década 2015-2024.

Respecto da superficie total afectada na década, cabe destacar que máis da metade (52,42 %) correspondeu a terreos de montes veciñais en man común. Estes datos



xerais tan dispares en canto á afectación por lume en función do réxime de propiedade, focalizan a atención sobre a posible influencia das diferenzas que poida haber na xestión da superficie forestal, se ben, as circunstancias que rodean a casuística dos incendios forestais resultan moi complexas, influíndo moitos destes aspectos a nivel local (existencia de explotacións gandeiras, explotación forestal, ordenación do monte, existencia de tecor, veciñanza...), polo que sería necesaria unha análise pormenorizada que complementase un estudo xeral sobre este aspecto concreto.

Da análise das estatísticas de causalidade e motivacións dos lumes acontecidos en Galicia segundo datos propios para o período 2015-2024, o 74,94 % deles son intencionados, supoñendo o 65,97 % da superficie afectada, descoñécese a causa do 5,64 % do total, mentres que o resto das causas mantéñense por norma xeral por debaixo do 5 % respecto do total en cada caso, con desviacións puntuais superiores observando os datos desagregados por provincia (na seguinte táboa). Destaca entre estes datos a relación desproporcionada entre superficie afectada e número de eventos para as causas identificadas como naturais, debido principalmente ao fenómeno meteorolóxico acontecido en xullo de 2022, onde arderon a maior parte desas case 35.000 ha.

Número de eventos/Superficie afectada (2015-2024)				
Causa	Núm. eventos	%	Sup (ha)	%
Intencionado	12.869	74,94 %	122.421,77	65,97 %
Descoñecida	969	5,64 %	13.027,22	7,02 %
Neglixencia	821	4,78 %	2.097,71	1,13 %
Outros	700	4,08 %	4.769,18	2,57 %
Reprodución	682	3,97 %	5.608,15	3,02 %
Natural	641	3,73 %	34.938,35	18,83 %
Queima	490	2,85 %	2.700,46	1,46 %
Total	17.172	100 %	185.562,84	100 %

Táboa 8: núm. de lumes, superficie afectada e porcentaxes segundo a súa causa (2015-2024).



% eventos por provincias (2015-2024)				
Causa	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Intencionado	69,99 %	67,14 %	79,06 %	78,33 %
Descoñecida	7,93 %	3,94 %	5,55 %	4,81 %
Neglixencia	8,12 %	4,40 %	3,01 %	4,81 %
Outros	4,07 %	7,59 %	3,45 %	2,66 %
Reprodución	5,52 %	4,87 %	2,69 %	4,00 %
Natural	1,58 %	9,27 %	3,58 %	2,15 %
Queima	2,79 %	2,79 %	2,67 %	3,26 %
Total	100 %	100 %	100 %	100 %

Táboa 9: porcentaxes de lumes por provincias segundo a súa causa (2015-2024).

3.6. Análise dos lumes

A Consellería do Medio Rural dispón de datos de fiabilidade contrastada sobre a incidencia dos incendios forestais en Galicia dende a década de 1970. Tendo en conta os datos dos 49 últimos anos (1976-2024), pódese facer unha aproximación da evolución da sinistralidade ata chegar á situación actual.

Compre destacar que, dende o ano 2010, dispónse dunha base de datos completa coa xeolocalización e superficie de todos os lumes que ocorren no territorio galego, información que facilita a análise espacial neste senso e permite complementar a estatística temporal.

Focalizando a análise desta información nos datos dos últimos anos recollidos na devandita táboa 1, pódese extraer unha visión xeral da situación actual que axude a comprender a realidade do sector, favorecer a planificación da loita contra o lume e permita aproveitar a experiencia obtida en favor da evolución e mellora do dispositivo de prevención e extinción de incendios.



3.6.1. Ano 2024

Atendendo aos datos dispoñibles, no ano 2024 tiveron lugar 755 lumes, o que supón un novo mínimo histórico desde que se dispón de datos (segundo ano consecutivo que se consegue), moi por debaixo da media do número de incidencias para o período dos últimos 10 anos (1.719), circunstancia que coincide tamén no caso dos denominados incendios (ver definición no apartado 1.9), con 107 incidencias, 42 menos que no ano anterior e 31 por debaixo do que era o mellor dato ata o momento (en 2021) e cumprindo con creces o obxectivo de control 2.3.6 (Gráfico 7), establecido en 314 incidencias.

No que respecta ao resto de obxectivos de control do ano 2024, cumpríronse case todos eles con gran suficiencia sobre os límites establecidos, tanto no caso dos obxectivos ordinarios como dos considerados óptimos. A excepción resultou ser o obxectivo referido á porcentaxe de lumes maiores de 25 ha, os cales acadaron o 2,78 % respecto do total, superando o 2 % establecido como máximo para este parámetro.

En canto a superficie total afectada, trátase do terceiro mellor rexistro da serie histórica (2.644,79 ha), soamente superado nos anos 2014 e 2018. Unicamente seis lumes superaron as 100 ha de superficie afectada, sumando entre todos 1.179,59 ha (44,60 % do total), non sendo considerado ningún deles como grande incendio forestal (GIF) por non chegar as 500 ha de tamaño, afectando o de maior alcance a un total de 329,49 ha.




Gráfico 12: distribución do número de lumes por mes do ano 2024.



Atendendo á distribución temporal dos lumes rexistrados, destaca notablemente a incidencia dos meses de agosto e setembro, tendo lugar o 57 % dos lumes respecto do total de todo o ano nese curto período de tempo. Fora do período de máximo risco, o valor máis elevado de sinistros prodúcese en abril, coincidindo coa época de perigo medio, onde boa parte do dispositivo de extinción atópase despregado sobre o territorio.

En Ourense resultou afectada case a metade de toda a superficie de Galicia (46,91 %), mentres que foi Pontevedra a que acaparou a maior parte de superficie forestal arborada queimada (46,35 %). Pola contra, A Coruña e Lugo sumaron o 24,48 % da superficie total afectada en Galicia, valores baixos a ter en conta especialmente no caso da segunda, cuxos últimos anos sufriu o envite de lumes de importancia pola súa extensión e gravidade.

Provincia	Distrito forestal	Superficies afectadas (2024)		
		Arbo (ha)	Rasa (ha)	Total (ha)
A CORUÑA	01 Ferrol	3,43	12,23	15,66
	02 Bergantiños-M. Coruñesas	6,10	3,22	9,32
	03 Santiago-Meseta Interior	19,51	32,61	52,12
	04 Barbanza	107,01	56,32	163,33
	05 Fisterra	7,39	2,86	10,25
	TOTAL CORUÑA	143,44	107,24	250,68
LUGO	06 A Mariña Lucense	192,23	14,75	206,98
	07 Fonsagrada-Os Ancares	11,40	81,36	92,76
	08 Terra de Lemos	4,20	24,90	29,10
	09 Lugo-Sarria	0,49	4,37	4,86
	10 Terra Chá	25,76	37,29	63,05
	TOTAL LUGO	234,08	162,67	396,75
OURENSE	11 O Ribeiro-Arenteiro	95,53	42,87	138,40
	12 Miño-Arnoia	15,34	15,64	30,98
	13 Valdeorras-Trives	3,94	53,99	57,93
	14 Verín-Viana	121,13	571,61	692,74
	15 A Limia	13,36	307,30	320,66
	TOTAL OURENSE	249,30	991,41	1.240,71
PONTEVEDRA	16 Deza-Tabeirós	11,39	26,28	37,67
	17 O Condado-A Paradanta	466,66	153,69	620,35
	18 Vigo-Baixo Miño	22,25	1,97	24,22
	19 Caldas-O Salnés	41,33	32,99	74,32
	TOTAL PONTEVEDRA	541,63	214,93	756,56
TOTAL GALICIA		1.168,45	1.476,25	2.644,70

Táboa 10: distribución da superficie queimada por distrito no ano 2024.



En resumo, en base a estatística, tratouse dun ano benévolo en canto á incidencia e gravidade dos lumes forestais acontecidos no territorio galego, cumprindo a práctica totalidade dos obxectivos prefixados e sen incidentes salientables na execución das tarefas propias do servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais.

3.6.2. Datos históricos. Análise temporal da evolución da sinistralidade

Partindo da base de datos xeral da Consellería do Medio Rural e da súa representación gráfica recollida no anexo I, pode establecerse unha tendencia xeral ao longo do período que comprende estes últimos 49 anos (1976-2024) que da lugar a considerar inicialmente a existencia de tres subperíodos cunhas características definidas tal e como se detalla a continuación:

De 1976 a 1990: neste período de 15 anos, contabilízanse 50.000 lumes cunha media de 3.330 lumes ao ano. A excepción dos anos 1977, 1980 e 1983, nas 12 anualidades restantes que conforman o período supéranse as 30.000 ha queimadas por ano, nalgúns casos por moito (en ata 7 ocasións por enriba das 60.000 ha), chegando ao máximo histórico no ano 1989, con case 200.000 ha afectadas. A media da superficie arborada queimada neste período supón un 43,9 % respecto á superficie total.

No derradeiro ano desta serie (en 1990), iniciouse a través de diferentes comarcas piloto, un operativo específico para a loita contra os incendios forestais en Galicia que sentaría a base do que é o actual dispositivo.

De 1991 a 2006: neste período de 16 anos, modéranse as estatísticas anuais referidas á superficie queimada, xa que en seis anualidades (a metade que no período anterior) supéranse as 30.000 ha e, unicamente no ano 2006, supéranse as 60.000 ha, establecendo, iso si, a maior cifra dende o desastre ambiental do ano 1989.



Cabe destacar o aumento significativo no rexistro das incidencias por número de lumes, xa que neste período supera as 160.000, o que supón unha media de máis de 10.000 lumes ao ano, cifras que destacan especialmente en comparación co período anterior (3.330) e que posiblemente teñan resposta na evolución e mellora dos sistemas de información, comunicación e toma de datos respecto a anos anteriores. O cociente entre superficie arborada queimada e superficie total supón respecto á media un 32,2 % o que evidencia un descenso notable en comparación co período anterior (43,9 %).

De 2007 a 2024: neste terceiro período que abrangue ata a actualidade, prodúcese un descenso xeneralizado das medias anuais tanto de superficie queimada (aprox. 16.902 ha) como de número de lumes (2.536). Soamente nos anos 2011, 2017 e 2022 superáronse as 30.000 ha queimadas, situándose a maior parte do resto dos anos por debaixo das 15.000 ha, aínda que aumenta lixeiramente o cociente de superficie arborada queimada respecto ao total (34,71 %).

Cabe ter en conta que non se deben extraer conclusións xerais a través da observación dos datos anuais por separado (de forma illada), xa que a sinistralidade no caso dos incendios forestais implica moitas variables de elevada complexidade que fan necesario, en todo caso, analizar con rigor todas e cada unha das circunstancias nas que aconteceron os feitos que puideron provocar unha determinada situación anómala ou fora do habitual nalgunha anualidade concreta.

No seguinte gráfico establécese a comparativa entre os tres períodos en canto a número de lumes, superficies arborada e rasas e a superficie total no seu conxunto, tendo en conta os datos comentados a partires do anterior gráfico. Sen ter en conta a anomalía que pode supoñer os datos de número de lumes do primeiro período (xa mencionado), destácase unha tendencia moi positiva na diminución da superficie queimada media (tanto rasa como arborada e, polo tanto, tamén total) no segundo período respecto ao primeiro (a total baixa de 66.451 a 30.903 ha) e no terceiro período respecto aos dous anteriores (16.902 ha).




Gráfico 13: comparativa da evolución da superficie queimada (arborada, rasa e total) e do número de lumes en Galicia entre os subperíodos considerados (1976-1990/1991-2006/2007-2024).

3.6.3. Análise por períodos temporais

Tendo en conta a dispoñibilidade de datos actual, pártese da posibilidade de utilizar os datos correspondentes aos tres últimos decenios para poder analizalos co fin de establecer períodos de igual duración (10 anos) alleos a calquera posible clasificación derivada dunha interpretación global inicial como a realizada no apartado anterior (3.6.2.). Contar cos datos dispoñibles dende principios da década dos 90, garante a fiabilidade de traballar con series de igual tamaño que permitan realizar análises comparativas que aporten información da evolución e dos resultados do actual dispositivo de extinción con posterioridade ao comezo da súa versión actual. Os períodos principalmente contemplados para a análise son 1995-2004, 2005-2014 e 2015-2024.

3.6.3.1. Comparativa xeral e frecuencia de lumes por semanas

A partir destes datos realizouse o seguinte gráfico, no cal se compara e analiza o número de lumes ocorridos por semana ao longo dunha anualidade para as tres series.



Seguindo a tendencia xeral observada en anteriores apartados, nel, pódese observar a gran diminución da frecuencia do número de lumes nos períodos máis recentes, así como a semellanza existente entre os perfís das series de ambos períodos en canto á maior concentración do número de sinistros nunhas semanas determinadas do ano (de forma xeral entre as semanas 6 a 17 e 25 a 40 aproximadamente).




Gráfico 14: número de lumes ocorridos en Galicia por semanas ao longo da anualidade. Comparativa de datos dos períodos 1995-2004, 2005-2014 e 2015-2024.

Analizando o gráfico 14 con máis detalle, nos primeiros meses do ano apréciase unha similitude no pico da semana 12 nos dous primeiros períodos, así como unha atenuación considerable da incidencia de lumes no período máis recente (2015-2024), onde case resulta imperceptible a actividade fora da época estival, cun moi lixeiro aumento puntual na semana 12 do ano.

Respecto ao inicio do aumento dos incendios na época estival, vese certa diferenza entre as dúas primeiras décadas respecto á máis próxima, aumentando a actividade nas primeiras entre as semanas 23 e 24, mentres que no período 2015-2024 atrásase o comezo deste aumento ata practicamente a semana 28, amosando ademais unha progresión na



incidencia moito máis suave que nas dúas décadas anteriores, tendencia que xa resulta aparentemente patente entre o primeiro período (1995-2004) e o segundo (2005-2014).

Por outra parte, a diminución de lumes no ocaso do período de maior actividade mantense en datas similares, aínda que con tendencia a irse adiantando, tendo lugar nos tres períodos entre as semanas 43 e 44.

O máximo valor medio de incendios rexístrase na semana 36 do período 1995-2004 cun total de 892 lumes, moi por riba do das outras dúas series, 289 lumes na semana 33 no caso do período 2005-2014 e 116 lumes tamén na semana 33 do período 2015-2024.

Nas series destacan dúas épocas cun incremento notable da actividade incendiaria tal e como se pode observar no gráfico:

- Unha época variable a finais do inverno e principios da primavera: entre finais de febreiro, marzo e primeira quincena de abril, que abarca de xeito aproximado as semanas da 7 á 17, cunha máxima actividade incendiaria na semana 12 segundo os datos históricos, aínda que moi atenuada no último decenio.
- Unha época fixa no verán e no principio do outono: finais de xuño, xullo, agosto, setembro e principios de outubro.

No seguinte gráfico (15) faise a comparativa de incidencia de lumes semanal por provincias e respecto ao total da comunidade para o último decenio (2015-2024), mostrando gran similitude entre os seus perfís. En xeral, a incidencia ao longo do ano natural e a existencia de picos (elevado número de lumes) nunhas épocas concretas é moi similar en todas as provincias, feito que vai ligado á influencia ao longo do ano da compoñente meteorolóxica respecto ao impacto dos lumes.




Gráfico 15: comparativa do número de lumes por semana ao longo do ano entre Galicia e as súas provincias. Período 2015-2024.

No gráfico 16, a media do decenio 2004-2013 destaca notablemente respecto á da década seguinte (2014-2023), sendo patente a diminución de incidencias de forma xeneralizada ao longo do ano. O ano 2024 segue esa mesma tendencia sen amosar grandes diferencias no cómputo xeral máis alá dun pequeno pico na semana 38.




Gráfico 16: número de lumes ocorridos en Galicia por semanas ao longo da anualidade. Comparativa de datos dos períodos 2004-2013, 2014-2023 e do ano 2024.



No gráfico 17 amósanse tres series de datos, o decenio 2014-2023 (representado por barras), o quinquenio 2019-2023 (liña descontinua azul) e o ano 2024 (liña descontinua vermella).

No referente ás épocas de maior actividade incendiaria no último decenio (2014-2023), os períodos de maior frecuencia de lumes concéntranse na semana 12, na fronteira entre o inverno e a primavera, e entre as semanas 28 á 37, incluíndo case a totalidade do verán a excepción das súas dúas primeiras e últimas semanas.

A tendencia marcada polas tres series de datos segue un patrón moi similar, sen anomalías destacables, aínda que a liña vermella correspondente ao último ano aparece algo desprazada cara a dereita, deixando entrever que a incidencia dos lumes retrasouse levemente respecto ás semanas habituais do histórico recente.




Gráfico 17: número de lumes ocorridos en Galicia por semanas ao longo da anualidade. Comparativa de datos dos períodos 2014-2023, 2019-2023 e do ano 2024.



3.6.3.2. Frecuencia de lumes e superficies afectadas

Na última década (2015-2024) producíronse un total de 17.172 lumes, nos que se queimaron 185.562,84 ha de superficie forestal, resultando os datos da seguinte táboa e sobre os que destacan principalmente os referidos á provincia de Ourense, con case 20.000 ha queimadas máis que a suma da superficie afectada nas outras tres provincias. Sobre os valores totais, compre destacar que o 18,27 % da superficie forestal de Ourense ardeu nese período. Neste senso, destaca tamén a provincia de Pontevedra cun 11,98 %, motivado en gran parte pola vaga de lume acaecida en outubro de 2017.

PERIODO 2015-2024								
ZONA	SP (ha)	SFA (ha)	SFR (ha)	SFT (ha)	SUP.Q (ha)	Nº LUMES	% SOBRE SP	% SOBRE SFT
A CORUÑA	794.982,65	413.470,29	69.916,49	483.386,78	15.423,14	3.806	1,94%	3,19%
LUGO	985.363,15	485.787,71	163.072,36	648.860,06	34.815,06	2.794	3,53%	5,37%
OURENSE	727.134,39	309.235,25	251.386,84	560.622,09	102.421,16	6.618	14,09%	18,27%
PONTEVEDRA	449.153,38	209.378,50	65.235,10	274.613,62	32.903,48	3.954	7,33%	11,98%
GALICIA	2.956.633,57	1.417.871,75	549.610,79	1.967.482,55	185.562,84	17.172	6,28%	9,43%

Táboa 11: datos estatísticos e territoriais dos lumes da década 2015-2024.

SP: Superficie da provincia.

SFA : Superficie forestal arborada.

SFR : Superficie forestal rasa.

SFT: Superficie forestal total.

SUP.Q.: Superficie queimada.

% SOBRE SP: % de superficie queimada respecto á SP.

% SOBRE SFT: % de superficie queimada respecto á SFT.

No seguinte gráfico móstrase a distribución espacial ao longo do territorio da comunidade autónoma dos lumes que tiveron lugar entre os anos 2015 a 2024. Destaca unha especial afectación da parte sur da comunidade autónoma, mentres que na parte máis setentrional a incidencia e a superficie afectada resulta bastante menor en comparación, incluso dando a impresión dunha diminución gradual segundo máis ao norte se mire.

Compre observar, que a incidencia de lumes nestes últimos catro anos tivo especial relevancia nos distritos que compoñen a vertente oriental da comunidade, sobre todo nos situados máis ao sur (XIV, XIII e VIII), aínda que tamén se viron afectados máis ao norte en ocasións puntuais, como no distrito VII co GIF de comezo de primavera no 2023 e, incluso



no pouco habitual distrito VI da costa lucense, onde tivo lugar ao comezo do outono o GIF máis grande dese mesmo ano, preto dos concellos limítrofes con Asturias.




Gráfico 18: distribución espacial dos lumes ocorridos en Galicia na década 2015-2024.



Na seguinte táboa móstranse os datos relativos á incidencia e superficie afectada respecto aos totais da década para todo o territorio, onde Ourense segue acaparando boa parte do total en ambas cuestións, xa que no seu territorio sucederon o 38,54 % dos lumes, chegando a arder o 55,19 % da superficie que se queimou en Galicia. Cómpre destacar o dato referido aos quilómetros de perímetro sobre os que se tivo que traballar para facer fronte á extinción destes lumes. Neste último dato destacan principalmente os valores comparados entre Pontevedra, Lugo e A Coruña xa que, contando con máis do dobre de superficie queimada no caso das dúas primeiras respecto da terceira, a diferenza entre elas tres respecto á cantidade de perímetro afectado resulta moi pequena.

PERÍODO 2015-2024						
PROVINCIA	Nº lumes	%	Sup. Queim. (ha)	%	Perímetro (Km.)	%
CORUÑA	3.806	22,16%	15.423,14	8,31%	1.967,85	15,76%
LUGO	2.794	16,27%	34.815,06	18,76%	2.427,10	19,44%
OURENSE	6.618	38,54%	102.421,16	55,19%	5.799,21	46,44%
PONTEVEDRA	3.954	23,03%	32.903,48	17,73%	2.292,53	18,36%
GALICIA	17.172	100,00%	185.562,84	100,00%	12.486,69	100,00%

Táboa 12: datos da incidencia e superficie afectada respecto aos totais da década 2015-2024.

Nas seguintes imaxes móstrase a distribución xeográfica de incendios por provincia e anualidade na década 2015-2024.




Gráfico 19: distribución xeográfica por anualidade dos lumes da Coruña no período 2015-2024.




Gráfico 20: distribución xeográfica por anualidade dos lumes de Lugo no período 2015-2024.




Gráfico 21: distribución xeográfica por anualidade dos lumes de Ourense no período 2015-2024.




Gráfico 22: distribución xeográfica por anualidade dos lumes de Pontevedra no período 2015-2024.



3.6.3.3. Grandes Incendios Forestais (GIF)

Especial atención merecen os denominados Grandes Incendios Forestais (GIF), que son aqueles incendios que superan as 500 ha de superficie afectada e que, polas súas características e condicións, inflúen en gran medida sobre o funcionamento do dispositivo de extinción, debido principalmente a gran cantidade de recursos e tempo necesarios para facerlles fronte. Na seguinte táboa preséntanse os datos relativos a súa ocorrencia nas tres últimas décadas.

	Nº GIF			Sup. Queim. GIF			Total			
	1995-2004	2005-2014	2015-2024	1995-2004	2005-2014	2015-2024	Nº GIF	% nº GIF	Sup. Queim.	% sup. Queim.
A CORUÑA	1	21	5	1.000,00	21.633,61	5.614,39	27	16%	28.247,99	12%
LUGO	6	3	7	4.766,20	3.814,87	21.885,40	16	9%	30.466,47	13%
OURENSE	21	31	34	21.169,35	36.841,77	63.733,86	86	51%	121.744,99	50%
PONTEVEDRA	6	25	10	3.513,52	36.654,51	21.155,78	41	24%	61.323,81	25%
Total	34	80	56	30.449,07	98.944,76	112.389,43	170	100%	241.783,26	100%

Táboa 13: datos estatísticos dos GIF ocorridos nas tres últimas décadas.

Destacan principalmente os datos relativos á provincia de Ourense, onde se producen máis da metade dos GIF dos últimos 30 anos (51 %), achegando case a mesma proporción de superficie total afectada (50 %) como consecuencia deses lumes.

Segue a ser a última década (2015-2024) a que acapara os maiores rexistros en canto a superficie queimada, aínda que, en contraposición, o número de incidencias garda certa distancia respecto aos datos da década anterior (56 fronte a 80 GIF). Para comprender este dato e dar cabida ao peso que pode ter un "mal ano" en termos de estatística de incendios, compre destacar que, 42 dos 80 GIF do período 2005-2014 tiveron lugar no ano 2006, dando lugar a máis da metade da superficie afectada nesa década (53.046,50 ha).

Nos seguintes gráficos pódese observar a evolución por décadas das estatísticas en canto á incidencia (número de GIF) e superficie afectada.




Gráfico 23: comparativa do número de GIF por décadas e provincias.




Gráfico 24: comparativa das superficies queimadas por GIF por décadas e provincias.



No seguinte gráfico, pódese observar a distribución xeográfica dos grandes incendios da última década (2015-2024) segundo o ano no que tiveron lugar.




Gráfico 25: distribución xeográfica e anual dos GIF da última década (2015-2024).

A simple vista destaca de forma notable a maior incidencia dos incendios de gran tamaño na metade sur da comunidade autónoma, sendo Pontevedra e Ourense as provincias máis castigadas, aínda que o incendio máis grande da historia recente é o da Pobra do Brollón (distrito VIII, no sur de Lugo) que tivo lugar no ano 2022.



DATOS GIF 2015-2024							
ZONA	SFT (ha)	S.Q.T. (ha)	Nº GIF	Sup. Queim. GIF	% sobre SFT	% sobre S.Q.T.	Sup. med. GIF (ha)
A CORUÑA	483.386,78	15.423,14	5	5.614,39	1,16%	36,40%	1.122,88
LUGO	648.860,06	34.815,06	7	21.885,40	3,37%	62,86%	3.126,49
OURENSE	560.622,09	102.421,16	34	63.733,86	11,37%	62,23%	1.874,53
PONTEVEDRA	274.613,62	32.903,48	10	21.155,78	7,70%	64,30%	2.115,58
GALICIA	1.967.482,55	185.562,84	56	112.389,43	5,71%	60,57%	2.006,95


Táboa 14: datos dos GIF do período 2015-2024.

Da análise xeral dos datos, resulta destacable a elevada proporción de superficie afectada por estes grandes lumes no caso de Lugo, Ourense e Pontevedra, onde supera o 62 % da superficie total afectada en cada provincia, coa única excepción da Coruña que garda bastante distancia con elas neste aspecto (36,40 %).

Tamén destaca sobre estes datos a superficie media por GIF no caso de Lugo, a máis ampla con diferenza das catro provincias. En paralelo a este dato resalta tamén que os sete GIF de Lugo afectaron a case catro veces máis superficie afectada que os cinco da Coruña. En ambos casos resulta incontestable a influencia na estatística das 12.768,22 ha do GIF da Pobra de Brollón (2022) antes mencionado.

3.6.3.4. Espazos protexidos

Tendo en conta a importancia que teñen os espazos protexidos da comunidade mencionados no apartado 3.3, extráense os datos dos lumes que afectaron a estas superficies no período 2015-2024, sendo representados no seguinte gráfico en cor vermello.



RÉXIME DE PROTECCIÓN		SUPERFICIE (ha)
REDE NATURA 2000		
	Zona de Especial Conservación (ZEC)	374.559
	Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPa)	101.178
REDE GALEGA DE ESPAZOS PROTEXIDOS		
	Parque Nacional	8.333
	Parque Natural	49.087
	Monumento Natural	1.394
	Humidal Protexido	7.709
	Paisaxe Protexida	903
	Espazo Natural de Interese Local	1.079
	Espazo Privado de Interese Natural	51

Gráfico 26: localización dos incendios que afectaron a espazos protexidos na última década (2015-2024).



Nas seguintes táboas relaciónanse os datos das superficies afectadas para os dez anos do citado período en cada grupo de tipoloxía de espazo protexido.

REDE NATURA 2000			
RÉXIME DE PROTECCIÓN	Sup. (ha)	Sup. Queim.	% Sup. Queim.
Zona de Especial Conservación (ZEC)	374.559,00	57.067,00	15,24%
Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA)	101.178,00	18.131,87	17,92%

Táboa 15: superficies afectadas por lumes na Rede Natura 2000 no período 2015-2024.

REDE GALEGA DE ESPAZOS PROTEXIDOS			
RÉXIME DE PROTECCIÓN	Sup. (ha)	Sup. Queim. (ha)	% Sup. Queim.
Parque Nacional	8.333,00	3,77	0,05%
Parque Natural	49.087,00	15.892,75	32,38%

Táboa 16: superficies afectadas por lumes nas categorías de Parques no período 2015-2024.

No total da década resultaron afectadas 57.067 ha de espazo protexido establecido como zona ZEC e 18.131,87 ha de zona ZEPA, ambas pertencentes á Rede Natura 2000, o que supón practicamente entre o 15 e o 18 % da superficie total de cada territorio. Cabe dicir, que unha pequena parte da superficie afectada é coincidente, xa que existen zonas protexidas con ámbalas dúas figuras.

Respecto ao resto de espazos protexidos, destacan pola súa afectación os Parques Naturais, que conforman o 71,60 % do total da superficie da Rede galega de espazos protexidos. Nestes parques, tiveron lugar un total de 204 lumes nos 10 anos, e resultaron afectadas un total de 15.892,75 ha, o que supón un 32,38 % da súa superficie total. O Parque Natural máis castigado é o de Baixa Limia-Serra do Xurés con 184 lumes e 12.166,67 ha queimadas.

3.6.4. Distribución horaria dos lumes

A continuación, amósanse os datos de rexistro das horas de comezo dos lumes do período 2015-2024 e a súa representación gráfica na que se pode observar perfectamente o paulatino incremento da actividade incendiaria dende practicamente as 10 horas ata as 17 horas, momento no que se produce o pico máximo de comezo de lumes (1.471), bastante máis baixo que a media dispoñible para o período calculado dous anos atrás (2013-2022), cun total de 1.661 lumes. Tendo en conta os acumulados, compre destacar que no período



do día que transcorre entre as 14:00h e as 21:59h dáse comezo ao 57,6 % de todos os lumes rexistrados (9.896), porcentaxe que non varía moito respecto dos períodos inmediatamente anteriores.

ZONA	FRANXA HORARIA DO DÍA																							
	0:00 h	1 h	2 h	3 h	4 h	5 h	6 h	7 h	8 h	9 h	10 h	11 h	12 h	13 h	14 h	15 h	16 h	17 h	18 h	19 h	20 h	21 h	22 h	23:00 h
A CORUÑA	169	141	86	53	45	57	60	46	54	48	66	93	138	197	258	281	326	342	282	234	224	194	220	192
LUGO	124	71	58	37	33	22	37	62	49	50	37	83	103	176	180	205	239	225	214	188	163	159	149	130
OURENSE	244	175	126	90	45	34	47	77	71	70	77	143	212	352	416	506	513	566	606	510	510	455	429	344
PONTEVEDRA	209	165	119	84	65	71	75	65	57	44	66	103	108	160	210	282	298	338	273	247	227	225	245	218
GALICIA	746	552	389	264	188	184	219	250	231	212	246	422	561	885	1.064	1.274	1.376	1.471	1.375	1.179	1.124	1.033	1.043	884

Táboa 17: rexistro da franxa horaria na que aconteceron os lumes declarados no período 2015-2024.



Gráfico 27: representación da variación da distribución horaria do comezo dos lumes no período 2015-2024.

3.7. Épocas de perigo

O artigo 9 da Lei 3/2007 establece que a consellería con competencias en materia forestal definirá épocas de perigo alto, medio e baixo, que condicionarán a intensidade das medidas que se vaian a adoptar para a defensa do territorio de Galicia, e que establecerá as datas correspondentes á época de perigo alto.

O resultado da análise espazo-temporal mencionada en apartados anteriores, pon de manifesto a existencia de dous períodos de alta actividade incendiaria claramente diferenciados:



- **1 fixo** na época estival que se corresponde normalmente cos meses de xullo, agosto e setembro aínda que, tendo en conta os datos e a evolución dos últimos anos, compre destacar a relevancia do mes de outubro.
- **1 variable** entre os meses de marzo e abril, sen esquecer febreiro e outubro.

En función do anterior establécense as distintas **épocas de perigo**:

➤ **Época de Perigo Alto:**

Na que o despregue dos medios de extinción e alerta deberán ser os máximos, en función da avaliación do risco e a vulnerabilidade. A previsión actual do Pladiga comprende con carácter xeral os meses de xullo, agosto e setembro, máis un período adicional de aproximadamente un mes, no que se pode contemplar outubro como se indicou anteriormente, en función das condicións meteorolóxicas e de risco.

➤ **Época de Perigo Medio:**

Na que os medios de detección e extinción permanecerán en alerta cun despregue reducido. Aplicaranse medidas restritivas para o uso do lume en terreos forestais ou agrícolas.

A época de perigo medio comprende, con carácter xeral, os meses de febreiro, marzo, abril, maio, xuño e outubro, se ben calquera destes meses pode pasar a formar parte doutra época de perigo distinta cando as circunstancias así o requiran.

➤ **Época de Perigo Baixo:**

Aquela na que non é preciso adoptar precaucións especiais e o despregue de medios será o adecuado ao nivel de risco previsto nas diferentes zonas.

Con carácter xeral comprende os meses de xaneiro, novembro e decembro. Ao igual que no caso anterior, calquera destes meses pode pasar a formar parte doutra época de perigo distinta á fixada cando as circunstancias así o requiran.



3.8. Índice de Risco Diario de Incendio forestal (IRDI)

O **Índice de Risco Diario de Incendio forestal** baséase no sistema canadense FWI (Fire Weather Index). Este índice ofrece unha aproximación á intensidade do lume que pode producir un incendio. Canto maior sexa o índice, maior intensidade e, polo tanto, máis difícil de extinguir.

Para o establecemento do índice de risco diario de incendio tense en conta a análise dos diversos factores que inflúen no comportamento do lume, tales como:

- Condicións de seca dos últimos meses: estado de turxencia das matogueiras.
- Condicións de seca das últimas semanas e días: estado do pasto e combustibles mortos medios e grosos.
- Condicións actuais de humidade e temperatura: estado dos combustibles mortos finos.
- Condicións actuais de vento: efecto da propagación do vento.

As variables meteorolóxicas necesarias para o seu cálculo son:

- Temperatura do aire seco.
- Humidade relativa do aire.
- Velocidade do vento.
- Precipitación acumulada nas últimas 24 horas.

A temperatura, humidade relativa e a velocidade do vento tómanse ás 12 UTC do modelo numérico WRF, cunha resolución espacial de 1 km que proporciona MeteoGalicia. A chuvia acumulada obtense combinando os datos proporcionados pola rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia xunto cos datos do radar situado no monte Xesteiras (Cuntis). Mediante un proceso de interpolación espacial, obtéñense os mapas destas variables a unha resolución de 200 m, que é a resolución final do índice de risco de incendio forestal.

A información pública sobre o IRDI actualízase diariamente, cunha predición a tres días, establecendo o mesmo nivel de risco en todo o concello, facilitando e mellorando a toma de decisións a nivel municipal. Para determinar o risco por concello, calcúlase o percentil 50 a partir dos valores do mapa de risco en cada un dos 313 concellos de Galicia.



Co resultado obtido, establécese o nivel de risco: baixo, moderado, alto, moi alto ou extremo, de acordo coa seguinte escala:

Índice IRDI	Grao de perigo	FWI	Cor
1	Baixo	< 12	Azul
2	Moderado	[12-24)	Verde
3	Alto	[24-38)	Amarelo
4	Moi alto	[38-50)	Laranxa
5	Extremo	>= 50	Vermello

Táboa 18: clasificación do Índice de Risco Diario de Incendio forestal (IRDI).

Xunto con outra serie de parámetros, o IRDI emprégase para a planificación do SPIF. É de acceso público e pode ser consultado na páxina web da Xunta de Galicia, no enderezo <https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/defensa-monte/irdi>, así como nas oficinas provinciais e de distrito do SPIF.




Gráfico 28: representación do IRDI diario por concellos.



4. Estrutura organizativa

4.1. Estrutura xerárquica

- Dirección Xeral de Defensa do Monte.
- Subdirección Xeral de Prevención e Subdirección Xeral de Extinción.
- Servizo de Actuacións Preventivas, Servizo de Programación, Servizo de Coordinación de Medios, Servizo de Xestión de Fondos e Servizo de Xestión Económica e Coordinación Administrativa.
- Servizos Provinciais de Prevención de Incendios Forestais.
- Xefaturas de Distrito Forestal.

4.2. Unidades organizativas

- Dirección Xeral de Defensa do Monte.
- Subdirección Xeral de Extinción.
 - Servizo de Programación.
 - Servizo de Coordinación de Medios.
 - Centro de Coordinación Central.
- Subdirección Xeral de Prevención.
 - Servizo de Actuacións Preventivas.
 - Servizo de Xestión de Fondos.
- Servizo de Xestión Económica e Coordinación Administrativa.
- Servizo Provincial de Prevención de Incendios Forestais da Coruña:
 - Centro de Coordinación Provincial.
 - Centro de Coordinación de Distrito Forestal I. Ferrol.



- Centro de Coordinación de Distrito Forestal II. Bergantiños - Mariñas Coruñesas.
- Centro de Coordinación de Distrito Forestal III. Santiago - Meseta Interior.
- Centro de Coordinación de Distrito Forestal IV. Barbanza.
- Centro de Coordinación de Distrito Forestal V. Fisterra.
- Servizo Provincial de Prevención de Incendios Forestais de Lugo:
 - Centro de Coordinación Provincial.
 - Centro de Coordinación de Distrito Forestal VI. A Mariña Lucense.
 - Centro de Coordinación de Distrito Forestal VII. A Fonsagrada - Os Ancares.
 - Centro de Coordinación de Distrito Forestal VIII. Terra de Lemos.
 - Centro de Coordinación de Distrito Forestal IX. Lugo - Sarria.
 - Centro de Coordinación de Distrito Forestal X. Terra Chá.
- Servizo Provincial de Prevención de Incendios Forestais de Ourense:
 - Centro de Coordinación Provincial.
 - Centro de Coordinación de Distrito Forestal XI. O Ribeiro - Arenteiro.
 - Centro de Coordinación de Distrito Forestal XII. Miño - Arnoia.
 - Centro de Coordinación de Distrito Forestal XIII. Valdeorras - Trives.
 - Centro de Coordinación de Distrito Forestal XIV. Verín - Viana.
 - Centro de Coordinación de Distrito Forestal XV. A Limia.



- Servizo Provincial de Prevención de Incendios Forestais de Pontevedra:
 - Centro de Coordinación Provincial.
 - Centro de Coordinación de Distrito Forestal XVI. Deza - Tabeirós.
 - Centro de Coordinación de Distrito Forestal XVII. O Condado - A Paradanta.
 - Centro de Coordinación de Distrito Forestal XVIII. Vigo - Baixo Miño.
 - Centro de Coordinación de Distrito Forestal XIX. Caldas - O Salnés.

4.3. Organigramas

A continuación preséntanse os organigramas que reflicten as unidades organizativas, a súa coordinación e os distintos niveis xerárquicos.

Os organigramas complétanse no apartado 5 cunha descrición dos distintos postos de traballo nos que se ten en conta o seguinte:

- Denominación do posto.
- Misión.
- Medios de que dispoñen.
- Coñecementos que se requiren.
- Relacións xerárquicas e funcionais.



4.3.1. Organigrama da Consellería do Medio Rural




Figura 3: organigrama da Consellería do Medio Rural.

4.3.2. Organigrama específico da Dirección Xeral de Defensa do Monte



Figura 4: organigrama da Dirección Xeral de Defensa do Monte.

Á Dirección Xeral de Defensa do Monte correspóndelle o exercicio das competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais e á vixilancia de incumprimentos (Decreto 223/2022, de 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural).



4.3.3. Organigrama específico da Subdirección Xeral de Prevención e da Subdirección Xeral de Extinción




Figura 5: organigrama da Subdirección Xeral de Prevención e da Subdirección Xeral de Extinción.

Os distritos forestais, en situación de xestión ordinaria, dependen funcionalmente dos Servizos Provinciais de Montes e dos de Prevención de Incendios Forestais. En situación de carga de traballo en extinción de incendios forestais dependen xerárquicamente dos Servizos Provinciais de Prevención de Incendios Forestais e estes da Subdirección Xeral de Extinción.



4.3.4. Organigrama de distribución dos equipos de garda nos Centros de Coordinación




Figura 6: organigrama de distribución dos equipos de garda nos centros de coordinación.



4.3.5. Organigrama xerárquico do persoal técnico dos equipos de garda en época de alto risco




Figura 7: organigrama xerárquico do persoal dos equipos de garda en época de alto risco nos centros de coordinación.



4.3.6. Organigrama operativo de despregue e solicitude de medios para lumes forestais




Figura 8: organigrama de despregue e solicitude de medios para lumes forestais.



5. Designación de funcións

5.1. Dirección Xeral de Defensa do Monte

Correspóndenlle as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais e á vixilancia de incumprimentos.

5.2. Subdirección Xeral de Prevención

Levará a termo as actuacións encamiñadas á protección e á defensa dos montes contra os incendios forestais, exercendo as funcións de apoio ás administracións locais en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, elaborando estudos e análises de causalidade e de planificación preventiva, protexendo os solos queimados, controlando as medidas normativas de carácter preventivo e a tramitación de expedientes sancionadores, e levando a cabo medidas de divulgación en materia de defensa contra os incendios forestais.

5.2.1. Servizo de Actuacións Preventivas

Exercerá as funcións de planificación preventiva e as accións subsidiarias e de elaboración dos informes sectoriais en materia urbanística e de planificación municipal. En particular encargarse entre outras das funcións relativas á elaboración, tramitación e seguimento dos plans anuais de actuación, ás infraestruturas preventivas lineais, ao Plan de queimas controladas, ás subvencións preventivas e ás accións subsidiarias propias.

5.2.2. Servizo de Xestión de Fondos

Exercerá a xestión de calquera instrumento xurídico relativo aos fondos asignados á prevención de incendios. En particular, quedan atribuídas a este servizo as funcións relativas á iniciativa cara á tramitación dos convenios que se vaian subscribir coas



administracións locais para o exercicio de actuacións relacionadas coa prevención de incendios forestais, así como a súa xestión.

5.3. Subdirección Xeral de Extinción

Exercerá as funcións encamiñadas á defensa dos montes contra os incendios forestais, así como a coordinación de medios na loita contra os incendios.

5.3.1. Servizo de Programación

Encargarase da adquisición e renovación de vehículos, o despregamento aéreo, o despregamento de maquinaria pesada, a rede de puntos de auga, a rede de vixilancia (postos e cámaras), a rede de comunicacións, a rede de puntos de encontro, a rede de bases aéreas e o rexistro de superficies queimadas.

5.3.2. Servizo de Coordinación de Medios

Encargarase da tramitación dos gastos de extinción, dos centros de coordinación, dos equipamentos de protección individual, das brigadas propias, da operativa das brigadas municipais, do Centro de Atención a Usuarios (CAU) de Incendios, da operativa de frota de camións de extinción propios, da operativa da frota de camións municipais, dos Grupos de Emerxencia Supramunicipal (GES), da coordinación da seguridade e saúde e da colaboración na formación do persoal.

5.3.3. Servizos Provinciais de Prevención de Incendios Forestais

Exercerán no respectivo ámbito territorial as funcións en materia de prevención e defensa do monte que correspondan á Dirección Xeral de Defensa do Monte.



5.4. Misións de cada categoría

5.4.1. Xefatura de distrito

O/A xefe/a de distrito supervisará, coordinará e dirixirá as operacións cando o considere necesario ou cando así o decida a superioridade, polo que deberá coñecer as continxencias do seu distrito.

As misións a desenvolver en materia de prevención e defensa contra incendios forestais no distrito son as seguintes:

- Será o/a máximo/a responsable da prevención e defensa contra incendios forestais no seu ámbito territorial.
- Dirixirá as accións no seu distrito tendentes a acadar os obxectivos marcados pola Xefatura Provincial de Prevención de Incendios Forestais.
- Impulsará e fomentará a colaboración das entidades locais do distrito.
- Manterá contactos con comunidades de montes veciñais en man común, asociacións gandeiras e agrarias, sociedades de caza e demais axentes sociais que existan no seu distrito.
- Dirixirá os plans de educación e de concienciación da poboación sobre o uso do lume e os efectos sobre o medio natural. Prestará especial atención á poboación escolar.
- Controlará que os permisos, licencias, quendas,... do persoal asignado ao seu distrito, sexa o axeitado en cada momento.
- Asegurarase que o persoal asignado coñeza e realice as funcións encomendadas.
- O/A xefe/a de distrito, nas épocas de perigo de incendios, será o/a xefe/a da garda do distrito.



- Poderá erixirse en Director/a Técnico/a de Extinción (DTE) dun incendio cando o estime oportuno ou ben cando se lle ordene pola superioridade.
- Supervisará o mantemento, execución e propostas de mellora do plan de prevención e defensa do seu distrito.
- Velará polo cumprimento da normativa sobre prevención de riscos laborais.
- Supervisará a actualización horaria no aplicativo Quendas do rexistro de entradas e saídas do persoal.
- Controlará o número de horas nocturnas realizadas polo persoal ao seu cargo.
- Supervisará a elaboración da cartografía dos incendios e a súa carga no aplicativo XeoCode.
- Supervisará a elaboración do Plan xeral de queimas controladas do distrito.

5.4.2. Técnico/a de distrito

As misións a desenvolver en materia de prevención e defensa contra incendios forestais dentro da demarcación ou territorio que se lle asigne polo/a xefe/a de distrito forestal son as seguintes:

- Levará a cabo todas aquelas tarefas que lle veñan asignadas polo Pladiga, xefe/a provincial e xefe/a de distrito forestal.
- Auxiliará en tódolos cometidos ao/á xefe/a de distrito forestal.
- Farase cargo de tódolos medios humanos e materiais postos a súa disposición.
- Apoia ao/á xefe/a de distrito no mantemento, execución e proposta de mellora do Plan de prevención e defensa do distrito forestal.
- Levará a cabo a inspección e control dos traballos realizados con medios propios, contratados ou con aqueles que son obxecto de convenio ou subvención.
- Executará os plans de educación ambiental e de concienciación á poboación.



- Dirixirá as accións para acadar os obxectivos marcados polo/a xefe/a de distrito, segundo a estratexia do SPIF.
- Impulsará e fomentará a colaboración coas entidades locais.
- Constituirase como DTE cando sexa designado polo CCD, de acordo cos protocolos establecidos.
- Manterá contactos con comunidades de montes veciñais en man común, asociacións gandeiras e agrarias, sociedades de caza e demais axentes sociais.
- Nas épocas de perigo de incendios actuará como técnico/a de garda dirixindo as accións de extinción no distrito, e informará ao/á xefe/a da garda das novidades que se produzan.
- Velará pola instrución do persoal do distrito.
- Velará polo cumprimento da normativa sobre prevención de riscos laborais.
- Supervisará, dentro da súa demarcación ou territorio que se lle asigne, a elaboración da cartografía dos incendios e a súa carga no aplicativo XeoCode.
- Planificará e elaborará o Plan de queimas controladas na súa demarcación forestal coordinando as mesmas e realizando a avaliación sobre os resultados obtidos (aplicación Queco).

5.4.3. Técnico/a superior e técnico/a de apoio do SPIF

Persoal que realiza as funcións inherentes da súa titulación, de dirección de traballos de prevención e extinción de incendios forestais, coordinando todos os medios humanos e materiais postos a súa disposición, segundo o seu posto de traballo no Centro de Coordinación Central (CCC), Centro de Coordinación Provincial (CCP) ou Centro de Coordinación do Distrito (CCD).



5.4.4. Técnico/a de brigada helitransportada do SPIF

Misións:

- Será o/a responsable da base e comunicará calquera novidade ou incidencia ao CCP.
- Farase cargo de tódolos medios humanos e materiais postos a súa disposición.
- Responsabilizarase de que o embarque, estiba do material e o desembarco se efectúe de acordo coas normas establecidas.
- Comprobará e comunicará diariamente a capacidade de carga do helibalde e as súas variacións.
- Solicitará ao/á comandante da aeronave información sobre se esta se atopa operativa para o servizo, así como sobre o remanente de combustible na base.
- Informará ao CCP, previa consulta ao/á comandante, sobre se a base se atopa operativa para o servizo.
- Cando a aeronave deba despegar para extinción daralle información da cuadrícula, folla, nome do punto máis próximo ao lume, punto de carga de auga máis próximo e, se é posible, coordenadas do punto central da cuadrícula.
- Notificará o despegue da aeronave ao CCP.
- Informará ao CCP da súa chegada ao lume e dunha primeira valoración, cunha estimación de superficie, da súa posible evolución, e dos medios necesarios para o seu control.
- Comprobará os tempos empregados na misión.
- Anotará tódalas novidades no libro diario da base.
- Remitirase en todo ao "Manual de Operacións Aéreas", en particular no que se refire ás obrigacións do representante da compañía operadora dos medios aéreos na base e das obrigacións do/a comandante da aeronave nela



despregada, facendo fincapé en que, salvo por razóns de tipo aeronáutico, non poderá retirarse a aeronave dun incendio sen a autorización do/da DTE.

- Constituirase en DTE cando actúe illadamente coa súa brigada e helicóptero ou cando así o determine o CCD.
- Velará pola instrución do persoal da base.
- Velará polo cumprimento da normativa sobre prevención de riscos laborais.
- Apoiará ao CCD ou ao CCP naquelas tarefas técnicas que lle sexan encomendadas.

5.4.5. Axente facultativo medioambiental e axente forestal

O conxunto de axentes, nas súas tres categorías, levarán a cabo as seguintes misións en materia de prevención e defensa contra incendios forestais:

- Auxiliará ao/á técnico/a de distrito nos traballos e actuación no territorio.
- Levará a cabo todas aquelas tarefas que lle veñan asignadas polo Pladiga, xefe/a provincial, xefe/a de distrito e técnico/a de distrito.
- Manterá contactos con comunidades de montes veciñais en man común, asociacións gandeiras e agrarias, sociedades de caza e demais axentes sociais.
- Instruirá ao persoal ao seu cargo nas técnicas de extinción e prevención.
- Velará polo estrito cumprimento da lexislación sectorial vixente, procedendo en caso de infracción a formular a correspondente denuncia.
- Levará o control dos traballos realizados con medios propios, contratados ou con aqueles que son obxecto de convenio ou subvención.
- Realizará un especial seguimento do aproveitamento de zonas queimadas, informando periodicamente dos usos que observe.
- Se erixirá en DTE dun incendio cando así o nomee o CCD.



- Será o/a responsable da correcta execución das tarefas asignadas polo/a DTE no saneamento e remate dos lumes. En caso de ser el/ela mesmo o/a DTE, ordenará esas tarefas e as supervisará.
- Será o/a responsable do persoal ao seu cargo, de acordo coas instrucións recibidas en cada momento.
- Observará e velará polo cumprimento das normas de seguridade e prevención de riscos laborais e aquelas outras que se especifican na lexislación vixente.
- Colaborará co/coa técnico/a de distrito, dentro da súa demarcación, territorio ou lume que se lle asigne, na elaboración (levantamento GPS) da cartografía dos incendios ocorridos.
- Propondrá, planificará, organizará e executará as queimas controladas na súa demarcación ou territorio asignado.
- Realizará labores de investigación de incendios forestais.
- Supervisará os puntos de encontro e os puntos de vixilancia que se lle asignen.

A este conxunto de misións que lle son comúns, incorpóranse as particulares para cada categoría:

5.4.5.1. Axente territorial

- Será o/a principal colaborador/a do/a técnico/a de distrito en asuntos de seguridade e prevención de riscos laborais.
- Impulsará e fomentará a colaboración coas entidades locais.
- Será o/a responsable da organización dos traballos das brigadas.
- Poderá organizar a distribución e recollida do material lixeiro de extinción e EPI do persoal das brigadas.
- Auxiliará nos cursos que organice o distrito forestal.
- Inspeccionará a instrución que impartan os axentes zonais e axentes.



- Auxiliará ao/á técnico/a de distrito, coordinando aos axentes da súa demarcación e velando pola correcta transmisión das ordes e instrucións recibidas.
- Constituirase en DTE nos lumes que se produzan no distrito forestal sempre que sexa posible, e naqueles nos que se lle ordene expresamente.

5.4.5.2. Axente zonal

- Será o/a principal colaborador/a do/a axente territorial en asuntos de seguridade e prevención de riscos laborais.
- Será o/a responsable da organización dos traballos das brigadas.
- Facilitará os trámites para a realización de queimas controladas.
- Dirixirá os traballos preventivos que se lle asignen.
- Participará na formación e adestramento dos equipos de combate contra os incendios forestais.
- Constituirase en DTE nos lumes que se produzan na súa zona ou distrito forestal (sempre que sexa posible) e naqueles nos que se lle ordene expresamente.

5.4.5.3. Axente

As mesmas misións particulares que para o/a axente zonal naquela parte do territorio que lle fora designado.

5.4.5.4. Axentes BIIF

Son axentes BIIF aqueles/as que, independentemente da súa categoría, sexan nomeados/as como integrantes das Brigadas de Investigación de Incendios Forestais. Os/As axentes BIIF, con dependencia funcional en materia de investigación de incendios forestais á UIFO, realizarán prioritariamente funcións específicas de investigación de incendios forestais, tal e como se especifica no apartado 7.4.5.



5.4.5.5. Axentes UIFO

Son axentes UIFO aqueles/as que, independentemente da súa categoría, con dependencia funcional e xerárquica do Director Xeral de Defensa do Monte, sexan nomeados/as como integrantes da Unidade de Investigación de Incendios Forestais. Os/As axentes UIFO realizarán exclusivamente funcións de investigación de incendios forestais, tal e como se especifica no apartado 7.4.6.

5.4.5.6. Axentes UDEX

Son axentes UDEX aqueles/as que, independentemente da súa categoría, con dependencia funcional e xerárquica do Director Xeral de Defensa do Monte, sexan nomeados/as como integrantes da Unidade de Directores de Extinción. Os/As axentes UDEX poderán asumir calquera das figuras establecidas no SEMOP, especialmente nos incendios de nivel B e C, e poderán realizar calquera función da súa escala que lles sexa encomendada en materia de formación, prevención e extinción de incendios forestais.

5.4.6. Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada do SPIF

Depende do centro de coordinación de distrito forestal (CCD), do/a xefe/a de distrito forestal, do/da técnico/a do distrito, do/da axente facultativo medioambiental, do/da axente forestal e do/da DTE no lume.

Misións:

En materia de prevención e defensa contra incendios forestais dentro do distrito forestal:

- Responsabilizarse dos medios materiais postos a súa disposición.
- Será o/a responsable do adecuado funcionamento do persoal ao seu cargo, de acordo coas instrucións recibidas en cada momento.
- Manterá unha lista do persoal e medios ao seu cargo.
- Impartirá a instrución e o adestramento ao persoal da súa brigada para a prevención e extinción.



- Dirixirá e participará nos labores de prevención e extinción e en todos aqueles traballos de prevención que lle sexan encomendados.
- Terá coñecemento e práctica das especialidades elementais (mochilas de extinción, retardantes, motoserra, rozadora,...).
- Utilizará a maquinaria e apeiros de manexo manual propio das tarefas encomendadas de defensa contra incendios.
- Será o/a responsable das comunicacións da súa brigada co operativo e coa organización da prevención e defensa contra incendios forestais. Empregará para iso os equipos de comunicación encomendados.
- Observará e velará polo cumprimento das normas de seguridade e prevención de riscos laborais do persoal ao seu cargo.
- Dirixirá o adestramento e instrución do binomio brigada-vehículo motobomba e instruirá aos bombeiros forestais nas especialidades elementais (mochilas, retardantes, motoserra, rozadora, tendido de mangueras, ...).
- Vixiará o mantemento do vehículo e asegurará o seu estado de operatividade (carburante, auga, no seu caso anticongelante, presión de pneumáticos, etc.) obrigando ao/á bombeiro/a forestal condutor/a a realizar a revisión diaria.
- Deberá conducir vehículos cando o demanden as necesidades do servizo.
- Deberá realizar un parte diario dos traballos realizados pola súa brigada.
- Deberá comunicar ao CCD, ao entrar de servizo, o número de compoñentes operativos da brigada nesa data.
- Verificará que a estiba do material de extinción no vehículo é axeitada, efectuando un reconto ao rematar cada extinción e solicitando á xefatura de distrito a reposición do deteriorado unha vez rematada a xornada.
- Constituirase en DTE cando actúe illadamente a brigada ou o binomio brigada-vehículo motobomba. No caso de que actúen conxuntamente varias brigadas,



o CCD nomeará ao/á bombeiro/a forestal xefe/a de brigada que se constituirá como DTE.

- Comunicará periodicamente ao DTE, e cando lle sexa solicitado, a situación do lume no seu ámbito de actuación, así como o desenvolvemento dos traballos encomendados.
- No caso de que a brigada sexa o primeiro medio operativo en achegarse a un novo lume, comunicará coa maior brevidade posible ao distrito forestal ou mando intermedio correspondente, unha análise de situación do lume.
- Vixiará o estado físico e anímico do persoal ao seu cargo.
- Deberá saber ler o plano e localizar o punto de actuación.
- Facilitará mensualmente á xefatura de distrito ou ao CCD, a relación de todas as intervencións levadas a cabo.
- Todas aquelas relacionadas coa prevención, detección e extinción de incendios forestais.
- Realizará os labores silvícolas e medio ambientais encomendados.
- Será o/a responsable da correcta execución das tarefas asignadas polo/a DTE no saneamento e remate dos lumes por parte da súa brigada.
- Será o/a responsable do mantemento do punto de encontro que lle sexa asignado, no seu caso.
- Participará na execución de queimas controladas.
- De ser o caso, aquelas outras tarefas que se van desenvolver tanto no ámbito da extinción como no da prevención segundo as necesidades que en cada momento sexan prioritarias e recollidas na Resolución do 20 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG núm. 213 do 3 de novembro de 2008).



5.4.7. Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada helitransportada do SPIF

Misións:

As mesmas que o/a xefe/a de brigada do SPIF, e ademais:

- En ausencia do/da técnico/a de brigada helitransportada, responsabilizarse de que o embarque, estiba do material e o desembarco se efectúe de acordo coas normas establecidas.
- Constituirase en DTE cando actúe illadamente coa súa brigada e helicóptero e en ausencia do/da técnico/a de brigada helitransportada, ou cando así o determine o CCD.

5.4.8. Bombeiro/a forestal condutor/a do SPIF

Misións:

En materia de prevención e defensa contra incendios forestais dentro do distrito forestal:

- Coñecemento básico da loita contra incendios forestais.
- Coñecemento xeral dos medios que usa a brigada.
- Coñecemento e práctica das especialidades elementais (mochilas de extinción, retardantes, motoserra, rozadora, tendido de mangueras ...).
- Utilizará a maquinaria e apeiros de manexo manual propio das tarefas encomendadas de defensa contra incendios.
- En todo caso obedecerá as ordes do/da xefe/a de brigada.
- Ocuparase de levar a cabo as obras de construción, mellora e mantemento de infraestruturas da defensa contra incendios.
- Conducirá os vehículos dedicados ao transporte das brigadas e materiais do servizo.



- Dirixirá e participará no tendido de manguera na ausencia do/da xefe/a de brigada.
- Manexará os equipos de comunicación.
- Utilizará a maquinaria e apeiros de manexo manual propio das tarefas encomendadas de defensa contra incendios.
- Participará na execución de queimas controladas.
- Observará e cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos laborais.
- Substituirá ao/á xefe/a de brigada en caso de ausencia.
- De ser o caso, aqueloutras tarefas que se van desenvolver tanto no ámbito da extinción como no da prevención segundo as necesidades que en cada momento sexan prioritarias e recollidas na Resolución do 20 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG núm. 213 do 3 de novembro de 2008).

5.4.9. Bombeiro/a forestal condutor/a de brigada helitransportada do SPIF

Misións:

As mesmas que o/a bombeiro forestal condutor/a do SPIF.

5.4.10. Bombeiro/a forestal do SPIF

Misións:

En materia de prevención e defensa contra incendios forestais dentro do distrito forestal:

- Coñecemento básico da loita contra incendios forestais.
- Coñecemento xeral dos medios que usa a brigada.



- Coñecemento e práctica das especialidades elementais (mochilas de extinción, retardantes, motoserra, rozadora, tendido de mangueras, ...).
- Ocuparase de levar a cabo as obras de construción, mellora e mantemento de infraestruturas da defensa contra incendios.
- Realizará as tarefas de mantemento do punto de encontro que lle sexan encomendadas.
- Segundo as necesidades do servizo, en ausencia do/da bombeiro/a forestal condutor/a e o/a xefe/a de brigada e con autorización do SPIF, poderá conducir os vehículos dedicados ao transporte das brigadas e materiais do servizo.
- Utilizará a maquinaria e apeiros de manexo manual propio das tarefas encomendadas de defensa contra incendios.
- Auxiliará ao/á condutor/a de motobomba se fora necesario.
- En todo caso obedecerá as ordes do/da xefe/a de brigada e da superioridade competente.
- Observará e cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos laborais.
- Participará na execución de queimas controladas.
- De ser o caso, aqueloutras tarefas que se van desenvolver tanto no ámbito da extinción como no da prevención segundo as necesidades que en cada momento sexan prioritarias e recollidas na Resolución do 20 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG núm. 213 do 3 de novembro de 2008).

5.4.11. Bombeiro/a forestal de brigada helitransportada do SPIF

Misións:

As mesmas que o/a bombeiro/a forestal do SPIF.



5.4.12. Bombeiro/a forestal condutor/a de motobomba do SPIF

Misións:

En materia de prevención e defensa contra incendios forestais dentro do distrito forestal:

- Terá coñecemento básico da loita contra incendios forestais e xeral dos medios que se empregan na mesma.
- Terá coñecemento completo dos vehículos motobomba e do tractor e en xeral dos tipos de vehículos motobombas e de bombas, polo menos, das do seu distrito.
- Terá práctica no manexo do vehículo motobomba.
- Terá práctica no manexo do tractor, rozadora e folla.
- Terá coñecemento e práctica do tendido de manguera e participará na recollida dos primeiros tramos do tendido.
- Será responsable da operatividade dos vehículos que lle sexan asignados.
- Será responsable do equipamento do que dispón o vehículo (lanzas, mangueras, etc.).
- Coñecerá o manexo dos equipos de comunicación.
- Realizará as tarefas de mantemento do punto de encontro que lle sexan encomendadas.
- Coñecerá os sinais manuais para vehículos motobomba.
- Coñecerá e cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos laborais, en especial as referentes ao vehículo motobomba e uso do tractor.
- Terá coñecemento de lectura de plano e localización de puntos no mesmo.
- Facilitará mensualmente ao centro de coordinación de distrito forestal a relación das intervencións levadas a cabo.



- Poderá participar na construción da liña de defensa segundo as directrices do/a DTE.
- Terá coñecemento do manexo de aditivos e dosificación dos mesmos.
- Terá sempre preparado o vehículo, recargado de auga e combustible.
- Coñecerá a localización dos puntos de auga do distrito e controlará o estado dos puntos de auga da súa demarcación.
- Poderá levar a cabo as obras de construción, mellora e mantemento de infraestruturas vinculadas á defensa contra incendios, manexando a tal fin a maquinaria que demanden as referidas tarefas.
- Participará na execución de queimas controladas.
- De ser o caso, aqueloutras tarefas que se van desenvolver tanto no ámbito da extinción como no da prevención segundo as necesidades que en cada momento sexan prioritarias e recollidas na Resolución do 20 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG núm. 213 do 3 de novembro de 2008).

5.4.13. Oficial/a 2ª mecánico de maquinaria do SPIF

Misións:

En materia de prevención e defensa contra incendios forestais dentro do distrito forestal:

- En cada caso conducirá o vehículo que lle asigne o/a xefe/a de distrito forestal.
- Terá coñecemento básico de loita contra incendios forestais e xeral dos medios que se empregan na mesma.
- Será o/a encargado/a do mantemento do parque do distrito.
- Será o/a encargado/a do almacén de material e vestiario.



- Levará o control do material de comunicacións se así se lle asigna.

5.4.14. Bombeiro/a forestal oficial/a de defensa contra incendios forestais

Persoal que tendo coñecementos completos das funcións que ten que desenvolver, realiza traballos e obras de prevención e extinción de incendios forestais baixo a supervisión do seu superior, colaborando na transmisións de ordes, e responsabilizase dos medios postos a súa disposición. Conducirá vehículos cando o demanden as necesidades do servizo.

Misións:

En materia de incendios forestais dentro do distrito forestal:

- Substituirá ao/á xefe/a de brigada en caso de ausencia.

5.4.15. Vixilante/a fixo/a do SPIF

Misións:

En materia de incendios forestais dentro do distrito forestal:

- Observará o campo para localización de posibles focos de lume, situaraos e transmitiraos ao CCD ou, no seu defecto, ao CCP.
- Manexará e observará as imaxes das cámaras de vixilancia para localizar posibles focos de lume.
- Terá coñecemento dos equipos de comunicación e do seu manexo, de acordo coas normas establecidas para a transmisión.
- Colaborará na transmisión de mensaxes.
- Informará ao CCP ou CCD de calquera incidencia que puidera ocorrer no seu entorno.



- Segundo as situacións de risco, poderá ser destinado/a a realizar outras funcións administrativas vinculadas á prevención e defensa contra incendios forestais.
- Será responsable, na súa quenda de traballo, do mantemento e adecuado funcionamento do punto de vixilancia.
- Observará e cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos laborais.
- De ser o caso, aqueloutras tarefas que se van desenvolver tanto no ámbito da extinción como no da prevención segundo as necesidades que en cada momento sexan prioritarias e recollidas na Resolución do 20 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG. núm. 213 do 3 de novembro de 2008).

5.4.16. Vixilante/a móbil do SPIF

Misións:

- Vixiará a zona de acción encomendada, realizando a vixilancia disuasoria ou encuberta en cada caso.
- Observará e cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos laborais.
- Comunicará ao CCD os lumes que se detecten, valorando a súa importancia, e iniciará as tarefas propias da extinción.
- Ocuparase de levar a cabo as obras de construción, mellora e mantemento de infraestruturas da defensa contra incendios.
- Participará nos labores de extinción dos lumes detectados, comunicando da incidencia e situación do lume ao CCD. En caso necesario, integrarase como un recurso máis no operativo as ordes do/da DTE.
- Utilizará a maquinaria e apeiros de manexo manual propio das tarefas encomendadas de prevención e defensa contra incendios.



- Durante a época de perigo alto, ao detectar queimas, tomará nota do nome da persoa, lugar, hora para que con estes datos se efectúe a correspondente denuncia.
- Manexará os medios de comunicación, saberá ler o plano e localizar o punto de lume polas súas coordenadas.
- Conducirá os vehículos dedicados a vixilancia móbil e realizará a súa revisión diaria.
- De ser o caso, aqueloutras tarefas que se van desenvolver tanto no ámbito da extinción como no da prevención, segundo as necesidades que en cada momento sexan prioritarias e recollidas na Resolución do 20 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG núm. 213 do 3 de novembro de 2008).

5.4.17. Emisorista do SPIF

Misións:

En materia de incendios forestais:

- Efectuará e recibirá as transmisións correspondentes.
- Rexistrará as alarmas e as incidencias recibidas e emitidas.
- Transmitirá as ordes que reciba.
- Trasladará e desenvolverá as instrucións e ordes tendentes á execución dos procedementos operativos do SPIF.
- Comunicará aos responsables da coordinación de medios a información de importancia de cara ao operativo do ámbito territorial ao que corresponda.
- Terá coñecemento da rede de transmisións.



- Terá coñecemento da emisora e o seu manexo. Deberá ter coñecemento do manexo básico do ordenador para substituír ao/á operador/a en caso de necesidade.
- Segundo as situacións de risco, poderá ser destinado/a a realizar outras funcións administrativas vinculadas á defensa contra incendios forestais.
- Introducirá os datos precisos para manter actualizado o rexistro de entradas e saídas do persoal do aplicativo Quendas.
- Manexará e observará as imaxes das cámaras de vixilancia para localizar posibles focos de lume.
- De ser o caso, aqueloutras tarefas que se van desenvolver tanto no ámbito da extinción como no da prevención segundo as necesidades que en cada momento sexan prioritarias e recollidas na Resolución do 20 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG núm. 213 do 3 de novembro de 2008).

5.4.18. Operador/a-codificador/a do SPIF

Misións:

En materia de incendios forestais:

- Manterá actualizados os datos sobre:
 - Persoal.
 - Medios.
 - Incidencias e resultados dos lumes.
- Manexará os medios materiais das oficinas do SPIF para o tratamento da información, interpretando e desenvolvendo as instrucións e ordes tendentes á execución dos sistemas operativos do Servizo.



- Cando as circunstancias o requiran poderán efectuar e recibir transmisións, rexistrar as alarmas e incidencias recibidas e emitidas, e transmitir as ordes correspondentes.
- Cando as circunstancias o requiran, poderá ser dedicado/a a outras funcións administrativas vinculadas á prevención e defensa contra incendios forestais.
- De ser o caso, aquelas outras tarefas que se van desenvolver tanto no ámbito da extinción como no da prevención segundo as necesidades que en cada momento sexan prioritarias e recollidas na Resolución do 20 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG núm. 213 do 3 de novembro de 2008).

5.5. Segunda actividade do persoal laboral do SPIF que desempeña funcións de extinción de incendios

O paso á segunda actividade será voluntario e poderá ser solicitado logo de cumprir os 60 anos. A segunda actividade consistirá na adscrición a un posto vacante dos que a Consellería do Medio Rural destine para tal fin. No caso de non ofertarse ningún posto no ámbito de adscrición do solicitante, de non se lle adxudicar por non haber suficientes postos para todos os solicitantes, consistirá na realización de tarefas preventivas ou de apoio loxístico ao SPIF. En ningún dos dous casos a adscrición comportará unha vinculación directa aos labores de extinción de incendios. O persoal que realice tarefas preventivas e de apoio loxístico realizará, en baixo risco, un horario de luns a venres en quenda de mañá e, en alto risco, de luns a domingo en horario de mañá e tarde.



6. Plan de prevención

6.1. Introducción

A prevención é un pilar fundamental na loita contra os incendios forestais en Galicia, que se desenvolve a través dunha serie de accións destinadas a reducir o número de ocorrencias de lume, a impedir a propagación dos incendios no caso de producirse, e a proporcionar aos medios de extinción zonas axeitadas para poder combatelos en condicións de seguridade. Estas accións deben ser planificadas cada ano estratéxicamente, resultando fundamental a coordinación dos diversos actores que interveñen nas mesmas, para que resulten viables, eficaces e poidan xestionarse adecuadamente.





Este plan de prevención integra o conxunto de intervencións a desenvolver en 2025 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Algunhas destas actuacións teñen unha duración anual ou bianual e outras forman parte de estratexias a máis longo prazo ás cales lle dan continuidade. A planificación abrangue tanto aquelas medidas para a concienciación e información da poboación, como as destinadas a limitar o uso do lume en función do risco de incendio. Pero tamén forman parte da mesma, o desenvolvemento das figuras creadas pola lei de recuperación da terra agraria para corrir problemas estruturais do territorio, ou as definidas na Lei 3/2007, de incendios de Galicia, para facer fronte a situacións de maior risco que puideran producirse como consecuencia dos cambios medioambientais e a desaparición dos usos tradicionais nas zonas rurais. A todas estas, hai que sumar aquelas accións sobre a vexetación na busca dun territorio resiliente ante o risco de incendio forestal, nas que se actúa con medios manuais ou mecanizados directamente sobre a biomasa nos montes ou na interface urbano-forestal, co fin de crear discontinuidades que permitan interromper a propagación do lume, diminuír a carga de combustible e así, suavizar a virulencia dos incendios, crear zonas seguras para os medios de extinción e potenciais zonas de ancoraxe desde as que planificar estratexias de ataque. Así mesmo, forma parte deste grupo de actuacións, todas aquelas que melloren a rede de pistas forestais de acceso aos montes e de puntos de auga para a carga de medios terrestre e aéreos.

A planificación preventiva enténdese como unha planificación dinámica que debe partir do coñecemento do risco de incendio forestal en cada zona, obtido a partir de datos meteorolóxicos e topográficos, mapas de combustibles, estudo do comportamento dos incendios pasados, así como do análise das causas e motivacións dos mesmos. Así, as propostas de actuación que se realizan a nivel de distrito forestal, servizos provinciais ou centrais, parten do coñecemento técnico e a avaliación da numerosa información que existe, froito da experiencia de moitos anos, tanto na execución de traballos preventivos como na extinción de incendios forestais ou na análise e investigación dos mesmos, o cal permite coñecer o comportamento dos grandes incendios forestais, a súa recorrencia, así como os lugares estratéxicos para deseñar a infraestrutura preventiva e as rutas de acceso aos montes.



As competencias das diferentes administracións en materia de loita contra os incendios forestais condicionan de forma importante a planificación preventiva. É fundamental lograr a cooperación dos diversos organismos co fin de unificar esforzos e obter resultados efectivos. Ademais, compre ser conscientes de que as actuacións de unhas administracións ou organismos van a estar condicionadas polo ditame ou autorización doutras polo que, camiñar da man, permite maior eficiencia no desenvolvemento das actuacións.



Brigadas do distrito forestal VI aplicando lume prescrito

Outra peculiaridade deste plan é a de empregar instrumentos moi diversos para acadar os obxectivos. Desta maneira, a Consellería do Medio Rural non se limita a executar as medidas con medios propios do Servizo de Prevención de Incendios Forestais senón que emprega medios doutras administracións e os apoia mediante a sinatura de convenios, fai partícipe nos mesmos a empresas públicas como Seaga (Servizos Agrarios de Galicia), leva a cabo contratos con empresas privadas cando non dispón de medios suficientes para poder executar as obras preventivas que aproba, participa en proxectos europeos, en programas educativos, ofrece liñas de axudas, etc.



6.2. Obxectivos xerais

O principal obxectivo deste plan é evitar que os lumes se inicien e minimizar os seus efectos no caso de producirse. De acordo con esta meta que se pretende acadar, establécense os seguintes obxectivos xerais:

- Reducir o número de ocorrencias e a superficie queimada, así como limitar a potencialidade dos grandes incendios forestais (GIF).
- Xestionar a biomasa forestal en zonas estratéxicas mediante técnicas silvícolas axeitadas, co fin principal de reducir a perigosidade e o risco de incendio forestal.
- Deseñar unha rede de infraestruturas preventivas correctamente dimensionada e mantela en bo estado de conservación.
- Procurar a diversidade de usos do territorio de forma que se creen discontinuidades nas masas forestais que permitan reducir a intensidade dos incendios.
- Concienciar á poboación sobre o risco que supoñen os incendios forestais e os seus impactos negativos, incidindo sobre todo na poboación rural e tamén na comunidade educativa.
- Regular o uso do lume pola poboación en función do risco esperado e manter informada á cidadanía.
- Analizar a normativa de prevención de incendios existente e, de ser o caso, propoñer modificacións, así como difundila.
- Colaborar coas administracións e organismos implicados na prevención de incendios, coordinando as actuacións para lograr unha maior efectividade das medidas.



A partir destes obxectivos xerais, concrétanse os seguintes obxectivos específicos para o ano 2025:

- Vixiar e inspeccionar o cumprimento das obrigas de xestión de biomasa nas redes de faixas primarias que discorren ao longo da rede de infraestruturas como estradas, liñas eléctricas, etc., dando continuidade este ano ao plan iniciado en 2023 de revisión da infraestrutura asociada ás instalacións para a produción de enerxía eólica.
- Seguir desenvolvendo o Sistema público de xestión da biomasa na rede de faixas secundarias a través de sinatura dun novo convenio entre a Xunta, a Fegamp e Seaga, que dea continuidade ao que venceu no ano 2024 para, desta forma, reforzar a protección da interface urbano-forestal.
- Colaborar, a través do convenio entre a Xunta, a Fegamp e Seaga, na revisión dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais



pendentes de aprobación, así como na modificación e actualización dos xa aprobados.

- Actuar, a través de obras preventivas en montes de xestión pública, pero tamén en montes particulares postos a disposición da Administración, no mantemento da rede de faixas terciarias mediante a mellora de cortalumes, a creación de áreas cortalumes e faixas auxiliares de pistas forestais e tratamentos silvícolas que permitan crear discontinuidades horizontais e verticais na vexetación.
- Fomentar a silvicultura preventiva nos montes veciñais en man común e nos montes das agrupacións forestais de xestión conxunta a través das axudas que se aproben para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios forestais.
- Fomentar actuacións silvopastorais e plans de pastos, co fin de acadar unha paisaxe en mosaico máis resiliente ante os grandes incendios forestais.
- Desenvolver un plan de queimas prescritas desde a Dirección Xeral de Defensa do Monte co fin de reducir a biomasa en lugares estratéxicos.
- Avanzar no desenvolvemento dunha ferramenta que permita coñecer o risco de incendios para determinar as áreas estratéxicas nas que deseñar estratexias preventivas que contribúan a diminuír o número de lumes e superficies queimadas, traballando este ano nos territorios de Pontevedra e Ourense a través do proxecto USE4FOREST do programa europeo Interreg-Sudoe.
- Implementar e/ou mellorar aplicacións informáticas que permitan xestionar con maior eficacia a contratación de obras preventivas, convenios e axudas.
- Elaborar os plans preventivos dos seis parques naturais de Galicia, como áreas de actuación singularizada nas que a xestión de biomasa e a creación de infraestruturas preventivas requiren dun enfoque especial, dada a necesidade de compatibilizar a protección do patrimonio natural coa prevención de incendios.



- Manter e actualizar o visor da rede secundaria de faixas de xestión de biomasa, renovando en 2025 a capa de parcelas catastrais e reforzando a implicación da consellería para acadar o cumprimento das obrigas de xestión de biomasa nestas faixas por parte das persoas responsables da mesma.
- Poñer a disposición do usuario o visor de faixas, que permita á cidadanía consultar as propiedades particulares que poidan estar incluídas na rede secundaria de faixas, e identificar as obrigas de xestión de biomasa en cada parcela.
- Desenvolver convenios para a constitución de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais en mancomunidades de concellos durante un período de seis meses ao ano, continuando así co plan específico establecido no Plan de prevención do ano 2024 e desenvolvendo as actuacións establecidas nos protocolos de colaboración asinados coas deputacións provinciais de Ourense e Pontevedra.

6.3. Sensibilización e concienciación para a prevención de incendios forestais

6.3.1. Programa de sensibilización en centros educativos

Dando continuidade ao programa de divulgación en centros educativos, durante o ano 2025 prevese impartir un mínimo de 300 charlas dirixidas especialmente aos escolares das contornas rurais. As ditas charlas serán impartidas por persoal dos distritos forestais, servizos provinciais ou centrais. Nelas, a través de diferentes didácticas, os/as axentes forestais e técnicos/as dos Distritos Forestais, farán unha labor de concienciación dirixida á poboación infantil e xuvenil, facendo divulgación da cultura forestal, do risco que supoñen os incendios forestais e as perdas económicas, ecolóxicas ou culturais que carrexan, fomentando a toma de conciencia desde os primeiros anos dos futuros habitantes do rural galego da importancia de conservar os nosos bosques.



Como novidade en 2025, este programa conta con novo material divulgativo coa publicación “*Os Bolechas. Os incendios forestais*”. Trátase dunha colección de tres libros: o libro ou guía, o caderno de actividades e a unidade didáctica. Neles explícanse de xeito ameno os incendios forestais e o seu impacto e descríbese o dispositivo de defensa contra os incendios forestais da Comunidade Autónoma de Galicia. A tirada inicial é de 3.500 exemplares do libro, 10.000 exemplares do caderno de actividades e outros 10.000 exemplares da unidade didáctica. Nunha segunda fase, elaboraranse xogos interactivos de preguntas e respostas para os rapaces e rapazas.

Tamén en 2025, a Dirección Xeral de Defensa do Monte continuará participando no Plan Proxecta+ da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, dentro do programa “O monte vivo”, mediante o cal varios grupos de estudantes de educación primaria e educación

secundaria obrigatoria de 11 centros educativos galegos, 10 dos cales se sitúan en concellos declarados zonas de alto risco de incendio, participarán en diversas actividades dirixidas a protexer o medio natural fronte aos incendios forestais, co obxectivo de incrementar a concienciación.

O obxectivo do programa é fomentar a participación activa e responsable dos escolares na protección do medio natural fronte aos incendios forestais, permitindo que tomen conciencia dos valores dos bosques, o seu uso sostible e a contribución á protección da biodiversidade.



O programa centrarase en incrementar a concienciación sobre os incendios forestais e a súa influencia sobre o equilibrio ecolóxico, as perdas que supón en canto á diminución da biodiversidade, da capacidade produtiva do monte e da calidade das augas, de ocio, etc.



Persoal do distrito forestal I nunha actividade de sensibilización e concienciación en colexios



6.3.2. Programa de formación para a poboación rural

Este programa forma parte do plan de formación do Pladiga e cumpre cos obxectivos do plan de prevención, xa que busca a concienciación da veciñanza con vinculación ao rural para que colaboren coas accións de prevención que prevén os plans de defensa a todos os niveis e co cumprimento da normativa en materia de prevención de incendios. Despois das edicións realizadas en parroquias de alta actividade incendiaria desde o ano 2022, no presente ano prevese a realización de 35, continuando así coa divulgación en materia de prevención e defensa contra incendios forestais e autoprotección.



Visita do alumnado da USC ao distrito forestal X para coñecer a infraestrutura preventiva

6.3.3. Campañas de difusión nos medios de comunicación

A Consellería do Medio Rural ten licitado un contrato administrativo para o desenvolvemento dunha campaña de publicidade durante os anos 2025 e 2026, para a promoción da prevención, concienciación e sensibilización social contra os incendios forestais, cun orzamento total de licitación para os dous anos de 1.300.000,00€ (650.000,00 € por anualidade).



6.4. Regulación de usos e actividades

6.4.1. Sistema de alerta preventiva

Como ferramenta de planificación preventiva emprégase o índice de risco diario (IRDI) que axuda a concretar cada día o risco de ocorrencia dun incendio forestal, determinar as zonas de perigo, tomar decisións sobre o grao de alerta dos medios e a posibilidade ou non de empregar o lume.

Este sistema de alerta preventiva permite establecer un prognóstico do IRDI a oito días. Con este horizonte de predición pódense anticipar as medidas preventivas e situar os medios coa antelación suficiente. Cada gradación do IRDI impón un conxunto de condicións que permanecerán activas mentres persista ese nivel de risco.

De acordo coa Lei 3/2007, en función da época de perigo e do IRDI, limitaranse unha serie de actividades tal e como se recolle nos seguintes cadros.

Estas limitacións aplicaranse no interior das superficies dos terreos forestais incluídos nas ZAR, das áreas forestais ou naturais xestionadas pola Xunta de Galicia sinalizadas a tal fin e nas áreas nas que se sinalice esta limitación.

Época de perigo ALTO

IRDI MOI ALTO OU EXTREMO
No interior das superficies referidas e nos camiños forestais, rurais e outras vías que as atravesan, non estará permitido: <ul style="list-style-type: none">- Acceder- Circular- Permanecer
IRDI ALTO
No interior das superficies referidas, non está permitido: <ul style="list-style-type: none">- Proceder á execución de traballos que supoñan a utilización de maquinaria sen estar provistos de equipamento para a extinción de incendios e a correspondente autorización.- Desenvolver calquera acción non relacionada coas actividades forestal e agrícola.



- Circular con vehículos motorizados nos camiños forestais, rurais e outras vías que as atravesan.

Todas as persoas que circulen polo interior das superficies referidas e polos camiños forestais, rurais e outras vías que as atravesan ou delimitan están obrigadas a identificarse perante as autoridades competentes.

IRDI MODERADO

Todas as persoas que circulen polo interior das superficies referidas e tamén polos camiños forestais, rurais e outras vías que as atravesan ou delimitan, están obrigadas a identificarse perante as autoridades competentes.

Fóra da época de perigo ALTO

IRDI MOI ALTO OU EXTREMO

No interior das superficies referidas, así como nos camiños forestais, rurais e outras vías que as atravesan, non estará permitido:

- Acceder
- Circular
- Permanecer

IRDI ALTO

Todas as persoas que circulen polo interior das superficies referidas e tamén polos camiños forestais, rurais e outras vías que as atravesan ou delimitan, están obrigadas a identificarse perante as autoridades competentes.

IRDI MODERADO

Todas as persoas que circulen polo interior das superficies referidas e tamén polos camiños forestais, rurais e outras vías que as atravesan ou delimitan, están obrigadas a identificarse perante as autoridades competentes.

Todo isto coas excepcións contempladas no artigo 32 da devandita lei.

O IRDI publícase na páxina web da Consellería do Medio Rural:

<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/defensa-monte/irdi>



6.4.2. Regulación do uso do lume

Regulación das autorizacións e comunicacións de queimas:

- Durante as épocas de perigo baixo ou medio, as peticións de autorización e de comunicacións de queima poderanse efectuar telefonicamente a través do número 012 ou vía Internet na páxina <https://queimasweb.xunta.gal/> e tamén poderán solicitarse de forma presencial ou telefonicamente nas oficinas dos Distritos Forestais, Servizos Provinciais e na Dirección Xeral de Defensa do Monte.
- As autorizacións e as comunicacións de queimas suspenderanse temporalmente se as condicións meteorolóxicas non son adecuadas para a súa execución.
- Reforzarase a inspección e o control de queimas comunicadas e autorizadas.
- O persoal da Dirección Xeral de Defensa do Monte, así como os Axentes Facultativos Medioambientais e os Axentes Forestais da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e as Forzas e Corpos de Seguridade, velarán polo cumprimento da normativa que recolle a lexislación vixente.

Autorización de uso de maquinaria nos montes ou zonas próximas ao monte:

- Durante a época de perigo alto, ou cando o IRDI sexa de nivel moi alto ou extremo, queda sometida a autorización da Consellería do Medio Rural a utilización de maquinaria e equipos nos montes e nas áreas rurais situadas nunha franxa de 400 metros ao redor daqueles, cuxo funcionamento xere deflagración, chispas ou descargas eléctricas, salvo que resulten necesarias para a extinción de incendios.
- A solicitude de autorización de uso de maquinaria realizarase a través do procedemento MR615A.



Traballo dunha brigada do distrito forestal V



6.5. Prevención de incendios a través das redes de faixas de xestión de biomasa. A normativa galega

A vixente lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, estableceu un sistema de xestión do territorio a través dunha rede de faixas de xestión da biomasa que se dividen en redes primarias, secundarias e terciarias.

Mediante a planificación preventiva baseada neste sistema de faixas tamén se persegue a protección das persoas e os bens ante a ameaza dos lumes e especialmente dos traballadores do dispositivo de loita contra os incendios proporcionándolles as discontinuidades que precisan para levar a cabo a extinción con maior seguridade.



A Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, desde a súa aprobación en 2007 sufriu preto de 80 modificacións. Moitas destas son debidas á aprobación doutras leis sectoriais que inciden en aspectos relacionados coa prevención. A este respecto son especialmente significativas, a Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia; a Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a raíz do acontecido na vaga de lumes do mes de outubro do ano 2017 ou a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.



A Consellería do Medio Rural continúa tramitando o Anteproxecto de Lei de loita integral contra os incendios forestais. Finalizado o proceso participativo coordinado pola Universidade de Vigo no que interviñeron máis de 200 persoas. Presentáronse despois unhas directrices que serviron como punto de partida para a elaboración do anteproxecto de lei, as cales foron presentadas ante o Consello Forestal como paso previo antes da tramitación da nova norma. Actualmente está pendente de tramitación a resposta das alegacións recibidas.

As directrices desta lei integral diferencian a planificación preventiva da execución de tarefas de prevención en sentido estrito, definen figuras como as paisaxes cortalumes, que buscan a xeración de discontinuidades na biomasa e que inclúen as áreas e polígonos cortalumes da lei de recuperación, así como as agrupacións forestais de xestión conxunta ou as redes de faixas de xestión da biomasa. Tamén contemplan o concepto de paisaxe en mosaico. Así mesmo, a norma busca dar un impulso decidido á xestión das faixas secundarias, arredor dos núcleos de poboación, mediante a actividade agrogandeira e a plantación de frondosas.

Na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, promóvense as seguintes figuras que cumpren co obxectivo de loitar contra o abandono e a infrautilización das terras, facilitando unha base territorial suficiente a aquelas explotacións que a precisan e contribuindo tamén á prevención de incendios forestais:

- a) As aldeas modelo
- b) Polígonos agroforestais
- c) Permutas
- d) Plan de pastos





6.6. A rede primaria de faixas de xestión da biomasa

As redes primarias de faixas de xestión de biomasa están definidas na lei 3/2007 como as infraestruturas lineais de prevención e defensa contra os incendios forestais que se localizan ao longo da rede de autopistas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais, das infraestruturas ferroviarias, das instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica ou solares, liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica, subestacións eléctricas, liñas de transporte e distribución de gas natural, estacións de regulación e medida de gas e depósitos de distribución de gas, e estacións de telecomunicacións.



Parque eólico de Ameixeiras e Testeiros

As persoas responsables da xestión da biomasa serán as administracións públicas, as entidades ou as sociedades que teñan encomendada a competencia sobre a xestión, ou cedida esta en virtude de algunhas das modalidades previstas legalmente, das anteditas infraestruturas. No artigo 22 da lei 3/2007 contéplase unha excepción para aqueles supostos en que a extensión ou especial dificultade dos labores permita a aprobación dunha planificación anual das actuacións.



A Dirección Xeral de Defensa do Monte continuará aplicando o plan de control do cumprimento das obrigas de xestión da biomasa na rede primaria por medio de persoal propio que comprobará, a partir do mes de maio de cada ano, que a xestión destas faixas foi realizada. No caso de terse presentado unha planificación anual das actuacións, deberán revisarse a totalidade dos traballos realizados ao longo do ano. Levantarase acta da visita facendo constar a data da supervisión dos traballos, fotografías das faixas e incumprimentos que puidera haber.



Parque eólico Serra de Meira

Durante o ano 2024 leváronse a cabo 205 visitas de comprobación do estado da infraestrutura de defensa contra incendios forestais dos parques eólicos. Verificouse o estado de vexetación das faixas e o ancho das mesmas, revisando os aeroxeradores, os camiños, así como as subestacións e as liñas eléctricas asociadas a estes parques. No ano 2025 o obxectivo é levar a cabo un mínimo de 200 visitas dando continuación ao traballo iniciado.



6.7. A interface urbano-forestal. A rede secundaria de faixas de xestión da biomasa

As redes secundarias de faixas de xestión de biomasa teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos de poboación, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais.

Estas redes secundarias deben estar definidas nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais e nelas será obrigatorio para as persoas responsables xestionar a biomasa vexetal nunha faixa de 50 metros e retirar as especies sinaladas na disposición adicional terceira da lei 3/2007:

- Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable. No caso do solo urbanizable, a xestión da biomasa nos terreos forestais e zonas de influencia forestal do seu entorno non será preceptiva ata que non se desenvolva o correspondente plan parcial e se aprobe definitivamente o seu proxecto de urbanización.
- Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, basureiros, cámpines, gasoleiras e parques e instalacións industriais localizados a menos de 400 metros do monte.
- Arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

Nestes supostos as persoas responsables de manter correctamente xestionada a rede secundaria serán as persoas físicas ou xurídicas titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos forestais e os terreos situados en zonas de influencia forestal nos que teñan os seus dereitos. Esta obriga tense que cumprir antes do 31 de maio de cada ano natural, de acordo co artigo 22 da lei 3/2007, salvos os casos en que, nalgúns dos catro anos anteriores, as persoas responsables non atendesen a advertencia para o cumprimento das súas obrigas de xestión de biomasa, que deberán de facelo con anterioridade ao 1 de abril.



No caso de que as persoas responsables non cumpran coa súa obriga de xestión da biomasa, o mesmo artigo 22 establece que a competencia para efectuar as comunicacións e tramitar os procedementos de execución subsidiaria nas faixas secundarias corresponde ás entidades locais.

6.7.1. O Sistema público de xestión de biomasa dos terreos rústicos incluídos nas redes de faixas secundarias

Co fin de axilizar a xestión das faixas secundarias e como apoio aos concellos, creouse o “Sistema público de xestión de biomasa dos terreos rústicos incluídos nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa”, que se regula no artigo 21 quater da lei 3/2007. É un sistema de cooperación entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma, a entidade do sector público autonómico Seaga, a Fegamp e os concellos que voluntariamente se adhiran ao mesmo. Persegue a diminución do número de incendios nas zonas de interface urbana para garantir o interese público da seguridade de persoas e bens.

O convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, asinado o 9 de agosto de 2018, canalizou a cooperación entre a Administración local e a Administración autonómica como vía para acometer estas tarefas de claro interese público. Mediante o mesmo, puidéronse abordar os traballos de xestión da biomasa vexetal con alto potencial combustible, asegurando a súa retirada con anterioridade á época de perigo de incendios polas persoas titulares das parcelas. Tamén pretendeu, no caso de incumprimento das anteditas obrigas esenciais, asegurar a súa execución subsidiaria, a través de procedementos áxiles, por parte das administración públicas.

Mediante o antedito convenio adheríronse un total de 288 concellos, dos cales, 260 conseguiron aprobar o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais. Estes plans quedaron reflectidos a nivel de parcela catastral nun visor público de faixas secundarias.



Tamén con base neste convenio, desde 2021 a 2024 inspeccionouse o estado de xestión da biomasa nun total de 2.337.790 parcelas incluídas en faixas secundarias, que corresponde cunha superficie de 171.389 ha. Así mesmo, acadouse unha superficie total de 1.471,75 ha en contratos de xestión de biomasa en parcelas priorizadas, correspondentes a 27.297 parcelas.

Este convenio tiña unha vixencia inicial ata o 31 de decembro de 2021 e foi prorrogada ata o 31 de decembro de 2024. O día 11 de abril de 2025 asinouse o novo Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Este convenio permite a adhesión voluntaria daqueles concellos interesados en obter a cooperación da Administración xeral da comunidade autónoma para o exercicio das súas competencias en relación coa xestión das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa. A adhesión dos concellos estará condicionada a que se cumpran os requisitos que se establecen no convenio e a que exista dispoñibilidade económica suficiente. Os concellos que na data de entrada en vigor do convenio, xa estiveran adheridos ao Sistema público de xestión da biomasa segundo o convenio de 9 de agosto de 2018, quedarán automaticamente adheridos.

Aqueles concellos adheridos que non dispoñan dun plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais aprobado, quedan suspendidos da súa adhesión ata que se produza a aprobación do correspondente plan e poidan solicitar o fin da suspensión.

Polo tanto, actualmente hai 260 concellos adheridos e 28 que teñen pendente a aprobación do antedito plan municipal.

O orzamento do convenio para este ano 2025 é de 12.250.000 €, 7.750.000€ de fondo propio e 4.500.000€ do Fondo de Cooperación Local.

O convenio ten por obxecto continuar coa cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, Seaga e a



Fegamp, e os concellos que voluntariamente se adhiran ao sistema público de xestión da biomasa nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa. O sistema actuará a dous niveis, establecendo unha serie de actuacións a desenvolver en todos os concellos adheridos e outras accións, máis intensas, que se levarán a cabo só naquelas parroquias que anualmente se seleccionen como "parroquias priorizadas". Inclúe as seguintes actuacións:

A Actuacións en todos os concellos adheridos

- A prestación de asistencia técnica aos concellos adheridos para a revisión e, de ser o caso, modificación do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais. Neste Plan, deberanse definir os ámbitos prioritarios de actuación, incorporando criterios de eficiencia, eficacia e oportunidade dende unha perspectiva integral.
- A colaboración técnica no exercicio das competencias que corresponden aos concellos de execución subsidiaria das obrigas de xestión da biomasa e para a retirada de especies arbóreas prohibidas, concretamente para a realización das seguintes tarefas:
 - O servizo de xestión da biomasa que derive da tramitación de procedementos de execución subsidiaria nos ámbitos prioritarios de actuación, incluíndo o subministro de especies compatibles coas faixas secundarias que impidan a proliferación das especies non permitidas e constrúan unha franxa natural de protección dos núcleos urbanos, ou, alternativamente a creación de parcelas de uso agrario en función do tipo de terreo. Os concellos adheridos poden solicitar a execución subsidiaria de ata 10 ha por concello ao ano.
 - A execución de actuacións de xestión de biomasa en vías de titularidade municipal ata un máximo de 12 quilómetros por concello e ano.
 - O apoio técnico nos labores de inspección de parcelas incluídas na rede secundaria, nos ámbitos prioritarios de actuación, para verificar o



cumprimento das obrigas de xestión da biomasa por parte das persoas responsables.

- A colaboración no envío de notificacións ou na publicación no BOE e DOG dos incumprimentos detectados na inspección de parcelas incluídas na rede de faixas secundarias.
- A execución de actuacións preventivas planificadas pola Dirección Xeral de Defensa do Monte distintas das derivadas dos plans municipais da Lei3/2007.

B Actuacións nas parroquias priorizadas

Nas parroquias priorizadas que se establezan cada ano dentro dos concellos adheridos, reforzase a prestación do servizo de xestión da biomasa nas redes de faixas secundarias, ben mediante a formalización de contratos de xestión da biomasa, ou ben mediante a execución das actuacións derivadas da resolución de execución subsidiaria adoptada polos concellos adheridos, incluíndo o subministro de especies compatibles coas franxas secundarias ou, alternativamente, a creación de parcelas de uso agrario en función do tipo de terreo.

Para determinar, dentro dos concellos adheridos e para cada unha das provincias, cales serán as parroquias priorizadas anualmente, teranse en conta os seguintes criterios que definen o risco de incendio:

- a) Concellos afectados por grandes incendios forestais nos 10 anos inmediatamente anteriores.
- b) Concellos en que se activase a situación operativa 2 do Peifoga nos 10 anos inmediatamente anteriores.
- c) Concellos con parroquia/s de alta actividade incendiaria no Pladiga vixente.
- d) Concellos incluídos en zonas de alto risco de incendio forestal.



e) Concellos que durante o ano anterior tivesen vixente o Convenio interadministrativo entre a consellería do Medio Rural e a entidade local para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Polo tanto, serán parroquias "priorizadas" aquelas nas que exista unha maior posibilidade de afectación ou risco de incendios para os núcleos e nas que sexa preciso, polo tanto, facer un maior esforzo de cooperación cos propietarios e cos concellos no cumprimento das súas obrigas legais de xestión das faixas secundarias.



C Xesbio2


Para xestionar a biomasa nas faixas secundarias, desenvolveuse unha plataforma integral que da soporte informático ás actuacións dos distintos actores que interveñen no convenio:

- Xestión dos procesos de adhesión dos concellos.



- Xestión das parcelas incluídas nas faixas e os ámbitos prioritarios de actuación e da titularidade destas.
- Xestión dos plans anuais de actuación sobre as devanditas faixas e os ámbitos prioritarios de actuación e as actuacións concretas asociadas.
- Xestión da comunicación cos titulares.
- Xestión da relación dos titulares coas devanditas actuacións, incluíndo xestión contractual e contable.
- Xestión de inspeccións nas devanditas faixas e os ámbitos prioritarios de actuación.
- Xestión de execucións subsidiarias sobre parcelas nas devanditas faixas e os ámbitos prioritarios de actuación, comisos, cortas, expropiacións.
- Xestión da madeira asociadas ás cortas, comisos.

No ano 2025 está previsto realizar un labor de actualización dos datos e cartografía catastral.





Para axilizar a toma de datos do traballo de campo na base de datos asociada a Xesbío2 desenvolveuse unha app. Esta tamén permite a consulta da base de datos de Xesbío2 para o apoio ás tarefas que se realicen *in itinere*.

Mediante un acordo coa Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia (Amtega) para o desenvolvemento de sistemas de información no eido da defensa do monte, farase un investimento de 123.000€ no ano 2025 na aplicación Xesbio2.

Coa finalidade de mellorar a transparencia do sistema, desenvolveuse un visor no cal se mostra e mantén actualizada a rede de faixas secundarias de xestión da biomasa e os ámbitos prioritarios de actuación. En 2025 estará dispoñible para a cidadanía, posibilitando que as persoas responsables da xestión de biomasa poidan consultar as obrigas de xestión de biomasa nas súas parcelas, sempre que o concello no que se sitúen teña o plan de prevención municipal aprobado.

6.7.2. Colaboración cos concellos na xestión da rede de faixas secundarias a través doutros convenios

Por medio dos convenios entre a Consellería do Medio Rural e as entidades locais, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025 e 2026 e dos convenios entre a Consellería de Medio Rural e as Mancomunidades de municipios para o desenvolvemento dun programa piloto no que se establecen 16 brigadas de prevención e extinción de incendios por un período de seis meses, ambas modalidades cofinanciadas parcialmente co Feader no marco do PEPAC 2023-2027, promóvese a colaboración económica para a cofinanciamento de actuacións de investigación do cumprimento das obrigas de xestión da biomasa na rede secundaria de faixas, así como de tratamentos preventivos en parcelas das ditas faixas cando se descoñeza á persoa propietaria.

Así, entre as actuacións que se poden desenvolver con cargo a estes convenios están as seguintes:

- Actuacións de prevención de incendios forestais a realizar polas brigadas:



- Traballos de roza manual ou rareo e eliminación de restos, que poden realizarse en zonas mecanizables cando existan circunstancias que o aconsellen, tales como superficies reducidas, existencia de obstáculos físicos e similares.
- Traballos de investigación do estado das parcelas das redes secundarias de faixas con redacción do informe de xestión de biomasa, consonte o establecido na Lei 3/2007.
- Rozas mecanizadas de matogueira con apeiro rozador de cadeas ou similar acoplado a tractor.



Traballos manuais no distrito V

Para poder obter axuda para a realización destas actuacións, é esencial a presentación dun Programa de actuacións preventivas (PAP) a través da aplicación CONLU, que debe ser revisado pola Consellería do Medio Rural e aprobado pola Comisión de seguimento do convenio. Este documento, entre outros, debe detallar os traballos de prevención que se van realizar, e que, no caso da xestión de faixas secundarias, poden incluír:

- Superficies de persoa propietaria descoñecida, previa acreditación da dita condición.



- Faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal.
- Parcelas incluídas dentro das faixas da rede secundaria, cando o traballo consista na investigación do estado de xestión da biomasa.

6.8. A infraestrutura e tratamentos silvícolas preventivos, a rede terciaria de faixas de xestión da biomasa

As redes terciarias de faixas de xestión de biomasa localízanse nos terreos forestais e zonas de influencia forestal e están vinculadas ás infraestruturas de uso público, así como ás seguintes infraestruturas de prevención e defensa contra os incendios forestais: camiños, vías, pistas forestais, devasas, faixas auxiliares de pista, áreas cortalumes e outras infraestruturas ou construcións relacionadas coa prevención e defensa contra incendios.

A Subdirección Xeral de Prevención planifica a xestión das rede terciaria de faixas de forma estratéxica a nivel territorial co obxectivo de conseguir un territorio organizado de cara á prevención de incendios forestais.

Cos mapas e datos dos que se dispón sobre risco de incendio, os grandes incendios nos últimos 10 anos e o coñecemento do medio por parte do persoal técnico da consellería sobre os modelos de combustibles do noso territorio, en cada Distrito Forestal elabóranse unha serie de propostas de actuación a desenvolver no ano 2025. Este traballo irase adaptando a medida que se consigan desenvolver as ferramentas que permitan obter o risco de incendios e a determinación das áreas estratéxicas de xestión nas que se está traballando.

As actuacións propostas executaranse con medios propios en cada Distrito Forestal e mediante a contratación dos traballos a empresas forestais ou ben a través de encargos ás empresas públicas Tragsa e Seaga.

Este traballo deseñado desde a Consellería do Medio Rural, complementábase co traballo que executan os propietarios particulares, agrupacións de xestión conxunta e Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, dando cumprimento ao que establezan



os proxectos de ordenación ou xestión forestal no seus montes ou ben por iniciativa propia, tratando de defender as súas propiedades. Neste sentido, a Consellería do Medio Rural convoca subvencións para o control selectivo do combustible cofinanciadas co Feader.

Xa, por último, as entidades locais executarán traballos preventivos nos montes da súa titularidade e nas faixas da súa rede de vías que discorran polas zonas forestais, e tamén naqueles montes nos que dispoñan dos terreos, colaborando coa Consellería do Medio Rural a través de convenios.



Traballos preventivos en Maceda, no Distrito Forestal XII

6.8.1. Definición das áreas estratéxicas de xestión e áreas de actuación singularizada

Durante os anos 2023 e 2024 realizáronse estudos técnicos co fin de coñecer cales son as zonas do territorio con maior risco de ocorrencia de lume, tratando de dispoñer de máis datos que permitan investir nas zonas nas que é máis necesario e onde o resultado vai ser máis efectivo na loita contra os incendios forestais, concentrando nelas os esforzos.

Os estudos levados a cabo foron os seguintes:



- Estudo técnico sobre a incidencia dos incendios forestais na zona de especial protección dos valores naturais (ZEPVN) "Os Ancares-O Courel" (Lugo). Propostas de mellora das infraestruturas de defensa do monte.
- Estudo técnico sobre a incidencia dos incendios forestais na zona de especial protección dos valores naturais (ZEPVN) "Baixa Limia" (Ourense). Propostas de mellora das infraestruturas de defensa do monte.
- Estudo técnico sobre a incidencia dos incendios forestais na zona de especial protección dos valores naturais (ZEPVN) "Fragas do Eume" (A Coruña). Propostas de mellora das infraestruturas de defensa do monte.
- Estudo técnico sobre a incidencia dos incendios forestais na zona sueste da provincia de Ourense; propostas de infraestruturas produtivas e non produtivas de defensa do monte.
- Estudo técnico sobre a incidencia dos lumes e propostas de actuacións preventivas no concello de Cualedro.

A Dirección Xeral de Defensa do Monte participa como beneficiario principal no proxecto europeo USE4FOREST do programa europeo Interreg-Sudoe, USE4FOREST. Este propón unha estratexia para a prevención de incendios no Sudoe mediante a mellora dos espazos forestais baseada en tres fases: coñecemento exhaustivo dos condicionantes do problema; desenvolvemento, proba e demostración nos territorios participantes de ferramentas innovadoras para a prevención, xestión e anticipación dos incendios forestais; e a súa transferencia e capitalización a escala Sudoe. USE4FOREST busca mellorar a capacidade de resposta das diferentes administracións a través da coordinación con organizacións con ampla experiencia en investigación e xestión forestal. A análise de diferentes variables, como o medio (vexetación, clima...) e os factores antropoxénicos (poboacións, cultivos...), permitirán alcanzar novas solucións e avaliar o seu impacto, eficacia e transferibilidade, co fin de desenvolver estratexias de prevención intelixente nos espazos forestais con maior risco, considerando os seus recursos naturais, socioeconómicos, tecnolóxicos e de xestión para abordar esta necesidade de forma global.



A través deste proxecto a Dirección Xeral de Defensa do Monte, pretende desenvolver unha ferramenta que lle permita coñecer o risco de incendios nas provincias de Ourense e Pontevedra e determinar cales son as áreas estratéxicas nas que plantexar estratexias preventivas que contribúan a diminuír tanto o número de lumes como a superficie queimada no caso de que se inicien.

Durante este ano 2025 iniciarase o planeamento preventivo dos parques naturais de Galicia, entendendo que estas zonas serán áreas de actuación singularizada para a xestión de incendios posto que nestas zonas, a xestión dos incendios require dun enfoque especial ou unha estratexia diferenciada para compatibilizar a mesma coa conservación do patrimonio natural.

O planeamento desenvolverase a partir dos estudos previos realizados en anos anteriores pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, o coñecemento dos distritos forestais destes territorios, o traballo preventivo realizado ao longo dos anos destes espazos, os históricos de lumes forestais, en colaboración coa Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, nos parques naturais de Galicia:

- Fragas do Eume
- Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán
- Monte Aloia
- Baixa Limia- Serra do Xurés
- O Invernadeiro
- Serra da Enciña da Lastra

6.8.2. Actuacións preventivas cos medios dos Distritos Forestais

O persoal do Servizo de Prevención de Incendios Forestais, distribuído nos 19 Distritos Forestais de Galicia, leva a cabo as seguintes actuacións preventivas:

- Creación de áreas cortalumes
- Creación de faixas auxiliares de pista



- Mellora de pistas forestais
- Tratamentos silvícolas preventivos
- Queimas prescritas
- Inspección e mellora de puntos de auga

As actuacións previstas para o ano 2025 estímense seguindo a media dos últimos cinco anos e aparecen na seguinte táboa, na que se recolle o traballo das brigadas e dos tractores propiedade da Administración.

Provincia	Creación de áreas cortalumes/tratamentos silvícolas preventivos (ha)	Creación de faixas auxiliares de pista (ha)	Mellora de pistas forestais (km)	Queimas prescritas (ha)
A Coruña	231,75	220,15	87,00	622,61
Lugo	2.723,85	259,25	107,00	386,14
Ourense	250,65	235,85	117,00	306,21
Pontevedra	264,45	250,25	94,00	121,97
Total	1.019,70	965,50	405,00	1.436,93

Táboa 19: actuacións preventivas previstas no 2025.



Traballos manuais de brigadas do distrito XII rematando faixas auxiliares en Maceda



Desde 2024, cóntase con 14 equipos multifunción denominados “Batracios”, uns vehículos que, cun investimento de máis de 4,8 M€, constitúen toda unha innovación ao non existir nada semellante na contorna. Están formados por tractor, cisterna, trituradora e polidozer, polo que son capaces de circular con seguridade nos montes e mellorar a eficacia dos traballos preventivos, así como optimizar o labor de preparación e mantemento de pistas forestais, liñas de defensa contra incendios e cortalumes e o mantemento de puntos de auga. O seu rendemento, superior ao do resto de tractores dispoñibles para o persoal dos distintos servizos provinciais, permite aumentar de xeito considerable as actuacións realizadas, cuxa estimación se inclúe no cadro anterior.



A previsión para o ano 2025 é que o persoal do Servizo de Prevención de Incendios Forestais leve a cabo a revisión e mantemento dos puntos de auga do Distrito Forestal que lles corresponda. A estimación das unidades nas que se traballará é a seguinte:

Provincia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Revisión e mantemento de puntos de auga (ud)	1.518	1.174	1.195	1.136	5.023

Táboa 20: número de puntos de auga a revisar e manter no 2025.



Brigadas do distrito forestal I realizando traballos de mantemento de puntos de auga

Outro traballo preventivo de gran importancia, a desenvolver co persoal dos distritos forestais, son as queimas prescritas. Tal e como se recolle no anexo: "Plan autonómico de queimas prescritas", durante o ano 2025 está previsto levar a cabo 250 actuacións nas catro provincias:

Provincia	Superficie (ha)	Número de parcelas
A Coruña	622,61	81
Lugo	386,14	86
Ourense	306,21	53
Pontevedra	121,97	30
Total	1.436,93	250

Táboa 21: datos das queimas prescritas previstas para 2025.



Queimas prescritas no distrito forestal VI

6.8.3. Actuacións preventivas mediante contratación pública

A Dirección Xeral de Defensa do Monte contrata obras e traballos con cargo ao capítulo VI do seu orzamento de gasto, permitindo así aumentar o número de actuacións preventivas propias das faixas terciarias planificadas nos Distritos Forestais.

O Plan Estratéxico da PAC (PEPAC) 2023-2027, dentro da subintervención 68812_04, Infraestrutura e silvicultura preventiva de incendios, fai posible a financiación da construción e mantemento de infraestruturas de protección, tales como camiños, pistas forestais, devasas, áreas devasas, faixas auxiliares, peches para o gando e puntos de auga.

Para os anos 2025 e 2026 está prevista a contratación de traballos preventivos e de mellora da infraestrutura por medio de procedementos abertos, de contratos menores e de encargos cofinanciados co Feader no marco do PEPAC 2023-2027. A continuación, faise unha relación de todos os traballos que xa contan cun proxecto ou que está en fase



de elaboración, estando pendente a elaboración dalgunhas propostas que se recolleran na memoria final.

Obras contratadas mediante procedemento aberto a executar en 2025-2026:

Neste momento están licitados nove lotes atendendo á división en distritos forestais de obras preventivas que dan resposta aos obxectivos de:

- Diseñar unha rede de infraestruturas preventivas correctamente dimensionada e mantela en bo estado de conservación.
- Xestionar a biomasa forestal en zonas estratéxicas mediante técnicas silvícolas axeitadas, co fin de reducir a perigosidade e o risco de incendio forestal.

Os traballos inclúen:

- Creación e/ou mantemento de faixas auxiliares de pistas forestais e roza, cando sexa preciso, da plataforma de rodadura.
- Creación e/ou mantemento de áreas cortalumes.
- Mellora ou construción de pistas forestais.
- Mellora de devasas.

O orzamento base de licitación é de 2.990.863,61 €, IVE (21%) incluído. Este orzamento distribúese en dúas anualidades, das cales corresponden 2.691.777,25 € á anualidade de 2025 e 299.086,36 € á anualidade de 2026. A obra financiarase co Feader, no marco do PEPAC 2023-2027, subintervención 68812_04: infraestruturas e silvicultura preventiva de incendios.

Distrito Forestal	Proxecto	Concellos	Importe de licitación (€)
IV	Infraestruturas preventivas do distrito forestal IV. Proposta 15184/24	Boiro, Lousame, Dodro, Noia, Rianxo, Rois, Outes, Porto do Son, Padrón, A Pobra do Caramiñal	299.659,39
IX	Infraestruturas e tratamentos preventivos en montes dos concellos de Friol, O Incio, Lugo e Samos do distrito forestal IX: Lugo- Sarria. Proposta 27105/24	Friol, Lugo, Samos e O Incio	408.718,07



Distrito Forestal	Proxecto	Concellos	Importe de licitación (€)
XI	Infraestrutura e tratamentos preventivos no distrito forestal XI. Proposta 32101/24	Beariz, Leiro, O Irixo, Melón e Ribadavia	258.781,05
XII	Infraestrutura e tratamentos preventivos no distrito forestal XII. Proposta 32102/24	Cartelle, A Bola, Gomesende, Padrenda, Quintela de Leirado, Vereá, A Peroxa, O Pereiro de Aguiar, Barbadás, Maceda e Allariz.	262.671,34
XIV	Infraestrutura preventiva no distrito forestal XIV. Proposta 32105/24	A Veiga, Carballeda de Valdeorras, O Barco de Valdeorras	259.419,84
XV	Infraestrutura preventiva 1 no distrito forestal XV. Proposta 32106/24	Bande, Lobeira, Muíños, Lobios, Entrimo	215.576,30
XVI	Infraestrutura preventiva en montes de varios concellos do distrito forestal XVI. Proposta 36119/24	Agolada, Silleda, Lalín, Cerdedo-Cotobade, Forcarei e A Estrada.	351.431,19
XVII	Infraestrutura preventiva en montes dos concellos de As Neves, Arbo, A Cañiza, Mondariz, Pontearreas e Crecente do distrito forestal XVII. Proposta 36120/24	As Neves, Arbo, A Cañiza, Mondariz, Pontearreas, Pazos de Borbén e Crecente.	379.823,51
XVIII	Infraestruturas preventivas en montes dos concellos de Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Nigrán, Vigo e Baiona do distrito forestal XVIII. Proposta 36123/24	Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Nigrán, Vigo e Baiona.	554.782,92

Táboa 22: obras contratadas a executar no período 2025-2026.



Mellora de pistas forestais en San Xoán de Poio, Distrito Forestal XIX



Obras contratadas mediante encargo a empresas públicas a executar en 2025-2026:

Está previsto realizar os seguintes encargos cofinanciados co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PEPAC 2023-2027.

Distrito Forestal	Proxecto	Importe (€)	2024 (€)	2025 (€)	2026 (€)
IV	Infraestrutura preventiva no monte veciñal en man común "Cruz de Avelá" (Distrito Forestal IV-Barbanza), concello de Dodro-A Coruña. Proposta 15161/24	232.427,03	19.941,76	212.485,27	0,00
Continuará executándose este proxecto consistente na creación de peches para o control do gando, a creación de faixas auxiliares ao longo dos camiños que discorren paralelamente ao dito peche e a mellora e mantemento de devasas que, ademais da súa función de protección fronte ao posible incendio, permitan o acceso ás zonas de instalación do peche.					
I, II, V e XIX	Infraestrutura e tratamentos preventivos en montes dos distritos I, II, V e XIX. Varios concellos	1.220.724,67	0,00	610.362,34	610.362,33
No distrito I, as actuacións consisten na roza de faixas auxiliares e da plataforma de pistas forestais, na mellora de devasas, a creación de áreas cortalumes e a aplicación de tratamentos silvícolas preventivos en montes dos concellos de Ortigueira, Cariño, As Pontes, Monfero, Ferrol e Cedeira.					
No distrito II, os traballos consisten na roza de faixas auxiliares de pistas forestais, a construción de devasas e mellora das existentes así como na realización de tratamentos silvícolas preventivos en montes dos concellos de Coristanco, Carballo, Cabana de Bergantiños, Laxe, Malpica de Bergantiños, A Laracha e Coirós.					
No distrito V, propónse mellorar devasas e pistas forestais en montes dos concellos de Camariñas e Carnota.					
Os traballos propostos no distrito XIX consisten na mellora de pistas forestais e na apertura e mellora de devasas en varios montes dos concellos de Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, Campo Lameiro, Moraña, Barro, Poio, Meis, Vilagarcía de Arousa, Cuntis e A Lama.					
VII, VII e X	Infraestrutura e tratamentos preventivos en montes dos distritos VII, VII e X. Varios concellos	340.000,00	0,00	340.000,0	0,00
Está pendente rematar o proxecto definitivo para este encargo que poderá recoller algunhas das seguintes propostas:					
No distrito X propónse a mellora de pistas forestais e faixas auxiliares de pista, así como a mellora de devasas e creación de áreas cortalumes nos concellos de Guitiriz e Vilalba.					
Os traballos propostos no distrito VII consisten en melloras de pistas forestais e devasas en montes de varios concellos: Baralla, Becerreá, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro, As Nogais, Cervantes, A Fonsagrada, Nogueira de Muñiz e Baleira.					
A proposta do distrito VIII é a de realizar a limpeza de cortalumes e mellora de pistas forestais en varios montes dos concellos de Pantón, Bóveda, O Saviñao, Carballedo, Chantada, Quiroga, Folgoso do Courel, A Pobra de Brollón, Monforte de Lemos, Sober e Ribas de Sil.					



Distrito Forestal	Proxecto	Importe (€)	2024 (€)	2025 (€)	2026 (€)
XIV	Infraestrutura preventiva no monte veciñal en man común de "Flariz", concello de Monterrei. Proposta 32141/24	40.571,26	0,00	40.571,26	0,00
Os traballos consistirán na creación dunha área cortalumes mediante a instalación dun sistema de peche gandeiro que permita a introdución de animais que se encarguen do control da biomasa vexetal.					
XIV	Infraestrutura preventiva nos montes veciñais en man común Testeiro e Comunal do Canizo nos concellos de A Gudiña e Viana do Bolo do Distrito Forestal XIV: Verín- Viana. Proposta 32125/25	179.491,80	0,00	179.491,80	0,00
Os traballos consistirán na mellora de vía forestais para dar acceso aos medios de extinción no caso de producirse un incendio.					
XIII e XIV	Mellora de camiños no Macizo Central, nos concellos de Chandrexa de Queixa e Vilariño de Conso, na provincia de Ourense	300.000,00	0,00	150.000,0	150.000
Propónse a mellora dunha pista existente que une a pista ecolóxica do concello de Chandrexa de Queixa co encoro do Cenza en Vilariño de Conso, a través da Mallada de Cerveira e do Campo de Torcebocas, así como do ramal que une este camiño co pobo de Pradoalbar, de tal modo que se facilite o acceso aos medio de extinción en caso de incendio forestal.					

Táboa 23: obras contratadas a empresa pública a executar no período 2025-2026.

Ademais destes encargos, con cargo ao convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia e Industria de Diseño Textil SA, que financia actuacións destinadas á recuperación do territorio galego afectado por incendios forestais de singular incidencia, levarase a cabo o encargo con Seaga para a execución de obras de prevención de incendios forestais e reforestación dentro do Plan de recuperación de áreas afectadas por incendios forestais nos Distritos Forestais VIII: Terra de Lemos e IX: Lugo-Sarria.

O proxecto tratará de reforzar a estrutura de prevención contra os incendios forestais a través da mellora de infraestruturas preventivas e tamén de recuperar as masas arbóreas tratando de mellorar a súa resiliencia fronte ao lume.

Tras un proceso participativo para a recuperación e xestión de áreas con recorrencia de incendios forestais, e tendo en conta que os concellos de Quiroga, A Pobra



de Brollón, Folgoso do Courel e Samos, foron dos máis afectados polos incendios do ano 2022, redactouse un proxecto que inclúe as seguintes actuacións en MVMC:

- MVMC de Carballal (Folgoso do Courel):
 - Construción dun punto de auga para vehículo motobomba de 8x7x2 m.
 - Reparación dun punto de auga de 8x7x2 m.
- MVMC de Cortes (Folgoso do Courel):
 - Restauración dunha masa forestal, mediante a plantación de faixas cortalumes de *Betula sp.* e repoboacións con *Pinus pinaster*, *Pinus sylvestris*, *Castanea sativa*, *Fraxinus excelsior* e *Prunus avium*.
 - Limpeza de cortalumes.
 - Refino e planeo de camiños con apertura de cunetas.
- MVMC de Coto Redondo (Samos):
 - Construción dun punto de auga para vehículo motobomba de 8x8x2 m.
 - Repoboación forestal con *Pinus sylvestris* e *Betula sp.*
 - Apertura e limpeza de cortalumes.
 - Refino e planeo de camiños con apertura de cunetas.
- MVMC de Folgoso (Folgoso do Courel):
 - Construción dun punto de auga para vehículo motobomba de 8x7x2 m.
 - Mellora de pasteiros, construción de peche perimetral e instalación de bebedeiro.
 - Restauración dun souto.
- MVMC de Parada, Couso e Río de Bois (A Pobra de Brollón):
 - Construción dun punto de auga para vehículo motobomba de 8x8x2 m.



- Preparación dun pasteiro, construción de peche perimetral e instalación de bebedeiro.
 - Restauración dun souto.
- MVMC de Vilamor (Folgozo do Courel):
- Construción dun punto de auga para vehículo motobomba de 8x7x2 m.

O orzamento estimado para a execución deste proxecto é de 925.821,26€.



Obra preventiva contratada no Distrito Forestal VIII

A rede de puntos de auga é fundamental na extinción de incendios forestais na nosa comunidade autónoma. Esta, debe estar correctamente dimensionada para abarcar todo o territorio, con depósitos de capacidade suficiente para proporcionar auga aos



diferentes medios, con boa accesibilidade e deseño para permitir a carga en condicións de seguridade.

Cada ano lévase a cabo a inspección da rede de puntos de auga a nivel de Distrito Forestal, e organízanse traballos de mantemento e tamén de construción de novos depósitos. As reparacións son executadas con medios propios do Servizo de Prevención de Incendios Forestais e a construción de novos puntos encoméndase a empresas públicas.



Construción de depósito de auga no distrito V

No ano 2025 está prevista a construción dos seguintes puntos de auga:

CONSTRUCCIÓN DE PUNTOS DE AUGA EN 2025			
Provincia	Núm. de puntos	Tipo de depósito	Importe de licitación (€)
A Coruña	3	Helicóptero e motobomba (MB)	217.800,00
Lugo	3	Helicóptero	536.976,83
	4	MB	156.335,03
Ourense	6	Helicóptero e MB	537.240,00
Pontevedra	2	Helicóptero e MB	229.900,00



CONSTRUCCIÓN DE PUNTOS DE AUGA EN 2025			
Provincia	Núm. de puntos	Tipo de depósito	Importe de licitación (€)
	6	MB	347.270,00
Total	3	Helicóptero	536.976,83
	10	MB	503.605,03
	11	Helicóptero e MB	984.940,00
	24	TOTAL	2.025.521,86

Táboa 24: construción de puntos de auga prevista no 2025.

Obras a realizar por medio de contratos menores a executar durante 2025:

Para aquelas actuacións que precisen realizarse con maior urxencia e cuxo valor estimado sexa inferior a 40.000 € (sen IVE) empregárase o contrato menor de obras. As actuacións estarán cofinanciadas co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PEPAC 2023-2027 e desenvolveranse na súa totalidade no ano 2025, estando previsto que o prazo de execución finalice como moi tarde o 31 de outubro.

Está previsto destinar a estas obras ao redor de dous millóns de euros, que se repartirán entre os distritos das catro provincias e comezarán a executarse no mes de maio de 2025. As propostas feitas polos distritos forestais e servizos provinciais son as seguintes:

CONTRATOS MENORES DA PROVINCIA DA CORUÑA			
Distrito Forestal	Proxecto	Concellos	Importe de licitación (€)
III	Infraestrutura preventiva en montes do concello de Ames do distrito forestal III. Proposta 15I31/24	Ames	44.458,41
II	Tratamentos silvícolas no monte Río do Dol do concello de Coristanco do distrito forestal II. Proposta 15I22/25	Coristanco	10.392,46
V	Tratamentos e infraestrutura preventiva no monte Calvo e outro do concello de Muros do distrito forestal V. Proposta 15I54/25	Muros	46.204,44
I	Infraestrutura preventiva nos montes Penablanca e Panda no concello de Ortigueira do distrito forestal I. Proposta 15I11/25	Ortigueira	47.913,94
II	Infraestrutura preventiva no monte Bustelo do concello de Carballo do distrito forestal II. Proposta 15I21/25	Carballo	34.341,14



CONTRATOS MENORES DA PROVINCIA DA CORUÑA			
Distrito Forestal	Proxecto	Concellos	Importe de licitación (€)
IV	Infraestruturas preventivas en montes do concello de Boiro do distrito forestal IV. Proposta 15I41/25	Boiro	48.049,97
IV	Infraestrutura preventiva en montes do concello de Lousame do distrito forestal IV. Proposta 15I42/25	Lousame	42.955,73
IV	Infraestrutura preventiva en montes dos concellos de Boiro e Porto do Son do distrito forestal IV. Proposta 15I43/25	Boiro e Porto do Son	47.242,70
IV	Infraestruturas preventivas en montes do concello de Rois do distrito forestal IV: Barbanza. Proposta 15I44/25	Rois	47.651,48
V	Infraestrutura preventiva en montes do concello de Muros do distrito forestal V. Proposta 15I51/25	Muros	48.080,22
V	Tratamentos preventivos en montes do concello de Vimianzo do distrito forestal V. Proposta 15I52/25	Vimianzo	24.281,99
V	Infraestrutura preventiva en montes do concello de Camariñas do distrito forestal V.	Camariñas	47.116,38
Total importe estimado dos contratos menores na provincia da Coruña:			489.872,48€

Táboa 25: contratos menores da provincia da Coruña.



Rozas manuais no Distrito Forestal I



CONTRATOS MENORES DA PROVINCIA DE LUGO			
Distrito Forestal	Proxecto	Concellos	Importe de licitación (€)
IX	Infraestrutura preventiva en montes dos concellos de Castroverde, Lugo e O Páramo do distrito forestal IX. Proposta 27104/25	Castroverde, Lugo e O Páramo	47.932,96
IX	Infraestrutura e tratamentos preventivos en montes do concello de Antas de Ulla do distrito forestal IX. Proposta 27105/25	Antas de Ulla	34.329,38
IX	Infraestrutura e tratamentos preventivos en montes dos concellos de Antas de Ulla e Palas de Rei do distrito forestal IX. Proposta 27106/25	Antas de Ulla	46.190,65
IX	Infraestrutura e tratamentos preventivos en montes do concello de Láncara do distrito forestal IX. Proposta 27108/25	Láncara	48.092,58
X	Infraestrutura preventiva en montes dos concellos de Castro de Rei e Pol do distrito forestal X. Proposta 27109/25	Castro de Rei e Pol	45.334,60
VIII	Infraestrutura preventiva en montes do concello de Quiroga do distrito forestal VIII. Proposta 27111/25	Quiroga	35.500,30
VIII	Infraestrutura preventiva en montes dos concellos de Ribas de Sil, Folgoso do Courel e O Saviñao do distrito forestal VIII. Proposta 27112/25	Ribas de Sil, Folgoso do Courel e O Saviñao	39.831,74
VII	Infraestrutura preventiva en montes da demarcación Ancares do distrito forestal VII.	Concellos da demarcación forestal Ancares	48.380,64
VII	Infraestrutura preventiva en montes da demarcación Fonsagrada do distrito forestal VII.	Concellos da demarcación forestal Fonsagrada	48.380,64
X	Infraestrutura preventiva en montes das demarcacións Meira e Vilalba do distrito forestal X.	Concellos das demarcacións forestais Meira e Vilalba	48.380,64
VI	Infraestrutura preventiva en montes das demarcación Mariña do distrito forestal VI.	Concellos da demarcación Mariña	48.380,64
Total importe estimado nos contratos menores da provincia de Lugo:			490.412,21€

Táboa 26: contratos menores da provincia de Lugo.



Tratamentos preventivos no distrito IX

CONTRATOS MENORES DA PROVINCIA DE OURENSE			
Distrito Forestal	Proxecto	Concellos	Importe de licitación (€)
XI	Infraestrutura preventiva en montes dos concellos de San Amaro, Cenlle e Punxín do distrito forestal XI. Proposta 32105/25	San Amaro, Cenlle e Punxín	47.329,71
XIII	Infraestrutura preventiva en montes dos concellos de A Pobra de Trives, Chandrexa de Queixa e Manzaneda do distrito forestal XIII. Proposta 32106/25	A Pobra de Trives, Chandrexa de Queixa e Manzaneda	48.093,47
XIII	Infraestrutura preventiva no MVMC Candaira do concello de A Veiga do distrito forestal XIII. Proposta 32107/25	A Veiga	47.581,39
XV	Tratamentos preventivos na demarcación da Limia do distrito forestal XV. Proposta 32111/25	Calvos de Randín, Os Blancos, Rairiz de Veiga, Sarreaus e Trasmiras	47.310,54
XI	Tratamentos preventivos en vías e camiños do concello do Irixo do distrito forestal XI.	O Irixo	48.175,74
XI	Infraestrutura preventiva nas demarcacións Carballiño e Ribeiro do distrito forestal XI.	Concellos das demarcacións de O Carballiño e O Ribeiro	48.380,64
XII	Infraestrutura preventiva nas demarcacións Allariz-Maceda, Ourense e Terra de Celanova do distrito forestal XII.	Concellos das demarcacións de Allariz-	48.380,64



CONTRATOS MENORES DA PROVINCIA DE OURENSE			
Distrito Forestal	Proxecto	Concellos	Importe de licitación (€)
		Maceda, Ourense e Terra de Celanova	
XII	Tratamentos preventivos nas demarcacións Allariz-Maceda, Ourense e Terra de Celanova do distrito forestal XII.	Concellos das demarcacións de Allariz-Maceda, Ourense e Terra de Celanova	48.380,64
XIV	Infraestrutura preventiva nas demarcacións Verín e Viana do distrito forestal XIV.	Concellos das demarcacións de Verín e Viana	48.380,64
XIV	Tratamentos preventivos nas demarcacións Verín e Viana do distrito forestal XIV.	Concellos das demarcacións de Verín e Viana	48.380,64
XV	Infraestrutura preventiva nas demarcacións Limia e Baixa Limia do distrito forestal XV.	Concellos das demarcacións da Limia e A Baixa Limia	48.380,64
Total importe estimado dos contratos menores na provincia de Ourense:			528.290,85€

Táboa 27: contratos menores da provincia de Ourense.



Mellora de pistas forestais en Pontedevea, Distrito Forestal XII



CONTRATOS MENORES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA			
Distrito Forestal	Proxecto	Concellos	Importe de licitación (€)
XVI	Infraestrutura preventiva en montes dos concellos de Cerdedo-Cotobade e Forcarei do distrito forestal XVI. Pendente de proxecto	Cerdedo-Cotobade e Forcarei	33.559,11
XVI	Infraestrutura preventiva en montes dos concellos de Forcarei e Lalín do distrito forestal XVI. Pendente de proxecto	Forcarei e Lalín	46.976,54
XVII	Tratamentos preventivos en montes dos concellos de Arbo, As Neves e Salvaterra de Miño do distrito forestal XVII. Proposta 36104/25	Arbo, As Neves e Salvaterra de Miño	48.071,35
XVII	Infraestrutura preventiva e tratamentos preventivos en montes dos concellos de A Cañiza, Crecente e As Neves do distrito forestal XVII. Proposta 36105/25	A Cañiza, Crecente e As Neves	47.717,96
XVIII	Tratamentos preventivos en montes dos concellos de O Porriño e Gondomar do distrito forestal XVIII. Proposta 32111/25	O Porriño e Gondomar	45.417,46
XVIII	Infraestrutura preventiva en montes dos concellos da Guarda, Oia e Tomiño do distrito forestal XVIII. Proposta 36107/25	A Guarda, Oia e Tomiño	48.333,98
XIX	Infraestrutura preventiva en montes dos concellos de Catoira e Vilagarcía de Arousa do distrito forestal XIX. Proposta 36108/25	Catoira e Vilagarcía de Arousa	48.019,36
XIX	Infraestrutura preventiva en montes dos concellos de Meis, Poio, Pontevedra e Barro do distrito forestal XIX. Proposta 36109/25	Meis, Poio, Pontevedra e Barro	48.193,27
Total importe estimado dos contratos menores da provincia de Pontevedra:			366.289,03€

Táboa 28: contratos menores da provincia de Pontevedra.



Mellora de pistas en Hío (Cangas) no Distrito Forestal XIX



Mellora de pistas en A Lama, no Distrito Forestal XIX

TOTAL DOS CONTRATOS MENORES	IMPORTE (€)
Importe estimado dos contratos menores da Coruña	489.872,48
Importe estimado dos contratos menores de Lugo	490.412,21
Importe estimado dos contratos menores de Ourense	528.290,85
Importe estimado dos contratos menores de Pontevedra	366.289,03
Total importe estimado dos contratos menores:	1.874.864,57

Táboa 29: orzamento total dos contratos menores de 2025.

6.8.4. Subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios forestais

O 24 de xaneiro de 2025 publicouse no DOG a Orde do 30 de decembro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención de danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común (MVMC) e agrupacións forestais de xestión conxunta, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (Pepac) 2023-2027.

Estas subvencións poden percibilas as persoas titulares de MVMC e agrupacións forestais de xestión conxunta, para poñer en marcha as actuacións preventivas



contempladas na lexislación galega sobre incendios forestais. A finalidade é incentivar aos anteditos titulares na realización de traballos de silvicultura que contribúan a minorar as consecuencias e impactos negativos que os incendios forestais poidan provocar sobre a capacidade potencial de desenvolvemento e produción deses montes, de gran importancia na nosa comunidade e, en conxunto, sobre a fauna, a flora e a paisaxe de Galicia.

Os montes obxecto destas axudas deben dispoñer dun instrumento de ordenación ou xestión forestal inscrito no rexistro de montes ordenados ou ben estar adheridos a un modelo silvícola.

As actuacións que se subvencionan consistirán no control da biomasa en áreas devasa, devasas e faixas auxiliares de pista.

a) Áreas devasa. Subvenciónanse aqueles tratamentos que permitan reducir a carga de combustible nunha localización estratéxica do monte, de forma que se unha fronte de lume chega á mesma, a área devasa ofrezca unha oportunidade de extinción e permita anticipar unha estratexia de defensa eficaz e segura ante un incendio forestal, ou ben que esta sirva para desactivar o mecanismo de propagación do lume ou para reducir a súa intensidade.

Os tratamentos son de dous tipos:

a.1.) Áreas devasa en monte desarborado: Créanse en monte desarborado ou cunha fracción de cabida cuberta inferior ao 30 %, co fin de romper a continuidade horizontal e vertical do combustible forestal. Non se inclúen nesta actuación as superficies de rexenerado forestal natural. A actuación consistirá na roza a feito de toda a área, de forma que tras a mesma o mato non supere, en xeral, os 10 cm de altura. Estas áreas estarán deseñadas para que, en condicións normais, poidan deter o lume e servir de apoio aos medios terrestres nos labores de extinción. Cando as áreas teñan forma lineal, a anchura mínima das faixas será de 16 metros. As áreas devasa en monte desarborado realizaranse de forma mecanizada con rozadora de cadeas ou similar.



a.2.) Áreas de vasa en monte en rexeneración: crearanse en masas forestais procedentes de rexeneración natural que teñan un diámetro medio inferior aos 6 cm e unha densidade superior aos 3.000 pes/ha. Nelas realizarase a roza mecanizada por faixas do arborado en rexeneración e do mato, deseñando as faixas de forma que se reduza en dous terzos a superficie arborada. Tras a roza, a altura do mato non deberá superar, en xeral, os 10 cm. Nas entrefaixas, que supoñen un terzo da superficie da área cortalumes, realizarase unha roza superficial de penetración e rareo do rexenerado, deixando un distancia media entre os pés que permanezan tras o mesmo de dous metros como mínimo, axustándose, de ser o caso, ao modelo silvícola que proceda. Esta actuación incluírá a recollida de restos na entrefaixa e o amoreado destes nas faixas. Por último, realizarase a trituración dos restos da faixa con rozadora de martelos ou similar, de forma que a altura do mato logo da actuación non supere en xeral, os 10 cm.



b) Devasas: son infraestruturas lineais de defensa contra incendios consistentes en faixas continuas de terreo desprovistas de vexetación deseñadas para romper a continuidade horizontal e vertical das masas forestais. Subvenciónase o mantemento de devasas xa existentes, podendo incluír o aumento da súa anchura. As actuacións consisten na eliminación de toda a vexetación coa coitela frontal do bulldozer, deixando ao descuberto o horizonte superficial do solo. Nas zonas de pendente superior ao 20 % daranse cortes transversais á faixa, co fin de desaloxar as augas que discorran por ela e evitar a erosión. No caso de quedar cordóns entre pasadas, deberá quedar unha zona transitable para os vehículos do servizo de prevención de incendios forestais, sempre que a pendente permita o tránsito dos mesmos. A anchura da faixa cortalumes debe ser tal que, en condicións normais e en función da altura do arborado existente, deteña o lume e sirva de apoio aos medios terrestres nos labores de extinción. O mantemento de devasas será mecanizado e deberá facerse con bulldozer.

c) Faixas auxiliares de pista con ou sen roza da plataforma de rodadura: son faixas deseñadas ao longo das marxes das vías e camiños forestais nas que se elimina biomasa co fin de crear unha discontinuidade na masa forestal que limite a propagación de potenciais incendios forestais, e transforme estas vías en zonas seguras de evacuación ou que permitan protexer ao operativo de extinción nas diferentes manobras. Subvenciónase a eliminación do estrato arbustivo e subarbustivo en cada marxe do camiño ou vía, incluíndo a roza de gabias e noiros cando sexa viable tecnicamente. Se for necesario, poderase incluír na actuación a roza da plataforma do camiño. A altura do mato tras a roza non deberá superar, en xeral, os 10 cm. A roza da faixa auxiliar será mecanizada e poderá facerse con rozadora de cadeas ou similar, de brazo ou arrastrada.

O importe que se destina para financiar estas subvencións é de 3.900.000€, no ano 2025 o importe é de 2.500.000,00€ e no ano 2026 de 1.400.000€. Está previsto no ano 2025, ampliar o orzamento dispoñible nunha cantidade de 500.000€ e no ano 2026 en 1.000.000€.

A distribución prevista do orzamento para 2025 recóllese na táboa seguinte:



Provincia	Importe total previsto (€)
A Coruña	169.200,00
Lugo	542.100,00
Ourense	1.650.900,00
Pontevedra	637.800,00
Galicia	3.000.000,00

Táboa 30: orzamento total da prevención por danos no 2025.

A continuación recóllese unha previsión da superficie das actuacións de control selectivo de combustible a executar en 2025 (para un total de 12.633,8 ha solicitadas):

Provincia	Total (ha)
A Coruña	239,67
Lugo	1.163,75
Ourense	2.116,14
Pontevedra	782,23
Total	4.301,79

Táboa 31: superficies de actuación de control selectivo de combustible previstas para 2025.

6.8.5. Convenios coas entidades locais

Como xa se recollía cando se falaba das faixas secundarias, a Consellería do Medio Rural apoia aos concellos e Mancomunidades de municipios na xestión das súas faixas a través dos convenios para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025 e 2026 e dos convenios entre a Consellería do Medio Rural e as Mancomunidades de municipios para o desenvolvemento dun programa piloto no que se establecen 16 brigadas de prevención e extinción de incendios por un período de seis meses, ambas modalidades cofinanciadas parcialmente co Feader no marco do PEPAC 2023-2027.

Estes convenios promoven a cooperación en actuacións preventivas contra incendios forestais mediante a xestión de biomasa tamén nas faixas terciarias, coa aplicación de tratamentos silvícolas nas áreas forestais co fin de diminuír a carga de



combustible. Entre as actuacións que se poden desenvolver na rede terciaria de faixas están as seguintes:

a) Actuacións de prevención de incendios forestais executadas de forma manual polas brigadas como rozas, rareos e eliminación posterior de restos.

b) Tratamentos preventivos mecanizados con tractor dotado de apeiro rozador de cadeas ou similar.

Ambas actuacións enmárcanse na subintervención 68812_08 Colaboración coas entidades locais do PEPAC 2023-2027.

Para poder obter axuda para realizar estas actuacións, a entidade local ou a mancomunidade de municipios ten que presentar un Programa de actuacións preventivas (PAP) no que indiquen detalladamente os traballos mecanizados e manuais que queren realizar. Os PAP serán revisados polo persoal técnico dos distritos forestais e inspeccionados previamente sobre o terreo para verificar as superficies e a viabilidade dos traballos. Cando o informe resulte favorable a Comisión de seguimento do convenio aproba o programa, que queda así integrado no convenio e permite iniciar os traballos.

A entidade local, tanto no caso de traballos preventivos mecanizados como de traballos manuais, pode executalos a través dos seus propios traballadores ou pode contratalos ao abeiro da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.



Rozas manuais no distrito forestal V



Os traballos de prevención, dentro do ámbito municipal do concello ou, de ser o caso, dos concellos que integran cada Mancomunidade, poderán realizarse en:

- Vías e camiños municipais, áreas devasa ou faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal.
- Superficies sobre as que a entidade local ou a mancomunidade de municipios teña a cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo coa Lei 3/2007.
- Superficies nas que se teña acreditado descoñecer á persoa propietaria.
- Zonas de servidume de camiños e valgadas dentro das zonas de xestión de biomasa.

Amósase a continuación unha táboa resumo, na que se inclúen as 16 brigadas das mancomunidades (Intermunicipal Voluntaria do Ribeiro, Comarca de Verín, Comarca do Carballiño e Intermunicipal Voluntaria Terra de Celanova).

Provincia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Núm. brigadas	41	50	70	23	184
Núm. motobombas	14	31	16	11	72
Superficie máxima traballo manual (ha)	489,24	596,63	895,57	274,45	2.255,89
Superficie traballos mecanizados (ha)	4.921,68	5.838,50	5.852,10	1.582,92	18.195,20
Superficie máxima total prevención(ha)	5.410,92	6.435,13	6.747,67	1.857,37	20.451,09

Táboa 32: datos dos traballos de prevención conveniados coas entidades locais para 2025.



Rozas mecanizadas no distrito forestal V

6.9. Revisión do plan preventivo. Memoria e indicadores

Co obxectivo de facer o seguimento das medidas preventivas planificadas, anualmente elaborárase unha memoria coas actuacións realizadas e traballárase durante este ano no deseño de indicadores que permitan analizar o grao de cumprimento dos obxectivos fixados.

6.10. Orzamento

Co obxectivo de facer o seguimento das medidas preventivas planificadas, anualmente elaborárase unha memoria coas actuacións realizadas e traballárase durante este ano no deseño de indicadores que permitan analizar o grao de cumprimento dos obxectivos fixados.

Medidas preventivas	Importe do orzamento da comunidade autónoma de 2025 (€)
Capítulo VI: Inclúe a campaña de difusión nos medios de comunicación, a contratación de obras preventivas, e o acordo con Amtega para a mellora de Xesbio2.	10.421.000,00
Capítulo VII: Inclúe as subvencións, os convenios coas entidades locais e o convenio de faixas secundarias.	30.868.125,00
TOTAL	41.289.125,00

Táboa 33: orzamento do Plan de Prevención no 2025.



7. Plan de detección, disuasión, investigación e medidas correctoras

7.1. Introducción

Este Plan contribuirá a reducir o número de lumes e a influír positivamente no comportamento da poboación, co fin de evitar negligencias e exercer unha función disuasoria nos causantes de lumes intencionados, ao saber que a investigación, a presenza policial e a vixilancia é continuada e que non se limita só as épocas de maior perigo.

Por outra parte, para levar a cabo un rápido control dos lumes, é necesario contar cun sistema eficiente de detección dos mesmos, que permita iniciar a extinción o antes posible.

O Plan comprenderá as vertentes forestal e policial e articúlase en detección, disuasión e investigación.

7.1.1. Detección

Realízase basicamente pola Rede de puntos de vixilancia, polas cámaras da rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia e polas RPAS do proxecto de vixilancia e detección de actividade incendiaria, control de xestión da biomasa e investigación, complementándose con patrullas móbiles nas zonas que escapan á observación directa, agrupacións e asociacións con convenios de colaboración coa Consellería do Medio Rural e por parte do resto da cidadanía a través dos teléfonos 085 e/ou 112.

Ten como finalidade detectar os lumes que puideran aparecer no territorio e transmitilos aos centros de coordinación correspondentes.



7.1.2. Disuasión

Constituída basicamente polas forzas e corpos de seguridade, complementábase coa actuación de patrullas das forzas armadas con misión exclusivamente disuasoria a través dun convenio co Ministerio de Defensa.

Ten como finalidade exercer un efecto disuasorio nas zonas que se determinen.

7.1.3. Investigación

A investigación nas súas facetas policial e forestal nos incendios forestais, levaranse a cabo nos seguintes termos:

- Análise sobre as épocas de perigo.
- Establecemento, cobertura e estudo das Zonas de Especial Vixilancia.
- Investigación do maior número de lumes e seguimento do posterior uso das zonas queimadas.
- Estudo e seguimento das parroquias que rexistren unha alta actividade incendiaria.
- Incremento do número de detencións de presuntos incendiarios.

En xeral, trátase de continuar a potenciación das Brigadas de Investigación de Incendios Forestais (BIIF) nos distritos forestais, cuxa función principal será a investigación dos incendios forestais dentro do ámbito territorial do seu distrito en coordinación cos corpos e forzas de seguridade, así como velar polo cumprimento da Lei 3/2007, tal e como se detalla no apartado 7.4.5.

As BIIF traballarán con dependencia funcional coa Unidade de Investigación de Incendios Forestais (UIFO), creada en 2021 e formada por 15 membros da escala de axentes medioambientais, tal e como se detalla no apartado 7.4.6.



7.2. Obxectivos

Os obxectivos do Plan de detección, disuasión e investigación son os seguintes:

- Reducir o número de incendios orixinados por causa descoñecida ou sen especificar, por negligencias ou motivados por comportamentos intencionados de tipo delituoso.
- Reducir o número de incendios e superficies queimadas nas Zonas de Especial Vixilancia.
- Incrementar, respecto da media dos últimos cinco anos, a proporción de lumes detectados na súa fase inicial dende a rede de puntos de vixilancia e polas cámaras da rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia.
- Manter os recursos propios destinados ao Plan de detección, disuasión e investigación.
- Incrementar a localización de sospeitosos e a detención de presuntos incendiarios.
- Intensificar a colaboración coas forzas e corpos de seguridade, fomentando as canles de colaboración a través do Comité de coordinación policial antiincendios co obxectivo de incrementar a localización de sospeitosos e detención de presuntos incendiarios.

7.3. Actuacións para acadar os obxectivos

7.3.1. Dende a rede de puntos de vixilancia e vixilancias móbiles

- As xefaturas provinciais do SPIF determinarán, en función da actividade incendiaria en cada época de perigo, o número de puntos de vixilancia a activar e o número de quendas a establecer.
- Establecemento de patrullas de vixilancia móbil disuasoria, formada por persoal e vehículos perfectamente identificados.



- Establecemento de patrullas de vixilancia móbil encuberta, formada por persoal e vehículos sen identificación visible.
- Análise da rede de puntos de vixilancia e detección de incendios e determinación da porcentaxe de lumes detectados polos postos fixos de vixilancia.

7.3.2. Actuación nas Zonas de Alto Risco (ZAR)

Por Orde do 18 de abril do 2007 decláranse as Zonas de Alto Risco de incendios forestais (ZAR), que se recollen no mapa 3.1 do Pladiga, e que están compostas polos concellos que nela se relacionan. Segundo establece esta Orde, o resto dos concellos serán considerados incluídos en zona de medio risco de incendio forestal.

Nas ZAR levaranse a cabo accións máis intensas de vixilancia, disuasión e investigación que no resto do territorio. Nestas zonas aplicaranse as restricións e as medidas preventivas que correspondan cos valores do IRDI e que se especifican no punto 6.3.4.

Así mesmo, aos efectos da optimización dos recursos e medios policiais, priorizaranse aquelas parroquias de especial vixilancia policial, agrupadas nas Zonas de Especial Vixilancia (ZEV), ás que se refire o apartado 7.3.4.

7.3.3. Actuación nas Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI)

Neste punto identifícanse e delimitáanse as Parroquias de Alta Actividade Incendiaria.

Segundo a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia as parroquias de alta actividade incendiaria son aquelas incluídas en zonas declaradas como de alto risco que, polo número de incendios forestais reiterados ou pola súa gran virulencia, precisen medidas extraordinarias de prevención de incendios e de protección dos montes fronte aos impactos producidos por eles.



Nas Parroquias de Alta Actividade Incendiaria realizarase un seguimento exhaustivo de calquera actividade incluída no territorio e intensificaranse as actuacións de vixilancia e disuasión. Así mesmo, nas ditas zonas realizarase un control exhaustivo das axudas públicas concedidas e non se concederán autorizacións extraordinarias para a práctica do pastoreo nos terreos queimados (artigo 43.2 da Lei 3/2007).

Segundo o artigo 86.12 de Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo inscribíranse de oficio como zonas prohibidas as superficies queimadas naquelas parroquias definidas como de alta actividade incendiaria incluídas nas zonas declaradas como de alto risco de Galicia, durante o período que resulte por aplicación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

A definición das PAAI realízase segundo os seguintes criterios:

1. PAAI definidas polo número de incendios (NI) forestais reiterados

- ❖ Parroquias que entrarían a formar parte do listado de PAAI:

Aquelas parroquias que tiveron en media anual 7 incendios ou máis nos últimos cinco anos.

- ❖ Parroquias que saírían do listado de PAAI:

Aquelas que durante dous anos tiveran un número de incendios igual ou inferior á media de lumes por parroquia en Galicia dos anos correspondentes.

- ❖ Parroquias que entrarían de novo no listado PAAI:

Aquelas que despois de saír do listado tiveran calquera ano 7 incendios ou máis.

2. PAAI definidas pola gran virulencia dos incendios (GVI) forestais declarados

- ❖ Parroquias que entrarían a formar parte do listado de PAAI:

Aquelas parroquias que tiveron dous incendios ou máis, maiores de 200 ha nos últimos 10 anos e nas que a superficie total media por incendio sexa igual ou superior a 9 ha no mesmo período.



❖ Parroquias que sairían do listado de PAAI:

Aquelas nas que durante dous anos a superficie total media por incendio sexa igual ou inferior a 3 ha.

❖ Parroquias que entrarían de novo no listado PAAI:

Aquelas que despois de saír do listado tiveran calquera ano unha superficie total media por incendio igual ou superior a 9 ha.

Segundo estes criterios, no ano 2025 incorpóranse ao listado do ano anterior dúas parroquias, unha segundo o criterio 1 e outra segundo o criterio 2. A primeira incorpórase logo de saír do listado no ano 2021 e a segunda tras facelo no 2024. Por outro lado, saen do listado actual 16 parroquias, tres polo criterio 1, once polo criterio 2 e dúas por ámbolos dous criterios.

Deste xeito, o número total de PAAI no ano 2025 é de 26 (18 parroquias do criterio 1, 4 parroquias do criterio 2 e 4 parroquias de ambos criterios) e 24 delas repiten respecto ao listado do ano pasado. Todas elas represéntanse graficamente no mapa 3.2.

➤ **Relación de PAAI que saen do listado:**

Dist.	Concello	Parroquia	Crit.	Motivo	Indicador
4	Porto do Son	Ribasieira (San Fins)	GVI	Sup. 2 últ. anos <= 3 ha	0,00 ha.
8	Folgozo do Courel	Meiraos (Santa María)	GVI	Sup. 2 últ. anos <= 3 ha	0,00 ha.
12	Maceda	Castro de Escuadro (Santa Baia)	NI/GVI	Núm. inc. 2 últ. anos <= media (0,22) – Sup. 2 últ. anos <= 3 ha	0 inc. - 0,00 ha.
12	Padrenda	Padrenda (San Cibrán)	GVI	Sup. 2 últ. anos <= 3 ha	1,81 ha.
13	Carballeda de Valdeorras	Casaio (Santa María)	GVI	Sup. 2 últ. anos <= 3 ha	2,00 ha.
13	Chandrexa de Queixa	Queixa (Santa Cruz)	GVI	Sup. 2 últ. anos <= 3 ha	0,00 ha.
13	Manzaneda	Cernado (Santa María)	NI/GVI	Núm. inc. 2 últ. anos <= media (0,22) – Sup. 2 últ. anos <= 3 ha	0 inc. - 0,00 ha.



Dist.	Concello	Parroquia	Crit.	Motivo	Indicador
14	Cualedro	A Xironda (San Salvador)	GVI	Sup. 2 últ. anos <= 3 ha	0,56 ha.
14	Laza	Camba (San Salvador)	GVI	Sup. 2 últ. anos <= 3 ha	0,00 ha.
14	A Mezquita	Chaguazoso (Santiago)	NI	Núm. inc. 2 últ. anos <= media (0,22)	0 inc.
14	Oímbra	Bousés (Santa Baia)	GVI	Sup. 2 últ. anos <= 3 ha	0,01 ha.
14	Viana do Bolo	Grixa (San Pedro)	GVI	Sup. 2 últ. anos <= 3 ha	0,22 ha.
14	Vilariño de Conso	Sabuguido (Santa María)	NI	Núm. inc. 2 últ. anos <= media (0,22)	0 inc.
15	Baltar	Vilamaior da Boullosa (Santa María)	GVI	Sup. 2 últ. anos <= 3 ha	0,01 ha.
19	Caldas de Reis	Saiar (Santo Estevo)	GVI	Sup. 2 últ. anos <= 3 ha	0,00 ha.
19	Poio	Poio (San Xoán)	NI	Núm. inc. 2 últ. anos <= media (0,22)	0 inc.

Táboa 34: relación de PAAI que saen do listado.

➤ **Relación de PAAI que entran no listado:**

Dist.	Concello	Parroquia	Crit.	Motivo	Indicador
13	Chandrexa de Queixa	Requeixo (Santa María Madanela)	GVI	Sup. total media por incendio >= 9 (logo de saír no listado 2024)	47,25 ha
18	O Porriño	Pontellas (Santiago)	NI	Núm. incendios >=7 (logo de saír no listado 2021)	9 inc.

Táboa 35: relación de PAAI que entran no listado.



➤ **Relación de PAAI por provincia, distrito e concello para o ano 2025:**

Provincia	Distrito	Núm. de concellos	Núm. de parroquias
A Coruña	II	1	1
	IV	2	3
	TOTAL	3	4
Ourense	XI	1	1
	XIII	1	1
	XIV	5	11
	XV	2	4
	TOTAL	9	17
Pontevedra	XVI	1	1
	XVII	1	1
	XVIII	2	3
	TOTAL	4	5
GALICIA		16	26

Táboa 36: resumo do número de PAAI por provincia, distrito e concello.

➤ **Relación de PAAI para o ano 2025:**

Distrito	Concello	Parroquia	Criterio	Núm. inc. últ. 5 anos	Sup. total últ. 10 anos (ha)
2	Carballo	Carballo (San Xoán)	NI	35	60,61
4	Boiro	Cures (Santo André)	NI	26	2.411,32
4	Boiro	Boiro (Santa Baia)	NI	14	21,63
4	Lousame	Tállara (San Pedro)	NI/GVI	19	266,79
11	Melón	Quins (Santa María)	NI/GVI	16	744,00
13	Chandrexa de Queixa	Requeixo (Santa María Madanela)	GVI	14	665,19
14	Cualedro	San Millao (Santa María)	GVI	7	1.502,89
14	Cualedro	Montes (Santa Baia)	NI	23	1.811,02
14	A Gudiña	A Gudiña (San Martiño e San Pedro)	NI	28	1.888,47
14	A Gudiña	Pentes (San Mamede)	NI	21	882,21
14	A Gudiña	O Tameirón (Santa María)	NI	23	164,02
14	A Mezquita	O Pereiro (San Pedro)	NI	27	630,56



Distrito	Concello	Parroquia	Criterio	Núm. inc. últ. 5 anos	Sup. total últ. 10 anos (ha)
14	A Mezquita	Santigoso (San Simón)	NI/GVI	16	188,54
14	Oímbra	A Granxa (San Xoán)	GVI	6	470,53
14	Oímbra	Oímbra (Santa María)	NI	13	94,97
14	Vilariño de Conso	Chaguazoso (San Bernabé)	NI	16	1.194,78
14	Vilariño de Conso	Castiñeira (San Lourenzo)	NI	11	239,57
15	Calvos de Randín	Calvos (Santiago)	NI	13	21,54
15	Calvos de Randín	Randín (San Xoán)	NI	27	252,48
15	Muíños	Prado de Limia (San Salvador)	GVI	6	350,08
15	Muíños	Requiás (Santiago)	NI	23	983,59
16	Dozón	Dozón (Santa María)	NI	16	66,50
17	Arbo	Mourentán (San Cristovo)	NI/GVI	18	2.555,10
18	O Porriño	San Salvador de Budiño (San Salvador)	NI	17	18,49
18	O Porriño	Pontellas (Santiago)	NI	24	10,42
18	Salceda de Caselas	San Xurxo de Salceda (San Xurxo)	NI	25	39,67

Táboa 37: listado das Parroquias de Alta Actividade Incendiaria.

NI: parroquias definidas polo criterio de Número de Incendios.

GVI: parroquias definidas polo criterio de Gran Virulencia de Incendios.

7.3.4. Actuación nas Zonas de Especial Vixilancia (ZEV)

Dende **O Comité de coordinación policial antiincendios de Galicia** estableceranse os niveis de coordinación e transmisión de información para avanzar firmemente na loita contra a intencionalidade en materia de incendios forestais. Definiranse as Zonas de Especial Vixilancia (ZEV) e a súa cobertura polas forzas e corpos de seguridade. Os Comités provinciais (dependentes do anterior), elaborarán e desenvolverán os Plans operativos da súa provincia e levarán a cabo o seguimento da coordinación operativa. Ao mesmo tempo se levará a cabo o seguimento das superficies queimadas de acordo coas normas establecidas, co obxecto de apreciar a posible relación causa-efecto.



Nas ZEV levaranse a cabo accións de vixilancia, disuasión e investigación, procedendo ao seguimento de zonas queimadas e informando das actividades que nelas se desenvolvan.

Estas accións das forzas e corpos de seguridade serán reforzadas, nalgunhas zonas, por Patrullas do exército en virtude ao Convenio de colaboración que anualmente subscríbese entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Defensa.

7.3.5. Actuacións en zonas vulnerables afectadas por incendios forestais

Cando o lume se extingue, póñense de manifesto moitos dos seus efectos que poden ter a capacidade para afectar a numerosos recursos, infraestruturas, ecosistemas e paisaxe. Cando tras o lume conflúen na área queimada de relevo pronunciado, altos niveis de severidade no solo e na vexetación e elevadas precipitacións, existe un risco potencial de fortes alteracións na resposta hidrolóxica das concas afectadas, con grandes aumentos na escorrentía superficial e episodios erosivos intensos. Estes fenómenos favorecen a degradación do solo, un recurso fundamental para o mantemento da calidade e produtividade dos ecosistemas afectados, podendo ademais causar fortes escorrentías, ameazando diversos recursos valiosos dentro e fora da área queimada.

As accións de estabilización de emerxencia van dirixidas á mitigación deses riscos e comprenden un conxunto de medidas a curto prazo dirixidas a identificar ameazas para a seguridade de poboacións, propiedades e recursos críticos naturais e culturais e determinar a necesidade de tomar as accións inmediatas para xestionar eses riscos. Trátase de tarefas a realizar nun prazo breve de tempo (xeralmente uns meses e, en todo caso, ata un ano despois do incendio), focalizadas en protexer a seguridade das poboacións e so os recursos verdadeiramente esenciais. A implementación de tratamentos de estabilización de emerxencia de zonas queimadas que se fixo en Galicia durante os últimos anos supón, de feito, un cambio pronunciado de perspectiva con relación aos obxectivos, prazos e técnicas que se viñan empregando tradicionalmente nos labores de restauración noutros lugares de España e Europa.



As tarefas de avaliación do risco hidrolóxico-erosivo despois do incendio, polo seu carácter urgente, deben facerse dunha maneira coordinada e seguindo un protocolo que estableza con claridade os puntos esenciais a considerar, as accións a acometer e a súa esencia de execución. Os aspectos máis importantes nese protocolo son:

- A avaliación do impacto causado polo lume na área queimada (determinación da severidade do lume na vexetación e solo a través da análise de índices espectrais e mostraxes de campo) e cuantificación do risco.
- Estimación dos efectos potenciais fora da área queimada.
- Priorización das zonas de actuación en función dos puntos anteriores.
- Implementación e monitorización dos tratamentos.

Esa avaliación farase en coordinación co Centro de Investigación Forestal de Lourizán que se fará cargo ademais da monitorización dos tratamentos efectuados. Os resultados desa monitorización durante os últimos anos mostraron que é a cobertura do solo queimado ("*mulching*" ou acolchado) a técnica máis eficaz para reducir o risco hidrolóxico-erosivo.

7.4. Medios e recursos

O Plan de detección, disuasión e investigación estará dotado dos medios materiais e humanos que se desenvolven nos seguintes apartados:

7.4.1. Vixilancia fixa

A Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia implantouse no ano 2018, formada inicialmente por 88 cámaras instaladas en 44 localizacións, coa finalidade de facilitar as tarefas de vixilancia do monte galego e a detección temperá de incendios. Coa segunda fase de instalacións levada a cabo durante o 2020, alcanzouse un total de 120 cámaras en 60 localizacións, mentres que durante o ano 2021 desenvolveuse a terceira fase, durante a cal sumáronse 22 cámaras máis en 11 novos centros. No 2022 sumáronse



seis cámaras máis en tres novas localizacións que xunto coas dúas novas localizacións do 2023 fixaron o número total de cámaras de vixilancia dispoñibles en 153 unidades, localizadas en 76 puntos distribuídos ao longo do territorio. Coa ampliación realizada no ano 2024 de 24 cámaras máis en 12 localizacións, tres en cada unha das provincias, elevouse ata 177 o número de cámaras en 88 localizacións. Coa ampliación a realizar neste ano 2025, con dúas localizacións máis (unha nas Pontes e outra en Mondariz) chégase ás 181 cámaras en 90 localizacións, tal e como se representa no mapa 4.2.

Estas cámaras contan cunha tecnoloxía de última xeración en formatos pedestal e domo, especialmente deseñada para exteriores e vixilancia forestal, con zoom remoto, movemento horizontal e vertical, rotación nos 360° automática e baixo demanda, visión panorámica e altas capacidades de gravación.

Á hora de establecer a localización das cámaras tívose en consideración o feito de que proporcionen cobertura visual das zonas nas que se rexistra unha maior actividade incendiaria, con especial atención ás Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI) e ás zonas de alto risco de incendios (ZAR).

En caso de detectarse lumes permiten a visualización en directo e o seguimento da súa evolución en tempo real, sendo un mecanismo de apoio á toma de decisións durante a extinción dos lumes.

Por outra banda, a rede de puntos de vixilancia, que está constituída polos postos de vixilancia localizados en edificacións ou instalacións aprobadas pola Consellería do Medio Rural, consta actualmente de 44 postos de vixilancia. A distribución dos ditos postos é a que figura no anexo 5 e represéntase graficamente no mapa 4.1.

A dotación de medios humanos na rede de puntos de vixilancia dimensionarase segundo as necesidades do servizo con vixilantes repartidos en quendas de traballo na época de maior perigo de incendios, reducíndose a presenza de persoal nas épocas de perigo baixo e moderado.



7.4.2. Vixilancia móbil

Realizarase vixilancia móbil mediante RPAS, patrullas con capacidade para realizar un primeiro ataque e axentes facultativos medioambientais ou axentes forestais colaborando na extinción de incendios co resto do operativo en caso necesario.

7.4.3. Forzas e corpos de seguridade

A Garda civil, a Policía autonómica e a Policía nacional reforzarán mediante a súa actuación aquelas zonas definidas polo Comité de coordinación policial antiincendios como **Zonas de Especial Vixilancia**.

7.4.4. Forzas armadas

En virtude do convenio de colaboración subscrito anualmente entre o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia para a prevención de incendios forestais en Galicia, comprométese a levar a cabo os despregamentos operativos de patrullas terrestres, con misión de vixilancia e disuasión, compostas por militares cun total de 35 patrullas terrestres (logo do incremento en cinco patrullas respecto anos anteriores) e dous equipos de mantemento móbil. O período de activación será do 15 agosto ao 30 de setembro, ambos inclusive. Durante o mes de agosto levará a cabo a fase de recoñecemento.

7.4.5. Brigadas de Investigación de Incendios Forestais (BIIF)

Estas brigadas, dotadas convenientemente dos medios materiais necesarios para realizar a súa misión, encadraranse dentro do dispositivo de vixilancia independentemente do requirimento necesario nos labores de extinción.

A principal función das BIIF é a da investigación dos incendios forestais do distrito forestal ao que se atopen asignadas, baseándose na análise das evidencia físicas, das actividades humanas e na recollida e análise de información de testemuñas.



As BIIF traballarán cunha dependencia funcional coa UIFO e en coordinación cos corpos e forzas de seguridade para obter un único informe de investigación, que sexa o que se traslade ao Ministerio Fiscal no caso de existir sospeitosos. Para facer unha boa investigación requírese persoal dedicado a este labor, de xeito que se lle dará máxima prioridade ao traballo de investigación á hora de integrar aos axentes BIIF nas quendas dos distritos forestais.

As BIIF dos distritos forestais de Galicia tamén inspeccionarán de oficio os predios afectados por incendios forestais no caso de que as condicións destes predios dificultasen os labores de extinción ou creasen riscos especiais para a poboación. O obxectivo é facer cumprir a obriga xeral do artigo 3.4 da Lei 3/2007 de manter os terreos forestais e de influencia forestal en condicións tales que contribúan a previr ou evitar os incendios forestais. Estas actuacións realizaranse en:

1. Redes de xestión da biomasa da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia: inspeccionaranse de oficio os predios incluídos nas redes de xestión da biomasa definidas nos artigos 20, 20bis, 21 e 21bis da lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. No caso de que incumpran os criterios de xestión da biomasa emitirase o correspondente informe/denuncia. O expediente sancionador incoarase contra as persoas responsables segundo o artigo 21 ter da lei 3/2007.
2. Repoboacións forestais que contraveñan o disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia: inspeccionaranse de oficio as repoboacións forestais afectadas polo lume. Cando sexan ilegais ou non se axusten ás distancias establecidas na Lei 7/2012 de montes emitirase un informe/denuncia e incoarase o correspondente expediente sancionador contra a persoa responsable.
3. Predios de terra agroforestal situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia: aqueles que poidan encontrarse en situación de abandono ou infrautilización, os predios para os que se leve a cabo a



investigación da propiedade ao abeiro desta lei, aqueles que pretendan incorporarse ou estean incorporados ao Banco de Terras de Galicia ou aqueloutros que estean ou poidan estar incluídos nalgún dos instrumentos de recuperación de terras desenvolvidos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación de terras agrarias de Galicia.

4. Terreos forestais con primas relacionadas coa súa xestión: Inspeccionaranse os terreos forestais afectados polo lume nos que existan primas relacionadas coa súa xestión.

7.4.6. A Unidade de Investigación de Incendios Forestais (UIFO)

En 2021 creouse a Unidade de Investigación de Incendios Forestais (UIFO) formada por 15 membros da escala de axentes medioambientais e con dependencia funcional e xerárquica do Director Xeral de Defensa do Monte. A desvinculación dos axentes do ámbito territorial tradicional do distrito permite:

- Unha mellor focalización dos axentes naquelas zonas do territorio galego máis afectadas en períodos de alto risco ou en situacións de períodos de alta actividade incendiaria.
- Especialización do persoal desta Unidade tanto nas materias propias da investigación sobre o terreo como na tramitación administrativa e xudicial dos procedementos, ao quedar os axentes desvinculados das outras tarefas habituais do resto da escala.
- A posibilidade de deseñar e impartir unha formación especializada necesaria para a tarefa propia da Unidade.
- Análise sobre as épocas de perigo.
- Establecemento, cobertura e estudo das Zonas de Especial Vixilancia.
- Investigación do maior número de lumes e seguimento do posterior uso das zonas queimadas.



- Estudo e seguimento das parroquias que rexistren unha alta actividade incendiaria.
- Incrementar o número de detencións dos presuntos incendiarios.
- Mellorar no coñecemento das causas e motivacións.
- Ao estar desvinculados da extinción, posibilidade de investigación en tempo real da ocorrencia do incendio forestal dun xeito desvinculado á propia extinción, o que redunda nunha maior efectividade das investigacións.

7.4.7. Teléfono específico e gratuito de denuncias anónimas contra conductas incendiarias

En estreita colaboración coas forzas e corpos de seguridade do Estado, dende o 28 de xuño de 2019 púxose en marcha un número de teléfono específico e gratuito que permite denunciar condutas incendiarias e calquera actividade destinada a provocar incendios forestais, garantindo en todo momento o anonimato do denunciante. O número é o **900 815 085**.

Traballase cun protocolo común e consensuado que permita recoller información clave e necesaria para activar as debidas liñas policiais de investigación, co fin de acadar maiores cotas de eficacia na detección e posta a disposición xudicial dos presuntos incendiarios, observando en todo momento o correcto emprego dos datos recadados a través desta liña.

O servizo está atendido por persoal debidamente cualificado e con dilatada experiencia na xestión de centros de chamadas telefónicas (*call center*), atención á cidadanía e interacción con organismos, con altos volumes de demanda, reparto aleatorio e configuracións a medida.

Facilítase, deste xeito, unha vía de cooperación cidadá, que permita á poboación colaborar na loita contra a lacra dos incendios forestais, alertando sobre actividades



sospeitosas e subministrando calquera información que aporte valor nunha investigación policial presente e futura.


7.4.8. Melloras tecnolóxicas postas en marcha ou en estudo

As ferramentas tecnolóxicas cobran cada vez maior importancia á hora de planificar a prevención e defensa contra os incendios forestais. No anexo 8 descríbense as aplicacións informáticas utilizadas para a mellora da xestión de múltiples tarefas realizadas polo SPIF.

A continuación recóllense as melloras tecnolóxicas máis destacadas xa en marcha ou en estudo para o ano 2025:

- **Integración en tempo real das cámaras dos helicópteros de extinción**

Despregue e integración de novas cámaras de alta definición, dispostas nos helicópteros de extinción, que consolidan unha información operacional de alto valor, con vistas de aproximación aérea e cenital, dende o propio incendio forestal. Incorporáanse ás matrices de visualización xa existentes e complementan o vídeo xa dispoñible dos helicópteros de coordinación e da propia Rede de Vixilancia dos Espazos Forestais de Galicia. Conéctanse con tecnoloxía *bonding multi-SIM*, que permite sumar as redes móbiles dos distintos operadores de telecomunicacións e acadar un ancho de banda suficiente para a transmisión de vídeo de calidade en tempo real.





- **Rede wifi en bases aéreas**

Despregue de rede wifi en todas as bases aéreas, permitindo conectividade a internet en dispositivos móbiles, co fin de habilitar a consulta de datos de observación e predición meteorolóxica, partes de voos, información operacional, etc. Adecuación da infraestrutura e electrónica de rede de datos vixente en cada base aérea.




- **Melloras nos plans de operación: caracterización e manobras sectorizadas**

Coa ampliación das ferramentas integradas do plan de operación, cada xefe de sector pode incorporar a caracterización de detalle e as manobras específicas a desenvolver no seu propio ámbito de actuación. Esta información amplía e complementa o plan de operación global, permitindo agregar a demanda a información específica de cada sector, en función da intervención xeral ou de máximo detalle que se requira acadar. Os esforzos de implantación do SEMOP e do plan de operación, moi especialmente en lumes complexos e con gran concentración de recursos, e os múltiples simulacros e xornadas de formación realizados, achegan coñecemento experto e altos grados de




madurez, que redundan nunha mellora das habilidades tecnolóxicas operacionais e das propias ferramentas de información xeográfica despregadas en XeoCode e XeoCode Lite.



- **Obtención do IRDI por concellos e ampliación do horizonte de predición**

Xeración do índice de risco diario de incendios (IRDI) en función dos límites de concellos, facilitando e mellorando a toma de decisións a nivel municipal. Amplíase o horizonte temporal, cunha predición a tres días, actualizada diariamente e compartida coa cidadanía no portal web da Xunta de Galicia.




Concello	
CONCELLO	RISCO
Rubíá	Moderado
Sada	Baixo
Salceda de Caselas	Baixo
Salvaterra de Miño	Baixo
Samos	Alto
San Amaro	Moderado
San Cibrao das Viñas	Baixo
San Cristovo de Cea	Moderado



- **Ampliación da información de capas xeográficas**

Os sistemas de información xeográfica a medida permiten a combinación e intersección de múltiples e diversas fontes de información en tempo operacional. Aproveitando as funcionalidades avanzadas de análise espacial, continúan integrándose capas vectoriais que posibilitan unha toma de decisión informada e precisa. Entre as fontes de información incorporadas e actualizadas, destacan a visualización específica da rede de hidrantes, os perímetros de queimas prescritas executadas, a nova información de rede eléctrica e a última capa de montes veciñais en man común entre outras.



- **Sinatura dixital do Parte de Incendio Forestal**

Avanzando na eficiencia da administración electrónica, e trala pertinente validación dos datos introducidos, estableceuse un enlace automático entre a aplicación XLumes Codificador e o portal corporativo de *Portasinaturas*, que permite asinar dixitalmente o Parte de Incendio Forestal. Unha vez asinado, o parte almacénase co seu código de verificación electrónica (CVE) nos repositorios de información e queda pechado a efectos de edición. A sistematización acadada mellora a calidade e validez da información dispoñible e reduce sensiblemente os tempos de consolidación da estatística anual.



XLumesCodificador (3.9.3.1)

Archivo Edición Gestión Navegación Herramientas Idioma Ayuda

General | Gestión de Recursos | Parte Incendio (Hoja 1) | Parte Incendio (Hoja 2) | Parte Montes (Hoja 1) | Parte Montes (Hoja 2) | Inconsistencias | Cuadro de mando inconsistencias

1. Localización

Comunidad Autónoma: Entidad Menor: Término Municipal: Nº de municipios afectados:
Comarca o Isla: Provincia: Lugar: Nº de puntos de inicio del incendio:

2. Tiempos

2.1. Detección: 2.3. Llegada medios aéreos extinción:
2.2. Llegada medios tierra: 2.4. Llegada brigada helitransportada: 2.5. Llegada de la primera aero:
2.6. Incendio controlado:

3. Detección

3.1. Primera notificación del incendio desde el 112: Sí No

3.2. Detectado por: Vigil Fijo Agen. Forest. Vigil. Móvil Aeronave Particular CC y FF de segu. Demas. Automát.

3.3. Iniciado Junto a: 3.3.1. Tipo de área: Área agrícola Área ganadera Área militar Área urbana residencial Área urbana industrial Área forestal Lugares Afiliación Excursionistas Vías Férreas Líneas Eléctricas 3.3.2. Iniciado junto a:

4. Causa del Incendio

4.1. Investigación de la causa: Realizada No Realizada 4.2. Certeza de la causa: Certa Supuesta 4.3. Autorización de la Actividad: No Permitida Autorizada Sin Autorización No Necesaria

4.5. Causa del siniestro: Motivación: 4.6. Causante: Identificado

5. Condiciones de Peligro en el Inicio del Incendio

5.1. Datos Meteorológicos: Estación: Hora Medida: Humedad Relativa:
Días desde la Última Lluvia: Temp. Máxima: °C Viento - Velocidad:

5.2. Modelos de Combustibles en la Zona de Incendios: Pastizales Matorrales Bosques

6. Tipos de Fuego

6.1. Tipo de Fuego: De Superficie De Copas De Subsuelo 6.2. Otros: Focos secundarios

Fuente: 1007518/001 | Incendio controlado | p.spgs-c02-2003-eu0303

DATOS XERAIS DO INCENDIO

Núm. de parte:

1. Localización:

Comunidad Autónoma: Provincia:
Distrito: Concello (nome):
Parroquia: Paraxe:
Nº de concellos afectados: Cód. de concellos afectados:

Cuadrícula Mapa Militar: Folia: Cuadrícula:
U.T.M. Fuso: Datum: X Y

Núm. puntos de inicio del incendio:

2. Tiempos:

	Día / Mes / Año	Hora	Minuto
2.1. Detección	01 / 01 / 2025	13	00
2.2. Llegada primeros medios por terra	01 / 01 / 2025	13	25
2.3. Llegada primeros medios aéreos			
2.4. Llegada de primera brigada helitransportada			
2.5. Llegada de primera aeronave de coordinación			
2.6. Incendio controlado	01 / 01 / 2025	13	40
2.7. Incendio extinguido	01 / 01 / 2025	14	28

3. Detección:

3.1. Primera notificación do incendio desde o 112: Sí Non Cod. v. fixo:

3.2. Detectado por: Vigilante móbil Aeronave Chamada particular CC e FF. seguridade
 Agen. forestal Base / CDF Excursión Outros

3.3. Iniciado xunto a:

3.3.1. Tipo de área: Área agrícola Área ganadera Área militar
 Área urbana residencial Área urbana industrial Área forestal
3.3.2. Lugar: Lugares con afluencia de excursionistas Vías férreas Líneas eléctricas
 Vertedores Autopista/estrada Pista/camiño Senda Edificacións Outros

4. Causa do incendio

4.1. Investigación da causa: Realizada Non realizada

4.2. Certeza da causa: Certa Suposta Non necesaria

4.3. Autorización da actividade: Non permitida Autorizada Sen autorización Non necesaria

4.4. Grupo da causa: Naturais Accidente Neglixencia Intencionada Sen determinar

4.5. Causa do siniestro: Motivación: Identificado

Intencionada Non intencionada

Non intencionadas

<input type="checkbox"/> Queimas agrícolas	<input type="checkbox"/> Fumos de fogos de campo
<input type="checkbox"/> Queimas ganaderas	<input type="checkbox"/> Fumos de fogos de campo
<input type="checkbox"/> Control de vexetación	<input type="checkbox"/> Fogos eléctricos
<input type="checkbox"/> Traballo forestal	<input type="checkbox"/> Fogos eléctricos
<input type="checkbox"/> Foguetes e prelos	<input type="checkbox"/> Fogos eléctricos
<input type="checkbox"/> Causa descoñecida	<input type="checkbox"/> Fogos eléctricos
<input checked="" type="checkbox"/> Incendio reproducido	<input type="checkbox"/> Fogos eléctricos

4.6. Causante: Identificado Non identificado

4.7. Clase de día: Festivo Sábado Laborable víspera festivo Laborable



8. Plan de extinción. Situación 0 e 1

8.1. Introducción

De acordo cos principios de **intervención rápida, acción de conxunto e concentración de esforzos**, no Plan de extinción recóllense os medios humanos e materiais (detallados no anexo 3), a súa distribución territorial, o sistema de manexo de emerxencias para incendios forestais de Galicia e o procedemento operativo xeral exposto no apartado 8.5.

A dirección das accións de extinción serán competencia do distrito forestal no seu ámbito territorial, sendo coordinadas polo Servizo de Prevención de Incendios Forestais de cada provincia e pola Subdirección Xeral de Extinción para os ámbitos provincial e autonómico respectivamente.

Na actualidade e, de acordo co Peifoga, a clasificación dos lumes depende do establecemento previo dun **índice de gravidade potencial**, en función do cal se declarará unha **situación operativa**, desenvolvéndose no presente documento na súa totalidade a fase de actuación na Situación 0 e Situación 1.

Os centros de coordinación de distrito forestal, para aqueles lumes nos que o Peifoga estea en **Situación 0 ou 1**, coordinarán tódolos medios terrestres presentes na súa zona, con independencia da súa pertenza ao SPIF, á administración local ou calquera outra, incluídos os apoios interprovinciais ou doutras consellerías.

8.2. Obxectivos do Plan

- Redución das superficies queimadas por lume.
- Defensa das masas arboradas.
- Defensa dos espazos naturais protexidos.



- Diminución do tempo medio de reacción por debaixo da media dos últimos 10 anos (2015 a 2024), que se establece en 22 minutos.
- Diminución do tempo medio de control por debaixo da media dos últimos 10 anos, que se establece en 2 horas e 44 minutos.
- Diminución da duración media dos lumes por debaixo da media dos últimos 10 anos, que se establece en 5 horas e 18 minutos.
- Diminución do número de reproducións.

8.3. Actuacións para acadar os obxectivos

- Determinar os medios necesarios para a extinción.
- Establecer as quendas de traballo para axeitar os medios e o esforzo de extinción en cada momento segundo a carga de traballo.
- Apoiar aos medios de extinción nas zonas que veñen rexistrando un maior número de lumes. Para iso, os centros de coordinación efectuarán un seguimento diario da incidencia dos lumes por distritos e concellos en previsión de crise e en función do IRDI.
- Adecuar e implantar un sistema de manexo de emerxencias que asegure a interacción eficaz entre diferentes equipos calquera que sexa a administración á que pertencen e para favorecer a acción conxunta e a asistencia recíproca entre os mesmos.
- Actualizar o Manual de Operacións Aéreas.
- Xestionar e actualizar a nivel provincial e autonómico os medios aéreos.
- Xestionar e actualizar a nivel provincial a dispoñibilidade de maquinaria pesada.
- Confeccionar unha relación da maquinaria pesada indicando tipo, pertenza, emprazamento e dispoñibilidade.



- Ter previsto os gabinetes de crise nas Situacións 0 ou 1 aos distintos niveis:
 - **Central**
 - Conselleiro/a do Medio Rural.
 - Director/a xeral de Defensa do Monte.
 - Subdirector/a xeral de Extinción ou xefe/a de garda.
 - Técnico/a de garda.
 - Asesores que, en cada caso, se estimen necesarios.
 - **Provincial**
 - Xefe/a do departamento territorial da Consellería do Medio Rural.
 - Xefe/a provincial do Servizo de Prevención de Incendios Forestais ou xefe/a de garda.
 - Técnico/a de garda provincial.
 - Asesores/as que, en cada caso, se estimen necesarios.

8.4. Sistema Estrutural de Mando Operativo (SEMOP)

No ámbito da defensa dos nosos montes fronte aos incendios forestais, resulta necesario establecer un procedemento de actuación na emerxencia baixo un mando unificado que permita afrontala con eficacia, apostando por unha estrutura de dirección e a súa organización baseada no Sistema de Manexo de Emerxencias estadounidense (Incident Command System-ICS), seguindo as recomendacións das conferencias internacionais de incendios forestais, da *Área de Defensa contra Incendios Forestales* da *Administración General del Estado* así como, do exposto de xeito xeral, no recente Real Decreto-Lei 15/2022, do 1 de agosto, polo que se adoptan medidas urxentes en materia de incendios forestais.



Este ICS desenvólvese especificamente para o caso dos incendios forestais (aínda que pode ser empregado para case todo tipo de emerxencias), permitindo coordinar un elevado número de medios, facilitando a súa integración no esquema xeral do dispositivo e permitindo optimizar o uso dos recursos dispoñibles.



Tendo en conta a natureza desta organización, o seu alcance e a súa finalidade, denominouse como **Sistema Estructural de Mando Operativo** (en diante **SEMOP**), ao procedemento que define a estrutura organizativa a despregar no incendio, a xestión da información, o traballo en equipo, as comunicacións por radio e a coordinación con outros medios para todas aquelas incidencias por incendios forestais que afecten ao territorio galego.

A directriz básica do SEMOP é a de homoxeneizar os procedementos de actuación para futuras incidencias, tendo en conta a adaptación do modelo orixinal ás particularidades do dispositivo de extinción galego, do territorio e dos demais recursos que poidan intervir na emerxencia.

O deseño deste sistema é modular (estrutura xerárquica piramidal) e permite a súa aplicación nos distintos niveis de complexidade organizativa da extinción do lume, podendo expandir ou encoller a súa estrutura en función da evolución do lume, pasando dende unha organización simple ata unha de maior complexidade.



Polo xeral, desenvólvense as seccións correspondentes ás operacións e á planificación e, de forma básica, á sección de loxística, xa que os propios distritos forestais xestionan boa parte desa loxística de forma habitual, non sendo necesaria a sección económica (centralizada a nivel da DXDM). O desenvolvemento destas seccións non debería precisar de máis dun responsable para cada unha delas, sendo posible dispoñer dalgún axudante en caso necesario.

Tódalas unidades operativas e de mando tomarán as súas decisións co obxectivo de minimizar os danos producidos polo lume, atendendo prioritariamente á seguridade dos combatentes e das posibles persoas afectadas. O desenvolvemento dos organigramas de mando irase adaptando á evolución e características de cada lume, tendo sempre en conta a evolución da organización do dispositivo de operacións en base a este sistema xa dende o primeiro momento do comezo da extinción.

A distribución de tarefas entre distintas funcións obriga a compartir información de forma fluída e eficaz entre as persoas que compoñen o dispositivo, para o que se dispoñerá dos mecanismos e canles necesarios para o intercambio de información, mediante unha terminoloxía común e mantendo un nivel de supervisión manexable (interlocutores habituais).

8.4.1. Medios e recursos

8.4.1.1. Medios do Pladiga

Os medios contemplados no Pladiga e detallados no correspondente anexo 3, son:

- Os medios propios da Consellería do Medio Rural, de entidades públicas e entidades privadas.
- Os medios propios da Administración local, incluíndo as brigadas de prevención e extinción así como os vehículos motobomba segundo convenio.



- Os medios contemplados no Plan contra incendios forestais estatal do Ministerio de Transición Ecolóxica y Reto Demográfico (Miteco) para o apoio ás CCAA.
- Os apoios puntuais de medios das CCAA limítrofes coas que exista convenio ou acordo.
- O resto dos medios do Estado previstos para o apoio ás comunidades autónomas non se considerarán medios alleos aos efectos de cambios de situación operativa.

8.4.1.2. Unidades de intervención

Elemento básico da estruturación dos medios operativos do Servizo de Prevención de Incendios Forestais (SPIF) que pode agruparse nas seguintes entidades definidas:

- **Brigada helitransportada:** unidade básica de ataque do SPIF, composta por bombeiros forestais especialistas na loita contra incendios, transportados normalmente en helicóptero e ao mando dun responsable (técnico/a, axente ou xefe/a de brigada). Ten diferente número de compoñentes segundo o tipo de brigada que sexa o que determinará a súa dispoñibilidade de ferramenta e polo tanto a súa capacidade para participar nas diferentes fases de extinción do lume. Normalmente traballa facendo equipo co seu medio aéreo ou con vehículos motobomba no caso de facer tendido de manguera.
- **Brigada terrestre:** unidade básica de ataque do SPIF, composta por bombeiros/as forestais especialistas na loita contra incendios ao mando do/a xefe/a de brigada e dotada de medios para a participación en calquera das fases de extinción do lume así como na súa prevención. Normalmente traballa facendo equipo con vehículos motobomba.
- **Equipo multifunción Batracio:** conformado por un tractor forestal, cisterna, apeiro triturador e unha lámina frontal multifunción con



capacidade de traballo en múltiples tarefas, tanto en labores de prevención como de extinción.

- **Maquinaria pesada:** unidade composta por maquinaria pesada e a súa dotación auxiliar correspondente e dotada de enlace radio estandarizado.



- **Medio aéreo:** unidade de intervención composta por un medio aéreo e a súa tripulación, con misións de extinción, vixilancia ou coordinación.
- **Vehículo motobomba:** unidade motorizada con capacidade de transporte e abastecemento de auga (capacidade comprendida entre 2.500 e 4.500 litros) con dotación de, polo menos, un condutor e dotada de enlace radio estandarizado. De forma xeral traballará facendo equipo con polo menos unha brigada.





- **Vehículo nodriza:** unidade motorizada con capacidade de transporte e abastecemento de auga (capacidade superior a 10.000 litros), con dotación de, polo menos, un condutor e dotada de enlace radio estandarizado.

8.4.1.3. Equipos de intervención

Conxunto de **dúas ou máis unidades de intervención** que afrontan un mesmo obxectivo, desenvolvendo o seu labor nunha área específica dentro do espazo de traballo definido polo incendio forestal. Nomearase **un/unha xefe/a de equipo** que será o/a encargado/a de manter a comunicación coas unidades que o conforman e co/a xefe/a de sector ou superior/a ao mando designado segundo a estrutura organizativa establecida. Os equipos serán organizados polo/a DTE ou figura responsable das operacións na que delegara. A figura de xefe/a de equipo será desempeñada polos/as xefes/as de brigada ou técnicos/as de brigada helitransportada.

8.4.1.4. Grupos operativos

Para a execución das accións previstas neste plan e ante unha emerxencia por un lume forestal, constitúense total ou parcialmente os seguintes grupos operativos:

- **Grupo de intervención:** funcións de detección, aviso e extinción, constituído para todas as situacións. No caso de que un incendio forestal chegue a afectar a zonas habitadas, a intervención nesas zonas estará dirixida polo Servizo de Prevención Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS-bombeiros) que corresponda.
- **Grupo de apoio loxístico e seguridade:** funcións de seguridade cidadá, control de accesos, evacuación, confinamentos, albergue. Constituído para situación 1 ou superiores.
- **Grupo sanitario:** triaxe, atención, traslado de feridos e atención psicolóxica e social. Constituído para situación 2 ou superiores, en función das necesidades da emerxencia.



8.4.1.5. Figuras operativas. Funcións

Director/a Técnico/a de Extinción (DTE)

É o/a responsable máximo/a da dirección de extinción do incendio segundo o establecido no artigo 47.1 Traballos de extinción da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes: *“O director ou responsable técnico das tarefas de extinción ten a condición de axente da autoridade e poderá mobilizar medios públicos e privados para actuar na extinción, de acordo cun plan de operacións”.*

Con carácter xeral, as funcións do/da Director/a Técnico/a de Extinción son as seguintes:

- Realizará unha **avaliación permanente** do incendio con base nos datos adquiridos sobre o propio terreo, cartografía, tipo de combustible, infraestruturas, **seguimento das actuacións** dos medios humanos e materiais de que se dispoñen, as medidas que se foron aplicando e os prognósticos meteorolóxicos que afectan ao seu desenvolvemento. Como consecuencia desta avaliación realizará unha **proposta do índice de gravidade potencial** do lume e dos medios que se han de empregar ou as accións que se executarán para a extinción do incendio.
- Establecerá e executará o **plan de extinción**.
- Informará ao CCD de:
 - Características do lume, tipo de incendio, intensidade, velocidade de propagación, etc.
 - Tipo de vexetación.
 - **Proposta da gravidade potencial do lume** segundo a escala establecida no Peifoga.
 - Primeira estimación da superficie queimada.
 - Necesidade de reforzos, especificando tipo e cantidade dos mesmos.



- Riscos engadidos e potenciais.
- Plan de extinción.
- Coordenadas aproximadas do punto de inicio.
- Permanecerá en contacto co CCD, achegando a información que este lle solicite e dando conta cada media hora ou cando se produza algunha incidencia ou cambio na evolución do lume, tendo especial conta da posibilidade de ter que realizar o despregue de ataque ampliado (en lumes de tipo B) ou ataque avanzado (lumes de tipo C).
- Cando a cantidade de medios existentes comece a saturar a rede de comunicación establecida, **solicitará ao CCD a asignación de máis canles** de traballo de acordo co estipulado no procedemento operativo de referencia. No caso de ser necesario, por propia iniciativa ou a instancias do CCD, dará as instrucións necesarias para a implantación dun *Gateway* ou *repetidor*.
- Solicitará ao CCD todos os medios necesarios para os labores de extinción, de control e liquidación.
- Cando as circunstancias o requiran poderá solicitar ao CCD a incorporación de integrantes da UDEX e da UTA, así como a constitución do Posto de Mando Avanzado (PMA) e propondrá a súa localización máis idónea.
- Cando o estime necesario (nivel A) ou sexa obrigatorio (nivel B), establecerá un punto de recepción de medios (PRM) asignados ao lume, sempre en coordinación co CCD.
- **Dirixirá o grupo de intervención**, para todas as situacións declaradas, ordenando as distintas tarefas necesarias para a extinción, control e liquidación do lume, e supervisando as mesmas.



- No caso de **lumes para os que se estableza a Situación 2** dirixirá ao grupo de intervención e informará e asesorará ao/á director/a do PMA e ao/á director/a do Plan.
- Será o/a responsable do persoal ao seu cargo e observará e velará polo cumprimento das normas básicas de seguridade e polo emprego do equipamento de protección persoal dos membros do seu grupo, para o que contará co apoio e responsabilidade dos mandos intermedios participantes na extinción.
- En función da cantidade de recursos dispoñibles e das características do lume, o/a DTE, **poderá propoñer** ao CCD os/as xefes/as de sector, así como outro persoal que necesite para os traballos de operacións, loxística e planificación, segundo o recollido no procedemento operativo en relación co tipo de ataque a desenvolver. Este proceso levará aparellada a sectorización das comunicacións.
- Conforme ao punto 6 do artigo 48 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios de Galicia, "En situacións de emerxencia, cando para a extinción dun incendio forestal fora preciso, a persoa directora ou responsable técnica das tarefas de extinción poderá mobilizar os medios públicos e privados para actuar na extinción de acordo cun plan de operacións. Así mesmo, poderá dispoñer, cando sexa necesario e aínda que non se poida contar coa autorización das persoas titulares respectivas, a entrada de equipos e medios en predios forestais, agrícolas ou gandeiros, a circulación por camiños privados, a apertura de brechas en muros ou cercas, a utilización de augas, a apertura de devasas de urxencia e a queima anticipada mediante contralume, nas zonas que o considere, dentro dunha normal previsión, que poden ser consumidas polo incendio".
- Sempre que sexa posible utilizará a aplicación XeoCode Lite como apoio á xestión do lume.



- Cando non sexa necesario o apoio dos medios aéreos, comunicará ao CCD este extremo e lles solicitará un novo destino. Será encargado/a de transmitirle a nova información, podendo delegar esta función no/a coordinador/a de medios aéreos ou xefe/a de operacións aéreas (XOA) presentes no lume, segundo corresponda.
- O/A DTE ordenará a retirada dos medios de acordo coas directrices do CCD e, en particular, empezando polos que levaran máis horas de actividade.
- Comunicará ao CCD o momento no que o lume queda estabilizado e fará unha estimación da superficie queimada.
- Comunicará ao CCD o momento no que o lume queda controlado e fará unha estimación da superficie queimada.
- Comunicará ao CCD e organizará, se é necesario, o establecemento dun retén de vixilancia, con indicación dos puntos con perigo de reprodución.
- Comunicará ao CCD a conveniencia de revisar o perímetro con posterioridade.
- Será o/a responsable do levantamento do perímetro da superficie queimada mediante GPS e da elaboración do parte do incendio forestal.

Xefe/a de equipo

Este posto será exercido polo/a xefe/a de brigada, o/a técnico/a de brigada helitransportada ou un/ha axente, os cales coordinan os medios que teñen asignados para velar pola eficacia, eficiencia e a seguridade na extinción, definindo as tácticas adecuadas para executar a estratexia ordenada polo/a DTE, xefe/a de sector ou xefe/a de operacións, segundo corresponda. Levará as comunicacións coas diferentes unidades que conforman o equipo así como co seu superior xerárquico ao mando.



Xefe/a de operacións aéreas (XOA)

Organiza dende terra as operacións aéreas e mantense á escoita das comunicacións aéreas para manter informado da situación do incendio ao DTE e/ou ao persoal integrante do Posto de Mando Avanzado que corresponda, dende onde normalmente desempeña as súas funcións, que son as seguintes:

- **Se non conta** coa presenza da Coordinación de Medios Aéreos (CMA) no incendio:
 - Comunicar os obxectivos do plan de ataque e as instrucións de traballo aos medios aéreos.
 - Asignar sectores de traballo.
 - Designar a unha tripulación de apoio para a regulación das operacións aéreas, sendo esta quen propoña ao resto de aeronaves a organización da operativa a realizar de forma que se garanta a seguridade dos medios e a eficacia das accións a acometer.
 - Comunicar os indicativos das aeronaves presentes no incendio.
 - Informar sobre os obstáculos e outros riscos para as operacións aéreas que se coñezan.
 - Informar ao persoal en terra da proximidade de descargas de medios aéreos que poidan poñer en risco a súa seguridade, dando indicacións da zona de actuación co tempo necesario para que o persoal tome as medidas necesarias para evitar incidentes.
 - De ser necesario e posible, transmitirá aos medios aéreos as indicacións de axuste das descargas realizadas, se así procede.
- **Se conta** coa presenza da CMA no incendio:



- A misión principal segue sendo a de comunicar os obxectivos do plan de operacións e as instrucións de traballo aos medios aéreos, aínda que o fará a través da CMA.
- escoitar permanentemente a emisora aérea para manterse ao tanto do traballo realizado e dos medios presentes.
- Transmitir ao/á DTE (ou persoal que corresponda) as observacións relevantes recibidas dos medios aéreos: eficacia das operacións, evolución do incendio, bens ameazados, reproducións e focos secundarios, etc.
- Transmitir á CMA as observacións relevantes respecto das operacións terrestres, en especial a localización de queimas e contralumes que non precisen descargas.
- Elaborar un esbozo coas zonas de traballo e as aeronaves asignadas e actualizalo de forma continuada.
- Manterse informado dos períodos de traballo e descanso das aeronaves para transmitir á dirección de extinción a necesidade de medios adicionais.

Poderá ser nomeado como XOA calquera responsable de brigada helitransportada presente no incendio, así como calquera outro persoal pertencente a unha categoría profesional que poida exercer como DTE nalgunha das circunstancias recollidas no Pladiga e que preferiblemente dispoña da formación específica para o desempeño desta figura.

En lumes nos que se establecera un PMA ou nos que debido á participación dos medios aéreos precise da presenza da aeronave de coordinación (ou da organización do tráfico aéreo no seu defecto), o/a XOA permanecerá en contacto próximo cos integrantes deste PMA, sobre todo no caso de contar cun/ha xefe/a de operacións (ante o/a que respondería directamente), polo que resulta conveniente que sexa unha figura desligada dos labores en primeira liña do lume, situación a partir da cal habería que relevar ao/á responsable de brigada helitransportada que puidera exercer ata dito momento. Cabe



salientar neste senso que, o/a responsable da brigada, durante o exercicio da figura de XOA, non poderá desatender a súa responsabilidade de velar pola seguridade e operatividade do persoal ao seu cargo.

O/A XOA comunicarse directamente cos medios aéreos ou coa CMA (se está presente) así como co seu superior xerárquico ao mando que corresponda (DTE ou xefe/a de operacións).

No caso de ter acceso á aplicación XeoCode Lite, introducirá a información necesaria nas funcións que o/a DTE lle encomende.

Auxiliar do Punto de Recepción de Medios

Función dirixida principalmente a axentes ou persoal integrante dunha brigada con coñecemento avanzado da zona, encargado de recibir aos medios terrestres que chegan ao incendio, anotando hora de chegada e de saída do PRM, entregando o avituallamento que corresponda e informando coas instrucións de traballo necesarias segundo as instrucións recibidas polo superior xerárquico correspondente (DTE ou xefe/a de operacións), para o que empregará o modelo que aparece no anexo 12.

Ademais as súas funcións inclúen:

- Avisar da chegada de medios á DTE e distribuílos ás zonas de traballo indicadas segundo as instrucións recibidas.
- Petición ao CCD (ou xefe/a de loxística de ser o caso) sobre a xestión do avituallamento.
- Colaborar na planificación de relevos.
- Garantir e controlar o correcto funcionamento das comunicacións no incendio (ata a incorporación do/a xefe/a de loxística).

Para o correcto desempeño destas tarefas deberá dispoñer do material que lle permita desenvolver o seu traballo adecuadamente, que serán, polo menos, unha emisora Tetra, teléfono móbil e acceso a XeoCode Lite.



No caso de lumes de nivel B ou C poderá formarse, se é necesario, un **equipo de recepción de medios** formado por dous ou máis auxiliares para levar a cabo as súas funcións coa eficiencia necesaria.

Xefe/a de sector

Executan e desenvolven con autonomía o plan de operacións nunha zona definida e cuns medios concretos. Dirixen as operacións do seu sector e aos/as xefes/as dos equipos que dependen del/dela, solicitando ao/á DTE ou xefe/a de operacións os medios necesarios.

Definen as instrucións necesarias, coordinan e controlan a execución do plan e valoran o grao de eficacia.

Dependen directamente do/a DTE ou xefe/a de operacións e desenvolven as súas tarefas próximos ao espazo definido polo seu sector, desprazándose por el o necesario para o recoñecemento da zona e da situación e a para dar e/ou recibir información. Entre as súas funcións destacan:

- Reorganizar as radiocomunicacións no sector de acordo coas instrucións recibidas, e manterse á escoita pola canle asignada.
- Adaptar e concretar as tácticas e o horario de acordo coas peculiaridades da zona e os medios asignados.
- Informar ao/á DTE ou xefe/a de operacións sobre o estado do incendio no seu sector e as variacións observadas respecto da información e instrucións recibidas, así como das solucións adoptadas no seu caso.
- Solicitar novos medios ou comunicar a posibilidade de prescindir dos innecesarios.
- Coordinar o traballo nos puntos de confluencia cos sectores limítrofes.
- Coordinar a incorporación de novos medios e a saída dos medios que xa non son necesarios.



- Introducir os datos que correspondan na aplicación XeoCode Lite nas funcións que o/a DTE lle encomende.
- Manter comunicación permanente con observadores en distintos lugares do sector a fin de actualizar a súa evolución.
- Analizar dende a súa perspectiva a seguridade dos traballos, proponendo aos/ás xefes/as de equipo as precaucións necesarias.
- Realizar unha previsión de relevos necesarios ao anoitecer/amencer no sector e comunicalos ao/á xefe/a de planificación.
- Colaborar na distribución de avituallamentos e subministros e na organización dos desprazamentos necesarios.

Xefe/a de operacións

Transmite as instrucións necesarias aos/ás xefes/as de sector e medios aínda non asignados a ningún sector para que poidan executar o plan de operacións. Manterase en contacto cos/as xefes/as de sector para coordinar e controlar a execución do Plan e para valorar o grado de eficacia das operacións.

Desempeña as súas funcións dende o PMA, dependendo da dirección de extinción; mantendo comunicación permanente e fluída co/a xefe/a de operacións aéreas (XOA), xefes/as de sector e xefe/a de planificación. A súa localización de referencia será no PMA aínda que poderá moverse sobre o terreo para observar e supervisar a marcha do plan deseñado, visitando aos diferentes sectores en función das necesidades.

As súas funcións recóllense a continuación:

- Reunirse cos/coas diferentes xefes/as de sectores implicados no lume (podendo establecer horarios previamente acordados) para obter as directrices xerais do plan de operacións da DTE, en base á estratexia (obxectivos e liña de control) e tácticas (traballos a realizar) para cada parte do incendio.



- Actualizar a información do PMA sobre medios existentes no incendio, a súa posición e o traballo que están realizando.
- Asegurarse da correcta sectorización do incendio: nome de sector, responsable, estratexia, límites, medios asignados e canle de extinción. Especial atención a que non quede ningún medio sen asignar a un sector ou grupo de traballo.
- Transmitir aos/ás xefes/as de sector e ao/á xefe/a de operacións aéreas as instrucións precisas para executar o plan de operacións, coordinándoos entre si, controlando a súa execución e resolvendo as incidencias que xurdan.
- Desenvolver as directrices do plan de operacións obtidas da DTE, concretando as tácticas e os medios para cada parte do incendio.
- Propoñer ao CCD, de acordo cos/coas xefes/as de sector e/ou DTE, a distribución de canles de radio no incendio.
- Esbozar un bosquejo das operacións coa localización dos sectores, as canles de comunicación e os medios asignados.
- Introducir os datos que correspondan na aplicación XeoCode Lite nas funcións que o/a DTE lle encomende.
- Transmitir as instrucións xerais de traballo aos medios que se incorporan ao incendio de forma coordinada co/a auxiliar/equipo do PRM, asignándoos a un sector.
- Determinar necesidades de medios, redistribuír os de distintas zonas do incendio e solicitar á DTE recursos adicionais.
- Realizar peticións periódicas de información aos xefes de sector e operacións aéreas para contrastar a evolución do incendio e propoñer as modificacións necesarias do plan de operacións.



- Analizar dende a súa perspectiva a seguridade dos traballos realizados, propoñendo aos/ás xefes/as dos sectores as medidas de precaución necesarias.

Xefe/a de planificación

Función dirixida preferentemente por persoal técnico ou, na súa ausencia, por un/unha axente. Será o/a encargado/a de analizar o comportamento do lume, a meteoroloxía e as demais casuísticas que poidan influír no avance do lume, co fin de prever a evolución do incendio. Informará ao/á DTE sobre a xestión dos medios, tempos de traballo, relevos, capacidades de extinción, etc., asesorándoo/a sobre as previsións do comportamento do lume e das posibles tácticas e estratexias de extinción, axudándolle na redacción do Plan de operacións e propoñendo modificacións ou alternativas ao Plan existente de ser o caso.

Desempeña as súas funcións dende o PMA aínda que pode ausentarse temporalmente en caso necesario. Depende directamente da DTE, mantendo comunicación fluída e colaboración permanente con operacións.

As súas funcións principais son as seguintes:

- Actualizar a información do PMA sobre a evolución do incendio en colaboración permanente co/a xefe/a de operacións, xefe/a de operacións aéreas e xefes/as de sector, concretando a posición e o comportamento das distintas fronteas.
- Realizar predicións de comportamento do incendio en base a unha análise do territorio e a meteoroloxía, o que pode implicar realizar un recoñecemento visual do incendio e o territorio.
- Actualizar e analizar as predicións meteorolóxicas.
- Preparar e analizar a información xeográfica dispoñible.
- Realizar un esbozo de planificación coa situación actual e prevista do perímetro de incendio de forma periódica en relación co avance do lume.



- Usar as funcións do XeoCode Lite como ferramenta de información e incorporación dos datos relativos ao punto de inicio e avance do lume, fotografías xeoreferenciadas, perímetro e aqueloutros que poidan ser de interese ou que lle sexan encomendados pola DTE.
- Valorar as posibles ameazas a persoas ou bens, propoñer á DTE as medidas necesarias para a súa protección.
- Analizar dende a súa perspectiva as posibles ameazas á seguridade dos traballadores en cada parte do incendio, identificando os puntos críticos. Propoñer ao/á xefe/a de operacións as medidas de precaución necesarias.
- Propoñer á DTE alternativas ao plan de operacións que inclúan as oportunidades e ameazas detectadas na previsión de comportamento.
- Manter comunicación permanente con observadores en distintos lugares do incendio, a fin de actualizar a súa evolución e a eficacia dos traballos.
- Organizar a información do control horario de medios (chegadas, horas previstas de saída e relevos) en colaboración cos/as xefes/as de operacións e auxiliar/equipo do PRM.
- Facer unha previsión de medios necesarios, planificándoos en períodos operacionais de 12 h, en colaboración co/a xefe/a de operacións.
- Valorar se a localización do PMA é a idónea e propoñer o seu desprazamento en caso necesario.

Xefe/a de loxística

Función dirixida principalmente a axentes u outro persoal do SPIF con coñecemento avanzado da zona, encargado/a principalmente de xestionar todos aqueles aspectos relacionados coa loxística dos medios intervenientes no incendio.

As súas funcións inclúen:



- Facilitar o desprazamento dos medios no lugar do incendio na localización das zonas de actuación e/ou destino indicado nas instrucións de traballo.
- Supervisar e garantir o correcto funcionamento das comunicacións no incendio.
- Xestionar o avituallamento dos medios en coordinación co persoal do PRM e o CCD.
- Coordinar co CCD a xestión do aloxamento das persoas que interveñan na extinción que o necesitasen.
- Aqueloutras tarefas destinadas a facilitar a obtención de material, subministros ou os servizos necesarios para o correcto desempeño das funcións dos medios que operan no incendio.

Para o correcto desempeño destas tarefas deberá dispoñer do material que lle permita desenvolver o seu traballo adecuadamente, que como mínimo debería ser:

- Vehículo todo terreo rotulado, equipado con rotativo luminoso de emerxencia fixo e mobilófono Tetra.
- Emisora Tetra portátil.
- Teléfono móbil.
- Tableta con datos e acceso a XeoCode Lite.

Poderá dispoñer puntualmente da axuda doutro persoal do SPIF encomendado directamente polo/a DTE ou a través do CCD, se a situación o precisa.

Coordinación de medios aéreos

A Coordinación de Medios Aéreos (CMA) é un apoio para o/a DTE co fin de aumentar a seguridade do persoal e material do dispositivo, a eficiencia da operación dos medios aéreos e a eficacia das descargas de auga de ditos medios.

Ten a función principal de regular e xestionar dende o aire (nunha aeronave de coordinación) as operacións aéreas, de acordo ás instrucións do CCC e seguindo as



indicacións do/a DTE ou XOA, poñéndose baixo as súas ordes e informándoo/a da situación do lume nada máis chegar ao incendio. Será o interlocutor único entre os medios aéreos e o/a DTE/XOA.

Entre as súas funcións atópanse as seguintes:

- Xestionar as comunicacións por banda aérea.
- Trasladar información ao CCC da avaliación inicial do lume á súa chegada, reiterando cada 30 minutos nova información da situación ou cando se produza algunha incidencia ou cambio na evolución do lume ou o requira o CCC.
- Organizar o tráfico aéreo nas proximidades do lume.
- Informar de obstáculos, turbulencias, tormentas, etc., que poidan comprometer a seguridade dos medios aéreos.
- Indicar aos medios aéreos as zonas de descarga, previamente acordadas co/a DTE/XOA e informar sobre a súa efectividade.
- Como observador global do lume, deberá informar ao/á DTE/XOA sobre a evolución do mesmo e ofreceralle apoio táctico/estratéxico.
- As comunicacións terra-aire, entre o/a DTE/XOA e a CMA realizaranse por frecuencia de terra (Tetra), podendo habilitarse outras vías se fose necesario.
- Baixo a autoridade do/da DTE/XOA, a CMA ten competencia na coordinación de todos os medios aéreos que actúen no lume, podendo propoñer o/a DTE a retirada de aqueles que non se consideren necesarios e asignar misións de acordo ao que en cada momento sexa máis beneficioso, salvo indicación en contrario do CCC ou CCP (coa autorización do CCC).
- No caso de necesidade, a CMA poderá propoñer ao/á DTE/XOA a retirada de medios aéreos por motivos de seguridade, xa sexa por actuacións dos



mesmos ou por circunstancias do momento. Este valorará a proposición, determinará a súa afección ao plan de extinción e decidirá en consecuencia. Non obstante, cada comandante de aeronave é o responsable da seguridade da mesma quen, no caso de verse obrigado a abandonar o lume, poñerá en coñecemento da CMA.

- Baixo instrucións do CCC ou CCP (autorizado polo CCC), indicar o desvío ou nova misión para un medio aéreo informando do feito ao/á DTE/XOA, indicar que centro de coordinación solicita o desvío e que medios aéreos permanecen no incendio.
- En situacións nas que se poida ver comprometida a seguridade do persoal de terra ou en situacións de emerxencia derivadas da progresión do incendio, a CMA poderá comunicar directamente con calquera persoa do operativo de extinción co fin de transmitir as incidencias, a información para a extinción do incendio ou a información para a seguridade do persoal que considere oportunas.
- A CMA non abandonará o lume sen coñecemento do/da DTE/XOA.
- Efectuar vixilancia e observación a través de rutas previamente fixadas polo CCC.
- Avaliar grandes lumes ou lumes simultáneos para posteriormente informar ao CCC e ao/á DTE/XOA da situación ou incidentes na evolución do lume para optimizar a distribución dos medios.
- Executar labores complementarios tales como levantamento de planimetría de incendio e apoio gráfico.
- Introducir os datos que correspondan na aplicación XeoCode Lite nas funcións que o/a DTE lle encomende.
- Cumprir en canto ao seu traballo e na súa relación cos centros de coordinación de incendios forestais da Consellería e cos/coas DTE/XOA, co



establecido polo Pladiga no seu Plan de extinción e procedemento operativo.

8.4.1.6. Sector do incendio

Defínese como a zona do incendio acoutada nunha superficie determinada, referenciada sobre o terreo e facilmente identificable, na que desenvolvan a súa actuación un número determinado de medios que realizan labores de forma conxunta e/ou colaborativa cun mesmo fin determinado previamente polo Plan de extinción.

Tendo en conta a capacidade máxima da xestión de medios dun mesmo mando en relación co intercambio de comunicacións, o/a xefe/a de sector contará no mesmo cun conxunto de tres ou máis equipos de intervención ata un máximo de 5 a 7 (en función da complexidade da situación).

A organización dos distintos sectores de intervención compete ao/á xefe/a de operacións (ou DTE no seu caso), quedando organizada unha xerarquía única e dependente ata nova orde do responsable.

Debe quedar perfectamente clara a delimitación do sector e os puntos concretos de inicio e final, que preferentemente poderán ser considerados como “Lugar seguro” na aplicación do protocolo OACEL.

A denominación destes sectores farase en relación á superficie xeográfica do lume, identificando as diferentes zonas de traballo con **letras no caso do flanco esquerdo** (SA, SB, SC...) e con **números para o flanco dereito** (S1, S2, S3...), en ambos casos de forma **correlativa** segundo a dirección de avance do lume, tal e como se representa no exemplo da seguinte figura:




Figura 9: diagrama de sectorización tipo.

A evolución do incendio e, en consecuencia, do Plan de extinción, condicionará a variación dos sectores, tendo que adaptalos ás necesidades que exixa a intervención. Por este motivo, a denominación tipo dos sectores non se poderá cumprir sempre, sendo unha regra de partida (na primeira sectorización) e manténdose como unha referencia para a súa evolución posterior.

En incendios de certa extensión e duración, a propia cola do lume pode conformar un único sector que pasaría a denominarse como sector 1 (S1), mantendo o resto dos sectores a denominación antes definida. Por contraposición, no caso de que a cabeza do lume se quixera representar en si mesma como un sector, este se podería denominar coa última letra do alfabeto (SZ).

Para a correcta identificación do sector asignado na comunicación dos traballos aos medios aéreos, débese complementar dita denominación coa referencia xeográfica correspondente mediante puntos cardinais, a forma do incendio (cola, flanco, cabeza...), polas características orográficas u outras referencias de fácil interpretación.



A sectorización dos traballos de extinción irá acompañada dunha asignación das canles de comunicacións acorde ao número de sectores e ás necesidades do dispositivo de extinción.

8.4.1.7. O Punto de Recepción de Medios (PRM)

Con carácter xeral, establecerase un PRM durante o ataque inicial no momento en que o/a DTE o considere necesario, tendo en conta a situación do incendio. Se ben, as circunstancias que motivan o paso ao ataque ampliado (nivel B) e a sectorización correspondente, obrigan á necesidade de establecer polo menos un PRM que contará de inicio coa figura do **auxiliar do PRM**, persoal ampliable en función da necesidade (incremento da incorporación de medios, paso a nivel C...), o que conformaría o **equipo de traballo PRM**.

Como norma xeral e, salvo que o/a DTE ou o persoal responsable do PRM indiquen o contrario por motivos de operatividade no incendio, todos os medios que se incorporen ao mesmo deberán pasar polo PRM. Poderase eximir de pasar polo PRM ás brigadas helitransportadas no caso de que non resultase operativo.

As unidades ou equipos de intervención destinados a un lume, **avisarán** ao auxiliar do PRM da previsión da súa chegada a destino aproximadamente con **30 minutos de antelación**, co fin de axilizar e xestionar mellor a distribución dos medios no incendio. Os medios destinados ao incendio deberán dispoñer da **localización** precisa do PRM e da **forma e persoa de contacto** dende o momento da súa mobilización (en caso de que xa estea constituído o PRM) para o correcto desenvolvemento deste apartado.

No caso de ter habilitados máis dun PRM no incendio, os medios que se incorporen ao mesmo deben ter indicacións claras sobre en cal terán que presentarse.

Actualmente existe unha rede de PRM definida para todo o territorio galego, dixitalizada e accesible mediante a aplicación "Infraestruturas" do XeoCode. Mediante a súa consulta desde os distritos forestais, pódense seleccionar os PRM adecuados para dar servizo a un lume determinado, dispoñendo da información básica da zona habilitada e



das súas características para cumprir unhas determinadas condicións necesarias (cobertura Tetra, cobertura telefónica, accesibilidade, zona de estacionamento de vehículos, etc.).

8.4.1.8. O Posto de Mando Avanzado (PMA)

É o centro de mando de carácter técnico, que se constituirá próximo ao lugar do incendio e desde o cal se dirixirán e coordinarán as actuacións dos mandos e persoal presentes no mesmo así como dos grupos operativos constituídos, de acordo coas ordes indicadas polo/a director/a do Plan de extinción.

O PMA é un termo que fai referencia a unha entidade física de gran variabilidade, que pode ser dende o/a propio/a DTE xunto co persoal asistente directo (de ser o caso), ata un amplo despregue de medios móbiles que permitan dispoñer dun conxunto de instalacións e medios técnicos de apoio que lles dan soporte, tendo unha localización física permanente (que pode variar de ser o caso) dende o momento en que se sitúe o primeiro vehículo ou estrutura que conte con parte destes medios.

A Consellería do Medio Rural dispón de vehículos adaptados e dotados de material tecnolóxico que poden ser desprazados ao lugar de incendios de nivel B ou C, previa mobilización polo CCC, para constituír neles o posto de mando avanzado. O persoal desprazado con estes vehículos prestará colaboración nas diferentes facetas auxiliares a desempeñar no PMA, en función das súas capacidades.

O/A director/a do PMA cando o Plan se atope en Situación 0 e 1 será o/a Director/a Técnico/a de Extinción e, no caso de Situación 2, será designado polo/a director/a do Plan de entre o persoal técnico presente no incendio ou ben que sexa requirido para a súa actuación como responsable do PMA.

Desde un punto de vista funcional, o PMA será o centro da actividade do/a Director/a Técnico/a de Extinción e do resto de figuras mencionadas. Centralizará por tanto a información sobre o estado do incendio, os medios actuantes, os plans de operacións, a evolución dos traballos e as medidas de protección á poboación necesarias.



Precisamente por iso, a súa localización nun incendio de certa complexidade ten unha importancia estratéxica para o desenvolvemento das operacións. A realidade do territorio forestal impide a miúdo o cumprimento de moitas das circunstancias ideais para o funcionamento correcto do PMA, polo que moitas veces é preciso priorizar segundo as funcións máis importantes e as necesidades de cada situación concreta.

Corresponde ao/á DTE decidir a súa localización, podendo cambiala sempre que o considere necesario, anque cada cambio pode supoñer un trastorno para o labor de coordinación durante o proceso. Convén polo tanto facer unha breve reflexión no momento en que se decide a súa localización aínda que, momentos diferentes nun incendio, poden requirir de localizacións diferentes para o PMA.

Entre as características principais a ter en conta ao elixir a localización, a máis importante para manter o control da situación é dispoñer dunha boa cobertura de comunicacións (emisora, teléfono e datos), a fin de garantir a comunicación permanente cos responsables de cada zona ou sector do incendio así como co CCD. Desde este punto de vista, as características desexables son:

- Situar-se nun lugar elevado, con dominancia do terreo a cubrir, preferiblemente cunha vista o máis xeral posible do incendio.
- Dispoñer de cobertura de telefonía móbil, polo menos de chamadas de voz e, se é posible tamén de datos.
- Permanecer lonxe de repetidores de telecomunicacións ou liñas de alta tensión.
- Non ter grandes obstáculos topográficos ou electromagnéticos (grandes liñas ou instalacións eléctricas) que illen de algunhas partes do incendio.
- Dispoñer dun bo acceso para vehículos e espazo suficiente para aparcar o persoal que faga uso do PMA.



- Dispoñer dun lugar despexado próximo que permita a aterraxe de helicópteros pode ser de gran utilidade para facilitar os voos de recoñecemento ao persoal do PMA.
- Deberá quedar fora da área que previsiblemente poida ser afectada pola evolución do incendio.
- Non é recomendable situar o PMA preto de núcleos de poboación, dado que a afluencia de persoas alleas ao operativo pode entorpecer o traballo. En caso necesario, pode ser recomendable establecer restricións de acceso.

8.4.1.9. A Unidade Táctica e de Análise (UTA)

Coa función principal de dar apoio á Dirección Técnica de Extinción, a Consellería do Medio Rural dispón da denominada Unidade Táctica e de Análise (UTA), consistente nun equipo de traballo especializado no seguimento e evolución dos lumes, achegando información de relevancia para a planificación e estratexia a levar a cabo na extinción.

A unidade está formada por persoal analista de incendios forestais que contará con vehículos e material tecnolóxico necesario para desenvolver os seus labores. Co seu desprazamento ata a zona do incidente (tras mobilización por parte do CCC), poñerase ás ordes da Unidade de Directores de Extinción (UDEX) ou, no seu defecto, do/da DTE, nada máis chegar ao lume e realizará as funcións propias da Unidade que, segundo circunstancias de cada momento, serán:

- Análise do incendio, para determinar os factores que inflúen na súa propagación e coñecer o comportamento actual e a súa evolución futura.
- Observación da evolución do incendio para confirmar ou rectificar a análise previa e informar ás persoas responsables do SEMOP.
- Execución de manobras nun determinado sector, especialmente aquelas máis avanzadas ou complexas, ben de forma illada ou con apoio doutras unidades de intervención e en coordinación coa persoa responsable do sector.



8.4.1.10. A Unidade de Directores de Extinción (UDEX)

Con cada vez maior frecuencia, os operativos de extinción de incendios forestais se enfrontan a episodios de incendios máis complexos onde suceden situacións que superan a capacidade de extinción, feito cada vez máis habitual e menos puntual. Dita situación deriva da tendencia á prolongación das épocas de elevado risco de incendio ao longo do ano e á intensificación e maior virulencia do lume en canto ao seu comportamento, limitando notablemente a eficacia dos medios de extinción que procuran o seu control.



Dita situación require dunha evolución por parte dos dispositivos de extinción actuais que, por unha parte, permitan incorporar os medios necesarios e adecuados para afrontar ditas situacións con maior solvencia e, por outra, consigan adaptar o seu procedemento integrando ferramentas que aporten solucións a determinadas cuestións que precisan dunha atención específica.

Como reflexo desta evolución e, á par da mellora continuada no eido tecnolóxico, no 2022 deuse lugar á integración do SEMOP xunto con todas as figuras e funcións que fan posible desenvolvelo, incluída a determinación do nivel operativo do lume (apartado



8.4.2). Ao ano seguinte, creouse a Unidade de Directores de Extinción (UDEX), que se compón dun equipo de traballo formado por persoal especialmente cualificado e especializado nos labores de Dirección de Extinción que, en lumes con elevado potencial de converterse en gran incendio forestal de nivel (operativo) B ou C, poderán ser mobilizados polo CCC para a súa intervención, coa intención de facilitar e favorecer o correcto desenvolvemento do operativo, podendo asumir, de ser necesario, a Dirección Técnica de Extinción ou calquera outra figura do SEMOP á súa chegada ao lume.

O persoal que conforme dito equipo de traballo terá dependencia funcional directa da Dirección Xeral de Defensa do Monte e cumprirá coas misións específicas do seu posto definidas no Pladiga, tendo en conta a posibilidade de executalas no emprazamento que requira o procedemento a seguir en función da localización do incendio a atender. A súa vez, coordinarán aos demais medios terrestres dependentes do CCC desprazados ao lume para o seu correcto funcionamento, seguridade e oportunidade da súa desmobilización.

As características do sinistro a atender e a súa potencialidade serán as principais cuestións a ter en conta para o seu despacho e composición, non habendo límite de persoal e categoría a incorporar en función da necesidade e da súa dispoñibilidade. Dita dispoñibilidade respectará en todo momento a distribución de gardas e horarios establecidos previamente, facilitando a posibilidade de realizar os relevos que correspondan no propio lugar onde se realice a actividade.

Para o correcto desempeño da UDEX, dispórase do material necesario para desenvolver os seus labores e manter a independencia doutros medios locais ou de apoio. Ademais do equipamento tecnolóxico, disporán de vehículos suficientes para cubrir os desprazamentos necesarios.



8.4.2. Nivel operativo dos lumes

Para establecer unha gradación ou nivel dos lumes en relación coa estrutura operativa e o seu desenvolvemento en función da dimensión e alcance do incendio, débese contar coa imposibilidade de controlar a evolución do lume cos medios asignados, así como coa avaliación subxectiva e continua (realizada pola DTE) das previsións de evolución do lume e da súa perigosidade potencial, obtendo unha previsión da gravidade da situación segundo a cal os lumes poderán clasificarse en varios niveis que permitan organizar o operativo convenientemente.

Inicialmente definiranse **tres niveis**, que corresponderanse á súa vez con tres tipos de ataque relacionados directamente coa estrutura e organización funcional do dispositivo para facer fronte á extinción con maior eficiencia, **sendo o/a máximo/a responsable do CCD nese momento, o/a que estableza o nivel do lume** (e consecuentemente o tipo de ataque) cuxa modificación poderá ser proposta polo/a DTE, en base á información dispoñible e aos parámetros definidos a continuación para cada un dos niveis:



Nivel A (lume simple ou incipiente): de forma ordinaria, todas aquelas alarmas detectadas no seu inicio e confirmadas como lume sen control e para os que se conta que poidan ser controlados cos **medios de primeiro ataque** enviados desde o CCD. Partirase dunha estrutura xa definida polas unidades/equipos de intervención participantes na extinción.



Neste nivel desenvólvese o denominado **ataque inicial**, o cal comprenderá a actuación dos primeiros medios ata alcanzar un nivel de complexidade operacional que determine a necesidade de pasar a un ataque ampliado (nivel B), motivado principalmente por unha ou varias das seguintes circunstancias:

- Necesidade de **sectorización**.
- **Saturación** das comunicacións (superior a 5-7 equipos de intervención).
- Evolución previsible cara lume de **interface**.
- Necesidade de establecer un/unha **XOA** dende o ataque inicial.

Ante a previsión de paso a nivel B, **o/a DTE** debe **notificar** dita situación ao **CCD**, dende onde se fará extensiva a comunicación ao **CCP** correspondente.

Nivel B (lume medio): polo xeral trátase de lumes que non poden ser controlados no ataque inicial e requiren da incorporación de máis medios e persoal de apoio, sendo indispensable establecer unha **división zonal por sectores**, dando paso ao **ataque**



ampliado. A incorporación de máis medios ao lume ou as circunstancias particulares do mesmo, provocarán a necesidade de xerar máis sectores, establecendo, polo xeral e para este nivel, unha capacidade de xestión de ata **tres sectores**. Cando se dean as seguintes circunstancias considerarase lume de nivel C:

- **Previsión** de establecemento de **máis de 3 sectores**.
- **Previsión** de traballo en extinción **superior ás 12 horas**.

Nivel C (lume complexo): lumes que, por non poder ser controlados co ataque ampliado, adquiriron unhas dimensións e/ou alcance que precisa dunha intervención con numerosos recursos e dilatada no tempo.

Establécese unha estrutura organizativa máis desenvolvida en función dos perfís de persoal dispoñibles para asignación ao lume, establecendo este nivel (que poderá ser **proposto polo/a DTE**) por determinación do/a **técnico/a do CCD** ou **técnico/a do CCP** e con **notificación deste último ao CCC**, situación que dará lugar ao **ataque avanzado**.

No anexo 12 represéntase un gráfico resumo da clasificación dos distintos niveis de SEMOP descritos neste apartado (*12.1 Esquema dos niveis SEMOP*).

8.4.3. Procedemento SEMOP

A metodoloxía do traballo en extinción estipulado polo SEMOP, precisa da súa completa integración no funcionamento do dispositivo, sendo fundamental comprender para os seus integrantes que, dende o primeiro momento da existencia dunha alarma, xa se debe desenvolver a operativa seguindo o seu procedemento. Polo tanto, non se debe recorrer ao SEMOP unicamente ao adquirir o incendio unhas determinadas condicións, se non dende o principio mesmo, coa posta en marcha dos primeiros medios cara ó lume, coa intención de ter previstos os medios e recursos necesarios para a súa implicación no operativo no momento adecuado, no caso de ser preciso.

En calquera caso, o SEMOP complementa ao procedemento operativo xeral definido no apartado 8.5, onde se inclúen referencias explícitas a novas tarefas a realizar



durante a posta en funcionamento do sistema. Do mesmo xeito, artículanse no presente apartado, aquelas tarefas que poden ser consideradas de curso xeral pero que se asocian directamente ao procedemento SEMOP, coa intención de clarificar todos os pasos a seguir para o seu desenvolvemento.

No anexo 12 figura un esquema xeral do desenvolvemento do procedemento SEMOP (12.2 Diagrama procedemento SEMOP) que recolle as diferentes actuacións e pasos a seguir na súa evolución, que debe ir ligada á do propio lume.

A continuación detállase a información relativa á estrutura básica do sistema e do seu funcionamento para os distintos niveis operativos xa comentados, así como a atribución de competencias e responsabilidades das diferentes figuras e categorías implicadas directamente na súa correcta aplicación.

8.4.3.1. Ataque inicial (nivel A):

Comprenderá a actuación dos primeiros medios que acoden á extinción, contando con ata un máximo de 5 a 7 equipos de traballo que poidan depender directamente do/a DTE, antes de tomar a decisión de sectorizar e tratando de aplicar as medidas adecuadas con contundencia para tratar de facerse co lume nos primeiros intres do Plan de extinción. Tendo en conta a posibilidade de actuación de medios aéreos, o/a DTE **podará establecer** a figura de Xefe/a de Operacións Aéreas (XOA) así como **propoñer** ao CCD a designación ou cambio se o considera necesario. En todo caso, o/a **técnico/a de garda ou xefe/a de garda do CCD** será quen designe esta figura, introducindo dende o propio CCD no apartado SEMOP do XeoCode a información correspondente a dita designación no mesmo momento en que sexa efectiva.

A comunicación da designación de XOA farase chegar a **todos os medios** que participen na extinción a través da rede Tetra. Esta comunicación partirá dende o CCD, sendo o/a DTE quen supervise a súa emisión nos diferentes grupos e/ou canles usados no incendio para que chegue á totalidade do persoal que participa na extinción.



O/A DTE tamén **poderá establecer** un Punto de Recepción de Medios (PRM) con persoal auxiliar asociado se o considera necesario, propoñendo ao CCD a súa **implantación e localización**. En todo caso, dende o CCD confirmárase a idoneidade do PRM proposto (no seu caso) e selecciónase no apartado correspondente da aplicación SEMOP do XeoCode. Os datos de localización e contacto do PRM elixido serán trasladados aos medios destinados ao incendio xunto coa información de despacho habitual.

En caso de que o PRM proposto non cumpra coas características mínimas para poder ser utilizado como tal, dende o CCD buscaranse as mellores alternativas en función das circunstancias da emerxencia. Unha vez seleccionadas procederase do mesmo xeito que no parágrafo anterior.

Neste primeiro nivel, o/a DTE aglutina a maior parte das funcións propias da xestión inicial do operativo de extinción no incendio, tal e como se resume no seguinte cadro:

Núm.	RESUMO DAS FUNCIÓNS DO/A DTE NO ATAQUE INICIAL
1	Análise da evolución do incendio. Avaliación de perigos.
2	Elaborar o Plan de operacións inicial.
3	Comunicación co CCD: situación do incendio e petición de medios e equipamento.
4	Comunicación co CCD: Aviso de chegada de medios. Xestión de avituallamento.
5	Recepción de medios e comunicación de destino.
6	Garantir e controlar o funcionamento das comunicacións.
7	Vixilancia das normas de seguridade. Establecer observadores.
8	Consulta e uso da información no XeoCode Lite.
9	Xestión dos medios aéreos.
10	Definir estradas a cortar e/ou o código das torres eléctricas (in situ).
11	Xestión da maquinaria pesada e outros medios de apoio (nodrizas).
12	Planificación de relevos dos medios participantes.

No caso de **habilitar o PRM** con persoal auxiliar, o/a DTE pode **delegar** nesta figura as **funcións núm. 4 e 5** e, no caso de dispoñer do/a **XOA**, poderá encomendarlle a xestión dos medios aéreos en base ás funcións definidas para esta figura.



O esquema de traballo sería o seguinte:




Figura 10: diagrama operativo de Nivel A (ataque inicial).

Se da avaliación da posible evolución do lume estímase que poida derivar na posibilidade de paso ao nivel B na escala do Sistema Estructural de Mando Operativo (SEMOP), o/a DTE informará ao CCD desta posibilidade e dende o CCD comunicárase este feito ao CCP.

O paso a nivel B farano efectivo **o/a técnico/a de garda** ou **xefe/a de garda** do CCD e velará polo seu rexistro no aplicativo SEMOP do XeoCode. Notificarase dito cambio ao CCP correspondente.

8.4.3.2. Ataque ampliado (nivel B):

Establécese unha división zonal por sectores (2 ou 3) cos seus respectivos mandos (xefes/as de sector) á fronte dos mesmos. Seguirase contando coa figura do/a XOA (de estar xa constituída no nivel anterior), dispórase do **PRM habilitado e supervisado** polo auxiliar ao cargo e o/a DTE proporá ao CCD, ao/á **xefe/a de operacións**, que terá ao seu cargo ao/á XOA e ao persoal auxiliar do PRM. Poderase establecer fisicamente o PMA.



Neste segundo nivel, aparecen figuras que permiten ao/á DTE delegar parte das funcións que tiña asumidas inicialmente. Nos seguintes cadros recóllense as principais para cada figura:

Núm.	RESUMO DAS FUNCIÓNS DO/A DTE NO ATAQUE AMPLIADO
1	Análise da evolución do incendio e da meteoroloxía. Avaliación de perigos.
2	Seguimento e elaboración do Plan de operacións ampliado.
3	Comunicación co CCD: situación do incendio.
4	Comunicación co CCD: petición de medios e equipamento.
5	Solicitud de constitución do PMA e proposta de localización.
6	Consulta e uso da información no XeoCode Lite.
7	Tomar decisións en base á seguridade. Definir observadores.
8	Definir estradas a cortar e/ou o código das torres eléctricas (in situ).

Núm.	RESUMO DAS FUNCIÓNS DO/A XOA NO ATAQUE AMPLIADO
1	Xestión dos medios aéreos.

Núm.	RESUMO DAS FUNCIÓNS DO/A AUXILIAR DO PRM NO ATAQUE AMPLIADO
1	Comunicación co CCD: aviso de chegada de medios. Xestión de avituallamento.
2	Recepción de medios e comunicación de destino.
3	Colaboración na planificación de relevos dos medios participantes.
4	Garantir e controlar o funcionamento das comunicacións.

Núm.	RESUMO DAS FUNCIÓNS DO/A XEFE/A DE SECTOR NO AT. AMPLIADO
1	Xestión da correcta execución do Plan no seu sector.
2	Vixilancia das normas de seguridade no seu sector.
3	Consulta e uso da información no XeoCode Lite.
4	Xestión da maquinaria pesada e outros medios de apoio no seu sector.
5	Garantir e controlar o funcionamento das comunicacións no seu sector.



No caso de contar coa figura de **xefe/a de operacións**:

Núm.	RESUMO DAS FUNCIÓNS DO/A XEFE/A DE OPERACIÓNS NO AT. AMPLIADO
1	Comunicación co/a DTE: petición de medios e equipamento.
2	Vixilancia das normas de seguridade. Establecer observadores.
3	Uso das funcións do XeoCode Lite e incorporación de datos.
4	Comunicación co/a XOA para a correcta xestión dos medios aéreos.
5	Comunicación cos/as xefes/as de sector para a correcta execución do Plan.

O esquema de traballo sería o seguinte:




Figura 11: diagrama operativo de Nivel B (ataque ampliado).

O/A DTE delimitará as zonas de actuación dos medios no lume mediante sectores identificados segundo o procedemento descrito no apartado 8.4.1.6 e propondrá ao CCD aos/as xefes/as de sector correspondentes de entre o persoal dispoñible.

Dita sectorización leva aparellada a solicitude (por parte do/a DTE) de grupos de comunicación Tetra ao CCD (un para cada sector creado), dende onde se asignarán aqueles máis convenientes para o correcto desenvolvemento do operativo (no anexo 12.1 *Esquema dos niveis SEMOP*, recóllese mediante gráficos a distribución de grupos e canles de comunicación en función do nivel do lume).



Comunicarase a nova situación aos medios presentes no lume e a todos aqueles que sexan asignados posteriormente, e dende o CCD procederase ao rexistro desa información no aplicativo SEMOP.

De non estar implantado anteriormente o PRM, será de obrigatoria implementación, propoñendo o/a DTE ao CCD, a un auxiliar de PRM que cumpra co perfil definido no apartado 8.4.1.5. Tanto a localización do PRM como a designación do auxiliar de PRM deberán ser coordinados co CCD, dende onde se incluírá dita información no aplicativo SEMOP.

O/A DTE dará traslado ao CCD da necesidade de dispoñer no incendio doutros medios específicos como a UDEX ou UTA. Dende o CCP farase extensiva esta solicitude ao CCC, dende onde darase cobertura á solicitude realizada en función da dispoñibilidade. Se ben, estes medios poderán ser despachados polo CCC no momento en que se poida considerar necesaria a súa intervención, sen ter que mediar solicitude por parte do CCD/CCP correspondente.

Á chegada ao lume da UDEX e/ou da UTA e unha vez notificada a súa entrada, o/a DTE xunto coas persoas responsables da UDEX e do CCD, acordarán os roles a desenvolver na estrutura do SEMOP segundo as circunstancias do incendio.

8.4.3.3. Ataque avanzado (nivel C):

Mantense a estrutura do nivel anterior e súmanse dúas figuras, a do/a **xefe/a de planificación** que se unirá ao PMA, o cal estará debidamente constituído e localizado e ao que se sumará a Unidade Táctica e de Análise (UTA), e o/a **xefe/a de loxística**, sen localización inicial definida, dada a natureza do seu servizo. No PRM será necesario incorporar máis auxiliares que se repartirán as tarefas dando lugar ao denominado equipo PRM onde se definirá un/unha xefe/a de equipo, responsable da boa execución das tarefas encomendadas. Poderá ser necesario habilitar máis dun PRM, para o que se seguirá o mesmo procedemento definido para o primeiro.



Parte das funcións do/a DTE neste terceiro nivel están repartidas entre as demais figuras presentes no lume, co fin de que os seus esforzos se centren na xestión das ferramentas de que dispón, de cara a conseguir unha alta eficiencia nos labores de extinción.

Núm.	RESUMO DAS FUNCIÓNS DO/A DTE NO ATAQUE AVANZADO
1	Análise da evolución do incendio. Avaliación de perigos.
2	Seguimento e elaboración do Plan de operacións avanzado.
3	Comunicación co CCD: situación do incendio.
4	Toma de decisións xeral.
5	Xestión do PMA-UTA.

Núm.	RESUMO DAS FUNCIÓNS DO/A XOA NO ATAQUE AVANZADO
1	Xestión dos medios aéreos.

Núm.	RESUMO DAS FUNCIÓNS DO/A EQUIPO DO PRM NO ATAQUE AVANZADO
1	Comunicación co CCD: aviso de chegada de medios.
2	Recepción de medios e comunicación de destino.
3	Detectar anomalías no funcionamento das comunicacións.

Núm.	RESUMO DAS FUNCIÓNS DO/A XEFE/A DE OPERACIÓNS NO AT. AVANZADO
1	Comunicación co/a DTE: petición de medios e equipamento.
2	Vixilancia das normas de seguridade. Establecer observadores.
3	Uso das funcións do XeoCode Lite e incorporación de datos.
4	Comunicación co/a XOA para a correcta xestión dos medios aéreos.
5	Comunicación cos/as xefes/as de sector para a correcta execución do Plan.

Núm.	RESUMO DAS FUNCIÓNS DO/A XEFE/A DE SECTOR NO AT. AVANZADO
1	Xestión da correcta execución do Plan no seu sector.
2	Vixilancia das normas de seguridade no seu sector.



Núm.	RESUMO DAS FUNCIÓNS DO/A XEFE/A DE SECTOR NO AT. AVANZADO
3	Consulta e uso da información no XeoCode Lite.
4	Xestión da maquinaria pesada e outros medios de apoio no seu sector.
5	Garantir e controlar o funcionamento das comunicacións no seu sector.

Neste nivel mantéñense a maior parte das figuras do nivel anterior coas mesmas funcións e engádense os perfís do/a xefe/a de planificación e do/a xefe/a de loxística:

Núm.	RESUMO DAS FUNCIÓNS DO/A XEFE/A DE PLANIFICACIÓN NO AT. AVANZADO
1	Análise da evolución do incendio e da influencia da meteoroloxía.
2	Definición da estratexia e desenvolvemento do Plan de operacións avanzado.
3	Identificar, definir e planificar as accións a ter en conta sobre o territorio.
4	Uso das funcións do XeoCode Lite e incorporación de datos (estratexia, fotografías, perímetro...).
5	Control de situación. Seguridade. Observadores.
6	Planificación de relevos dos medios participantes.

Núm.	RESUMO DAS FUNCIÓNS DO/A XEFE/A DE LOXÍSTICA NO AT. AVANZADO
1	Facilitar a mobilidade dos medios que actúan no incendio.
2	Supervisar e garantir o correcto funcionamento das comunicacións.
3	Xestión do avituallamento en coordinación co PRM e CCD.
4	Coordinar co CCD a xestión do aloxamento do persoal que o precise.
5	Outras tarefas destinadas a facilitar o correcto desempeño dos medios.

No caso de ser necesario, e dependentes do/a DTE ou de quen delegue, poderanse establecer diversas figuras segundo as necesidades e dispoñibilidade de persoal, que realicen diversas funcións, como é o caso dos **enlaces** (UME, outros dispositivos, autoridades) e **observadores**.



O esquema de traballo sería o seguinte:




Figura 12: diagrama operativo de Nivel C (ataque avanzado).

Ante o aumento da complexidade do incendio o/a DTE propondrá ao CCD a designación do/a xefe/a de planificación e dos/as xefes/as de sector necesarios ou demais figuras xa comentadas seguindo o procedemento xa descrito nos niveis anteriores, tanto de información ao CCD como de comunicación aos medios presentes. No caso do CCD procederáse do mesmo xeito para a inclusión dos datos no aplicativo do XeoCode.

Observacións sobre o procedemento:

As seguintes cuestións de especial relevancia serán en todo momento independentes da evolución do lume e nivel de ataque no que se atope o dispositivo e por iso compre destacalas e telas presentes durante a duración da emerxencia:

- O/A Director/a Técnico/a da Extinción é o/a máximo/a responsable da organización do mesmo.
- O cambio na DTE deberá de ser comunicado no momento que se produza polo/a DTE entrante ao CCD e ao resto de mandos de dirección e organización. A DTE non se asume de forma automática: o/a DTE entrante e saínte deberán reunirse e o/a saínte pasará ao/á entrante toda a información necesaria, tempo no que o/a saínte seguirá sendo o/a DTE.



- O/A DTE solicitará medios para a súa incorporación ao lume ao CCD, onde o persoal técnico valorará as distintas necesidades que poidan xurdir na adscrición de medios.
- O/A DTE validará o Plan de operacións, que deberá definir polo menos os obxectivos e a liña de control prevista. O plan será comunicado ás partes do dispositivo que corresponda para a súa correcta execución.
- Establecido o PMA, nel estarán localizados preferentemente e na medida do posible, o/a DTE e/ou o/a xefe/a de operacións, de forma que sempre estea presente polo menos un responsable que poida resolver as demandas que xurdan.

8.5. Procedemento operativo xeral

Establécese o procedemento operativo de resposta aos lumes forestais para as Situacións 0 e 1, entendido como a secuencia de actuacións que deberán seguirse con carácter xeral ante o aviso da existencia dun lume. Comprende as fases de recepción e confirmación da alarma, información, seguimento e, no seu caso, a activación, proceso de extinción e posterior desmobilización de medios.

O procedemento operativo xeral está deseñado para a época de perigo alto, cando o persoal do SPIF está en quendas de garda aínda que tamén é aplicable fóra desta época, máis nese caso, ao non haber técnico/a de garda, as súas funcións serán realizadas polo/a xefe/a de garda.

A activación do plan realizarase en función dos danos ocorridos ou do dano potencial que, de forma técnica e realista, prevese que poida chegar a ocasionar o lume (índice de gravidade potencial), así como da dispoñibilidade de medios e recursos dispostos, tendo en conta ademais outros criterios relativos a:

- A simultaneidade temporal e/ou a concentración espacial de conatos ou incendios forestais que puidesen ter lugar nun espazo territorial determinado.



- A suficiencia, idoneidade e disposición dos medios e recursos cos que conte o plan para o control do incendio e/ou para a atención e o socorro da poboación afectada.
- A estacionalidade temporal, así como a activación e a posta en servizo dos dispositivos de prevención e extinción de incendios forestais determinados nos plans.
- Outras circunstancias de índole administrativa por razón do espazo territorial afectado ou pola intensidade e/ou a gravidade das consecuencias sobrevidas ou potenciais sobre persoas e os seus bens.
- Calquera outra circunstancia a criterio da autoridade a quen corresponda a dirección do plan activado correspondente.

A avaliación do incendio é permanente e efectúana o/a Director/a Técnico/a de Extinción con base nos datos adquiridos sobre o propio terreo, cartografía, tipo de combustible, infraestruturas, seguimento das actuacións dos medios humanos e materiais de que se dispoñen, as medidas que se foron aplicando e os prognósticos meteorolóxicos que afectan ao seu desenvolvemento. No caso de incendios de nivel B ou C, segundo a clasificación do Sistema Estrutural de Mando Operativo (SEMOP), a avaliación do incendio dependerá do/a DTE coa colaboración dos diferentes perfís técnicos de planificación e/ou operacións integrados no operativo.

Como consecuencia desta avaliación, determinarase o índice de gravidade potencial do incendio e os novos medios que se deben empregar ou as accións que se executarán para a extinción do incendio. Este índice de gravidade potencial dos incendios será establecido polo Centro de Coordinación Central (CCC) do SPIF.

O plan atópase activado en Situación 0 a partir do momento en que se detecta un incendio forestal. Activarase a Situación 1 en incendios IGPO, cando sexa necesaria a incorporación de medios extraordinarios, ou ben en incendios IGP1.



Establécese un procedemento operativo xenérico, común para as Situacións 0 e 1, dende a detección dunha alarma ata a extinción do lume e a desmobilización dos recursos. Este procedemento será de obrigado cumprimento para todas as partes implicadas.

8.5.1. Detección

A detección de incendios fundaméntase nunha serie de actividades cun obxectivo que é **descubrir, localizar e comunicar** ao CCD o inicio dun lume. Esta comunicación xera o que se coñece como **alarma de incendio**, que necesariamente esixe confirmar positiva ou negativamente dita información. Cando a información sexa negativa, denomínase **falsa alarma**.

Os pasos a seguir trala detección dunha alarma de incendio son:

A. Por un posto de vixilancia fixo:

- Localización: situación do posible lume no plano e referenciación xeográfica.
- Transmisión: comunicación pola rede Tetra ao CCD da existencia do posible lume e a súa situación, facendo unha primeira avaliación da importancia do lume e achegando toda información relevante (tipo de combustible, tipo de fume, posibles accesos, infraestruturas de defensa utilizables, etc.).
- Se o CCD non está activado, a transmisión farase ao CCP.

B. Por unha patrulla de vixilancia móbil:

- Localización: situación do posible lume.
- Transmisión: comunicación pola rede Tetra ao CCD. En caso de non estar activado o CCD, comunicarase ao CCP.
- Dirixirse ao posible lume.



- De confirmarse a alarma, fará unha primeira avaliación da importancia do lume, achegando toda información relevante (tipo de combustible, tipo de fume, posibles accesos, infraestruturas de defensa utilizables, etc.).
- De non recibir orde en contra, iniciará a extinción comunicándoo ao CCD ou CCP (en caso de non estar activado o CCD).

C. Por un helicóptero de busca e salvamento marítimo:

- Comunicará ao CIAE 112 a localización do posible lume.
- O CIAE 112 transmitirao ao CCP correspondente.

D. Por unha base de medios aéreos da Consellería do Medio Rural:

Cando nas inmediacións dunha base de medios aéreos da CMR se detecte algún fume ou lume, o procedemento a seguir será o seguinte:

- Localización: situación do posible lume.
- Transmisión: comunicarase ao CCP pola rede Tetra a incidencia e a súa localización, se é posible. Farase unha primeira avaliación da importancia do lume, achegando toda información relevante (tipo de combustible, tipo de fume, posibles accesos, infraestruturas de defensa utilizables, etc.).

E. Por calquera outro medio do SPIF (brigadas de terra, condutores de motobomba, axentes facultativos medioambientais, axentes forestais, etc.):

- Localización: situación do posible lume.
- Transmisión: Fará unha primeira avaliación da importancia do posible lume, achegando toda información relevante (tipo de combustible, tipo de fume, posibles accesos, infraestruturas de defensa utilizables, etc.) e comunicará pola rede Tetra ao CCD a incidencia.



- Cando o ordene o CCD dirixirase ao posible lume.
- Se non recibe orde do contrario e, de ser o caso, iniciará a extinción comunicándoo ao CCD.
- En caso de non estar activado o CCD comunicarase ao CCP.

F. Polas forzas e corpos de seguridade:

- Localización: situación do posible lume.
- Transmisión: comunicarase por teléfono ao CCD ou CCP a existencia do posible lume, informando da localización e importancia do mesmo.

G. Por un aviso do Concello, voluntariado ambiental, AVVF, grupos de apoio, etc.:

- Localización: situación do posible lume.
- Transmisión: comunicarase por teléfono ao CCD ou CCP a existencia do posible lume, informando da localización e importancia do mesmo.
- De ser o Concello, solicitarase información sobre a intervención dos seus medios.

H. Por aviso dende o 085 ou 112:

- Recibirá o aviso o CCP e solicitará información da localización e importancia do lume.

I. Mediante unha cámara da rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia:

- O persoal do CCD ou do CCP referenciará xeograficamente o posible lume e fará unha avaliación da súa importancia.



8.5.2. Ao ter coñecemento dunha alarma

Ao ter coñecemento dunha alarma, o procedemento a seguir por parte dos diferentes centros de coordinación operativos serán os que se citan a continuación:

A. Dende o Centro de Coordinación de Distrito (CCD)

A coordinación dos incendios forestais no ámbito territorial do distrito forestal, corresponderalle ao/s técnico/s de garda ou ao/á xefe/a de garda, que serán quen asignen os recursos e medios para o combate dos lumes de acordo coa dispoñibilidade existente.

Ademais, facilitarán e buscarán (na medida do posible) o apoio de recursos humanos e materiais necesarios que demande o/a DTE, para poñer en marcha o plan de extinción que se estableza.

A operativa a seguir, mentres non se teñan constancia de que se trata dunha falsa alarma, será a seguinte:

- Rexistrarase a incidencia na aplicación XeoCode localizando o punto de inicio de xeito aproximado. No caso de que a alarma fora introducida no XeoCode dende o CCP, revisaranse os datos introducidos na devandita aplicación.
- Comunicarase ao/á técnico/a de garda, quen disporá e supervisará o necesario para:
 - Ordenar pola rede Tetra, como regra xeral, a mobilización como mínimo de unha unidade de intervención operativa, formada por:
 - 1 axente facultativo medioambiental ou axente forestal, que asumirá a Dirección Técnica de Extinción.
 - 1 brigada.
 - 1 vehículo motobomba.
 - Dependendo do comportamento inicial e a previsible evolución do posible lume, poderanse mobilizar de forma inmediata, e sempre a



criterio do/da técnico/a de garda, aos medios terrestres do propio distrito e solicitar ao CCP:

- Medios terrestres doutros distritos.
 - Medios aéreos.
 - Maquinaria pesada.
 - Equipo UDEX e UTA.
- Solicitarase aos medios do distrito forestal a verificación da existencia do posible lume.
 - Intentarase localizar a alarma mediante as cámaras da rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia e, no caso de localizala, farase unha avaliación da súa importancia.
 - A designación ou cambio do/a DTE establecerase a través do CCD (polo/a técnico/a de garda ou xefe/a de garda) e a comunicación farase pola rede Tetra a todos os medios que participen na extinción.
 - No suposto de intervención da UDEX, as respectivas designacións serán acordadas coas persoas integrantes desta unidade en función das circunstancias do incendio.

A designación do/a DTE establecerase pola seguinte orde:

- 1º.- Técnico/a de distrito.
- 2º.- Axente facultativo medioambiental/Axente forestal.
- 3º.- Xefe/a de brigada.

Como regra xeral, dentro da mesma categoría xerárquica, procurarase que o nomeamento do/a DTE se estableza conforme aos seguintes criterios:

- ✚ Experiencia na extinción de lumes.
- ✚ Coñecemento da zona onde se produce o lume.



Non obstante o CCD nomeará ao/á DTE que considere máis axeitado/a.

- A designación ou cambio do/a xefe/a de operacións aéreas (XOA), xefe/a de operacións e/ou xefe/a de planificación, de ser necesarios, establecerase a través do CCD (polo/a técnico/a de garda ou xefe/a de garda) a proposta do/a DTE, e a comunicación farase pola rede Tetra a todos os medios que participen na extinción.
- Comunicarase ao/á DTE a información dispoñible sobre o lume.
- Establecerase e comunicaráse ao/á DTE a canle de extinción.
- Comunicarase ao CCP a existencia de lumes coa máxima anticipación cando:
 - pola rápida progresión do lume poida afectar a persoas e/ou bens de natureza non forestal, podendo evolucionar a unha previsible situación de risco potencial,
 - haxa unha propagación do lume en masa arborada e cando as condicións meteorolóxicas sexan adversas,
 - pola súa progresión poida verse afectado un espazo natural protexido,
- O/A técnico/a de garda avisará á Garda Civil ou Policía, dependendo do nivel e situación ou sempre que o considere necesario.
- No caso de solicitar a intervención de medios aéreos deberase achegar coa solicitude:
 - Folla, cuadrícula, canle de extinción, nome do/da DTE e aquela outra información especificada no "Manual de Operacións Aéreas".
- Calquera cambio de destino dun medio aéreo farase do mesmo xeito.

B. Dende o Centro de Coordinación de Provincial (CCP)

- Cando a transmisión dunha alarma chegue directamente ao CCP rexistrarase a incidencia na aplicación informática XeoCode. No caso de que



a alarma fora metida no XeoCode no CCD, comprobaranse os datos introducidos.

- Comunicarase a existencia de lume ao/á técnico/a de garda quen:
 - Avaliará a situación e, sempre en coordinación co CCD, ordenará a intervención dos medios terrestres, incluíndo a maquinaria pesada e aéreos necesarios e dispoñibles no ámbito provincial.
 - Comunicará ao CCC o destino inicial dos medios aéreos e da maquinaria pesada da súa provincia.
- Intentarase localizar a alarma mediante as cámaras da rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia e, no caso de localizala, farase unha avaliación da súa importancia.
- No caso de solicitar a intervención de medios aéreos deberase chegar ao CCC coa solicitude:
 - Folla, cuadrícula, canle de extinción, nome do/da DTE, todos os cambios de destino que se produzan e aqueloutra información especificada no "Manual de Operacións Aéreas".
 - Todos os medios aéreos que cheguen ao lume informarán ao CCP da súa chegada e das características do lume (posible evolución, riscos, simultaneidade de lumes...) para posteriormente poñerse a disposición do/da DTE pola canle indicada previamente polo CCP.
- Solicitará ao CCC autorización para nova actuación ou cambio de destino cando se atopen actuando na súa xurisdición medios aéreos doutra provincia.
- Cando corresponda, solicitará ao CCC a intervención de avións anfibios de extinción, indicando:
 - Folla, cuadrícula, nome do DTE e aqueloutra información especificada no "Manual de Operacións Aéreas".



- Do mesmo xeito, solicitará ao CCC medios terrestres pertencentes a outra provincia, equipo UDEX e UTA, indicando:
 - Localización do lume, canle de extinción e nome do/da DTE.
- Ordenará a introdución dos datos nas aplicacións correspondentes.
- Comunicará ao CCC a existencia de lumes coa máxima anticipación cando:
 - pola rápida progresión do lume poida afectar a persoas e/ou bens de natureza non forestal, podendo evolucionar a unha previsible situación de risco potencial,
 - haxa unha propagación do lume en masa arborada e cando as condicións meteorolóxicas sexan adversas,
 - pola súa progresión poida verse afectado un espazo natural protexido.
- Se o CCD non está operativo, o CCP asumirá todas as funcións asignadas no anterior apartado ao CCD.

C. Dende o Centro de Coordinación de Central (CCC)

- Anotarase as incidencias que lle comuniquen os CCP, e notificaranse ao/á técnico/a de garda quen, co visto bo do/da xefe/a de garda:
 - Avaliará e coordinará tanto a petición como a mobilización dos medios aéreos e terrestres (incluída a maquinaria pesada) dunha provincia a outra.
 - Mobilizará os equipos UDEX e UTA cando o considere necesario ou a petición dos respectivos CCP, CCD ou DTE.
 - Transmitirá, no seu caso, as peticións de medios ao Miteco.

8.5.3. Aproximación dos medios

Todos os medios participantes na extinción, tanto terrestres como aéreos, confirmarán a súa entrada e saída ao lume:



- Os medios terrestres confirmarán a súa entrada e saída a través da rede Tetra ao/á DTE e ao CCD. No caso de medios terrestres mobilizados dende outras provincias, confirmarán adicionalmente a súa entrada na provincia e no distrito ao CCP e CCD respectivamente. De ser o caso de existir no incendio polo menos un Punto de Recepción de Medios (PRM) habilitado, deberán estar debidamente informados (polo medio máis axeitado que se estableza para o caso) da súa existencia, localización e datos de contacto, para notificar a súa incorporación coa debida antelación, de ser posible, aproximadamente 30 minutos antes da chegada prevista, para poder recibir as correspondentes instrucións de traballo segundo o establecido no procedemento operativo.
- Os medios aéreos confirmarán a súa entrada e saída a través da rede Tetra ao DTE e ao CCP. Aqueles medios aéreos que non dispoñen de equipos de comunicación da rede Tetra empregarán a banda aérea para confirmar a súa entrada e saída do lume seguindo o procedemento de comunicacións establecido no Manual de Operacións Aéreas de Galicia. As brigadas helitransportadas poderán presentarse no PRM (se estivera constituído) se resultase expresamente necesario por motivos operativos e/ou fose requirido polo/a DTE (ou persoa delegada).

Todos os medios de extinción que cheguen ao lume intervirán sempre coordinados, dirixidos e baixo as ordes do/a DTE ou persoa en quen delegue segundo proceda, tendo en conta o despregue do Sistema Estrutural de Mando Operativo (SEMOP) establecido nese momento.

A información a achegar polo **primeiro medio** ao CCD será a seguinte:

- Importancia do lume: tipo de combustible, meteoroloxía (intensidade e dirección do vento...), características do terreo (pendente, orientación...), superficie afectada aproximada, posible evolución do lume...
- Valoración de medios necesarios.



- Afectación a bens non forestais.
- Posibles accesos, infraestruturas de defensa utilizables, ...

En **Situación 0**, os lumes na súa evolución previsible poden ser controlados con medios e recursos do propio Pladiga, incluíndo os medios do Estado cando estes actúen dentro da súa zona de actuación preferente, polo que o procedemento nesta fase inicial para cada un dos primeiros medios por actuar consiste en:

Director/a Técnico/a de Extinción (DTE):

- O CCD comunicarlle a localización do lume (concello, parroquia e lugar).
- Estudará o itinerario máis axeitado.
- Informará ao CCD da súa chegada ao lume.
- Realizará a avaliación do lume e realizará a proposta do **índice de gravidade potencial** ao CCD.
- Pedirá ao CCD a canle de extinción e procederá a actuar no lume.

Brigada:

- Avisada polo CCD, este comunicarlle:
 - Localización do lume (concello, parroquia e lugar), canle de extinción e nome do/da DTE en caso de estar nomeado.
- Estudará o itinerario máis axeitado.
- Informará ao CCD da súa chegada ao lume.
- Pedirá ao/á DTE ou ao CCD (para o caso que o/a xefe/a de brigada sexa o/a DTE) a canle de extinción e procederán a actuar no lume.

Vehículo motobomba:

- O CCD comunicarlle:



- Localización do lume (concello, parroquia e lugar), canle de extinción e nome do/da DTE en caso de estar nomeado.
- Estudará o itinerario e posibles puntos de auga de toda a área de intervención.
- Informará ao CCD da súa chegada ao lume e poñerase á disposición do/da DTE ou dos medios que estableza o CCD, pasando o equipo de comunicación á canle que corresponda.

Brigada helitransportada co seu helicóptero:

- O/A técnico/a da brigada helitransportada ou, no seu defecto, o/a emisorista da base, comunicará a saída do helicóptero ao CCP.
- O procedemento a seguir cando o helicóptero coa súa brigada helitransportada chegue ao lume, será o seguinte:
 - Dirixirase ao CCP pola canle Tetra provincial, confirmando ou non a existencia de lume. En caso afirmativo, fará unha breve avaliación do lume e dos riscos asociados que leva aparelados. Posteriormente, sempre que sexa o primeiro medio en chegar ou aínda non nomeara DTE, pedirá canle de extinción ao CCD, procedendo a actuar no lume coa súa brigada.

O CCP comunicará de forma inmediata ao CCD tanto a confirmación da alarma como a información facilitada polo/a técnico/a da brigada helitransportada.

Calquera outro medio:

- Avisado polo CCD, comunicaráselle:
 - Localización do lume (concello, parroquia e lugar), canle de extinción e nome do/da DTE.
- Porase a disposición do/da DTE, pola canle correspondente.



Medios extraordinarios:

- Avisado polo CCC, comunicaráselle:
 - Localización do lume (concello, parroquia e lugar), canle de extinción e nome do/da DTE.
- Porase a disposición do/da DTE.

Dende o Centro de Coordinación de Distrito (CCD):

- Se é falsa a alarma:
 - Ordenará o regreso dos medios mobilizados a súa base ou manteraos en espera na zona ou noutro punto que considere adecuado.
 - Codificará a alarma como nula na aplicación informática XeoCode.
- Se é lume:
 - Codificarase a alarma como lume na aplicación informática XeoCode e codificaranse os campos necesarios, tales como: hora de chegada, hora de saída de todos os medios que actúen no lume, DTE, canles de comunicación, etc.
 - Comunicará ao CCP o envío dos distintos medios de extinción, DTE, canle de extinción, informando da proposta de índice de gravidade potencial do DTE, tipo de combustible, tipo de fume, posibles accesos, infraestruturas de defensa utilizables, etc.
 - Rexistraranse todas as mensaxes que se reciban e comunicaráselle ao/á técnico/a de garda e, no seu defecto, ao/á xefe/a de garda.
 - Asignará as canles de extinción.
 - Se da avaliación da posible evolución do lume estímase que poida derivar na posibilidade de paso ao nivel B na escala do Sistema Estrutural de Mando Operativo (SEMOP), comunicarase este feito ao CCP.



- En cada distrito poderase dispoñer do medio ou aplicativo necesario para enviar a primeira localización do lume aos medios que se vaian incorporando a este. Poderase seguir o mesmo procedemento a nivel provincial entre os distintos CCD para notificar dita localización ás unidades operativas que proveñan doutros distritos. En caso de estar habilitado o PRM, priorizarase esta localización.

Dende o Centro de Coordinación Provincial (CCP):

- Rexistraranse as mensaxes recibidas e comunicaranse ao/á técnico/a de garda ou, no seu defecto, ao/á xefe/a da garda da provincia.
- Comunicará ao CCC a proposta de índice de gravidade potencial do/da DTE cando desta se poida derivar o establecemento dunha Situación 1 ou superior. Procederá de igual xeito cando de elo se poida derivar o paso ao nivel B na escala do Sistema Estrutural de Mando Operativo (SEMOP).
- Rexistraranse os acontecementos na aplicación informática correspondente.
- Asumirá as funcións do CCD en caso de non estar este activado.

8.5.4. Extinción

8.5.4.1. Normas básicas de seguridade:

En todo caso, calquera medio ou persoal que participe en calquera fase da extinción dun lume o máis importante é a seguridade, polo que todo o persoal deberá cumprir o **protocolo OACEL**: Observación, Atención, Comunicación, Escape e Lugar seguro, descrito con detalle no anexo 9.

Non obstante, corresponde a cada traballador velar, segundo as súas posibilidades e mediante o cumprimento das medidas de prevención que en cada caso sexan adoptadas, pola súa propia seguridade e saúde no traballo e polas de aqueloutras persoas ás que poida afectar a súa actividade profesional, a causa dos seus actos ou omisións no traballo.



8.5.4.2. Organización da extinción:

A organización da extinción do lume basearase no **principio de unidade de mando**, para estruturarse nunha cadea de mando que se inicia co/coa director/a do grupo de intervención (en Situación 0 e 1 correspóndese co/a DTE) que, si e necesario, organizará as actuacións de extinción e defensa designando xefes/as de sector e/ou proponendo as demais figuras que necesite en función da complexidade do sinistro e do operativo a organizar. En calquera caso, as distintas unidades do grupo de intervención actuarán baixo os seus mandos naturais e todas baixo a dirección do/a DTE, todo elo sen menoscabo do correcto desenvolvemento da operativa de extinción segundo as pautas establecidas polo Sistema Estrutural de Mando Operativo (SEMOP) definido no apartado 8.4.

8.5.4.2.1. Funcións dos centros de coordinación:

Dende o Centro de Coordinación de Distrito (CCD):

Aparte do procedemento operativo a seguir no apartado de aproximación dos medios, establecerase a mobilización de todos os necesarios para que se acheguen ata o lume. O procedemento será:

- Os medios terrestres mobilizados para a extinción do lume introduciranse na aplicación informática XeoCode cos datos que a aplicación solicite, entre outros:
 - Horas de aviso, horas de chegada, horas de saída dos medios de extinción para o lume, nome do/a DTE, canles de comunicación e canta outra información considere de interese.
 - Cumprimentarase con detalle o apartado "Observacións", cunha descrición básica do lume no momento do seu inicio, superficie queimada, perigosidade, medios...
 - Cumprimentarase con detalle o apartado SEMOP, con especial atención á asignación de recursos, funcións e grupos de comunicación no momento da súa incorporación.



- Comunicaráselle a todos os medios mobilizados:
 - Localización do lume.
 - DTE e canle/s de extinción asinada/s.
 - Que realicen o aviso ao PRM (ou CCD no seu defecto) da súa chegada e saída do lume para o seu rexistro na aplicación XeoCode, salvo para o caso dos medios aéreos, que comunicarán a súa chegada e saída do lume ao CCP.
- Comunicarase ao CCP as incidencias que puideran producirse.
- Anotarase no libro de incidencias do CCD as que se reciban do/da DTE (ou figura designada por delegación deste) e comunicaranse ao/á técnico/a de garda, quen as valorará e adoptará as medidas que estime oportunas, comunicando as máis relevantes ao CCP.
- O/A técnico/a de garda comunicará ao/á xefe/a de garda as incidencias máis relevantes:
 - Incendios especialmente perigosos.
 - Incendios de complexa extinción.
 - Incendios con participación de maquinaria pesada.
 - Aqueles incendios nos que exista acumulación de medios aéreos ou actúen avións anfibios.
 - Calquera outra incidencia relevante.
- Se no lume, segundo a avaliación permanente realizada polo/a DTE, cambian as condicións que determinan o Índice de Gravidade Potencial e este realiza unha nova proposta de IGP, o CCD poñerá en coñecemento do CCP.



- Solicitarase ao CCP a constitución do PMA e a incorporación dos medios terrestres, os aéreos e maquinaria pesada necesarios que non poida chegar o CCD, indicando:
 - Para os medios terrestres:
 - Localización do lume, canle de extinción e nome do/a DTE.
 - Para os medios aéreos:
 - Folla, cuadrícula, canle de extinción e nome do/a DTE.
 - No caso de medios anfibios do Miteco, ampliarase a información co nome do núcleo urbano máis próximo ao lume no plano do Servizo Xeográfico do Exército de E:1/250.000.
 - Para maquinaria pesada:
 - Localización do lume, canle de extinción, nome do/a DTE e teléfono de contacto.
- No caso de constitución do PMA mobilizarase ao incendio, se e posible, o/a técnico/a, o/a técnico/a de garda ou o/a xefe/a de garda.
- Por requirimento do DTE, solicitarase ao CCP a mobilización da UDEX e da UTA para colaborar no desenvolvemento adecuado do SEMOP.
- Levará un control exhaustivo das horas traballadas polo persoal na extinción e organizará os relevos necesarios dos medios participantes, comunicándollos ao/á DTE.
- Dará apoio loxístico ao/á DTE cando este/a o solicite.
- No caso de ser necesaria, procederase á mobilización da BIIF.

Dende o Centro de Coordinación Provincial (CCP):

- Solicitarase información actualizada aos CCD sobre a situación do/s lume/s.



- Se no lume, segundo a avaliación permanente realizada polo DTE, cambian as condicións que determinan o Índice de Gravidade Potencial e este realiza unha nova proposta de IGP, o CCP poñerá en coñecemento do CCC.
- Supervisarase, coordinarase e dirixirase directamente as operacións naqueles distritos forestais que o precisen por calquera circunstancia, ou cando así o decida a superioridade.
- Mobilizarase todos os medios necesarios para apoiar aos distritos forestais caso de que a situación o requira.
- Comunicarase as incidencias ao/á técnico/a de garda, quen as valorará e adoptará as medidas que estime oportunas, comunicando as máis relevantes ao CCC.
- O/A técnico/a de garda comunicará ao/á xefe/a de garda as incidencias máis relevantes.
- Coordinarase, ordenarase e supervisarase as operacións nas que se mobilicen medios de dous ou máis distritos forestais.
- Coordinarase, ordenarase e supervisarase as operacións dos medios aéreos e da maquinaria pesada dentro da súa provincia.
- Mobilizará e desmobilizará aos Equipos multifunción Batracio da súa provincia para tarefas de extinción cando o considere oportuno ou cando llo solicite o CCD.
- Supervisarase a introdución de datos polo CCD, referidos ás aplicacións XeoCode, comprobando a coherencia dos datos introducidos. No seu caso apoiará ao CCD na introdución dos mesmos.
- Introducirase e supervisarase todos os datos requiridos na aplicación XeoCode:



- Para o caso dos medios aéreos da súa provincia, o CCP introducirá na aplicación Medios aéreos a hora de aviso, a hora de chegada e a hora de saída do lume.
- Para o caso dos medios aéreos non asignados á provincia, o CCP introducirá na aplicación Medios aéreos a hora de chegada e de saída do lume.
- Para o caso da maquinaria pesada, o CCP introducirá na aplicación XeoCode a hora de aviso.
- Para o caso dos Equipos multifunción Batracio, o CCP introducirá na aplicación XeoCode a hora de aviso.
- Comunicarase ao CCC o destino inicial e calquera cambio de destino dos medios aéreos da súa provincia.
- Solicitarase ao CCC a mobilización dun medio aéreo de coordinación si existe acumulación de medios aéreos.
- No caso de petición de avións anfibios ou calquera outro medio de extinción do Ministerio transmitirase ao CCC, indicando folla, cuadrícula, nome do/da DTE, aeronaves no incendio e núcleo de poboación máis próximo ao lume do plano E:1/250.000 do Servizo Xeográfico do Exército.
- Para cambiar de destino aos avións anfibios, calquera outro medio de extinción do Ministerio ou medios aéreos doutras provincias, solicitarase autorización ao CCC.
- Supervisarase todos os datos requiridos na aplicación de Medios aéreos de cada unha das bases de helicópteros e avións de carga en terra.
- Requirirase ao CCC, en caso de que sexa necesario, o apoio de medios terrestres e aéreos doutras provincias, indicando:
 - Localización do lume, canle de extinción e nome do/da DTE.



- Se se recibe a orde de intervir noutras provincias constituiranse expedicións formadas, como mínimo, por unha unidade de apoio operativa, formada, sempre que sexa posible, por un axente, dúas brigadas e un vehículo motobomba.
- Solicitarase ao CCC tanto a constitución como a desactivación do PMA no lume.
- Solicitarase ao CCC a mobilización da UDEX e da UTA para colaborar no desenvolvemento adecuado do SEMOP.
- Solicitarase ao CCC a mobilización da Unidade Militar de Emerxencias (UME).
- Solicitaranse ao CCD todas as aclaracións e informes que se estimen oportunos.

Dende o Centro de Coordinación Central (CCC):

Supervisaranse, coordinaranse e dirixiranse as operacións cando se precisen por algunha circunstancia ou cando se considere necesario. En todo caso:

- Declarará cando o considere oportuno e a partir da avaliación permanente do lume realizada polo/a DTE a Situación 1, e iniciará o procedemento de activación do plan correspondente.
- Declarará cando o considere oportuno e a partir da avaliación permanente do lume realizada polo/a DTE a volta á Situación 0 e iniciará o procedemento de desactivación do plan correspondente.
- Coordinará as operacións nas que se mobilicen medios de dúas ou máis provincias.
- Avaliará e corraxirá, se é necesario, as asignacións de medios provinciais.
- Recibirá as peticións de medios terrestres de reforzo.



- Atenderá directamente as operacións naquelas provincias que o precisen por calquera circunstancia e, en particular, naquelas onde interveñan medios de ámbito autonómico.
- Introducirá e supervisará os datos requiridos na aplicación XeoCode. Para o caso dos medios aéreos non asignados á provincia, o CCC introducirá na aplicación Medios aéreos a hora de aviso.
- Recibirá a petición de helicópteros e avións de carga en terra para emprego interprovincial e avaliará a idoneidade ou non do emprego destes medios, valorando o numero de avións ou helicópteros a intervir, en función das características do lume e das necesidades das outras provincias.
- Ordenará os apoios interprovinciais, indicando o número e a clase de medios a enviar. Para helicópteros e avións de carga en terra indicarase folla, cuadrícula, canle e nome do/a DTE. Estes medios ao chegar ao incendio farán unha avaliación do mesmo e comunicaranllo ao CCP, poranse na canle correspondente e integraranse no dispositivo de extinción. Para os medios terrestres indicarase a localización do lume, canle e nome do/a DTE.
- Recibirá comunicación das actuacións e dos movementos de medios aéreos intraprovinciais.
- Recibirá a petición dos avións anfibios ou calquera outro medio de extinción do Ministerio e determinará se é axeitado ou non o emprego destes medios.
- Demandará ao Miteco a intervención dos avións anfibios ou calquera outro medio de extinción do Ministerio.
- Autorizará ou denegará as solicitudes de cambio de destino dos avións anfibios ou calquera outro medio de extinción do Ministerio (e comunicará o cambio de destino ao Ministerio), dos helicópteros e dos avións de carga en terra doutras provincias.



- Avaliará a petición do medio aéreo de coordinación realizada polo CCP e, en todo caso, o mobilizará e desmobilizará sempre que o considere oportuno.
- Establecerá, cando o considere oportuno e a partir da proposta do/a DTE, a constitución do PMA, así como a súa disolución.
- Solicitará ao Miteco, se fora necesario, o emprego de medios de reforzo e comunicará os cambios de situación.
- O/A técnico/a de garda comunicará ao/á xefe/a de garda as incidencias máis relevantes.
- O/A xefe/a de garda transmitirá o parte de novidades extraordinarias ao/á Subdirector/a Xeral de Extinción ou, no seu caso, ao/á Director/a Xeral de Defensa do Monte.
- Avaliará a petición da UME realizada polo CCP e, en todo caso, solicitará a súa mobilización ou desmobilización.
- Requirirá os informes que crea oportunos aos CCP.
- Mobilizará e desmobilizará a Coordinación de Medios Aéreos (CMA) cando o considere oportuno e, sempre que sexa posible, de acordo co establecido no Manual de Operacións Aéreas.
- Mobilizará e desmobilizará a UIFO cando o considere oportuno.
- Mobilizará e desmobilizará a UDEX cando o considere oportuno.
- Mobilizará e desmobilizará a Unidade Táctica e de Análise (UTA) cando o considere oportuno.
- Mobilizará e desmobilizará a Unidade multifunción Batracio para tarefas de extinción cando o considere oportuno.
- Mobilizará e desmobilizará aos demais medios a disposición do CCC cando o considere oportuno.



8.5.5. Extinguido o lume

Dende o Centro de Coordinación de Distrito (CCD):

- Rexistraranse as novidades existentes e solicitarase o parte de incendio, que será elaborado polo/a DTE, verificando os datos coa aplicación XeoCode. No caso de que participara máis dun/dunha DTE no lume, a designación da persoa encargada do parte de incendio corresponderá ao CCD. Encargarase tamén da dixitalización do perímetro do lume.
- Incluirá na aplicación XeoCode todos os datos do lume e comunicará ao CCP a situación na que queda e a estimación da superficie queimada.
- De non ter sido mobilizada na fase de extinción comunicarse á BIIF do distrito a conveniencia de iniciar a investigación do lume.

Dende o Centro de Coordinación Provincial (CCP):

- Recolleranse as novidades dos CCD.
- Comunicaranse as novidades ao CCC.



8.5.6. Procedemento específico para apoios puntuais ou con expedicións no período de garda localizada (posterior a 20:30h)

No seguinte cadro móstrase o procedemento no caso de apoios puntuais e expedicións, dentro dunha mesma provincia e entre provincias.

	INTRAPROVINCIAL	INTERPROVINCIAL
Apoio Puntual	<ul style="list-style-type: none"> - O/A técnico/a de garda do CCD1 solicita apoio puntual ao CCP. - O/A técnico/a de garda do CCP demanda apoio puntual ao CCD2. - O/A técnico/a CCD2 ordena a saída dos medios e o comunica ao CCP. 	<ul style="list-style-type: none"> - O/A técnico/a de garda do CCD1 solicita apoio puntual ao CCP1. - O/A técnico/a de garda do CCP1 solicita apoio ao/á técnico/a de garda do CCP2. - O/A técnico/a de garda do CCP2 require os medios de apoio ao CCD2. - O/A técnico/a de garda do CCD2 ordena a saída e o comunica ao CCP2. - O CCP2 comunica ao CCP1 a relación de medios e a súa saída.
Expedición	<ul style="list-style-type: none"> - O/A técnico/a de garda do CCD1 solicita expedición ao CCP, e o comunica ao/á xefe/a de distrito do CCD1. - O/A técnico/a de garda do CCP demanda expedición ao CCD2, e o comunica ao/á xefe/a de garda do CCP. - O/A técnico/a de garda do CCD2 envía correo con medios (identificación do recursos, hora de entrada e hora de saída) ao CCP e ordena a súa saída, comunicándoo ao/á xefe/a de distrito do CCD2. - O CCP envía correo con medios (identificación do recursos, hora de entrada e hora de saída) ao CCD1 e informa ao/á xefe/a de garda. 	<ul style="list-style-type: none"> - O/A técnico/a de garda do CCD1 solicita expedición ao CCP1, e o comunica ao/á xefe/a de distrito do CCD1. - O/A técnico/a de garda do CCP1 solicita expedición ao/á técnico/a de garda do CCP e o comunica ao/á xefe/a de garda do CCP1. - O/A técnico/a de garda do CCP require os medios ao CCP2 e o comunica ao/á xefe/a de garda do CCP. - O/A técnico/a de garda do CCP2 solicita medios ao/á técnico/a de garda do CCD2. - O/A técnico/a de garda do CCD2 envía correo con medios (identificación do recursos, hora de entrada e hora de saída) ao CCP2 e ordena a súa saída, comunicándoo ao/á xefe/a de distrito do CCD2. - O/A técnico/a de garda do CCP2 envía o correo cos mesmos datos ao CCP1 e o comunica ao/á xefe/a de garda do CCP2. - O/A técnico/a de garda do CCP1 comunica ao/á técnico/a de garda do CCD1 os medios enviados.



8.5.7. Procedemento específico de toma de decisións para o movemento de medios aéreos e maquinaria pesada en ausencia do/da xefe/a de garda

No seguinte cadro móstranse os procedementos específicos para o movemento de medios aéreos e maquinaria pesada na posible ausencia do xefe/a de garda.

	INTRAPROVINCIAL	INTERPROVINCIAL
Medios aéreos propios	- A decisión tómaa o/a técnico/a de garda do CCP e comunícaa ao/á xefe/a de garda do CCP e ao CCC.	
Avións anfibios ou medios aéreos alleos	- O/A técnico/a de garda do CCP informa ao/á xefe/a de garda do CCP a necesidade destes medios, o cal autoriza ou denega esta solicitude. - O/A técnico/a de garda do CCP comunica a petición ao CCC.	- O/A técnico/a de garda do CCC, coa autorización do/da xefe/a de garda, solicita apoio de avións anfibios ao Miteco e/ou medios aéreos doutra provincia a través do respectivo CCP.
Maquinaria pesada	- O/A técnico/a de garda do CCP solicita autorización ao/á xefe/a de garda do CCP para o movemento deste recurso.	- O/A técnico/a de garda do CCC, coa autorización do/da xefe/a de garda, solicita apoio deste recurso a outra provincia a través do respectivo CCP.

8.5.8. Normas Xerais dos Centros de Coordinación

Dentro do Centro de Coordinación de Distrito (CCD):

- Ao iniciar a xornada, o/a técnico/a de garda realizará unha avaliación do número de lumes que permanezan activos, controlados e extinguidos, comunicándoo ao CCP.
- Planificarase conxuntamente co/s Director/es Técnico/s de Extinción, a xestión de mobilización dos medios e recursos necesarios para poder extinguir, controlar e liquidar os lumes existentes no ámbito territorial do distrito.



- Non obstante, a planificación xeral da extinción, control e liquidación do/s lume/s do día anterior, establecerase antes da saída do/da técnico/a de garda da súa xornada laboral e deixará o informe da planificación ao/á técnico/a de relevo.
- En todo caso, se por causa de forza maior non se puideron comunicar os datos dos lumes, remitirase un parte actualizado ás 09:00 horas.
- Rexistrará os lumes pendentes de revisar, priorizando aqueles con maior risco de reproducións.
- Manterase actualizada en todo momento a información resumida por municipios, que comprenda polo menos:
 - Número de lumes activos, controlados e extinguidos.
 - A superficie queimada nos lumes controlados e extinguidos.
 - Un cadro de medios que comprenda aos implicados na acción e os dispoñibles.
 - Situacións operativas de emerxencia activas.
- Ao rematar a xornada farase unha análise da situación comparándoa coa dos días anteriores e tratarase de prever a evolución dos lumes. Se é necesario modificarase o despregue e reforzase a vixilancia nas horas e zonas que se estime oportuno, comunicándoo ao CCP.
- En circunstancias críticas (grandes lumes ou simultaneidade deles), a primeira hora (en canto as condicións meteorolóxicas o permitan), o/a técnico/a ou xefe/a de garda do CCD fará unha avaliación real da situación dos lumes, de xeito que poida planificar a mobilización dos medios necesarios para cada lume, priorizando aqueles que poidan revestir maior gravidade. Esta función poderase desenvolver dende o helicóptero de coordinación, previa solicitude ao CCC.
- Procedemento para a saída do/da técnico/a de garda do CCD aos incendios:



- A iniciativa propia e sempre coa autorización do CCP.
- Por orde da superioridade.
- A ausencia do/da técnico/a de garda do CCD poderá, en función da situación do distrito, ser cuberta co/coa xefe/a de distrito ou con outro/a técnico/a.
- Antes de finalizar a garda, o equipo técnico de garda realizará unha planificación conxunta co CCP para xestionar a mobilización dos medios e recursos necesarios, coa suficiente antelación, para poder afrontar operativamente a situación da xornada seguinte. Ademais deixará un informe da planificación ao relevo de garda entrante.

Dende o Centro de Coordinación Provincial (CCP):

- Ao iniciar a xornada, o equipo de garda realizará unha avaliación do número de lumes que permanezan activos, controlados e extinguidos, comunicándoo ao CCC.
- Controlaranse as horas de voo dos medios aéreos contratados pola Consellería do Medio Rural e despregados na súa provincia.
- Introduciranse os datos nas aplicacións informáticas correspondentes.
- Antes das 09:00 horas teranse introducidos todos os datos dos incendios finalizados o día anterior e desa mesma noite.
- Manterase actualizada en todo momento a información resumida por distritos, que comprenda polo menos:
 - Número de lumes activos, controlados e extinguidos.
 - A superficie queimada nos lumes controlados e extinguidos.
 - Un cadro de medios que comprenda aos implicados na acción e os dispoñibles.
 - Situacións operativas de emerxencia activas.



- Antes de finalizar a garda, o equipo técnico de garda realizará unha planificación conxunta co/s CCD, para xestionar a mobilización dos medios e recursos necesarios, coa suficiente antelación, para poder afrontar operativamente a situación da xornada seguinte. Ademais deixará un informe da planificación ao relevo de garda entrante.
- Previa á solicitude dos medios aéreos comprobaranse as condicións meteorolóxicas nas zonas do lume e de carga de auga, así como de visibilidade, operatividade de puntos de auga, tal e como se especifica no "Manual de Operacións Aéreas".

Dende o Centro de Coordinación Central (CCC):

- Ao iniciar a xornada, o novo equipo de garda realizará unha avaliación do número de lumes que permanezan activos, controlados e extinguidos.
- Antes das 9:00 horas remitirase á superioridade e ás forzas e corpos de seguridade o parte de lumes do día anterior.
- Controlaranse as horas de voo dos medios aéreos contratados pola Consellería do Medio Rural para a comunidade autónoma, e solicitarase ao Centro de Control do Miteco as misións e horas voadas polos seus medios para fins estatísticos.
- Periodicamente, ou sempre que o estime oportuno o/a técnico/a de garda, fará unha rolda polas provincias.
- Antes de finalizar a garda o equipo técnico realizará unha planificación conxunta co/s CCP, para xestionar a mobilización dos medios e recursos necesarios, coa suficiente antelación, para poder afrontar operativamente a situación da xornada seguinte. Ademais deixará un informe da planificación ao relevo de garda entrante.



8.5.9. Normas a seguir polos Centros de Coordinación no caso de que se estime que o lume non se controlara antes das 09:00 horas

Dende o Centro de Coordinación de Distrito (CCD):

- O CCD, con suficiente antelación, mobilizará todos os medios terrestres necesarios para que ao amencer se concentren na zona do/s lume/s.
- O CCD solicitará ao CCP os medios de reforzo aéreos e terrestres necesarios para cada un dos lumes, sobre todo para aqueles que revistan maior gravidade, debendo ter en conta se existen condicións de visibilidade mínimas tanto nas zonas de traballo das brigadas como nos puntos de carga de auga.
- A xestión, planificación e coordinación dos dous puntos citados anteriormente faranse antes da retirada do/da técnico/a de garda na quenda que teña establecida para ese día, transmitíndoa detalladamente ao/á técnico/a de garda entrante.

Dende o Centro de Coordinación Provincial (CCP):

- No ocaso, e previndo a probable evolución dos lumes, o CCP preverá e solicitará os medios terrestres e aéreos necesarios para que se poidan mobilizar con suficiente antelación.
- Sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan, os medios aéreos deberán estar operativos ao orto, para actuar nos lumes conxuntamente cos medios restantes.
- A xestión, planificación e coordinación dos dous puntos citados anteriormente transmitirase con detalle por parte do equipo técnico de garda saínte ao equipo técnico entrante.



Dende o Centro de Coordinación Central (CCC):

- O CCC, con tempo suficiente, dará as instrucións para que os medios de apoio se concentren na zona dos lumes á hora prevista. Estes medios iniciarán a marcha con anticipación suficiente para poder estar na zona do incendio á hora asignada.
- O CCC, en previsión da evolución dos lumes, solicitará ao CC do Miteco o apoio dos medios de reforzo previstos para a extinción de incendios.
- A xestión, planificación e coordinación dos dous puntos citados anteriormente, faranse antes da retirada do equipo técnico de garda saínte, transmitíndoa detalladamente ao equipo técnico entrante.

8.5.10. Normas a seguir no caso de lumes en zonas limítrofes entre distritos ou provincias

Cando o lume se produce en zona fronteiriza entre distritos ou provincias, os primeiros medios que cheguen inician a extinción baixo a dirección do/da DTE que estivese proposto/a polo distrito ao que pertencen os medios, estea o lume ou non no seu territorio.

Se o lume non está no territorio dos medios que chegaron en primeiro lugar, cando cheguen medios propios do territorio afectado uníranse ao dispositivo de extinción. O CCD do territorio afectado será quen determine a designación do/da DTE, en función do esquema de mando.

O CCP da provincia afectada enviará os reforzos necesarios. Se o lume pasa á outra provincia, o seu CCP mandará os reforzos que se requiran.

Cando cheguen os medios de ambas provincias ao mesmo tempo, farase cargo da extinción o medio natural do territorio afectado.



8.5.11. Normas a seguir no caso de lumes en zonas fronteirizas con Portugal

O 31 marzo de 1980 asinouse en Lisboa un protocolo de Cooperación Técnica en materia de protección Civil entre os gobernos de España e Portugal; este foi ampliado polo de Évora de 9 de marzo de 1992, e á súa vez polo asinado en Valladolid en 2018, actualmente en vigor. Ten por obxecto definir e organizar as operacións relacionadas coa xestión das emerxencias en zonas fronteirizas entre España e Portugal.

Dentro das zonas fronteirizas terán especial consideración os incendios forestais que, non observándose que se están levando a cabo labores de extinción por parte das autoridades do país afectado, se atopen a menos de vinte cinco quilómetros da fronteira e as condicións de propagación fagan previsible unha elevada probabilidade de que o lume pase dun país a outro nun curto período de tempo.

No suposto de que o incendio fose detectado pola autoridade competente en materia de extinción de incendios do país veciño, poderá decidir a intervención no país veciño sen máis requisitos que a comunicación previa á autoridade competente do país no que se orixinou o incendio, para coñecemento desta e para que poida comezar as súas propias operacións de extinción dende o seu propio país, quedando dita intervención condicionada á dispoñibilidade de medios do país que presta a axuda.

8.5.12. Normas a seguir no caso de accidentes laborais

No caso de accidente laboral no lugar de traballo ou no traxecto habitual desde o domicilio ou punto de encontro procederase do seguinte xeito:

- Comunicarase inmediatamente o accidente á persoa responsable directa, e esta ao CCD ou, no seu defecto, ao CCP.
- Dende ese momento, en canto sexa posible, o/a accidentado/a deberá estar acompañado/a como mínimo por un/unha compañeiro/a.



- O CCD ou, no seu defecto, o CCP, comunicará á persoa responsable o Centro Asistencial da Mutua de accidentes á que deberá acudir para recibir asistencia sanitaria médica. En caso de descoñecer onde están localizados os devanditos Centros, deberá contactarse coa liña asistencial 24 horas no teléfono **900 233 333** ou consultar a rede de centros no sitio web www.ibermutua.es.
- Se o accidente prodúcese fóra dos horarios de atención dos Centros Asistencias ou non se da contactado co máis próximo, contactarase tamén coa liña asistencial 24 horas de Prevención.
- O CCD facilitará á persoa accidentada o talón de solicitude de asistencia médica e informará á Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e ao CCP correspondente, e este ao Servizo de Prevención.
- O/A traballador/a deberá acudir ao Centro preferentemente documentado, co DNI ou tarxeta da Seguridade Social e, si é posible, o talón de solicitude de asistencia médica, identificando a entidade á que pertence.
- En caso de que o accidente ocorra durante a extinción dun incendio forestal, o/a DTE será inmediatamente informado/a, e o comunicará ao CCD e este, ao CCP e ordenará e organizará o seu acompañamento e traslado ao Centro Asistencial.

Adicionalmente, no caso de **accidente grave ou moi grave**, solicitarase asistencia sanitaria urxente a través do teléfono 112 ou da liña asistencia 24 horas da Mutua ou acudirase ao Centro Sanitario máis próximo, aínda que non pertenza á mutua concertada.

O persoal pertencente a outras empresas ou organismos cumprirá o presente procedemento adaptado ao establecido nas súas Mutuas.



9. Plan de extinción. Situación 2.

Cando sexa necesario, por mor dun ou varios lumes forestais, poñer en práctica medidas para a protección de persoas alleas ao dispositivo de extinción e/ou bens de natureza non forestal que esixan a adopción inmediata de medidas de protección e socorro, activarase o Peifoga en Situación 2.

O aviso dun lume forestal que pode poñer en perigo a persoas e/ou bens de natureza non forestal pode vir dado por unha chamada do 112, do 085, polo/a Director/a Técnico/a de Extinción ou por outras vías.

Nesta situación, ademais do disposto no procedemento operativo xenérico e específico da situación especial, en función de quen dá o aviso indícanse os procedementos de actuación seguintes:

A) Aviso dende o Centro de Atención ás Emerxencias (CIAE 112 Galicia) (funcións a desenvolver dende a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes).

B) Aviso dende o 085 (funcións a desenvolver dende a Consellería do Medio Rural).

C) Aviso de perigo polo/a Director/a Técnico/a de Extinción.

A continuación detállase o protocolo a seguir:

A) Aviso dende o Centro de Atención ás Emerxencias (CIAE 112) (funcións a desenvolver dende a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes)

1. O CIAE 112 informa, en función do horario operativo, ao CCC (xefe/a de garda ou no seu defecto técnico/a de garda) ou CCP (xefe/a de garda ou no seu defecto técnico/a de garda) da Consellería do Medio Rural, especificando a orixe da/s chamada/s, tipo de chamante/s e tipo de ben en perigo, mediante chamada telefónica e a través dos Remotos EGA Web instalados.
2. O CCC ou CCP contrastará a información recibida:



- No caso de que o CCC ou CCP (en función do seu horario operativo) non confirme a información recibida, considerarase que non é necesario modificar a situación operativa na que se atope o Peifoga.
 - No caso de que o CCP confirme a ameaza potencial o comunicará ao CCC e alertará ao seu director/a territorial.
 - No momento en que o CCC ou CCP (en función do seu horario operativo), confirme ao CIAE 112 a necesidade de poñer en práctica medidas de protección dirixidas á poboación allea ao dispositivo de extinción, vía e-mail e telefónica informará ao técnico/a de garda do CIAE 112 dos seguintes datos e solicitará activar en Situación 2 o Peifoga:
 - Datos do/s lume/s.
 - Motivo da activación da Situación e IGP.
 - Medios actuando no incendio.
 - Director/a Técnico/a de Extinción.
3. O/A técnico/a de garda do CIAE112 informará ao/á delegado/a territorial a través do CIAE 112 para que este active a Situación 2.
4. Unha vez activada a Situación 2, desde o CIAE112, informarase a:
- Xefe/a do Servizo Provincial de Emerxencias, ou persoa que o substitúa.
 - Alcalde/s dos concellos afectados.
 - Delegación e Subdelegación do Goberno.
 - Director/a territorial de Presidencia.
 - Director/a territorial de Medio Rural.
 - Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
 - Xerente da Axencia Galega de Emerxencias.
 - CCC.



5. Así mesmo, alertaranse/mobilizaranse os grupos operativos previstos, segundo as necesidades:
 - Medios de intervención non adscritos á situación 0 e 1, e que se integrarán no grupo de intervención, baixo o mando do/a DTE, que exerce as funcións de xefe/a de grupo.
 - Apoio loxístico e seguridade.
 - Sanitarios.
 - Medios extraordinarios, sempre a solicitude do CCC, segundo procedemento establecido para situación 1.
6. O/A Delegado/a territorial constituirá o Cecop no CCP, ou ben CCD, e se o considera oportuno reunirá o comité asesor na súa totalidade ou en parte, podendo ser por medios telemáticos. Desenvolverá as funcións previstas no Peifoga, e nomeará ao/á director/a do PMA.
7. No caso de declaración de Situación 2 por mor de incendios con perigo para persoas e bens non forestais en máis dunha provincia simultaneamente, e a criterio do Director Xeral competente en materia de emerxencias, poderase establecer no CIAE112 un centro de coordinación dirixido polo máximo responsable da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, co obxecto de coordinar tódalas actuacións na comunidade autónoma. Este centro de coordinación estará en contacto permanente cos Cecop provinciais. Neste centro, ademais do Director Xeral, actuarán en calidade de asesores os membros da Comisión Galega de Protección Civil que sexan convocados en función do ámbito territorial da emerxencia e outros expertos na materia.
8. Unha vez que o incendio deixe de poñer en perigo a persoas e/ou bens de natureza non forestal, e cando o/a Director/a do Peifoga para Situación 2 a desactive, procederase do seguinte xeito:
 - Comunicarase ao CIAE 112 o cambio de situación e este ao CCC ou CCP.



- Desmobilizaranse os medios e órganos de dirección adscritos á Situación 2 a través do/a técnico/a de garda do CIAE 112.
- Comunicarase o cambio de situación á Delegación e Subdelegación do Goberno a través do CIAE 112 Galicia.

B) Aviso dende o 085 (funcións a desenvolver dende a Consellería do Medio Rural)

1. O 085 recolle a chamada que alerta da posibilidade dun lume con IGP2. O/A emisorista deberá recoller os seguintes datos: orixe da chamada, tipo de chamante, tipo de perigo para bens e/ou persoas. Acto seguido transmitirá a información ao/á xefe/a de garda ou, no seu defecto, ao/á técnico/a de garda provincial.
2. Este último porase en contacto co/a xefe/a de distrito ou, no seu defecto, co/a técnico/a de garda quen, tras contactar co/a DTE, confirmará ou non o perigo para persoas alleas ao dispositivo de extinción ou bens de natureza non forestal.
3. Recollerase información sobre os seguintes extremos:
 - a. Persoas ou bens de natureza non forestal ameazados.
 - b. Posibilidade de evacuación, cortes de estradas, camiños de ferro, etc.

Seguirase a partir de aquí o previsto co apartado **9 punto A)2 apartado b** en diante.

C) Aviso de perigo polo/a Director/a Técnico/a de Extinción:

1. O/A DTE Informará ao CCD sobre os seguintes aspectos:
 - a. Persoas ou bens de natureza non forestal ameazados.
 - b. Posibilidade de evacuación, cortes de estradas, camiños de ferro, etc.
2. O/A xefe/a de garda do distrito ou no seu defecto o/a técnico/a de garda, contactará co/a xefe/a de garda provincial, ou no seu defecto co/a técnico/a de garda provincial.

Seguirase a partir de aquí o previsto no apartado **9 punto A)2 apartado b** en diante.



ESQUEMA DE COORDINACIÓN PARA A SITUACIÓN 2




Figura 13: esquema de coordinación para a Situación 2.



10. Plan de Formación

10.1. Introducción e antecedentes

10.1.1. Introducción

Os operativos de extinción de incendios forestais afrontan episodios de incendios dunha complexidade crecente. A tendencia nos últimos anos é a dun menor número de incendios en cómputo anual pero tamén a dunha maior porcentaxe de incendios onde non basta cun ataque inicial. Incendios que poden ir máis alá das épocas tradicionais de alto risco e frecuentemente con comportamentos extremos.

A dita situación require dunha evolución dos dispositivos de extinción que, a través de diferentes actuacións formativas e de adestramento, permita ao persoal actualizar os coñecementos, mellorar a súa aptitude profesional e integrar diferentes procedementos operativos e manobras máis adaptados aos incendios actuais.

A Dirección Xeral de Defensa do Monte (en adiante DXDM) exerce as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, e segundo establece o artigo 14 do Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, modificado polo Decreto 148/2024, do 20 de maio, correspóndelle á Subdirección Xeral de Extinción, da Dirección Xeral de Defensa do Monte, a colaboración na formación do persoal.

10.1.2. Antecedentes

Na época máis recente, o Plan de formación do persoal da DXDM comezou a súa andadura no Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (Pladiga) do ano 2019 cunha programación de cursos para dous anos encadrada no Programa de formación 2019-2020. Dentro deste programa impartíronse 257 edicións de 20 cursos no ano 2019, chegando a un total de 7.006 alumnos. No ano 2020 foron 19 cursos



en 41 edicións, con 1.104 alumnos, desenvolvéndose practicamente a totalidade na modalidade de teleformación por causa da pandemia ocasionada pola COVID-19.

Tras estes primeiros cursos, detectáronse carencias formativas, polo que diferentes técnicos e persoal especialista do Servizo de Prevención de Incendios Forestais (en adiante SPIF) fixeron achegas dirixidas a poder mellorar a oferta formativa. Estas achegas suxerían un desenvolvemento de cursos e adestramentos de carácter máis práctico e tamén da formación-adestramento a través de simulacros, práctica de manobras máis frecuentes, análise dos incendios de maior gravidade a nivel provincial e doutros menos graves pero con interese didáctico a nivel de distrito, análise de situacións de risco, etc.

Con este precedente, xa dentro do Programa de formación 2021-2024, no ano 2021 o investimento en formación do persoal do dispositivo de prevención e defensa contra incendios foi de 393.714,40 €. Este ano, xa noutra fase da pandemia, a intensidade formativa foi moito maior, aínda así predominaron os cursos en modalidade a distancia, executándose 23 accións formativas en 466 edicións, con 4.687 alumnos/as formados/as e un total de 48.454 horas de formación recibida.

No ano 2022 incrementouse aínda máis o labor formativo, recuperándose a modalidade presencial con carácter xeral e con 32 accións formativas en 671 edicións dirixidas a 8.992 alumnos/as, cun total de 111.591 horas de formación.

Na anualidade 2023 todos os cursos se desenvolven en modalidade presencial ou mixta agás dous deles, que foron en liña. Debido a isto, o esforzo formativo foi aínda maior que no ano anterior cunha carga presencial lixeiramente menor. No 2023 programáronse 32 accións formativas repartidas en 467 edicións dirixidas a 10.686 alumnos/as, cun total de 103.269 horas de formación.

O ano 2024 seguiu o camiño do ano 2023 e impartíronse 34 cursos en 473 edicións dirixidas a 11.447 participantes, con 108.746 horas de formación.



Implantación do programa	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Número de cursos	20	19	22	32	32	34
Edicións	257	41	465	671	467	473
Participantes	7.006	1.104	4.679	8.992	10.686	11.447
Horas lectivas	78.420	18.362	48.422	111.591	103.269	108.746
Orzamento	109.519 €	50.286 €	393.714 €	532.745 €	715.526 €	795.266 €

Táboa 38: comparativa interanual da formación impartida.

As temáticas dos cursos do programa 2021-2024 teñen unha continuidade ao longo dos anos, con novas incorporacións nos contidos, actualizándose cos mellores coñecementos dispoñibles e afondando na especialización e na formación práctica.

A influencia do Covid-19 na cantidade de formación impartida afectou aos anos 2020 e 2021. É a partir do 2022 cando se estabilizou o número de cursos e edicións, cun pequeno desaxuste no ano 2022, no que se impartiron 226 edicións da aplicación para dispositivos móbiles XeoCode Lite, para unha ou dúas persoas por edición.




Gráfico 29: evolución do número de edicións impartidas e participantes no período 2019-2024.



10.1.3. Avaliación do programa de formación 2021-24

O programa 2021-2024 supuxo a consolidación do Plan de formación e adestramento, que se establece no epígrafe 10 da memoria do Pladiga, cunha oferta formativa cuns números sen precedentes e, en xeral, con boa acollida entre o persoal destinatario.

A DXDM incorporou dentro do programa as melloras achegadas hai catro anos polo persoal do dispositivo, o que derivou nunha formación de carácter máis práctico, con persoas instrutoras empregadas públicas, especializada, diferenciada por categorías profesionais e na redacción da Circular 2/2002 sobre a obrigatoriedade na execución dun plan de simulacros.

A teleformación reduciuse moito para favorecer á modalidade presencial. Porén, mantívose nalgúns casos, especialmente en cursos mixtos, nos que demostrou ser unha boa ferramenta para facilitar documentación, contidos máis teóricos ou outros tipos de información que requiren de soporte dixital.

O plan de formación 2021-2024 foi moi ambicioso e desenvolveu unha grande cantidade de actividades.

A aplicación propia da DXDM dedicada a formación consiste nun repositorio de material (circulares, presentacións, vídeos,...) que se imparten nas actividades formativas e que se poñen a disposición de todas as persoas do dispositivo para a súa visualización e descarga no enderezo <https://firesw.xunta.local/Formacion>.

A formación impartida nestes últimos anos foi moita e de boa calidade. Cómpre unificar a documentación empregada na formación e realizar publicacións que poidan servir de guías ou manuais para empregar nas diferentes formacións e tamén desenvolver procedementos operativos escritos en diversos ámbitos.



10.1.4. Obxectivos

A ampla experiencia acumulada neste últimos anos pon de manifesto a importancia do camiño percorrido e a necesidade da formación continua como ferramenta para dotar o persoal dos coñecementos necesarios para adaptarse ás novas realidades de incendios forestais e ás novas tecnoloxías.

O obxectivo xeral do Plan de formación e adestramento da DXDM é mellorar a profesionalización e seguridade do persoal para conformar un dispositivo máis eficiente e capacitado para afrontar as novas tipoloxías de incendios forestais que afectan a Galicia, de xeito que se minimicen os danos materiais e persoais provocados polo lume.

Os obxectivos específicos son definir e planificar a preparación que cómpre impartir no próximo período 2025-2028 ao persoal dos Servizos de Prevención de Incendios Forestais da Xunta de Galicia, poñer os alicerces do itinerario formativo profesional e do programa de adestramento para unha formación continua e establecer o programa de formación á poboación do rural.

10.2. Programas formativos

O Plan de formación e adestramento estrutúrase en seis programas:

1. **Catálogo de cursos monográficos:** un programa de formación para o período 2025-2028 co obxectivo de mellorar a cualificación profesional do persoal, ofertando anualmente un catálogo de cursos monográficos, de diferentes temáticas relacionadas coa prevención e extinción de incendios forestais, conducentes á obtención dun diploma acreditativo desta formación. Este plan ten unha duración de catro anos, con inicio no 2025 e fin no 2028.



Curso de seguridade no manexo dos vehículos todoterreo

- 2. Itinerario formativo profesional:** preparación diversificada e por grupos de categorías profesionais, que vai desde unha cualificación inicial ata a especialización do persoal que traballa no dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia. Este itinerario se organiza en tres niveis e comprende, desde a preparación inicial ata a formación máis específica e especializada de todo o persoal.



Formación específica para brigadas helitransportadas

- 3. Adestramento do persoal do SPIF:** dirixido a mellorar a organización e a eficiencia no traballo. Contará cunha estrutura a tres niveis: autonómico, provincial e de distrito. Este programa pretende desenvolverse de xeito permanente, sen data de finalización, pero manténdose actualizado cos avances na tecnoloxía, o estudo do comportamento do lume, a creación de novos procedementos ou a dotación con novos equipamentos, entre outros.



Manobras con lume real aplicando e adestrando o modelo organizativo do SEMOP



- 4. Formación a medios das entidades locais:** preparación básica para o persoal adscrito ás entidades locais que participa nas tarefas de extinción de incendios forestais, como complemento aos cursos que poidan recibir desde o propio concello. Neste caso a prevención de riscos laborais, a seguridade e os procedementos operativos serán os temas de maior relevancia. A formación será eminentemente práctica e desenvolveranse fundamentalmente accións de adestramento en traballos reais que deban saber executar.



Formación para brigadas e condutores/as municipais

- 5. Formación á poboación.** Estará destinada á poboación do rural con obxectivo de informala das medidas preventivas, concienciala das obrigas establecidas na normativa e aconsellala sobre o comportamento a ter ante os incendios forestais que poidan ter lugar nos seus lugares de residencia habitual.



Formación a poboación do rural en Budiño (O Porriño)



- 6. Divulgación:** actividades de sensibilización pública, dirixidas principalmente a escolares e alumnado de formación profesional, entre as que se inclúen charlas, exposicións, visitas, demostracións etc.



Visita de escolares á base helitransportada de Marroxo (Monforte de Lemos)

10.3. Persoal obxectivo

Os tres primeiros programas afectan ás persoas empregadas públicas da Xunta de Galicia, a un dispositivo que está constituído por persoal funcionario e por persoal laboral fixo discontinuo (con actividade 8 meses do ano en 2025 e 9 meses ao ano a partir de 2026). Tamén hai un pequeno grupo de persoas empregadas públicas que son persoal laboral fixo contratado todo o ano.

O antedito persoal está dividido en 18 categorías profesionais diferentes coas súas peculiaridades funcionais e de misións establecidas no Pladiga distribuído por todo o territorio galego, ben sexa formando parte dunha brigada ou en postos individuais, pero sempre baixo a tutela dun Centro de Coordinación.

Este elevado número de categorías confírelle certa complexidade ao Plan de formación e adestramento da Dirección Xeral de Defensa do Monte.



- Persoal técnico
- Axentes forestais e medioambientais
- Técnico/a brigada helitransportada
- Bombeiro/a forestal xefe/a brigada helitransportada
- Bombeiro/a forestal condutor/a brigada helitransportada
- Bombeiro/a forestal brigada helitransportada
- Operador/a-codificador/a
- Emisorista-vixilante
- Emisoristas
- Vixilantes fixos/as
- Condutor/a mecánico/a
- Oficial/a 1º mecánico/a
- Oficial/a 2º mecánico/a
- Bombeiro/a forestal condutor/a de motobomba
- Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada
- Bombeiro/a forestal condutor/a
- Bombeiro/a forestal
- Bombeiro/a forestal oficial/a

A formación a medios das entidades locais recae principalmente sobre o persoal das brigadas e os condutores de motobomba que son contratados polas entidades locais acollidas ao convenio para a prevención e defensa contra incendios forestais, o número de concellos varía cada ano segundo subscriban ou non o convenio.

O programa de formación á poboación está dirixido ás persoas que viven no rural, en zonas de influencia forestal, e que poden verse afectadas polos efectos dos incendios forestais. No deseño desta actividade teranse en conta as Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI) de cada ano, así como as cabeceiras de comarca con problemática de lumes recorrentes e zonas con alta vulnerabilidade da poboación.

Por último, a divulgación ten como público obxectivo preferente os nenos e nenas en idade escolar e o alumnado dos centros de formación profesional ou universitaria de titulacións con competencias en prevención e extinción de incendios forestais.



10.4. Necesidades formativas

Segundo a recomendación 108 do Ditame da Comisión Parlamentaria que analizou a crise incendiaria de outubro de 2017 (aprobación do ditame da Comisión do Parlamento de Galicia: 20218 10/SCNP-000008, do 31 de xullo de 2018, publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia da X lexislatura número 346, do 10 de agosto de 2018), o adecuado funcionamento dos medios de extinción de incendios forestais esixe unha cualificación profesional e formación máxima dos seus membros. Por iso, a comisión recomenda que se faga especial fincapé nesa formación, desenvolvendo en colaboración cos representantes dos traballadores un programa planificado e ordenado de formación en materia de prevención e extinción de incendios forestais e que deberá ter como obxectivos principais:

- Dar unha formación acorde coa categoría profesional dos destinatarios, tendo en conta a consideración do persoal do SPIF como bombeiros/as forestais.
- A adecuación da formación ás novas tipoloxías de incendios, con especial atención aos incendios na interface urbano-forestal e as consecuencias destes para a poboación.
- Un sistema de formación continua no que se busque adquirir e actualizar os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para o desenvolvemento das funcións concretas de cada categoría.
- A realización da formación de xeito que non afecte aos labores dos destinatarios, buscando a súa realización nos períodos en que o risco de incendios sexa menor.

En liñas xerais haberá que desenvolver unha formación que se adapte ás singularidades e circunstancias actuais e futuras do Servizo para o que se debe ter en conta a temporalidade das incorporacións, os diferentes corpos e escalas e as categorías laborais.



Cómpre ampliar a base de persoas instrutoras, incidir na preparación práctica en procedementos e manobras e aproveitar as vantaxes da formación en liña para as actividades que mellor se adapten.

Esta mellora da cualificación profesional e especialización do persoal preténdese desenvolver a través dos tres primeiros programas formativos mencionados no epígrafe 2: o catálogo de cursos, os itinerarios formativos profesionais e o programa de adestramento.

Para acadar os obxectivos é necesaria unha estrutura estable, con categoría de servizo, que conte polo menos con dous postos de persoal técnico, dous postos administrativos e contar co apoio dunha plataforma ou aplicación informática.

A relación non exhaustiva de tarefas que debería asumir este persoal abrangue: a planificación e deseño das actividades, contidos, coordinación e seguimento, resolución de incidencias, xestión dos recursos, publicacións, xestión das persoas participantes e instrutoras, emisión de certificados, mantemento dunha base de datos de formación, redacción de informes e estatísticas, análise de resultados ou a contratación e tramitación dos expedientes.

Da análise da situación actual detéctanse necesidades formativas específicas e transversais nas seguintes áreas:

- Adquisición e/ou actualización dos coñecementos teóricos e prácticos necesarios para o desenvolvemento das funcións concretas de cada categoría.
 - Novos/as directores/as técnicos/as de extinción (DTE).
 - Seguridade, conducción e manexo do tractor forestal e batracio.
 - Capacidades, operatividade e manexo das motobombas do SPIF e bombas dos vehículos lixeiros.
 - Mantemento e mecánica básica dos vehículos de prevención e extinción de incendios forestais.
 - Procedementos operativos nos centros de coordinación.



- Manexo das aplicacións de xestión de incendios forestais.
- Seguridade e procedementos operativos das brigadas helitransportadas de prevención e extinción de incendios forestais.
- Seguridade e procedementos operativos das brigadas terrestres de prevención e extinción de incendios forestais.
- Prevención de riscos laborais (PRL) para o persoal de novo ingreso, así como cursos de reciclaxe para os que recibiron a formación inicial.
- Primeiros auxilios.
- Seguridade na extinción de incendios forestais.
- Formación de formadores.
- Mellora técnica e emprego de novas tecnoloxías.
- Manexo do Sistema Estrutural de Mando Operativo (SEMOP) e ferramentas asociadas (XeoCode Lite).
- Queimas prescritas e xestión do lume.
- Condución 4x4.
- Comunicaci3ns.
- Xestión do estrés e psicoloxía da emerxencia.
- Xestión e organización das operacións e comunicaci3ns cos medios a3reos.
- Incendios de interface urbano forestal.
- Manexo da auga e escumas.
- Procedemento xudicial na investigación de incendios forestais.
- Investigación de causas de incendios forestais.
- Rol do mando e traballo en equipo.
- Linguaxe verbal e non verbal.
- Xestión de Grandes Incendios Forestais (GIF).
- Emprego de maquinaria pesada na extinción de incendios forestais.
- Análise táctica e estratéxica en incendios forestais.



- Meteoroloxía aplicada aos incendios forestais.
- Manexo e mantemento de ferramentas manuais e maquinaria portátil.

10.5. Instalacións e Centro Integral de Loita contra o Lume (CILL)

Na actualidade son tres as entidades acreditadoras das actividades do Plan de formación e adestramento, a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e o Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Xunta de Galicia, pero é a primeira delas (AGASP) coa que se imparte case a totalidade da formación.

As instalacións onde se imparte a formación son diversas, os adestramentos e simulacros adoitan ser no monte ou parcelas a ceo aberto dentro do ámbito do distrito ou provincia. En ocasións recorreuse a instalacións municipais para os módulos máis teóricos dos adestramentos, tamén se empregaron instalacións da EGAP para algunha charla. Pero a maior parte da formación teórico-práctica realízase nas instalacións da AGASP e, desde 2023, no Centro Integral de Loita Contra o Lume (CILL) de Toén, en Ourense.



Edificio rehabilitado da antiga lavandería no CILL de Toén



O CILL aproveitou as instalacións do antigo centro psiquiátrico de Toén para converterse nun centro referente na formación e adestramento en materia de incendios forestais. Conta cunha superficie de 33 ha, e ata o momento está rehabilitado un dos edificios, onde se localizan as aulas e despachos.

O centro conta no seu interior con pantallas interactivas, videowall, ordenadores *all in one* para alumnado, equipos avanzados de altas prestacións, equipamento de comunicacións e sistemas de alimentación ininterrompida. Este despregue tecnolóxico permite contar cunha aula de informática específica, para a aprendizaxe e práctica do software empregado na prevención e extinción de incendios forestais, así como dispor de aulas de formación de uso xeral, despachos de persoal e áreas técnicas de coordinación.



Curso impartido no CILL por persoal do SPIF á Unidade Militar de Emerxencias (UME)

Os exteriores foron acondicionados, o recinto pechouse perimetralmente e construíronse dous circuítos de adestramento, un para bombeiros/as forestais e outro para realizar prácticas de condución todoterreo que son referentes a nivel nacional. Os edificios que están sen rehabilitar e a finca representan un escenario inmillorable para a



execución de manobras e prácticas de todo tipo e, en especial, de incendios de interface urbano-forestal e conducción de vehículos todoterreo.



Circuitos de bombeiros/as forestais e de conducción 4x4 no CILL de Toén



Desde a posta en marcha destas instalacións impartíronse varias actividades, entre elas:

- Cursos de conducción todoterreo para vehículos 4x4 e motobombas, para persoal propio e de Protección Civil.
- Curso de incendios forestais a persoal da Unidade Militar de Emerxencias (UME).
- Cursos de especialización para persoal de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais.
- Cursos de operacións e defensa contra incendios na interface urbano-forestal para persoal técnico e axentes forestais e medioambientais.
- Seminario de comunicación de incendios forestais.
- Formación a axentes forestais e medioambientais para o trampeo da *Vespa velutina*.

Ademais da formación impartida desde a apertura do centro, polo que pasaron máis de 1.500 persoas, o CILL serviu de base de operacións e centro de formación para dous grupos de 20 bombeiros de Estonia, que participaron na extinción de incendios en Galicia no mes de agosto de 2024, no marco dun programa de preposicionamento de unidades de bombeiros da DG ECHO da Comisión Europea.

As instalacións do CILL son de grande importancia para a programación formativa dos próximos anos, porén realizar alí toda a formación comprende unha serie de atrancos. Os dous máis evidentes son as distancias que hai que percorrer desde algúns puntos da xeografía galega e que, na actualidade, o centro non conta con persoal adscrito que poida desenvolver tarefas de vixilancia, apoio, apertura e peche ou mantemento básico.



10.6. Bases xerais

A modalidade en liña facilita a realización de determinados cursos ou partes de cursos, cuxos contidos non precisan da presenza física do alumnado. Esta ferramenta é moi útil para poñer documentación a disposición do alumnado ou facer sesións de telepresenza con profesionais recoñecidos doutras comunidades autónomas. Tendo en conta a estrutura e medios dispoñibles por parte do SPIF, búscase o equilibrio necesario dentro de cada programación anual que permita afrontar con garantías as diferentes accións formativas en función da modalidade que se escolla.

Cómpre salientar que algúns dos cursos teñen o carácter de obrigatorio para as persoas destinatarias. Isto implica que se deben impartir en horario de traballo, incluídos os desprazamentos e que deben ter lugar en épocas nas que o persoal estea incorporado aos seus postos de traballo, o que ten relevancia no caso do persoal fixo discontinuo.

Atendendo a finalidade de cada curso, ás diferentes categorías e á posibilidade de impartir por vías telemáticas, as modalidades dos diferentes cursos foron todas as posibles:

- Teleformación
- Telepresenza
- Presencial
- Mixto

Criterios de selección

De acordo co artigo 155 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia (DOG núm. 233, do 30 de novembro), reservárase un 50 % das prazas de cada actividade formativa para as mulleres que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria.

Do mesmo xeito, segundo o artigo 162 do mesmo texto normativo, nas convocatorias darase preferencia ás persoas que, cumprindo cos requisitos, estiveren a gozar dun permiso ou en situación de suspensión do contrato por nacemento ou adopción,



garda con fins de adopción e acollemento, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, redución de xornada ou en excedencia por coidado de fillos ou fillas ou familiares, ou que gozasen deses dereitos ou do dereito á flexibilidade e á adaptación da xornada dentro dos dous anos anteriores á convocatoria da actividade formativa. Para quen estiver a gozar dunha excedencia por coidado de fillos ou fillas xa superado o primeiro ano, a preferencia será absoluta e manterase ata dentro dos dous anos posteriores a finalizar a excedencia. As persoas que se encontren nalgunha destas situacións deberán notificalo no momento da solicitude para que se teña en conta na súa selección.

Os criterios de selección especificaranse en cada unha das convocatorias e poderá empregarse algún destes, entre outros:

- Maior antigüidade na administración contada como número de trienios e data de vencemento do último trienio.
- Menor número de cursos realizados nos últimos dous anos.
- Orde de inscrición.
- Funcións específicas que desenvolve o persoal.
- Formación específica requirida.

A maiores destes criterios de selección poderán establecerse prioridades a favor dalgúns ámbitos xeográficos, centros de traballo, unidades de traballo ou persoal que non realizara con anterioridade a formación na mesma materia.

Persoas instrutoras

Na medida do posible procurarase que as persoas instrutoras pertencen ao Servizo de Prevención de Incendios Forestais para aproveitar os coñecementos cos que contan, detectando a aquelas que posúan unha determinada especialización e posibilitando que poidan transmitila ao resto do dispositivo.



As persoas instrutoras terán a cualificación técnica, formativa e os coñecementos necesarios xunto cunha contrastada traxectoria profesional para impartir a materia. Terán a obriga de realizar o curso formación de formadores e certificaráselles as horas formativas impartidas.

De todos os cursos e actividades de adestramento deberá levarse un control de asistencia que se terá en conta xunto cun exame ou proba final para acreditar o aproveitamento do alumnado. Ademais, facilitarase ás persoas participantes unha enquisa para que poidan achegar propostas de mellora e avaliar deste xeito a calidade das actividades e das persoas instrutoras.

10.7. Programas formativos

10.7.1. Catálogo de cursos monográficos

Logo de seis anos de aplicación deste programa e atendendo ás achegas de diferentes profesionais do SPIF, en edicións futuras cómpre corrixir algunhas deficiencias detectadas, polo que é necesario poder concentrar as actividades en períodos de tempo máis curtos, ampliando a base de persoas instrutoras e dando espazo de novo a actividades en liña para aqueles contidos que se adaptan a esta modalidade.

Tendo en conta as dimensións do dispositivo e a programación temporal do catálogo, establécese a duración do programa en catro anos, para o período 2025-2028. Este tempo estímase como necesario para dar rotación ás persoas solicitantes e poder chegar a todo o persoal.

Cada un dos anos impartirase o número de cursos e edicións que se contemplan na programación anual co obxectivo de conseguir cubrir a demanda no período de catro anos, para os cursos voluntarios e de chegar á totalidade do persoal que forma o dispositivo no caso dos cursos obrigatorios.

Establécese como obxectivo realizar un mínimo de 15 cursos do catálogo. A programación anual incluírá a temática dos cursos, as persoas destinatarias, os obxectivos



a acadar, a modalidade, a obrigatoriedade ou non de realizalo, unha estimación do número de edicións a impartir no ano, unha estimación das datas previstas, a duración e número de participantes de cada unha das edicións.

No anexo 11 móstranse os cursos que poden formar parte deste programa e ser incorporados nos plans anuais unha vez analizada a súa necesidade. Ademais dos propostos neste anexo, o programa permite introducir nos plans anuais novos cursos que resulten de interese ao colectivo, ben porque se detecte unha carencia de formación no persoal, ben pola aparición de novas tecnoloxías, protocolos de actuación, normativa, etc., así como modificar os existentes segundo as avaliacións que se efectúen ao final de cada anualidade.

Á hora de establecer a programación anual, exclúese con carácter xeral, a realización destes cursos entre o 1 de xullo e o 15 de outubro de cada ano.

Para a participación nos cursos de realización voluntaria é requisito estar en activo no momento da inscrición. Para poder participar nos cursos obrigatorios é necesario estar en activo no momento da súa realización. En ambos casos, as persoas participantes deben cumprir os requisitos xerais e específicos de cada curso.

10.7.2. Itinerario formativo profesional

O itinerario formativo profesional está estruturado e diferenciado segundo as categorías ou grupos de categorías do persoal da Dirección Xeral de Defensa do Monte.

O itinerario ten vocación de permanencia e a súa execución será avaliada despois de catro anos xunto co programa de formación 2025-2028. Nesta avaliación determinarase a necesidade de modificar os contidos, a programación, a duración ou as propias actividades formativas.

Está organizado en tres graos e conta co requisito de ter superado o nivel anterior para poder acceder ao grao seguinte. O primeiro grao constitúe un bloque de obrigatoria execución para todo o persoal ao longo do período de aplicación deste plan.



- **Grao inicial:** son cursos de coñecementos básicos de carácter xeral dos que deben dispoñer todas as persoas que traballan no dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais.
- **Grao cualificado:** abordaranse contidos xerais de acordo coas funcións de cada categoría pero afondando máis na especialización de cada área de traballo.
- **Grao especialista:** cursos de especialización cunha maior complexidade dos contidos.

A programación anual incluírá a relación de cursos ofertados do itinerario xunto co número de prazas, edicións, persoas destinatarias, contidos e unha estimación das datas previstas de execución. Neste período 2025-2028 executarase o grao inicial, no que se debe chegar a todo o persoal durante os catro anos de vixencia do plan. Os graos cualificado e especialista ofertaranse a partir dos anos 2026, 2027 e 2028.

Á hora de fixar a programación anual, exclúese con carácter xeral, a realización destes cursos entre o 1 de xullo e o 15 de outubro de cada ano.

Para a participación nos cursos do itinerario é requisito estar en activo durante toda a duración do curso.

No seguinte cadro establécense os itinerarios formativos profesionais:


Categorías destinatarias	cod.	Grao inicial	Grao cualificado	Grao especialista
Bom beiro/a forestal xefe/a de brigada Bom beiro/a forestal condutor/a Bom beiro/a forestal Bom beiro/a forestal oficial/a Técnico/a brigada helicóptero transportada Bom beiro/a forestal xefe/a brigada helicóptero transportada Bom beiro/a forestal condutor/a brigada helicóptero transportada Bom beiro/a forestal brigada helicóptero transportada	BT BH	Curso básico para persoal de brigadas de bom beiros/as forestais CBT Curso básico para persoal de brigadas helicóptero transportadas CBH	Curso avanzado para persoal de brigadas de bom beiros/as forestais CAB	Curso de especialista para persoal de brigadas CEB
Condutor/a mecánico/a Oficial/a 1ª Mecánico/a Oficial/a 2ª Mecánico/a Bom beiro/a forestal condutor/a de motobomba	MB	Curso básico para bom beiros/as forestais condutores/as de motobomba CBM	Curso avanzado para bom beiros/as forestais condutores/as de motobomba CAM	Curso de especialista para bom beiros/as forestais condutores/as de motobomba CEM
Operador/a - codificador/a Emisorista Emisorista - vigilante Vigilantes fijos/as	EM	Curso básico para emisoristas e vigilantes CBE	Curso avanzado para emisoristas e vigilantes CAE	Curso de especialista para emisoristas e vigilantes CEE
Persoal técnico Axentes forestais e emedibombas	DE	Curso básico para directores técnicos de extinción CBD	Curso avanzado para directores técnicos de extinción CAD	Curso de especialista para directores técnicos de extinción CED



No anexo 11 móstranse os obxectivos xerais de cada un dos cursos co número de horas lectivas.

10.7.3. Programa de adestramento

Nos últimos anos, coa posta en marcha do Plan de formación avanzaouse na práctica e no adestramento en pequenos grupos para a mellora do funcionamento do servizo. Entre outras actividades, a Circular 2/2022 do director xeral de Defensa do Monte establece a obrigatoriedade de realizar un simulacro de situación operativa 2 de ámbito provincial, un simulacro de situación operativa 1 en cada distrito e un mínimo de dous simulacros de comunicacións e seis prácticas da manobra de autoprotección por distrito, complementándose co manexo de lanzas, bombas e escumas.



Adestramento no manexo das emisoras TETRA

Outra formación-adestramento que cómpre destacar é a de comunicacións, que se desenvolveu nos distritos forestais nos anos 2023 e 2024, de carácter obrigatorio para aquelas persoas que manexan equipos de comunicacións e nas que se inclúe un simulacro con sectorización de incendios forestais.



Unha necesidade histórica do servizo é a existencia dun programa de adestramento físico que promova un exercicio moderado dirixido ao persoal de campo. Neste sentido, os programas anuais de adestramentos incluírán un programa específico que consista en realizar exercicios con mangueras, mochilas, batelumes, ferramentas manuais ou outro tipo de instrumentos e ferramentas que simulen tarefas relacionadas coa extinción ou prevención de incendios. Este adestramento terá como obxectivo conseguir que, a través dunha práctica regular e frecuente, o persoal estea habituado a determinadas tarefas propias do seu traballo mentres se mantén activo cunha actividade física lixeira e directamente relacionada coas súas funcións.



Adestramento físico con ferramentas de extinción na base de O Campiño (Pontevedra)

O programa de adestramento formularase anualmente en tres niveis de actuación: autonómico, provincial e distrito, con actividades de ámbito autonómico dirixidas a un amplo número de efectivos do servizo, de ámbito provincial dirixida ao persoal de varios distritos da mesma provincia e a nivel de distrito, onde a preparación e adestramento debe formar parte do traballo diario, intercalándose semanalmente con outras tarefas que deban realizarse e aproveitando especialmente as épocas nas que diminúe o risco de incendio.



Simulacro de toma de decisións en posto de mando avanzado (PMA)

En cada distrito ou provincia deben designarse persoas encargadas do seguimento da formación-adestramento do persoal, que ocuparán unha parte da súa xornada laboral en organizar o adestramento, desenvolvelo e realizar un seguimento, asegurándose de que os procedementos se repitan de xeito regular polo persoal e levar un rexistro destes, ademais de detectar outras necesidades formativas.

As actividades deste programa de adestramento serán obrigatorias para todo o persoal destinatario, desenvolveranse en horario laboral e procurárase reducir o número de desprazamentos.

En canto ás épocas do ano nas que se programarán as accións, tratarase de escoller aquelas con menor risco e menor carga de traballo, aínda que algunhas poden ser programadas dentro da época de alto risco cando non supoñan un atranco para a organización. Moitas das accións, especialmente as de distrito, deben formar parte do traballo diario.

As temáticas principais que se abordarán nas diferentes xornadas que se programen relaciónanse no Anexo III, ser prexuízo de seren implementadas con outras que poidan ser de interese.



10.7.4. Programa dirixido a medios das entidades locais

O obxectivo deste programa é o de preparar aos traballadores adscritos ás entidades locais e que participan no operativo de extinción, para que poidan desenvolver as súas funcións coordinados cos medios dispoñibles a nivel autonómico, buscando mellorar a funcionalidade, a eficiencia e sobre todo minimizando os riscos laborais. Cómpre salientar a alta rotación que hai neste tipo de persoal, que implica unha alta porcentaxe de persoas con pouca ou nula experiencia previa en traballos de prevención e extinción de incendios forestais.

A maiores da formación obrigatoria que este persoal recibe por parte do concello ao comezo do contrato, impartirase como mínimo un curso teórico-práctico de sete horas de duración que abordará contidos de comunicacións, seguridade, traballo con motobomba e tarefas de remate e liquidación. A Dirección Xeral de Defensa do Monte leva desde o ano 2021 impartindo estas actividades con boa acollida e bos resultados.

Por outra banda, o persoal das entidades locais poderá incorporarse ás actividades de adestramento que se impartan en cada distrito e que sexan de interese e utilidade para estes medios.

Este programa deberá cumprir coas seguintes premisas:

- Será eminentemente práctico e desenvolverase fundamentalmente a través de accións de adestramento en traballos reais.
- Formaranse no distrito co cal colaboren a través do persoal designado no mesmo para levar a cabo accións formativas.
- O maior peso da formación recaerá naqueles temas relacionados coa seguridade e saúde no traballo e a prevención de riscos.
- O persoal formarase no seu lugar de acción cos medios dos que dispoña e co persoal co que vaia a colaborar, ensaiando diferentes protocolos que reproduzan o mellor posible os casos reais aos que se teñan que enfrontar.



O resto do persoal que participa na extinción de incendios forestais e que non forma parte destes colectivos (SPIF ou entidades locais) está participando en accións formativas desde o ano 2021, especialmente en simulacros e queimas prescritas de carácter formativo.

10.7.5. Programa dirixido á poboación

Este programa consta dun conxunto de accións formativas que se levan a cabo a nivel de distrito e dirixidas á poboación rural. Ven desenvolvéndose desde o ano 2022, concentrando os esforzos nas zonas máis vulnerables e con maior incidencia de incendios forestais, con especial atención ás catalogadas no Pladiga como parroquias de alta actividade incendiaria (PAAI).

XUNTA DE GALICIA Xacobeo 21-22

ENCANTRO INFORMATIVO EN PARROQUIAS DE ALTA ACTIVIDADE INCENDIARIA

Operativo na situación de emerxencia Protocolos de autoprotección e defensa
Medidas preventivas na zona urbano-forestal Coidados e boas prácticas no monte

SE VES LUME CHÁMAMÁ AO 085 E DE BALDE DENUNCIA CONDUTAS SOBRETTODAS DE RETO ANÓNIMO E GRATUITO 900 815 085

DATA:
HORA: UBICACIÓN:

Anuncios empregados en convocatorias anteriores



A través destas accións búscase a concienciación da veciñanza con vinculación ao rural para que colaboren coas accións de prevención que prevén os plans de defensa a todos os niveis, co cumprimento da normativa en materia de prevención de incendios, coa busca de causas e causantes e axuden a esclarecer os incidentes que se produzan, que entendan a forma de actuar da Administración e o obxecto das accións que se realizan.

Por outra banda, dada a virulencia que están mostrando os lumes nos últimos anos, con máis casos de grandes incendios e lumes de situación operativa 2, con risco para os núcleos de poboación, é tamén un obxectivo o de formar á poboación na prevención de riscos en caso de lume forestal, na autoprotección, na comprensión das actuacións dos equipos de extinción, buscando o entendemento, a colaboración e novamente a prevención de riscos nos traballos.

10.7.6. Programa de divulgación

Un dos piares principais da divulgación realizada desde a Consellería do Medio Rural nos últimos anos son as charlas nas escolas, con especial atención a aquelas que están situadas nas contornas rurais. Nestas charlas, a través de diferentes técnicas didácticas, os/as bombeiros/as forestais, os/as axentes ambientais e o persoal técnico dos distritos forestais, fan un labor de concienciación dirixido á poboación infantil e xuvenil, de xeito que fomentan a cultura forestal e advirten do risco que supoñen os incendios forestais e as perdas económicas, ecolóxicas ou culturais que carrexan. Facilitan deste xeito a toma de conciencia para a conservación dos bosques desde os primeiros anos da futura poboación do rural galego.

As cifras dos últimos anos están entre as 200 e 300 charlas anuais, contando as impartidas polos distintos distritos forestais, servizos provinciais ou centrais.

Outro labor de divulgación é o programa "O monte vivo" dentro do Plan Proxecta+ da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e formación Profesional, mediante o cal escolares de entre 13 e 18 centros educativos situados no medio rural e en concellos de zonas de alto risco de incendio, participan en diferentes actividades dirixidas a protexer



o medio natural fronte aos incendios forestais, co obxectivo de incrementar a concienciación.

O obxectivo do antedito programa é fomentar a participación activa e responsable dos escolares na protección do medio natural fronte aos incendios forestais, permitindo que tomen conciencia dos valores dos bosques, o seu uso sostible, a contribución á protección da biodiversidade e a influencia dos lumes forestais na diminución da biodiversidade ou a perda de capacidade produtiva do monte.

10.8. Bolsa de persoas instrutoras

Da análise dos últimos anos conclúese a necesidade de constituír un ou varios equipos de persoas instrutoras formados por persoal do dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais que conte con experiencia e coñecementos dos que as outras persoas carezan ou coas cualidades necesarias para que poidan guiar as formacións e adestramentos.

Estes equipos serán os encargados de elaborar guías ou manuais, coa supervisión da Dirección Xeral de Defensa do Monte e que servirán de base para cada unha das actividades formativas que impartirá este persoal. Para este fin, as persoas instrutoras recompilarán a documentación da que dispoña a Dirección Xeral de Defensa do Monte que completarán con elaboracións propias ou outras fontes de información. A elaboración destas guías ou manuais, que poden dar lugar a futuras publicacións, estará supervisada pola Dirección Xeral de Defensa do Monte.

O persoal instrutor poderá compatibilizar o seu traballo habitual coa formación. Durante o tempo que estea impartindo a formación, o dito persoal estará exento de asistir ao seu posto de traballo.

Nesta bolsa de persoas instrutoras poderán inscribirse todas as persoas que ocupen postos de traballo no dispositivo de prevención e defensa contra incendios da DXDM, incluído o persoal fixo discontinuo fora do seu período de activación.



A inscrición nesta bolsa estará aberta de xeito permanente, de modo que as persoas interesadas poderán incorporarse en calquera momento. As solicitudes de inscrición deberán remitirse, exclusivamente por medios electrónicos e en modelo xenérico á Dirección Xeral de Defensa do Monte.

As ditas solicitudes de inscrición acompañaranse dos documentos necesarios que xustifiquen os seguintes aspectos:

- Áreas de coñecemento ás que se opta.
- Formación impartida.
- Formación recibida na materia á que se opta.
- Formación recibida na prevención e extinción de incendios forestais.
- Formación de formadores, curso de especialización didáctica, máster en formación do profesorado ou equivalente.
- Guía didáctica para cada un dos cursos ou módulos que se propoña impartir, que debe contar como mínimo cos seguintes contidos: Título, presentación, persoas destinatarias, obxectivo xeral e competenciais, metodoloxía, funcionamento da actividade, requisitos técnicos, contidos e temporalización.

Realizarase unha orde de prelación nas solicitudes que contén cunha guía didáctica validada pola DXDM e que se manterá de xeito continuado, segundo os puntos seguintes:

1. Persoas que impartiron formación na mesma materia ao persoal do dispositivo de prevención e extinción de incendios de Galicia nos últimos 5 anos.
2. Persoas que impartiron formación na mesma materia a outros servizos de emerxencia nos últimos 5 anos.
3. Persoas co título de formador de formadores, curso de especialización didáctica, máster en formación do profesorado ou equivalente.



4. Persoas que impartiron formación en calquera materia ao persoal do dispositivo de prevención e extinción de incendios de Galicia nos últimos 5 anos.
5. Persoas que impartiron formación en calquera materia a outros servizos de emerxencia nos últimos 5 anos.
6. Número de horas de formación recibida na mesma materia.
7. Número de horas de formación recibida na prevención e extinción de incendios forestais.
8. Antigüidade na administración.

10.9. Plans anuais

Os plans anuais dos programas do catálogo de cursos e do itinerario concretarán as previsións das actividades a desenvolver anualmente e publicaranse no portal de formación da DXDM (<https://firesw.xunta.local/Formacion>).

Cada plan anual deberá recoller a seguinte información:

- Actividades formativas convocadas
- Número de horas lectivas
- Contidos
- Modalidade
- Persoas destinatarias
- Requisitos de acceso
- Criterios de selección
- Número de edicións
- Prazas dispoñibles por edición
- Requisitos das persoas participantes
- Carácter voluntario ou obrigatorio



As actividades quedarán fixadas definitivamente nas convocatorias trimestrais, onde se concretará, ademais do anterior, as datas, horarios e lugar de realización.

O programa de adestramento ten un carácter máis flexible que os anteriores, xa que moitos dos adestramentos dependerán da meteoroloxía e o risco de incendio para a súa execución.

Os medios das entidades locais que se acollen ao convenio varían cada ano e son contratados desde primeiros do mes de xullo ata primeiros ou mediados do mes de agosto, polo que a programación desta formación ten que adaptarse ás datas de inicio de cada unidade, que non se coñecen ata poucos días antes. Publicarase unha previsión da formación que recibirá este persoal, onde se concretará o programa e duración das actividades.

A formación á poboación require dun traballo previo de visitas ás parroquias e núcleos prioritarios, a busca dun local municipal onde impartir as charlas e comprobar que a convocatoria vai ter acollida entre os veciños. Unha boa época para impartir esta formación é a comezos do verán, xa que hai unha maior conciencia da situación. Antes do 15 de xuño de cada ano estarán seleccionadas as parroquias candidatas e o programa das actividades, e será a partir desa data cando se realicen as visitas para concretar os días, horas, lugares e relatores.

Aos efectos de rexistro, a información das actividades de divulgación realizadas serán comunicadas á DXDM no momento de seren programadas polos centros de coordinación organizadores.



10.10. Orzamento

10.10.1. Xustificación

No epígrafe 7.1 establécese como obxectivo a execución anual dun mínimo de 15 cursos monográficos. Segundo a programación dos últimos anos, cada actividade ten unha media de dúas edicións, agás os cursos destinados a bombeiros/as forestais de brigadas, bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba e vixilante/emisoristas, dos que se realizan entre as 15 e 20 edicións anualmente. A duración media dos cursos monográficos foi de 20 horas lectivas e o número de prazas medio por edición foi de 30. O custo horario por participante foi de aproximadamente 7€.

Tal e como se recolle neste informe, a previsión para os próximos catro anos é formar a todo o persoal no grao inicial do itinerario formativo, así como comezar no ano 2026 co grao avanzado e no 2027 ou 2028 co grao cualificado.

Deste xeito a programación prevista para o ano 2025 inclúe 35 edicións de 40 horas lectivas do grao inicial para chegar a 820 persoas participantes das diferentes categorías e escalas, coa distribución que se mostra no seguinte cadro.

Grao inicial	Edicións	Participantes
CBT	14	400
CBH	4	35
CBM	5	125
CBE	4	60
CBD	8	200

Táboa 39: previsión para o ano 2025 dos cursos do grao inicial do itinerario.

En anos anteriores, parte do adestramento incluíuse ocasionalmente como curso monográfico. Un exemplo disto foi a formación en comunicacións da que se impartiron preto de 100 edicións no ano 2024. Todas as persoas de todas as categorías ou escalas do



SPIF deben recibir un mínimo de dúas formacións-adestramento. Os adestramentos adoitan ter unha duración de 5 horas.

A formación específica aos medios das entidades locais contrátase a medios externos e nos últimos tres anos impartíronse arredor de 60 edicións. O custo por edición foi de 500 €. Ademais participan noutras actividades sen dotación orzamentaria, como adestramentos co persoal dos distritos forestais.

Parte da formación á poboación tamén é contratada a medios externos. O custo dos últimos tres anos foi de 500 € por edición máis unha pequena parte de custos fixos para a organización das visitas e materiais divulgativos. O obxectivo é realizar arredor de 35 charlas anuais nas parroquias e lugares prioritarios por incidencia de lumes e por vulnerabilidade.

As actividades de divulgación adoitan ser charlas nas escolas ou visitas a bases de medios aéreos, moitas veces incluídas no programa "O monte vivo", sen dotación orzamentaria.

Para o ano 2026 e seguintes o orzamento sería o mesmo cos incrementos das edicións necesarias para cumprir o itinerario formativo profesional.

Deste xeito, estímase que para o ano 2026 impartiranse 16 edicións de 60 horas lectivas, do grao cualificado, para todas as categorías e escalas:

Grao inicial	Edicións	Participantes
CAB	8	240
CAM	2	50
CAE	2	15
CAD	4	100

Táboa 40: previsión para o ano 2026 dos cursos do grao cualificado do itinerario.



10.10.2. Orzamento

ANO 2025

Concepto	Descrición	Importe
Cursos monográficos	Execución de 76,5 edicións de 30 participantes e 20 horas lectivas	321.300,00€
Grao inicial do itinerario formativo	Formación no grao inicial (40 horas) de 820 participantes	229.600,00€
Adestramento do persoal	Adestramento de 3.000 participantes en dúas edicións de 5 horas	210.000,00€
Formación a medios das entidades locais	60 edicións de cursos a medios das entidades locais	30.000,00€
Formación á poboación	35 edicións + custos fixos (4.000€)	21.500,00€
TOTAL		812.400,00€

Táboa 41: orzamento destinado a formación no ano 2025.

ANO 2026

Concepto	Descrición	Importe
Cursos monográficos	Execución de 76,5 edicións de 30 participantes e 20 horas lectivas	321.300,00€
Grao inicial do itinerario formativo	Formación no grao inicial (40 horas) de 820 participantes	229.600,00€
Adestramento do persoal	Adestramento de 3.000 participantes en dúas edicións de 5 horas	210.000,00€
Formación a medios das entidades locais	60 edicións de cursos a medios das entidades locais	30.000,00€
Formación á poboación	35 edicións + custos fixos (4.000€)	21.500,00€
Grao cualificado do itinerario formativo	Formación no grao inicial (60 horas) de 405 participantes	170.100,00€
TOTAL		982.500,00€

Táboa 42: orzamento destinado a formación no ano 2026.